

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 50

Sesión Plenaria
6 de maio de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e réxime de axudas e subvencións (doc. núm. 17725, 12/PPL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 143f1, do 23.01.2025

Punto 2. Comparecencias

2.1 24645 (12/CPP-000044)

Do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

2.2 24646 (12/CPP-000045)

Do conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre a comercialización dos produtos pesqueiros ante as negociacións do acordo de libre comercio da Unión Europea con Tailandia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

Punto 3. Mocións

3.1 23936 (12/MOC-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5712, publicada no BOPG núm. 40f1, do 19 de xuño de 2024, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

3.2 23993 (12/MOC-000060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN) (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21839, publicada no BOPG núm. 179f1, do 26 de marzo de 2025, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025



3.3 24010 (12/MOC-000061)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19463, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 8 de abril de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 6902 (12/PNP-000705)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 23.07.2024

4.2 16326 (12/PNP-001346)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación da composición do Consello da Minaría de Galicia para dar entrada ás asociacións de defensa da natureza e ás comunidades de montes en man común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

4.3 22506 (12/PNP-001817)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

4.4 22562 (12/PNP-001829)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e nove deputados/as máis**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación coa política que está a desenvolver a Unión Europea para a obtención de materias primas estratéxicas e, concretamente, co proxecto da mina de litio de Doade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025

4.5 22933 (12/PNP-001863)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre as bases que deben constituír a postura da Xunta de Galicia ante a actual política exterior de Estados Unidos e o incremento do gasto militar na Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f1, do 09.04.2025



4.6 22960 (12/PNP-001865)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación co apoio ao uso da lingua galega no Parlamento Europeo

Publicación da iniciativa con correccións, BOPG nº 188f1, do 16.04.2025

Punto 5. Interpelacións**5.122600 (12/INT-000916)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o modelo da atención prestada nos centros de menores e os seus recursos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

5.2 22890 (12/INT-000926)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás**

Sobre a postura do Goberno galego verbo da posibilidade de superar o actual sistema de financiamento da comunidade, así como de negociar unha quitación da débeda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

5.3 22927 (12/INT-000927)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a garantía de participación institucional dos axentes sociais no deseño das políticas de emprego en Galicia e o actual funcionamento do Consello Autonómico de Emprego e dos respectivos consellos provinciais e territoriais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 185f2, do 09.04.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 24629 (12/POPX-000041)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a situación do emprego en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

6.2 24636 (12/POPX-000042)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir os dereitos das persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 19559 (12/POP-003032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a petición por parte do Concello de Santiago para tramitar a baixa dos pisos turísticos que incumpren a normativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.2 24635 (12/PUP-000104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda veciñal e institucional da apertura neste ano 2025, por medio do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, dun centro de día en Corcubión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

7.3 21257 (12/POP-003246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre o proceso de planificación e execución levado a cabo por parte do Goberno de España do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

7.4 21829 (12/POP-003320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do atraso das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025

7.5 24642 (12/PUP-000105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e dez deputados/as máis

Sobre a contribución da sociedade Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) á promoción de vivenda pública desde a súa creación en novembro de 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

7.6 20024 (12/POP-003090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da vinculación existente entre o servizo de aparcadoiro dun hospital público e unha asistencia sanitaria de calidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



7.7 21798 (12/POP-003313)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre os datos das listaxes de espera cirúrxicas correspondentes ao ano 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 179f2, do 26.03.2025

7.8 24628 (12/PUP-000103)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre a postura da Xunta de Galicia e as medidas que prevé adoptar respecto dos últimos despedimentos producidos na fábrica de Sargadelos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 02.05.2025

7.9 22231 (12/POP-003381)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre a información publicada pola Consellería do Medio Rural respecto da aprobación da declaración de impacto ambiental da macrocelulosa de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182f2, do 02.04.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e no réxime de axudas e subvencións. (Punto primeiro da orde do día)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 15.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 15.) e *Sr. Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 18.).

Rolda de réplica: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 21.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e no réxime de axudas e subvencións: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 23.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional con motivo da declaración por parte da ONU do ano 2025 como Ano Internacional das Cooperativas, que é aprobada por asentimento. (Páx. 23.)

Comparecencia do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 37.), *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 38.), *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 42.) e *Sra. Pomar Tojo (P)* (Páx. 46.).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 57.). *(O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 57.) Nesta rolda interveñen a *señora Longueira Castro (S)* (Páx. 57.), a *señora Queixas Zas (BNG)* (Páx. 59.), a *señora Pomar Tojo (P)* (Páx. 62.) e o *señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos)* (Páx. 64.).



Comparecencia do Sr. conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre a comercialización dos produtos pesqueiros ante as negociacións do acordo de libre comercio da Unión Europea con Tailandia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 75.), *Sr. López Font (S)* (Páx. 75.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 77.) e *Sr. Fidalgo Iglesias (P)* (Páx. 80.).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 83.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 86.) *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 86.) Nesta rolda interveñen o señor López Font (S) (Páx. 86.), a señora Pérez Fernández (BNG) (Páx. 88.), o señor Fidalgo Iglesias (P) (Páx. 89.) e o señor conselleiro do Mar (Villares Bermúdez) (Páx. 91.).

Ao se prolongar a sesión da mañá, o señor presidente pregunta se se mantén o acordo dos grupos parlamentarios de retomar a sesión ás catro horas e trinta minutos. A este respecto intervén a señora Rodil Fernández (BNG) para ratificar o acordo. Ao estaren de acordo os grupos en mantelo, o señor presidente anuncia que a hora de retomar a sesión será ás catro e media. (Páx. 93.)

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega. (Punto terceiro da orde do día)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 93.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Espinosa Mangana (S).* (Páx. 94.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 98.), *Sra. Amigo Díaz (P)* (Páx. 98.).

A señora Espinosa Mangana (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 100.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN). (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG).* (Páx. 101.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr Ojea Bouzo (M)* (Páx. 104.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 105.) e *Sr. Viso Diéguez (P)* (Páx. 107.).

Nova intervención da señora Valcárcel Armesto (BNG). (Páx. 109.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica a autoemenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 114.), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 114.) e Sr. Lorenzo Gómez (P) (Páx. 117.).

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 120.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega: rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 121.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN): rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 122.)

Votación da Moción do G. P. polo Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola sociedade Impulsa con esta empresa: rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e dous deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral. (Punto cuarto da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Carreira Pazos (BNG) (Páx. 126.) e Sra. Pérez López (P) (Páx. 128.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 130.)

A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 130.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación da composición do Consello da Minaría de Galicia para dar entrada ás asociacións de defensa da natureza e ás comunidades de montes en man común. (Punto cuarto da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 134.), *Sra. Iglesias Rey (S)* (Páx. 134.) e *Sr. Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 136.).

Nova intervención do señor Golpe Acuña (BNG). (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Nicole Grueira Fernández e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo. (Punto cuarto da orde do día)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á proposición non de lei. (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 144.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 147.) e *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 150.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 153.)

O señor Trenor López (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 153.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e nove minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

En primeiro lugar, queríalles dar un saúdo de benvida especial aos que estrearon maternidade e paternidade. ¡Que teñan moita sorte!

E comezamos coa orde do día.

O primeiro punto é un texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e no réxime de axudas e subvencións

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Sometemos hoxe á consideración desta Cámara unha proposición de lei para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade tanto na contratación pública como no réxime de axudas e subvencións; unha proposta que busca avanzar e espresmer o potencial de transformación social, de transparencia e de calidade que ten a nosa Administración pública; e unha proposta que chega a este Parlamento froito dun contraste social co tecido económico e social deste país e que busca un obxectivo moi claro: que cada euro que a Xunta usa para contratar, para axudar ou para subvencionar contribúa a unha Galiza mellor, a unha Galiza máis xusta socialmente, que actúe para avanzar en máis igualdade na loita contra a crise climática ou para protexer os dereitos lingüísticos; que cada euro público camiñe nesa dirección, porque o investimento público pode e debe contribuír a facer realidade os dereitos que xa recollen as leis.

Por iso, fronte ao modelo medieval da contratación pública do Partido Popular, hoxe o Bloque Nacionalista Galego propón un modelo alternativo, de futuro e de transformación social. *(Aplausos.)*

As contratacións, axudas e subvencións son unha parte importantísima do orzamento anual da Xunta de Galiza. Collendo os datos de 2025, vemos que é case o 60 por cento; falamos de máis 7.280 millóns de euros —¡7.280 millóns de euros!—. É innegable, a contratación pública ten un peso que é determinante na economía, e podemos facer que ese peso incline a balanza cara a máis xustiza social, máis igualdade e máis protección do medio ambiente.

Hai que lembrar que, segundo o Observatorio de Contratación Pública, a nivel de Estado isto representaría arredor do 20 por cento do produto interior bruto; polo tanto, podemos condicionar a contratación pública, e iso ten un potencial transformador que non podemos ig-



norar e que temos que aproveitar. Temos que ser conscientes de que no día a día as administracións públicas contratan bens e servizos de todo tipo. Pensemos por un momento nun edificio administrativo, nunha residencia de maiores ou nun hospital. Hai servizos de todo tipo, da seguridade á limpeza, pasando pola reprografía ou polo servizo de comedor...; unha complexidade e heteroxeneidade de decisións económicas que repercuten cun efecto dominó na sociedade e na economía. Falamos —insisto— dunha gran heteroxeneidade de decisións económicas que teñen algo en común que non podemos ignorar: sufráganse con cartos públicos, con recursos públicos e, polo tanto, hai unha evidente responsabilidade pública.

E hoxe propoñemos, precisamente, avanzar no exercicio desa responsabilidade. ¿Como? Dando un paso máis no desenvolvemento legal galego e, desde o noso autogoberno, empregar a capacidade que temos para facer máis e para facelo mellor e espremer así a marxe de actuación que é aínda moita. Hoxe hai que recoñecer que empregar como criterio principal de valoración o económico non só é inxusto e neoliberal, senón que é ineficiente. Mesmo do punto de vista puramente economicista está estudado que isto acaba repercutindo en sobrecustos a longo prazo. É tan evidente que a propia Comisión Europea incluso —nada sospeitosa de ser afín ás teses do Bloque Nacionalista Galego— emitiu un informe neste sentido, sinalando que non se pode atender exclusivamente nin de forma prioritaria o criterio económico.

Tamén temos que ter en conta que nos últimos anos houbo avances no marco lexislativo tanto europeo como estatal que abrían pequenas vías para poder espemelas. Fóronse sentando certas bases, pero hai que dicir tamén que Galiza, como en tantos outros aspectos destes últimos dezaseis anos, quedou atrás tamén neste aspecto. Hoxe a lexislación sobre contratación pública favorece os peixes gordos, está pensada para favorecer os grandes grupos económicos. Vémolo nos macrocontratos de obra pública, vémolo nos macrocontratos de servizos ou de tecnoloxía sanitaria, vémolo con empresas multiservizos como Eulen ou OHL, que tanto che reparan unha fochanca na autovía como che xestionan un centro de crise para algo tan delicado como a violencia sexual.

É un marco que, obviamente, o Partido Popular buscou alimentar e buscou engordar, no lugar de espremer as fendas que oportunamente abre a lexislación para poder favorecer, por exemplo, o acceso á pequena e mediana empresa deste país e tamén a colectivos comprometidos con estes valores. Así, aínda que sobre a teoría a Lei galega de racionalización do sector público do ano 2013 xa recolle algúns aspectos, imos moi por detrás doutras comunidades. Por exemplo, Euskadi hai máis de vinte anos que ten unha estratexia clara e referente de compra pública verde. Así, aínda que a nosa lei di literalmente, por exemplo, no seu artigo 25, que se deberían ter en conta criterios sociais e de sustentabilidade ambiental, ou deseñar as especificacións técnicas e administrativas dos contratos e que se incluírían, na medida das posibilidades, criterios referidos á igualdade de xénero, pois vemos que isto é unha letra moi bonita, pero que na realidade é, no noso día a día, papel mollado na contratación pública da Xunta. (*Aplausos.*) Ademais, a normativa galega, que é parcial e incompleta, está xa desfasada e superada tamén pola propia Lei de contratos estatal do ano 2017 ou polas directivas europeas de 2014 que traspón esta lei estatal.

E hai que dicir que tamén neste sentido Galiza segue quedando atrás porque o Partido Popular nestes anos tivo tempo de modificar, por exemplo, a través de catorce leis, a lexislación



do marco eólico, pero non tivo tempo, por exemplo, de dar acubillo ás demandas do sector da economía social que piden unha actualización desa lei ou de incorporar con criterios claros de aplicación as cláusulas que hoxe traemos desde o BNG a este debate.

Tampouco tivo tempo de desenvolver e cumprir acordos parlamentarios. Quero recordar que no ano 2019 acordou co BNG o impulso nun prazo de seis meses de cláusulas de igualdade. Non só non se cumpriu nos seis meses, senón que pasaron catro anos ata que chegou a Lei de igualdade de 2024, que non supón un avance real, porque, ao contrario do que propón hoxe o BNG aquí, non establece a preferencia de adxudicación a empresas con medidas contra a discriminación, que, nun contexto no que as mulleres deste país soportamos aínda unha fenda salarial de máis de 5.000 euros, que o Partido Popular se limite a introducir os plans de igualdade nas contratacións públicas como un criterio de desempate é unha absoluta tomadura de pelo. *(Aplausos.)*

Así, en resumo, temos un panorama no que por activa ou por pasiva o modelo de contratación da Xunta seguiu favorecendo un modelo que privilexia os peixes máis grandes. Por iso o Bloque Nacionalista Galego trae hoxe aquí esta proposta ambiciosa para cambiar de rumbo, para facer as cousas doutra maneira, porque hai unha alternativa, que é empregar o autogoberno e a capacidade do noso país; protexer así os peixes máis pequenos, favorecer as empresas pequenas e medianas do noso país, a economía social e as asociacións que traballan a favor da igualdade, do medio ambiente ou de sectores máis vulnerables como é o da discapacidade. Podemos favorecer o crecemento deste tecido económico e social e podemos ter así un modelo non só máis forte, senón tamén máis xusto. E iso é o que propoñemos, avanzando en seis eixos.

En primeiro lugar, apostamos por unha definición clara e unhas directrices para as cláusulas sociais no marco lexislativo galego, cubrindo unha lagoa que hai no día de hoxe. A continuación, desenvolvemos sete aspectos concretos: cláusulas sociais, cláusulas de igualdade, cláusulas medioambientais, cláusulas laborais e de garantía do traballo digno, propostas de mellora tamén no ámbito da contratación para a inclusión de persoas con discapacidade e tamén a mellora dos contratos reservados, para así recoller as demandas do sector da economía social e poñer fin aos problemas que está habendo pola perversión que algunhas empresas con ánimo de lucro fan desta lexislación.

E tamén cláusulas lingüísticas, porque neste país hai que garantir o uso normal e oficial do galego e a non discriminación, así como as medidas de incorporación de acción positiva.

En noveno lugar, propoñemos estender isto tamén á política de subvencións.

E, por último, actuar ante os incumprimentos.

Queremos unha administración que estea activa e atenta e que actúe cando hai incumprimentos e cando empresas que financia e que contrata directamente a Xunta, por exemplo, precarizan ou discriminan as traballadoras. Vémolo estas semanas coa folga das residencias privadas. ¿Como podemos permitir que a Xunta de Galiza drene cada ano máis de cen millóns de euros ás empresas privadas deste sector, permitíndoo por activa e por pasiva, sen impli-



carse en que estas empresas non contraten ao abeiro do SMI? É unha vergonza, e a Xunta é responsable directa desa vergonza.

Igual que nos casos de fenda de xénero que vivimos, por exemplo, no caso de distintos edificios administrativos da Xunta e dos seus servizos de limpeza. Ou escandalosos casos de impago de contratacións que dependen directamente da Xunta. Por exemplo, lembro que debatemos moitas veces nesta Cámara os impagos dos servizos de seguridade dos hospitais comarcais de Ourense; un conflito que se deu durante máis de catro anos e con empresas distintas que, en realidade, eran a mesma; problemas recorrentes, que, ívaia exemplo da Xunta para a empresa privada!

Hoxe tamén —que hai unha semana dun apagamento histórico que vivimos todos e todas— non é mal momento para lembrar que as contratacións do 112 son absolutamente precarias, e cun convenio que é dos peores do Estado, o do telemárketing. *(Aplausos.)*

Esta lei, polo tanto, pretende dar instrumentos para previr e para actuar diante deste tipo de situacións incorporando cláusulas que protexan o traballo digno, con cláusulas garantistas, e tamén avanzar en valores como a protección do medio ambiente e a igualdade na transparencia e no retorno social dos investimentos públicos.

É innegable que aínda que hoxe o Partido Popular se proclame como servidor de Galiza, en realidade, sabemos que no día a día está demostrado que actúan para valerse a si mesmos e aos grandes intereses que teñen asociados.

Vostedes puideron pechar en falso esa comisión de investigación dos «chanchullos» do Partido Popular, pero a realidade segue estando aí e non poden borrarla. Un exemplo que volvemos sinalar nesta Cámara é o seguinte: 1.600 contratos a dedo por valor de 7 millóns de euros para a empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo. Outro: hai apenas un mes coñecemos a última Conta xeral do Consello de Contas, que deixa ás claras outra vez a escurantista política de contratación e o uso espurio que fai o Partido Popular dos recursos públicos. Un 20 por cento de contratos sen concorrência competitiva, 735 millóns de euros, dos que 81 son de contratación menor. ¿Un procedemento legal? Si. ¿Ético e transparente? Non, porque hai un abuso dun procedemento que debería ser xustificado e excepcional e que co Partido Popular nin ten xustificación nin é excepcional, senón que é a norma. *(Aplausos.)* Como fai cun 52 por cento de subvencións de concesión directa, que novamente o Consello de Contas sinalou que non pode ser o procedemento maioritario.

Esta é a realidade dun goberno, señores do Partido Popular, e por moito que se vistan de servidores de Galiza, sabemos que usan Galiza para servirse a vostedes mesmos.

Fronte a isto, resumidamente desde o Bloque Nacionalista Galego propoñemos avanzar noutra dirección, facer un cambio de modelo e que estes máis de 7.000 millóns de euros ao ano que a Xunta emprega en contratar, axudar ou subvencionar distintos servizos, entidades e cuestións asociadas ao seu funcionamento, teñan un retorno directo na nosa economía para facer que a través de cláusulas sociais sirvan de modelo para poder avanzar nunha Galiza mellor e máis xusta.



Tamén porque a Xunta ten unha responsabilidade á hora de liderar un novo modelo de contratación e de poder ser tamén o espello —e así o contempla esta proposta de lei que traemos hoxe a debate— de entidades como concellos ou universidades.

En resumidas contas, señorías do Partido Popular, traemos unha proposta en positivo, unha proposta alternativa, unha proposta que melloraría o funcionamento da nosa Administración, que melloraría o retorno á sociedade galega e ás pequenas e medianas empresas deste país de todos aqueles servizos que a Xunta ten que contratar. E no día de hoxe está absolutamente demostrada a relevancia, tanto cuantitativa como cualitativa como estratéxica, da contratación pública.

Por iso, tamén nas últimas semanas, o Bloque Nacionalista Galego presentou publicamente a súa proposta complementaria a esta proposición de lei para que o 50 por cento da compra pública alimentaria da Xunta de Galiza no ano 2027 se faga con criterios tamén sociais e ambientais, primando a produción local e sostible; un volume económico que se sitúa entre 140 e 220 millóns de euros, aproximadamente un 1 ou un 1,5 por cento do gasto non financeiro da Xunta todos os anos, que podería ter unha repercusión directa a favor do sector primario, a favor do comercio de proximidade e do produto local e tamén a favor das persoas autónomas. *(Aplausos.)* É un potencial transformador enorme e contrastado que temos na nosa man poder empregar.

Por iso propoñemos con esta proposición de lei un cambio de modelo para incluír cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e para cambiar ese modelo obsoleto e feudal do Partido Popular por un novo modelo que signifique avance futuro.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

No conto de *Alicia no país das marabillas*, dicíalle Alicia ao gato: «Poderías dicirme, por favor, que camiño teño que tomar para saír de aquí». E dicíalle o gato: «Depende moito de a onde queiras ir». «Dáme case igual a onde» —dicía Alicia—. «Non importa que camiño sigas» —dicíalle o gato—. Este é un bo exemplo de como está o Goberno galego a actuar en relación coas cláusulas sociais na contratación pública e tamén nas subvencións. Non sabe que camiño seguir porque non ten unha estratexia definida, e guíase pola inercia. Ao Goberno galego só lle importa a propaganda, facer festas e sacar peito dos 40 deputados que día tras días nos din que teñen os deputados da bancada do Partido Popular neste hemiciclo. Coa



maioría absoluta esquécense de gobernar, de facer goberno en maiúsculas; esquécense de facer unha política transformadora en clave de xustiza social, con dúas ferramentas claves para transformar, que son a contratación pública e as subvencións.

Onte publicouse o Informe do Consello de Contas, que, precisamente, se pronuncia sobre as cláusulas sociais na contratación pública das entidades instrumentais, das fundacións, das sociedades, dos organismos autónomos... ¿E que conclusións saca este informe? Pois si, que se incorporan as cláusulas sociais no prego, pero quedan nun papel. O 92 por cento das entidades do sector público autonómico —¡o 92 por cento!— non verifica e non controla que estas cláusulas sociais se cumpran. Este é o resultado da política do PP.

Nós, as socialistas de Galiza, apoiaremos a toma en consideración desta proposición de lei porque creo e porque cremos nestas ferramentas transformadoras, ás que dediquei moitos anos da miña vida profesional como letrada da Xunta de Galicia en distintas consellerías e tamén no Consello de Contas. A contratación pública é un investimento para facer política social, non é un gasto, e así se concibe xa nas vixentes directivas de contratación pública de 2014 e na Lei de contratos básica do Estado do 2017, que bebe precisamente destas directivas.

Sigo co informe do Consello de Contas. O cen por cento das entidades do sector público autonómico nunca impuxeron penalidades e sancións por incumprimento das cláusulas sociais. ¿Eficaz, eh? ¡Diría eu que é moi eficaz introducila! Quedan no papel.

Agora pensen nun intento de contratación pública que move o sector público autonómico, o Sergas, o Consorcio de Servizos Sociais, a Fundación 061... Representa o 20 por cento do PIB galego, como dicía o Observatorio de Contratación Pública; case oito mil millóns de euros que se poderían mobilizar para transformar. De feito, moitas comunidades autónomas contan con leis propias de contratación pública e de subvencións —Aragón, Cataluña, Navarra—, e nós apostamos tamén por unha lei galega de contratación, apostamos polo autogoberno, e non pola política de autogoberno para confrontar co Goberno do Estado. Pero insisto en que non sería necesaria esta proposición non de lei que se trae agora a consideración, porque día a día nas consellerías, nas fundacións, no Consorcio de Servizos Sociais, no Sergas, pódese xa apostar decididamente por introducir, nos pregos de cláusulas administrativas nos concertos sociais ou tamén nas entidades sen ánimo de lucro, nos convenios de colaboración, por exemplo, cláusulas que melloren os convenios colectivos sectoriais, aplicables aos traballadores, ou nas contratacións de limpeza, de mantemento, de seguridade, ou tamén, neses plans de igualdade, que se implementen na realidade das empresas medidas de conciliación reais ou potenciar a economía social ou o cooperativismo e que se cumpran, dunha vez por todas —porque non se están a cumprir—, os contratos reservados para centros de inserción ou centros de emprego de iniciativa social.

Que se prime a oferta economicamente máis barata nos concursos non é transformar nin tampouco é gobernar. A Xunta de Galicia non está a liderar unha contratación pública estratéxica. E pensen, por exemplo, como se podería potenciar nos centros, nos comedores escolares, o consumo de produtos de proximidade, da pesca do cerco, os nosos produtos, o noso peixe, os iogures, o leite galego, os grelos, as patacas, os produtos da nosa terra... Evidentemente, pensen en todos os centros públicos que temos, nos centros educativos, nas



escolas infantís, nas residencias... E que se teña en conta como criterio de adxudicación ou como condición especial de execución.

Ademais, as socialistas temos que sacar peito, porque o 20 de febreiro de 2025 saíu adiante unha iniciativa nosa, co apoio unánime de todos os grupos parlamentarios, na que a Xunta se comprometía a potenciar estes produtos de proximidade, de quilómetro cero, nos contratos de todos os comedores públicos que dependen da Xunta de Galicia.

A nivel estatal saben tamén que se aprobou o 15 de abril o Real decreto de comedores escolares saudables e sostibles, que é aplicable tamén á Xunta de Galicia. Neses comedores escolares o 45 por cento teñen que ser racións de froitas e hortalizas as que se sirvan nos colexios e nos institutos, e o 5 por cento ten que destinarse á compra de produtos ecolóxicos. Por tanto, aposta polos nosos produtos de quilómetro cero, por produtos de proximidade.

Queda moi atrás o que eu vivín cando formaba parte das mesas de contratación. ¿E a máxima cal era? Adxudicar o contrato á oferta máis barata, incluso por debaixo de baixa temeraria, por debaixo do valor de mercado. Había problemas derivados da execución, de contratos de seguridade, de limpeza, impago de salarios dos traballadores... Esa era unha reforma —ademais promovida polo Goberno de M. Rajoy— que permitía pagar por debaixo dos convenios colectivos sectoriais.

E temos autonomía estratéxica en Galicia, temos que gañar esa autonomía estratéxica coa potencia de produtos de proximidade, e máis no momento xeopolítico que estamos a vivir, coa política de aranceis de Trump. A nivel estatal existe xa unha Estratexia nacional de contratación pública, aprobada polo OIREscon, pola Oficina de Supervisión e Contratación, temos tamén unha estratexia catalá de compra pública; tamén a lexislación andaluza, navarra, de Aragón... E aquí, ¿onde está a Estratexia de contratación pública da Xunta de Galicia? Non existe, ¡non existe! O derradeiro anuncio que atopei foi do conselleiro Corgos o 6 de outubro de 2023, onde dicía: «Contrará Galicia cunha Estratexia galega de contratación pública para adaptala ao marco do Estado, coas peculiaridades de Galicia». As guías de contratación da Xunta de Galicia son de hai sete anos, non se actualizaron por parte do Consello da Xunta. Mentres a Xunta está inactiva e non introduce condicións sociais nos pregos de contratación, nin nos convenios de colaboración, nin nas bases reguladoras das subvencións. Hai unha tendencia clara na lexislación estatal e na lexislación doutras comunidades autónomas por potenciar estas ferramentas tan potentes para transformar a vida da cidadanía.

Por outra banda, se ben imos apoiar a proposición non de lei que trae o BNG agora, que é a toma en consideración, teño que dicir tamén que non podo deixar de dissociar e de ver o texto con ollos de letrada e dicir que a proposición adolece de certas deficiencias importantes de técnica lexislativa nas materias que se abordan. E se o PP vota a favor —porque ao final non sabemos que vai facer o PP— tendemos a man para que esta proposición poida mellorarse no procedemento lexislativo.

En definitiva, a contratación pública e as subvencións baixo o prisma da xustiza social e da igualdade son ferramentas nucleares para transformar o noso país, para fomentar os nosos produtos, para que os nosos fillos e fillas coman ben, para mellorar tamén a vida das traba-



lladoras e dos traballadores, para contratar empresas de inserción, para conciliar ou ben para reducir a pegada de carbono. O Goberno galego segue a facer o que sempre fixo —¡sempre!—: escoller a oferta máis barata e adxudicar, pero, curiosamente, iso si, sempre saen favorecidas empresas que teñen vínculos familiares e persoais con altos cargos do PP, como as empresas do grupo Eulen. Elas, esas grandes multinacionais, son as que levan o maior cacho da torta de millóns de euros que move a contratación pública, que, como recordo, son máis de oito mil millóns de euros que se poden utilizar para transformar.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Na súa breve fábula, *O parto dos montes*, relataba Esopo como os montes dan terribles signos de estar a piques de dar a luz, confundindo forte pánico a quen os escoita. Con todo, despois de sinais tan asombrosos, os montes paren un pequeno rato. A fábula e a expresión «o parto dos montes» refírense, por tanto, a aqueles acontecementos que se anuncian como algo moito máis grande ou importante do que realmente termina sendo.

Hai un ano anunciaron vostedes con gran pompa, señorías do BNG, a presentación dunha proposición de lei no Parlamento para potenciar o tecido económico galego e incorporar cláusulas sociais, ambientais e de igualdade na contratación pública da Xunta. Así o anunciou a portavoz nacional, Ana Pontón, logo da xuntanza do «Goberno alternativo do Bloque». Obviamente, señorías do Bloque Nacionalista Galego, os montes eran vostedes, que con estrondosa solemnidade fixeron o anuncio, pero confeso que teño serias dúbidas de se o rato era esta iniciativa ou se era o seu goberno alternativo, do que xa ninguén se lembra, (*Aplausos.*) e que vostedes seguen a convocar, para que, polo menos os seus, non se esquezan de que algún día o constituíron.

Esta iniciativa de hoxe é a súa enésima emenda á totalidade da contratación que desenvolve a Xunta de Galicia, logo do fracaso da Comisión de investigación, que pretenderon converter nunha causa xeral da contratación autonómica, e na que se descartou calquera sobrecusto do Hospital Álvaro Cunqueiro. Por certo, hai unha semana volveuse demostrar durante o apagamento que o Álvaro Cunqueiro é un dos mellores hospitais de Europa e o mellor de España. Para o único apagamento para o que non está preparado o Álvaro Cunqueiro é para o informativo, que seguimos a padecer unha semana despois. (*Aplausos.*) E a comisión tamén descartou calquera reparo de legalidade na contratación menor dende o 2009, nin na de emerxencia desenvolvida na pandemia; sen rastro ningún nin de koldos nin de aldamas, nin deses quince anos de chanchullos, expresión reducida, máis ca nunca, a slogan da paranoia corrupta da oposición que padecemos. Unha comisión que demostrou que non son vostedes quen de cumprir cos altos estándares de calidade democrática que lles impoñen aos demais



e que se pechou cunha única pregunta sen resposta e que no día de hoxe seguen sen tela: ¿poden vostedes, señorías do Bloque Nacionalista Galego, afirmar que ninguén do círculo máis íntimo político e persoal da cúpula do seu partido recibiu ningunha adxudicación por parte dunha administración na que o BNG goberne ou apoie o Goberno? Seguimos esperando, señorías, porque, xa saben: o que non ten nada que ocultar, non ten nada que temer. (*Aplausos.*) Seguimos esperando.

Señorías, non podemos apoiar esta proposición porque é inxusta; é inxusta unha vez máis co pasado e co presente da contratación pública autonómica. O obxectivo que pretende conseguir o BNG coa súa proposición de lei xa está lexislado e xa se está a cumprir por parte da Xunta de Galicia. A posibilidade de favorecer determinadas políticas públicas a través da contratación pública e da actividade subvencionada é unha realidade xa implantada. Non é certo, como din vostedes na súa exposición de motivos, que non dispoñamos dunha lexislación propia que desenvolva a devandita normativa no ámbito competencial galego e para o conxunto do noso sector público. E non é certo, señorías, porque son varias as previsións normativas ao respecto, empezando pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que establece que «os poderes adxudicadores do sector público autonómico deberán ter en conta criterios sociais e de sustentabilidade ambiental ao deseñaren as especificacións técnicas e administrativas do contrato. Incluíranse, na medida que sexa posible, criterios referidos á igualdade de xénero, criterios sociais e medioambientais e tamén a reserva do 5 por cento dos contratos a favor de centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral». Tamén pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que garante o control e supervisión dos estándares de calidade na contratación mediante a inclusión de valores e principios ambientais de accesibilidade e eliminación de barreiras de seguridade, de igualdade e de conciliación da vida laboral e persoal —por certo, vostedes votaron en contra desta lei—. Ou pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que tamén contén cuestións no ámbito da contratación para protexer a cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público. Desta deberían lembrarse, porque non votaron en contra —é unha das poucas—, abstivéronse. Polo tanto, confío en que a teñan ben presente. E, por último, pola Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia, que tamén incide nas dúas áreas de contratación e subvencións e que, por certo, é bastante máis ampla e ambiciosa que a que vostedes traen hoxe aquí, porque se proxecta sobre todas as fases de contratación e non exclusivamente sobre algunha. Respecto da incidencia na fenda salarial, recoñecendo todos que temos que seguir avanzando, o certo é que no día de hoxe en Galicia está un punto por debaixo da media nacional, señorías.

E ademais do establecido nestas disposicións, a Xunta aprobou outras medidas de carácter non lexislativo neste eido, como a Guía para unha contratación pública socialmente responsable, o Catálogo de criterios de adxudicación para contratos de obras e o Catálogo de criterios de baremación para subvencións, así como a Guía de contratación pública ecolóxica.

En resumo, señorías, o fomento deste tipo de criterios xa é promovido pola Xunta de Galicia; favorécese a través de previsións legais, pero ademais estas previsións legais foron obxecto de desenvolvemento posterior para mellorar a súa aplicación e implantación.



Lamentamos que a sensibilidade sobre esta responsabilidade social e sobre as cláusulas sociais lles chegue a vostedes cunha década de retraso. Dámoslles, en calquera caso, a benvinda, aínda que sexa da man desta proposición de lei, con claras deficiencias técnicas no seu texto e limitando o seu alcance á contratación, aínda que no seu artigo primeiro se fala tamén do ámbito das subvencións.

Pero si quero determe nese novo modelo que vostedes veñen de anunciar —e vou rematando—.

Á vista desta nova emenda á totalidade que vostedes lle fan á contratación pública autonómica, a pregunta lícita é a seguinte: ¿cal é o seu modelo de contratación pública, señorías? Debemos entender que é o que vostedes aplican alí onde gobernan, sería o lóxico. Daquela, por exemplo, ¿o seu modelo de contratación pública é o do Concello da Coruña? Pregunto, porque precisamente un dos maiores escándalos xudiciais do concello que goberna o PSOE, co apoio do BNG, é o do sindicato de limpeza, o incumprimento das cláusulas sociais nos pregos de contratación no relativo a persoas con discapacidade; tal é así —miren se lles importaba esta cuestión— que o primeiro punto do Pacto de investidura na Coruña entre BNG e PSOE era unha comisión de investigación sobre esta cuestión. Dous anos despois, non hai comisión, pero Inés Rey segue sendo alcaldesa. ¡Que barata lle está a saír ao PSOE a alcaldía da Coruña e que cara lles está a saír aos coruñeses, a alcaldía de Santiago, señorías! ¡Que cara lles está a saír! (Aplausos.) Pero é que, ademais, logo temos que vir aquí e escoitar á señora Iglesias falar de cláusulas sociais que non se cumpren e que non conlevan sanción ningunha, e estamos esperando pola primeira por un escándalo que está no xulgado.

Pero, se non é este modelo, ¿cal temos que pensar que é o modelo que nos propón hoxe o BNG?, ¿o do seu nacionalismo de amiguetes, que quedou acreditado na recente comisión de investigación? ¿É o de Atlantic Ponte, señorías?, ¿o desa consultora privada, dirixida por persoas moi próximas á contorna da cúpula do BNG, á que en administracións nas que o BNG goberna ou apoia ao Goberno se lle adxudicaron contratos por importe de 3,6 millóns de euros, maiormente en contratos dos que vostedes chaman «a dedo»? ¿E ese é o seu modelo, señorías? Porque é importante sabelo.

¿Ou acaso —e remato xa— o seu modelo de contratación é o do Goberno do Estado, que apoian incondicionalmente? Por exemplo, ¿o seu modelo é aquel no que as cláusulas de igualdade son as cláusulas Jéssica? (*O señor Rodríguez Martínez mostra un cartel.*) Pregúntolles porque, evidentemente, de ser así, teñen que saber que eses 3 millóns de euros de Atlantic Ponte en administracións amigas dan para nada menos que 80 Jéssicas: salario mínimo interprofesional, pero vivenda a 2.700 euros ao mes. (Aplausos.)

¿Ou acaso o seu modelo, señorías, é aquel no que as cláusulas de condicións laborais e garantías do traballo digno son as cláusulas David Sánchez? ¿Saben por que? Porque, daquela, os 3,6 millóns de Atlantic Ponte nas administracións amigas dan para nada menos que 60 Davides: salario sen traballar, tamén, pero non o mínimo interprofesional, e, iso si, esperamos que sexa para tributar en España. (Aplausos.)



Ou, por último, señorías, ¿o modelo que vostedes propoñen é o modelo no que as cláusulas sociais son as cláusulas Begoña? Porque, de ser así, teñen que saber que os 3,6 millóns adxudicados, señorías, a Atlantic Ponte nas súas administracións amigas (*O señor Rodríguez mostra novamente o cartel.*) dan nada menos que para organizar 60 másteres de Begoña Gómez, incluíndo, iso si, o salario dunha asesora exclusiva na Moncloa, señorías. (*Aplausos.*) ¿É este o seu modelo? ¿É este o que vostedes queren para Galicia?

Miren, remato, señorías. Tiña moita razón o escritor e diplomático Leopoldo Augusto de Cueto cando deixou escrito que a moral non se impón ás nacións coas leis, que se lles infunde co exemplo. ¡Están vostedes para falar do exemplo...!

Señoría, ser aquí os do perpetuo «non» en calquera momento ou circunstancia e ser en Madrid os do «si» a todo, pase o que pase e pese a quen pese, non é bo para Galicia; e o que non é bo para Galicia nunca vai contar co voto favorable do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, polo grupo autor da proposición de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Antes de máis, quería agradecer ao Grupo Socialista o seu apoio, mais temos unha discrepancia, porque dicía a señora Iglesias que o Partido Popular non sabía por onde ir. Eu temo que si sabe ben por onde ir, e demóstrao votando en contra desta proposición de lei; vai en favor dos grandes intereses e de servirse a si mesmo no lugar de servir a Galiza. (*Aplausos.*) Esa é a dirección do Partido Popular, e téñena moi clara; teñen moi claro cara a onde apunta a súa brúxula.

Ben, varias cuestións. Ao señor Rodríguez moléstalle que o BNG demorase un ano en traer esta proposición de lei a debate. Claro, señor Rodríguez, é que neste ano, ¿sabe que estivo facendo o Goberno alternativo do BNG? Estivo facendo o que non fai a Xunta, que é: escoitar a xente, escoitar o tecido económico e social, crear unha alternativa e poñer unha alternativa lexislativa enriba da mesa, señor Rodríguez. Iso é o que estivemos facendo; bastante máis rápido que os once anos que levan vostedes mirando para o aire no lugar de traspoñer as directivas europeas de 2014, ¡bastante máis rápido! (*Aplausos.*)

Mire, estendeuse vostede en falar da comisión de investigación para non falar da proposta que trae o BNG, e eu non podo evitar facer un par de mencións.

Primeira cuestión, 470 millóns de euros de sobrecusto demostrado, señor Rodríguez, polo Consello de Contas e por multitude de testemuñas contrastadas e de informes, ¡de-mos-tra-do! E isto é a punta do iceberg, porque, ¿que non saberemos deses máis de sete mil millóns de euros ao ano que a Xunta de Galiza destina a contratar, a axudar ou a subvencionar que é o que quere transparentar esta lei? (*Aplausos.*) ¿Que é o que non saberemos, señor Rodríguez?



En todo caso, díxenllo neste hemicycle xa e vólvollo dicir: eu levo dez anos na dirección do Bloque Nacionalista Galego e poño a man no lume por todas e cada unha das persoas que pasaron por esa dirección; é máis, poño a man no lume pola traxectoria institucional, social e política da miña organización: máis de corenta anos servindo este país, e ¿cantas condenas por corrupción, como a Gürtel?, ¿canto financiamento ilegal demostrado polos tribunais, señor Rodríguez? ¡Cero!

En todo caso, esa é a tradicional e típica cortina de fume do Partido Popular para tapar as súas falsidades, porque é absolutamente mentira que o que se propón nesta lei estea xa feito e desenvolvido por parte da lexislación. Primeiro, porque hai lagoas lexislativas que esta lei busca cubrir, e busca avanzar e espremer o autogoberno, porque iso é desenvolver o autogoberno, non tardar dezaseis anos en conseguir unha minicompetencia para poder especular no noso litoral; defender o autogoberno tamén é espremer as marxes que existen para facer unha lexislación mellor e que iso repercute na sociedade galega. *(Aplausos.)*

Mire, eu linlle, por exemplo, o artigo 25 da Lei de racionalización. ¡É que non está desenvolvido! ¡É que a letra é moi bonita! A letra é moi bonita, pero non se aplica na realidade. ¡É que o di a propia Comisión Europea e díó tamén o Consello de Contas!: maioritariamente o criterio que se emprega é o valor económico, e iso non só é neoliberal e inxusto, é absolutamente ineficiente, porque acaba acarreado, ademais, sobrecustos xa só en termos economicistas, como os que lles gustan a vostedes. Por iso nós propoñemos darlle a volta e facer realidade o amplo abano que pode abrir a lexislación para así determinar que a contratación teña acarreadas cláusulas sociais de igualdade, medioambientais, laborais e de garantía do traballo digno, de protección das persoas con discapacidade e mellorar os contratos reservados.

E tamén unha cuestión que vostede pasou por alto, porque ao Partido Popular non lle gusta ese debate, son as cláusulas lingüísticas que garantan o uso normal da nosa lingua. Iso todo non está desenvolvido no noso marco lexislativo, e vostedes hoxe din «non» a unha proposta ambiciosa para poder facelo. Din «non» ao diálogo, din «non» a que este Parlamento poida traballar. Logo, ¿quen son «os do non»? É que «os do non» son vostedes. ¡É que son vostedes! *(Aplausos.)* Intentan pintar un traxe do BNG que ninguén lles cre, porque aquí está o BNG traendo alternativas e traendo propostas en positivo.

E xa o que nos cumpría é que nos digan que a proposta é «inxusta». Din que é inxusta. ¡As leccións morais do Partido Popular! Será moito máis xusto que o 52 por cento de subvencións que entrega o Partido Popular sexan a dedo, como denuncia o Consello de Contas, ou que máis do 20 por cento dos contratos sexan a dedo. ¿Será inxusto iso, señor Rodríguez, e non intentar transparentar e poñer criterios sociais? ¿Ou será inxusto, por exemplo, que vostedes non avancen na cuestión dos contratos reservados, como reclama o sector da discapacidade e o sector da economía social?

Mírense por unha vez en alguén que o está facendo mellor. Navarra está xa no 6 por cento por lexislación e vostedes seguen moi por debaixo. ¿Está dicindo vostede que ter máis contratos reservados e blindar máis alternativas para a economía social e para o sector da discapacidade é inxusto? Oian, compren vostedes un diccionario no lugar de traer eses que traen aquí de paseo. *(Aplausos.)*



En fin, como era previsible, fronte a unha proposta que pretende mellorar o impacto da contratación da Xunta na sociedade galega, avanzando en criterios de igualdade, criterios medioambientais, criterios lingüísticos, criterios de protección social e de traballo digno, temos o muro da maioría absolutista do Partido Popular, pero non se preocupen que seguiremos traballando esta cuestión con intensidade; e seguiremola traballando, ademais, coa sociedade galega, co tecido económico e social e traendo a este país a alternativa que merece

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois, rematado o debate, imos proceder á votación da toma en consideración desta proposición de lei.

Pechen as portas, por favor.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para a inclusión de cláusulas sociais e de igualdade na contratación pública e no réxime de axudas e subvencións

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Agora vou saudar os alumnos de 2º, 3º e 4º de ESO do Instituto Losada Diéguez, da Estrada, que hoxe nos acompañan, e tamén quero saudar os membros do Consello Galego de Cooperativas que hoxe están con nós no Parlamento.

E vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, e que di:

«O Parlamento de Galicia, facéndose eco da iniciativa do Consello Galego de Cooperativas, órgano consultivo e representativo do cooperativismo de Galicia, desexa facer pública coa presente declaración a satisfacción pola decisión da Organización das Nacións Unidas (ONU) de declarar este ano 2025 como Ano Internacional das Cooperativas, baixo o lema, que nós facemos propio, «As cooperativas constrúen un mundo mellor».

En Galicia, unha comunidade de forte compoñente rural, este modelo de organización non só promove a igualdade de oportunidades, senón tamén a inclusión, reafirmando o seu compromiso coa equidade e a gobernanza democrática, especialmente durante os últimos anos de importante complexidade.

Neste sentido, percibimos isto como un logro, resultado do esforzo conxunto das propias cooperativas galegas, das súas asociacións representativas, así como das institucións pú-



blicas competentes que veñen traballando de forma coordinada para fornecer e consolidar este modelo empresarial.

Certamente as cooperativas, tanto de crédito como de transporte, agrarias ou de traballo asociado, entre outras, representan unha forza clave no tecido económico e social da nosa Comunidade, son indispensables para o noso enteiro desenvolvemento e permiten responder aos retos máis actuais, por medio de iniciativas, cooperativas innovadoras, demostrando que é posible combinar progreso económico e respecto ambiental.

Os novos retos que ten o cooperativismo son os de fomentar un novo rexurdir entre a xente moza, o de dispoñer de maior apoio institucional para atopar o financiamento e o de acadar unha dimensión maior. Isto proporcionará un maior peso dentro da economía social, efectuando unha remuda xeracional con éxito, e permitirá acadar alianzas de intercooperación que posibiliten acceder aos fondos Next Generation, que priorizan os proxectos de economía social, a sustentabilidade e a innovación, onde as cooperativas terán un papel preponderante.

Igualmente, o apoio das administracións é patente, a través de ferramentas que poñen á disposición das diferentes familias da economía social os obxectivos da Estratexia galega de economía social horizonte 2027. Os diferentes formatos de axuda das administracións autonómica e local alixeiran o camiño destas de cara á súa modernización, potenciando o seu asentamento no territorio.

Nesta mesma liña, con motivo do Ano Internacional das Cooperativas 2025, tanto o Consello Galego de Cooperativas como o movemento cooperativo galego en xeral comprométense a promover o cooperativismo entre a cidadanía, a fomentar a colaboración público-privada, a potenciar o emprendemento cooperativo e a impulsar a mellora continua na xestión e na gobernanza das cooperativas, ademais do apoio e a consolidación do cooperativismo a través das políticas públicas, ao tempo que isto permita contribuír aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Para lograr tal fin, esta declaración pretende servir para facer un chamamento á celebración desta conmemoración, así como a traballar conxuntamente para que Galicia sexa exemplo e referente global no eido do cooperativismo, mostrando como as cooperativas son a clave para construír un futuro máis xusto, sustentable e equitativo».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Estáballes dicindo aos servizos da Cámara que non se pode aplaudir, pero eu entendo que, estando presentes eles aquí, pois hoxe quixeran aplaudir. (*Murmurios.*) Ímolo deixar aí. Está ben, está ben. Os Servizos da Cámara cumpren o que está dalgunha maneira estipulado.

Continuamos coa orde do día. Neste caso xa son comparecencias.

Comparecencia do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas. Moi bo día. Grazas, presidente. Bo día, señorías.

Bo día tamén a todos aqueles que nos acompañan hoxe neste plenario, nesta sesión de pleno, e sobre todo grazas tamén aos alumnos do Instituto Antón Losada Diéguez, alumnos do instituto estradense que hoxe teñen a ben acompañarnos aquí neste hemiciclo do Parlamento galego.

Saúdo tamén, de forma moi especial, a compañeira e amiga Silvia Longueira; ela sabe os motivos polos que o fago, pero creo que hoxe é un bo día para todos, un día de satisfacción, e creo que será correspondido seguramente por toda a Cámara ese saúdo especial para a compañeira Silvia. *(Aplausos.)*

Un ano máis, un ano despois desta toma de posesión como conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, comparezo de novo para dar conta neste Parlamento, e fágoo a petición propia, para dar conta do traballo feito, para informar por suposto a esta Cámara dos proxectos de futuro da consellería.

Se xa traballar cada día por servir a Galicia é toda unha honra, unha máxima honra, máis aínda é facelo por aquilo que nos mantivo unidos ao longo de tantos séculos e que realmente nos identifica como pobo: a nosa cultura.

Dicía Castelao que a lingua é máis que unha obra de arte, a lingua é matriz inesgotable de obras de arte. Por iso, o traballo a prol da nosa lingua non só é fundamental, non só é importante para o mantemento da nosa identidade común, senón que é un dos piares que sostén a construción da Galicia que queremos, unha Galicia en grande, unha Galicia na que caiban proxectos vitais de todas as galegas e de todos os galegos.

Nese labor, neste labor de construción da Galicia do mañá, xogan un importante papel, por suposto, as nova xeracións, que hoxe non cabe ningunha dúbida de que atravesan un momento de especial dificultade, entre outras cousas, por exemplo, para a súa emancipación. Con ela, con eles e para eles impulsamos unha serie de iniciativas coa intención de que todos os mozos e calquera moza atope aquí na súa terra as oportunidades que lle permitan construír o futuro co que soñan.

Referireime máis adiante nesta comparecencia ás medidas postas en marcha neste ámbito da xuventude. Isto, este traballo, é o que move cada día, todos os días, a nosa acción de goberno; un traballo coa lembranza da Galicia de onte, que traballa arreo hoxe co obxectivo único de facer mellor a Galicia de mañá. *(Aplausos.)*

Este primeiro ano de traballo quixemos tamén celebrar con orgullo as nosas profundas raíces galeguistas. Por iso decidimos aproveitar o 75 cabodano de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao para conmemorar a figura dun dos máis ilustres persoeiros do galeguismo de todos os tempos, declarando este ano 2025 como Ano Castelao.

Está claro que hoxe Galicia é unha terra orgullosa das súas orixes, Galicia hoxe é unha terra que ergue orgullosa a súa cabeza, para que o mundo vexa todo o noso potencial. Hoxe Galicia



é unha terra que exporta talento, que exporta cultura a todos e cada un dos recunchos do noso planeta.

Por iso, pola inmensidade da nosa tradición, pola afouteza das nosas xentes, pola transcendencia da nosa cultura, hoxe máis que nunca temos que seguir traballando para reivindicar con orgullo o que somos. (*Aplausos.*) E somos, é que somos, sen ningún tipo de dúbida, un referente, unha referencia a nivel nacional, como así veñen demostrando os informes máis recentes publicados tanto pola Fundación Contemporánea como polo Consello da Cultura Galega.

O prestixioso informe da Fundación Contemporánea volve situar Galicia por riba da media española en calidade e en innovación da oferta cultural; unha oferta entre a que destaca a Cidade da Cultura de Galicia, que un ano máis acada a primeira posición e se consolida como a insignia da cultura galega.

Ademais, destacan outras propostas relevantes, como o Festival Sinsal, da illa de San Simón, o Centro Galego de Arte Contemporánea, en Compostela, ou o Centro Dramático Galego, así como a novidade do HematoFesti, festival de humor e literatura infantil, que se celebra en Vigo.

Pola súa banda, o Consello da Cultura situou entre o máis destacado da cultura galega no ano 2024, unha vez máis, a Cidade da Cultura e os eventos culturais do Camiño de Santiago, situando en primeira posición o Festival O son do Camiño.

Nos últimos anos, este sector cultural consolidouse, de forma definitiva, como un pilar fundamental da economía do noso país, supoñendo un 3 por cento do produto interior bruto da nosa economía e chegando a ser motor de creación do 3,3 por cento do emprego na nosa Comunidade.

Todos estes datos que hoxe celebramos son posibles, sen ningún tipo de dúbida, grazas á dedicación absoluta de todas as persoas que traballan día a día pola cultura, dende unha pequena oficina, un estudo ou un pequeno taller ata os que o fan nos maiores espectáculos de proxección internacional.

Esta cultura que agroma cada día no noso país tamén ten os seus recoñecementos. Só no último ano podemos celebrar tres premios nacionais, tres galegos e galegas no eido das letras; tres galegos e galegas que co seu traballo foron quen de situar unha vez máis Galicia no máis alto das súas posicións. Unha vez máis, parabéns a Chus Pato, a Manolo Rivas e a Bea Lema, por ser Premio Nacional de Poesía, Premio Nacional das Letras Españolas e Premio Nacional do Cómic. En hora boa, en hora boa polo recoñecemento e en hora boa polo bo traballo feito. (*Aplausos.*)

Non cabe ningunha dúbida de que o acceso á cultura, por suposto, é un dereito que todos temos e debemos recoñecer e polo que, ademais, as administracións temos e debemos de velar. Aínda así, en moitas ocasións existen barreiras que impiden o acceso ou o gozo ás actividades culturais en igualdade de condicións para todas as persoas. Neste senso, fomos quen de traer ao Parlamento o proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que finalmente foi aprobado no pasado mes de novembro, sen ningún voto en contra desta Cámara.



Tan só tres meses despois da entrada en vigor deste texto, decidimos comezar xa cos traballos de creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible, que nos comprometemos —e facémolo nesta Cámara— a ter en funcionamento, sen ningún tipo de dúbidas, neste mesmo ano.

No eido do acceso á cultura, tamén, por suposto, as infraestruturas xogan un papel fundamental dentro do sistema, dende as máis grandes —como pode ser o Teatro Cine Fraga, de Vigo, polo que fixemos unha aposta decidida e que hoxe xa conta cun plan de usos elaborado e consensuado con todo o sector cultural, non só vigués, senón tamén galego— ata aquelas máis pequenas.

E neste senso podemos coñecer que cada euro investido, cada euro público investido, por exemplo, na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia xera un retorno de 3,85 euros que devolvemos á sociedade; o que demostra que tamén esas infraestruturas, como poden ser a Rede de Bibliotecas ou a Rede de Museos de Galicia, non teñen ningún custo para o usuario e xeran un valor engadido social moi elevado para a nosa sociedade, ademais, cunha elevada satisfacción, porque este servizo da Rede de Bibliotecas conta cunha satisfacción media da cidadanía de 8,7 puntos sobre 10 posibles.

No relativo a un dos sectores estratéxicos como é o sector do libro, cómpre salientar o bo momento que estamos a atravesar. Os números e as cifras así o amosan, xa que o 67,4 por cento de galegos comprou algún libro no ano 2024, o que significa un 3,8 por cento máis con respecto ao ano anterior. E, do mesmo xeito, o índice de lectura foi en 2024, por vez primeira na historia, superior á media da lectura do conxunto de España, polo que podemos afirmar que Galicia está hoxe en día ante o mellor dato lector de toda a serie histórica coñecida. (*Aplausos.*)

Boa mostra ou como exemplo deste apoio ao sector estratéxico por parte do Goberno pode ser a presenza nesta pasada semana nunha das feiras do libro máis importante do mundo. Unha delegación importante, relevante, entre a que se atopaba o director xeral de Cultura, estivo en Bos Aires apoiando o sector do libro galego. E alí mesmo o propio presidente da Real Academia Galega fixo unha afirmación relevante, unha afirmación con certa transcendencia, na que dixo, sen ningún tipo de dúbida, que o galego é hoxe a lingua minoritaria máis falada non só en España, senón en toda Europa, por diante de linguas, por suposto, como o catalán e o euskera. O galego hoxe é a lingua cooficial máis falada no ámbito da Unión Europea. (*Aplausos.*) Creo que é un aspecto que non o di este goberno, tampouco o di ninguén sospeitoso de estar influenciado pola dinámica ou pola política do Goberno, dío nada máis e nada menos que o novo presidente da Real Academia Galega.

De cara ao futuro inmediato, gustárame informar que poñeremos en marcha nas próximas semanas o Plan de dinamización da lectura de Galicia, unha estratexia para un período dos próximos cinco anos, ata o ano 2029, que vai ter 5 eixos estratéxicos, 23 liñas de desenvolvemento e 106 accións, que suporá un investimento para estes cinco anos de máis de 32 millóns de euros, que garanten os orzamentos da Xunta de Galicia.

Trátase, por suposto, da continuación dunha acción de impulso decidida da lectura en Galicia, que consolide e amplíe os bos índices de lectura que acabamos de detallar e que temos actualmente.



Ademais, por suposto, continuaremos co apoio aos sectores desa cadea de valor do libro galego: escritores, ilustradores, tradutores, libreiros e libeiras e editores e editoras, para valorar novas accións de impulso que beneficien a cada un dos sectores e que redunden, por suposto, nunha maior presenza e vitalidade no comercio do libro galego e do libro en galego.

Falando doutras infraestruturas, museos e arquivos, tamén promovemos unha rica e diversa actividade. Os 11 museos xestionados pola Xunta contarán neste 2025 con 60 exposicións e 160 actividades, accións que presentamos hai unhas semanas. Entre elas podemos destacar, por exemplo, Orixes, que é unha viaxe virtual a través da evolución da vida e que se pode gozar na Cidade da Cultura. Aproveito a visita dos alumnos do IES Antón Losada para que poidan tamén desfrutar desta marabillosa exposición que achega os máis cativos ao ámbito e ao mundo da cultura.

Pola súa banda, a Rede de Arquivos da Xunta promoverá unha decena de exposicións e actividades complementarias ao longo de todo o ano, permitindo a toda a cidadanía o acceso ao coñecemento da nosa identidade a través dos tesouros que agroman e se agochan neses grandes espazos.

Neste senso, e tendo en conta a realidade e as necesidades do noso territorio, anúnciollles que a Xunta de Galicia poñerá en marcha o Plan de modernización das infraestruturas culturais públicas de Galicia, un plan que impulsaremos, por suposto, a través do diálogo e a colaboración cos seus responsables, coñecendo o estado actual das mesmas. Polo tanto, faremos e plantexaremos unha auditoría das infraestruturas culturais galegas, co obxectivo de iniciar un proceso de modernización que sitúe Galicia na vangarda das infraestruturas culturais.

Neste camiño que inicia a Xunta de Galicia e que queremos percorrer cara á modernización das nosas infraestruturas tamén necesitamos a colaboración indispensable da Administración central. En numerosas ocasións témoslle solicitado ao Goberno a execución dos compromisos coas infraestruturas que son da súa titularidade pero cuxa xestión é autonómica.

En particular, solicitamos, unha vez máis, a construción da Biblioteca do Estado en Vigo, para que a cidade con maior poboación de Galicia poida gozar dunha infraestrutura cultural como merece e á altura das súas necesidades. (*Aplausos.*) Tamén reclamamos, tamén pedimos o compromiso do Goberno para que se axilice o remate definitivo das obras do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, porque leva nada máis e nada menos que vinte e tres anos pechado. E tamén solicitamos a axilización das obras do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Con estas peticións —para o que evidentemente solicito o apoio de todos os grupos parlamentarios desta Cámara e no que creo que son reclamacións lexítimas nas que todos estaremos de acordo— reclamamos o que é xusto para Galicia e para ter unhas infraestruturas como os galegos e as galegas merecen.

Todo o traballo no eido da cultura —como xa lles dixen— englobase, ademais, nun marco realmente especial, nun marco diferente. Ese marco é a celebración neste ano 2025 do Ano Castelao, conmemorando os setenta e cinco anos do aniversario do seu pasamento. Aproveitando esta data tan especial, esta efeméride, quixemos estender a programación de acti-



vidades cara ao exterior, a proxección da figura de Castelao, a proxección de Galicia cara ao exterior a través da rede de centros galegos, poñendo de relevo que a nosa cultura foi e segue sendo quen de traspasar fronteiras.

Dende Estados Unidos á Arxentina, Brasil, Alemaña ou Hungría realízanse e realizaranse numerosas actividades, dende conferencias e rutas ata proxeccións audiovisuais. En Nova York, a Casa de Galicia rende homenaxe a Castelao lembrando a súa estadía nesa cidade durante dous anos.

E todo isto ademais do importante papel que tivo a figura de Castelao —como dixen antes— na Feira do Libro de Bos Aires, cunha vintena de actividades programadas pola Xunta de Galicia.

Aquí, en Galicia, as actividades irán dende as homenaxes ata as mostras e as exposicións, pasando por suposto polo eido audiovisual, as artes escénicas ou a programación nos centros educativos.

Entre todas estas diversas e múltiples actividades destacarán a presentación da película *Antes de Nós*, a creación da Cátedra Castelao na Universidade de Santiago de Compostela ou o musical de *Os dous de sempre*; ou tamén, por suposto, unha das propostas claves neste Ano Castelao, que será a instalación inmersiva ao redor da figura de Castelao da que se poderá gozar no Museo Centro Gaiás, a cal a través da intelixencia artificial permitirá que cada visitante teña unha experiencia de interactuar con el.

Aproveitando a ocasión, cómpre afondar tamén na programación e actividade da Cidade da Cultura, un centro que se ten consolidado como insignia da cultura galega, un referente que logrou pechar o ano 2024 cun récord de 1,4 millóns de visitantes e preto de 250.000 participantes nas súas actividades culturais, acadando o seu récord absoluto dende a súa apertura; unha actividade que xera un beneficio anual de 23,6 millóns de euros á sociedade, xerando 2,4 euros por cada euro de investimento público. Datos que efectivamente avalan a xestión dun espazo que foi foco dalgunhas críticas por parte dalgunha formación política, pero que inevitablemente, inexorablemente, cada ano está a demostrar o seu impacto positivo na cultura e na sociedade galega. (*Aplausos.*)

Neste 2025 poderase gozar na Cidade da Cultura dunha trintena de mostras, instalacións inmersivas e intervencións artísticas, que non só se poderán visitar no Gaiás, senón que tamén chegarán a vilas e cidades de toda Galicia, así como a outros lugares fóra da nosa Comunidade, a través de programas de itinerancias que permiten que a programación da Cidade da Cultura chegue moito máis alá do monte Gaiás.

Neste senso, o papel desta infraestrutura, o papel da Cidade da Cultura no panorama internacional, está a gañar relevancia coa acollida de mostras como foron Tesouros reais, Unha vida viquinga ou Tattoo-Arte baixo a pel. Estas exposicións conseguiron atraer visitantes chegados dende todos os recunchos do mundo, convertendo a Cidade da Cultura nun dos grandes atractivos non só no eido cultural senón tamén no eido turístico.

No que atinxe á creación cultural galega, a Cidade da Cultura xoga un papel fundamental a través do Programa de residencias artísticas e o seu claro compromiso e apoio á creación e



ao talento en Galicia. O programa prevé este ano colaborar cun total de 157 creadores e 39 técnicos de todas as disciplinas artísticas, dende a danza, as artes escénicas, música, literatura, artes plásticas, deseño, artes dixitais e patrimonio cultural. Asemade, o encontro de artistas novos seleccionará un total de 40 creadores emerxentes de toda España para unha estadía no Gaiás. Dende 2010, máis de 800 artistas pasaron xa por este programa posto en marcha pola Xunta de Galicia.

E, como aposta de futuro, queremos seguir afondando no eido dixital, polo que lles anuncio que este ano remataremos as obras do primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, cun investimento de 4,45 millóns de euros. Pretendemos crear un centro de referencia en España na produción e na exhibición de proxectos culturais dixitais de máximo nivel, (*Aplausos.*) para o que se dedicarán 4.400 metros cadrados nesa Cidade da Cultura.

Con esta iniciativa pretendemos continuar coa liña iniciada con proxectos de moito éxito, como foron Hábitats —que tivo máis de 12.000 visitantes— e que continúa con Orixes, cunha programación destinada a todos os públicos, ademais con especial éxito entre os máis pequenos. É unha forma tamén de achegar a cultura aos máis cativos de Galicia, para fomentar os hábitos de acceder a espazos tan emblemáticos, tan importantes, como poden ser os museos.

No eido das industrias culturais —outro ámbito fundamental na estratexia da Xunta de Galicia—, cómpre salientar o bo momento que atravesamos o sector, o noso sector audiovisual, que semella aínda non ter teito. Así o recoñecemos o ano pasado a través do recoñecemento a este sector nas Medallas de Galicia e tamén así se está a recoñecer nos distintos certames internacionais.

Un ano máis, volvemos ter unha presenza destacada nos Goya, da man de *Cafuné*, producida polos galegos Lorena Ares e Carlos Fernández. E agardamos con ansia tamén polo Festival de Cans, no que estarán por primeira vez dúas películas con selo galego: *Sirat*, de Óliver Laxe, e *Romería*, de Carla Simón, un fito sen precedentes, para o que levamos dende aquí o noso apoio. Agardamos, por suposto, o maior dos éxitos para ambos os proxectos neste prestixioso festival, no que ambos contarán, por suposto, co apoio da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Dende a Axencia das Industrias Culturais traballamos tamén pola consolidación do sistema a través do diálogo constante e a atención ás necesidades deste importante sector. Por unha banda, promovemos o afianzamento de Galicia como un gran plató de rodaxes, co obxectivo de levar o noso territorio á gran pantalla. Fixémolo en 2024 financiando rodaxes a través dese fondo de atracción de rodaxes en Galicia, cun importe total adxudicado de 1,8 millóns de euros, destinados a catro longametraxes e dúas series de ficción. Continuaremos tamén co apoio a ese fondo de atracción de rodaxes neste ano 2025.

Ademais, o importe convocado en axudas ao sector audiovisual este ano chegará a unha cifra próxima aos 7 millóns de euros, contando para eles con fondos, tanto fondos propios da Xunta de Galicia como fondos europeos e fondos estatais, para garantir que o futuro do noso sector sexa tan brillante cando menos como o seu presente.

No eido dos fondos estatais, outro aspecto importante no que reclamamos e chamamos a atención, debemos de reclamar ao Goberno central o xusto e necesario para Galicia. Creo



que é xusto e necesario unha repartición acorde co peso específico de cada unha das comunidades autónomas e, polo tanto, unha repartición xusta para o fomento da produción e difusión en linguas cooficiais, o cal está a ser distribuído, como ben saben vostedes, con criterios que nada teñen que ver con criterios obxectivos supostamente buscados.

Neste senso tamén nos dirixiremos e lle solicitaremos ao ministerio que a nova Lei do cine garanta que ningunha comunidade autónoma poida recibir máis do 40 por cento deste fondo, co obxectivo de evitar as discriminacións que se están a producir neste caso co galego por parte do Goberno central. (*Aplausos.*)

Tamén puxemos en marcha novas medidas, ampliando o rango de acción da consellería a expresións artísticas que se abren paso cada vez con máis forza. Este ano resolvemos a primeira convocatoria para o desenvolvemento do videoxogo galego, dotada con fondos propios, por un importe de 150.000 euros. Así, anúnciolles que imos continuar con este proceso, con este exitoso proceso de diálogo cun sector de inmenso potencial de crecemento, para poñer en valor todo o talento e a formación que emerxe dos centros formativos galegos, escolas e universidades galegas. Faremos ese labor, ese traballo transversal, co resto das consellerías, coa intención de que poida quedar e desenvolverse aquí, na nosa terra, e na nosa lingua todo o talento producido e xerado en Galicia.

Impulsaremos o seu uso entre o público maioritariamente xuvenil. Permitiranos chegar con esta ferramenta tamén e coa nosa lingua a ese público maioritariamente xuvenil. É un dos nosos obxectivos clave dende o inicio deste período do Pacto pola lingua.

Tamén realizaremos unha aposta decidida por outros sectores dentro do que son as industrias culturais. Vimos de adxudicar a pasada semana 25 proxectos para a creación de novos espectáculos de artes escénicas que enchan os nosos escenarios durante os próximos meses, e sempre con esa ollada específica a todas e cada unha das disciplinas, como poden ser o circo, beneficiado dunha axuda plurianual para a creación protagonista do segundo grande espectáculo deste ano no Centro Dramático Galego; e, por suposto, a danza, na que seguimos a desenvolver as 35 medidas que inclúe o Plan de danza aprobado polo sector no ano 2023 e do que xa temos cumprido máis do 90 por cento das súas propostas.

Grazas ao cumprimento destas medidas incluídas e establecidas neste Plan galego de danza, hoxe ten unha participación máis activa na vida cultural de Galicia, conta con moita máis visibilidade fóra do noso territorio e está moito máis presente no debate dos propios xestores culturais.

Falando do Centro Dramático Galego, hoxe, agora mesmo, actualmente o Centro Dramático Galego ten, sen ningún tipo de dúbida, o nivel de actividade máis elevado da súa historia. Está no momento de proxección internacional máis importante tamén a través da súa presenza nos festivais do noso país e na participación de diversos proxectos europeos. Ademais, este ano convocarase a licitación do proxecto para a anunciada reforma da súa sede, o Salón Teatro.

E no ámbito da música este ano tamén resolvemos as primeiras axudas ao desenvolvemento do talento musical, convocadas con fondos propios, elaboradas en colaboración co sector e



das que se beneficiaron xa 12 propostas artísticas; como antesala, a finalización neste mesmo ano do I Plan estratéxico da industria musical de Galicia, consensuado integramente co sector.

No relativo tamén ao patrimonio cultural, continuamos traballando pola preservación dos bens materiais e inmateriais que posúe a nosa terra. Con especial ímpeto traballamos, por suposto, nun dos grandes proxectos que temos en marcha para este ano e o ano que vén, que é a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade, coa que buscamos, coa que pretendemos ese recoñecido, ese merecido recoñecemento para ese enclave natural e paisaxístico que cada ano atrae milleiros de turistas chegados dende todos os recunchos do mundo. (*Aplausos.*)

En relación con ela, en relación coa candidatura Ribeira Sacra, gustaríame informar a esta Cámara que acabamos de dar un paso fundamental. A Unesco aceptou a da Ribeira Sacra como candidatura en firme e agora xa estamos na recta final deste proceso. Nos vindeiros meses os consultores visitarán Galicia para avaliar *in situ* a candidatura e xa estamos traballando para preparar a gran cita do ano 2026 no Comité da Unesco.

Pero o traballo do Goberno galego non se cingue só a estes grandes proxectos. Tamén traballamos na salvagarda dos nosos monumentos históricos, que abrangue dende os grandes templos, ao abeiro do Plan catedrais, cun investimento para os próximos anos de 38 millóns de euros, ata os bens de diferente categoría espallados por toda Galicia, para os que mantemos permanente contacto cos concellos e entidades locais para coñecer as súas necesidades neste eido, ademais de traballar a carón das dioceses e as asociacións implicadas no mantemento deste patrimonio. Só no 2024 realizáronse 130 intervencións arquitectónicas sobre 81 bens, cunha contía de investimento preto dos 13 millóns de euros.

No relativo tamén ás intervencións arqueolóxicas, un ano máis volveremos realizar un investimento que permita levar a cabo novas intervencións. Neste 2025 investiremos preto de 1,5 millóns de euros para afondar no coñecemento e posta en valor do noso pasado máis so-
branceiro. Con esta contía pretendemos levar a cabo preto de 70 novas intervencións en xacementos arqueolóxicos.

Entramos no ámbito da lingua.

Gustaríame dar e aproveitar esta comparecencia para dar conta do traballo feito dende hai exactamente un ano. O Goberno galego daquela puxo enriba da mesa a intención de acadar un gran pacto pola lingua, que nacesse aquí, que nacesse no Parlamento galego, a través do diálogo dos grupos parlamentarios, e despois fose quen de traspasar estes muros do Parlamento de Galicia para sumar a ese acordo as grandes entidades implicadas no estudo e na promoción do uso da nosa lingua e tamén comprometer toda a sociedade galega.

Un ano despois podemos facer unha avaliación do traballo feito. Mantívose un diálogo con todos os grupos parlamentarios; realizáronse diversas xuntanzas de traballo coas principais entidades do país; convocáronse as 11 comisións de traballo mais a comisión central técnica para a renovación do Plan xeral da normalización da lingua galega; fóronse cumprindo es-
tritamente e escrupulosamente todos os pasos acordados no marco dese proceso do Pacto pola lingua.



Nestas comisións de traballo, como ben saben, participan todos os grupos con representación na Cámara, todos, excepto un, que declinou o convite de participar no diálogo de elaboración deste importante documento.

Realizáronse xuntanzas de traballo con todos os grupos, consultas coas principais entidades do país, como dixeron, e foron convocados máis de cen profesionais, cen prestixiosos profesionais, de todos os sectores sociais.

Aínda así, é certo que durante todo este proceso atopamos algunha cambadela. Dalgunha incluso foi testemuña este Parlamento e por algunha delas aínda está pagando as súas consecuencias algún grupo parlamentario.

Pero, cando hai verdadeira vontade de pacto, teño claro que é moito máis todo aquilo que nos une que aquelas poucas cousas que nos poden separar. E no obxectivo final de alcanzar novamente un grande acordo de país creo que non pode haber desculpas.

A man do Goberno —unha vez máis dígo e afirmoo nesta Cámara, e practícoo— segue tendida en busca dese pacto, en busca dese necesario acordo, que ten un único obxectivo: un futuro prometedor, un futuro máis prometedor para a nosa lingua. *(Aplausos.)*

Ademais, para contestar e anticipar a contestación dalgunha formación política, non é esta a única estratexia que puxo en marcha o Goberno galego. Hai un ano dixemos que queríamos poñer en marcha ese gran Pacto pola lingua, pero que non queríamos pararnos ou que non queríamos estar parados mentres se producía ese grande acordo. Queríamos traballar de forma directa, de forma intensa, dende o primeiro minuto. E para iso impulsamos unha serie de medidas para fomentar o uso da lingua, traballos que podían comezar xa antes da aprobación dese novo plan xeral.

Con estes traballos o que pretendemos é dar un impulso de xeito inmediato ao uso da nosa lingua con medidas que estean na rúa, pero ao día seguinte que sexan de rápida aplicación e que nos permitan tamén poder ir avaliando os seus resultados nun curto período de tempo.

Neste senso centrámonos na nova realidade social galega, tratando de mellorar o uso en todos os sectores e impulsando fundamentalmente o neofalantismo.

Adoptamos medidas concretas. Vou nomear unhas poucas, pero podía nomear ata medio cento delas.

Entre elas destacamos o aumento de máis de 1 millón de euros no orzamento da Secretaría Xeral da Lingua ou os cursos para profesionais de sanidade, cun recoñecemento de medio punto máis na carreira profesional, por primeira vez na historia; buscamos esa forma de motivar o profesional sanitario para que se achegue ao uso habitual da lingua galega no seu ámbito profesional. Ou os cursos, por exemplo, que nos permiten mellorar o uso do galego no ámbito da Xustiza, como os cursos para a Fiscalía.

Ou impulsamos, coa CRTVG, a iniciativa Xabarín, para promocionar os contidos audiovisuais na plataforma Agalega, para os máis pequenos.



Puxemos en marcha tamén, como exige a Lei Paz Andrade, o Observatorio da Lusofonía, para seguir aproveitando os nosos vínculos con Portugal e cos países lusófonos.

Ou puxemos en marcha as novas probas Celga en liña, convocadas por primeira vez este ano, para poder achegar a acreditación das competencias de forma máis directa aos galegos e ás galegas.

Entre outras moitas, como dicía antes, das que se podía falar, ata máis de medio cento de iniciativas que se puxeron en marcha nestes meses.

Unha das medidas que me gustaría anunciar e que materializaremos nos vindeiros meses, nas vindeiras semanas, será a renovación do Nomenclátor galego; unha actualización da ferramenta que recolle os nomes dos lugares do noso país e que cómpre actualizar despois dunha última revisión realizada hai máis de vinte anos.

O novo Nomenclátor galego incluírá máis de 5.000 novos topónimos e profundará na microtoponimia, na que é especialmente rico o noso territorio. Ademais, incluírá unha novidade, que será a inclusión de ferramentas participativas para que calquera persoa dende calquera punto do país poida facer as súas achegas nesa plataforma.

Con isto pretendemos manter o que é o Nomenclátor máis amplo de España, nunha mostra máis da nosa riqueza cultural.

No eido dos símbolos galegos tamén creo que é importante e é de xustiza recoñecer e resaltar o grande acordo acadado entre as forzas políticas con representación neste Parlamento para a constitución da Fundación do Panteón de Galegas e Galegos ilustres, unha fundación que xa é unha realidade e que permitirá xestionar mellor o Panteón, no que descansan as figuras máis importantes da nosa historia, galegos e galegas que coa súa acción marcaron o camiño que nos permite ser o que hoxe somos. *(Aplausos.)*

E dentro duns días, pouco máis dunha semana, volveremos celebrar con orgullo o Día das nosas Letras; nesta ocasión, día adicado ás cantareiras e á nosa riquísima tradición oral. Na súa honra gustárame anunciarlles, gustárame dicirlles que este vindeiro 17 de maio celebraremos ese gran Día das Letras Galegas no corazón da Costa da Morte, nun lugar senlleiro do noso patrimonio. Faremos ese acto, esa celebración, nas famosas torres de Mens, un monumento do século XV, declarado ben de interese cultural en 1994. *(Aplausos.)*

En relación co debate que antecedeu a esta comparecencia, no que se falaba das cláusulas sociais e na antesala tamén do día grande da nosa lingua, tamén en resposta a unha reclamación e unha demanda tamén da sociedade galega, quero anunciarlles que o Goberno, no marco dese Pacto pola lingua, impulsará a creación dun selo de recoñecemento ás empresas comprometidas co uso da lingua no ámbito da responsabilidade social, así como que manteñan un uso e boas prácticas da lingua galega, o que valerá para que sirvan como referencia clientes, usuarios e provedores e que poderá outorgar unha maior puntuación para a concesión de axudas públicas e servirá como criterio de desempate, como establece a lei, nos procedementos de licitación da Administración autonómica.



Con esta iniciativa o Goberno galego pretende acadar unha mellora progresiva do uso da nosa lingua dentro do ámbito socioeconómico, en todos os sectores do país, outorgándolle unha maior visibilidade e un maior prestixio, que promova tamén o maior uso da nosa lingua. Deste xeito, continuamos con esa liña de acción deste goberno e do deseño das políticas no eido da lingua que sexan capilares e transversais a todo o traballo da Administración.

Neste senso cómpre salientar que o galego non só debe ser concibido como un elemento cultural, senón como unha ferramenta que nos permite mellorar e progresar nun piar fundamental do noso pobo. Dicíao ao principio da miña intervención, nesa famosa e fermosa frase de Castelao, da lingua como matriz inesgotable de obras de arte. E nós debemos de defender, temos a obriga de defender a súa aplicación e o seu uso de maneira transversal en todos os sectores do país.

Neste eido, no eido da lingua, o posicionamento do Goberno galego é claro e contundente. Os galegos faláron, faláron nas urnas e escolleron un modelo, un modelo de respecto lingüístico, un modelo de convivencia entre as dúas linguas oficiais de Galicia. Creo que a mensaxe foi clara e que nos trasladaba que fuxiramos de forma clara das confrontacións no ámbito lingüístico. Agora este goberno debe, ten a obriga, ten a obriga de respectar ese mandato das urnas e non deixarse levar por postulados que non tiveron en ningún caso o respaldo maioritario da cidadanía.

En Galicia a lingua necesita un impulso, evidentemente, non hai ningún tipo de discusión, igual que calquera das outras linguas cooficiais do noso Estado, sobre todo entre a xente máis nova, sobre todo entre a xente tamén que chega do estranxeiro, pero a lingua non é un problema, é a chave que nos abre a porta cara a unha Galicia mellor, culturalmente máis rica e máis próspera. (*Aplausos.*) Non é parte do problema, a lingua é parte da solución do futuro de Galicia.

Outra das áreas que adquiriu certa relevancia hai un ano, coa nova distribución de competencias no Goberno galego, tamén foi a área de xuventude. Dende entón buscamos realizar un traballo, igual que no ámbito lingüístico, de xeito transversal, con incidencia en distintas áreas do Goberno, entre elas, fundamentalmente, dando resposta á maior preocupación non só da xuventude senón de toda a sociedade galega, que suscita o problema da vivenda e que hoxe ten especial preocupación entre a mocidade no relativo a ese paso á vida adulta.

A través de foros, diversos foros, distintas reunións con entidades e participación en debates, impulsamos novas medidas consensuadas coa mocidade, sen imposicións, sen falar por eles, senón falando con eles, para atendelos e darlles a voz para que nos transmitan cales son as súas preocupacións reais.

Así, puxemos en marcha, derivado destas conversas e reunións coa mocidade galega, por primeira vez, o Bono Emancípate, unha medida pioneira a nivel nacional, destinada exclusivamente aos mozos que queiran dar ese paso á vida adulta mercando ou alugando a súa propia vivenda. Os beneficiarios, como ben saben, poden recibir unha axuda entre 1.500 e 3.000 euros, a través dunha tarxeta moedeiro virtual, que poderá empregarse en establecementos de venda de mobiliario, electrodomésticos ou tendas de decoración, entre outros. Os



datos falan por si mesmos. Recibimos máis de 3.700 solicitudes, 2.300 para destinar ao Bono Alugueiro e 1.400 para destinar ao Bono para a Compra de Vivenda.

No eido da emancipación, ademais, tamén adoptamos medidas impulsadas para crear 500 prazas novas de residencias xuvenís nas cidades que non teñen no día de hoxe residencias e traballamos na construción de novos espazos de vivendas colaborativas, como unha solución complementaria habitacional temporal para os mozos e as mozas galegas.

Do mesmo xeito, tamén acompañamos os mozos e as mozas para que busquen a súa primeira oportunidade laboral. Proxectos de enorme éxito, como poden ser o programa Xuventude Mentoring, que hoxe conta cunha porcentaxe de inserción laboral superior ao 60 por cento, ou as axudas que serven de impulso, como poden ser as destinadas ao carné de conducir, que este ano terá, por suposto, unha nova convocatoria. *(Aplausos.)*

No eido da formación e do lecer tamén traballamos activamente, e agora, xa ás portas deste incipiente verán, anunciamos a maior oferta de prazas da historia nos campamentos da Xunta, ascendendo ata as 11.630, sumando seis novas e novidosas experiencias ou programas como o Parlamento Xove, que un ano máis traerá a estes escanos do Parlamento de Galicia os mozos e mozas con mellor oratoria de Galicia, da man dos seus colexios, institutos, centros de formación profesional ou universidades.

Ademais, tamén seguimos reforzando estas medidas e puxemos en marcha, por primeira vez, o Plan estratéxico de xuventude 2025-2027, un compromiso que a Xunta de Galicia ten coa mocidade galega e que permitirá mobilizar máis de 700 millóns de euros en políticas de apoio á nosa xuventude. *(Aplausos.)*

E, así mesmo, seguindo coa resolución ademais tamén aprobada nesta Cámara no debate do estado da Autonomía, instaremos o Goberno de España a crear un pacto de Estado polo futuro da mocidade que articule un plan de acción conxunto coas comunidades autónomas, centrado en tres eixos fundamentais: o emprego xuvenil, a vivenda e a formación. Estas son as garantías que lles debemos brindar aos galegos e ás galegas de mañá, e nós temos a obriga de traballar pensando neles.

Señorías, estas son as liñas de actuación da consellería, o traballo feito ao longo deste primeiro ano e algunha das medidas que impulsaremos nos vindeiros meses. Repito, e insisto: retorno ao noso querido Castelao, cando fala de que o verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos. Coido que todos os grupos desta Cámara teñen o desexo de que o noso idioma, que é o galego, sexa unha lingua próspera e a idea de que Galicia sexa un país mellor. Agora, o noso deber como galegos é o de transformar eses desexos en realidades e esas ideas en feitos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.



Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Escoitei con atención a intervención do señor conselleiro. Vou soamente falar dun tema moi concreto que me resultou moi interesante, que é o impulso que polo visto pretenden darlle á recuperación da toponimia e en particular da microtoponimia. É un tema que me resulta particularmente interesante. Pódese abordar desde varias perspectivas. Unha delas é a perspectiva científica e investigadora. Vostede sabe que os topónimos, e particularmente os microtopónimos, se non se perden e se coñecen, aportan moitísima información, en mans dos expertos convenientes, acerca de multitude de cuestións, cuestións relacionadas coa historia, coa orografía, coa fitoloxía do lugar —presente ou pasada—, coa fauna —do pasado, do presente—, etc., etc. Aporta moitísima información, porque os topónimos son o que chaman os expertos fósiles lingüísticos, son palabras que quedaron fosilizadas, —digamos— que perderon o seu significado inicial e se transmiten pois por mera repetición de xeración en xeración, moitas veces evolucionando lingüisticamente segundo as súas propias normas, pero nas mans axeitadas aportan moitísima información acerca do pasado, da historia, dos costumes dos nosos ancestros, etc.

E nese sentido o outro día trouxemos aquí, aprobouse unha iniciativa para valorar o traballo do señor Estraviz, e a min cónstame que o dicionario, concretamente o traballo dese señor e todos os que traballen na recuperación das palabras galegas, sobre todo das palabras pois máis anergas ou máis descoñecidas, en combinación cos topónimos, adoitan ser palabras moi antigas, fosilizadas ou lixeiramente evoluídas, aportan moitísima información. É de valorar ese traballo do lexicógrafo Estraviz e doutros, non perder esas palabras, moitas veces antigas, que xa non se usan ao mellor desde hai moito tempo, que foron recuperadas de avós ou de bisavós. E eu teño comprobado, por experiencia particular, que sobre moitos topónimos que non teñen unha significación clara, buscando nese tipo de dicionarios antigos e de documentación antiga, aflora moitísima información que pode ser moi interesante para moitos investigadores.

Hoxe en día, pois por exemplo, unha iniciativa parecida levámola o meu grupo, hai algún tempo, á Deputación de Ourense, aplicándoa concretamente para a provincia de Ourense, na que xurdiron iniciativas moi interesantes que lles apunto que poderían facerse en colaboración coa Consellería de Educación, en que alumnos de colexios e institutos falaran cos avós, cos pais, cos bisavós, se os tiñan, e que lles axudaran a lembrar nomes dos lugares, das fincas, dos montes e daqueles que os seus avós ou os seus pais lembrarán os nomes, e os rapaces, que hoxe en día manexan con facilidade as novas tecnoloxías, pois en combinación con Google Maps ou co programa ou coa aplicación que poida poñer á disposición a Xunta de Galicia, localizan o lugar no mapa dixital e din: «pois o meu avó aquí chámalle así ou así». E iso pode —digamos—, expandido a toda Galicia, en colaboración —como digo— posible cos colexios e institutos, ser unha actividade didáctica moi interesante, que ademais fomenta a comunicación interxeracional, porque, se o fan en combinación cos avós, van á aldea dos avós e visitan as fincas e os montes e os avós lles din como se chamaban eses lugares, os rapaces poden anotalos e mesmo poñelo nos mapas dixitais, en Google Maps ou nas aplicacións, e iso pode ser un traballo moi interesante.



E xa lles digo: podería poñer infinidade de exemplos concretos da recuperación dun micro-topónimo, porque os topónimos —digamos— dos lugares poboados, moitos tamén xa perdidos, soen estar moito máis estudados.

De toda a súa intervención foi o que me resultou particularmente interesante e animaríaos a que seguisen nesa liña.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día.

Grazas, señor conselleiro, señor López Campos, grazas pola dedicatoria; grazas tamén aos compañeiros que estaban aquí, o portavoz deste tempo; pero, fundamentalmente, grazas ao CHUAC, da Coruña, e grazas a esa Unidade de Hematoloxía, que funciona como un reloxo, e sempre sanidade pública; así que moitísimas grazas. (*Aplausos.*) Tamén grazas a un MIR que estaba por alí e estivo atento; se non, igual hoxe non estaba aquí.

Pero, dito isto, despois das bondades e das excelencias, eu agradézolle moitísimo o que vén facer aquí, pero, realmente, veunos contar o que xa sabemos por algunhas notas de prensa e por algúns informes que pedimos, e veunos contar tamén unha programación que ano tras ano está feita na consellería e que se vén facendo dende hai moito tempo.

Pero realmente é verdade que non teríamos por que coñecer o seu discurso previamente, pero eu pensei que —ou pensabamos desde o Partido Socialista— aquí teríamos ao mellor unha nova cuestión sobre a que abordar os temas de cultura. Foi moi extensa a súa participación. É verdade que nós imos contar con apenas dez minutos, pero gran parte desa intervención foi un relato de datos, e eu non sei se isto vostedes estiman que é dar conta do traballo. Porque dar conta dun traballo é facer unha análise obxectiva, dentro da, evidentemente, ideoloxía do seu partido, facer unha análise obxectiva dos datos, ver se se están cumprindo eses obxectivos, pois nun plan, se se ten ou non se ten o plan, e ver cales son os resultados.

Entón, o que temos é que vimos denunciar cuestións. Algunhas delas están remexidas. É dicir, ¿cal é a importancia que ten a cultura ou que ten o termo «cultura» para o Partido Popular, para o partido que está no Goberno? ¿Afrontan vostedes a cultura como un ítem de compartimentos estancos ou afrontan a cultura como un sistema complexo e dinámico que dá ferramentas e nos fai a todos pois máis levadeira a vida, ou mellor persoas ou con máis coñecemento?

Entón, isto non nos queda claro, porque, optando por un modelo, nós non estamos de acordo co modelo de compartimentos estancos. Ben optando por un modelo ou por outro, podería-



mos falar, pero é que eu non vexo que haxa nin un modelo nin o outro modelo; hai un modelo de accións, algunhas están máis ou menos coordinadas, outras repítense ano tras ano.

Falaba vostede aquí do Plan de fomento da cultura; ese plan leva repetíndose anos; incluso iniciativas que non funcionaron nalgúñas edicións voltáronas sacar hoxe outra vez. Ben, non hai unha avaliación firme e segura dese plan, plan fundamental, evidentemente, porque non é soamente cultura, tamén educación.

Entón, hai outra cousa. A cultura non é tampouco unha cuestión de *blockbusters*, non vivimos nunha festividade permanente, non se trata diso. Vou falar aquí para que sexa unha cousa máis entendible de dous exemplos, de dúas frases que seguro seguro que todos escoitamos na nosa vida, que foron: «*Ponte el cinturón*» e «*Deporte para todos*». Pois «*Ponte el cinturón*» forma parte dunha campaña de educación viaria desde que eramos pequenos ata que tivemos o carné de conducir e onde hoxe ninguén vai no coche sen poñer o cinto. E o «*Deporte para todos*» era aquela cuestión que se puxo en marcha nos concellos e fomentada polo Goberno de España, polo Partido Socialista precisamente, porque o deporte é un ben común, satisfactorio para a saúde e do que temos que desfrutar; outra cousa é que de vez en cando gañemos a medalla de baloncesto nas Olimpíadas. Iso é efeméride, pero o día a día é que temos que facer todos deporte. Ben, pois na cultura isto é algo así.

Entón, escoitamos aquí en todo o que se dixo unha palabra que vostedes adoitan dicir moi-tísimo, e eu cada vez téñoille máis medo, que é: «somos referente». E eu xa dixen nunha comisión que non queremos ser referente de nada; eu quero ter unha vida normalizada onde poidamos desfrutar das cousas ben feitas e, partindo da base, chegaremos á cúspide, pero non podemos ir desde a cúspide á base, entre outras cousas porque non é democrático, e porque a cultura non se constrúe así; e podemos estar na cúspide e facer unha capilaridade cara a baixo. Pero non sucede isto en Galicia, non sucede isto en Galicia, non somos un *blockbuster*, non queremos cultura da efeméride, queremos a cultura diaria.

Eu falaba tamén nunha comisión sobre as axudas, por exemplo, que se dan a pequenas fundacións que están facendo cultura no territorio —moitas son municipais, outras están participadas, outras son semiprivadas—, que atenden ao territorio e que non teñen o apoio da Xunta de Galicia, e se teñen que ter ese apoio da Xunta de Galicia é petando na porta do conselleiro de turno, vendendo non sei que a través de non sei canto, a ver se nos poden facer caso. Pero non hai unha liña de axudas onde, como na Deputación da Coruña ou como na Deputación de Lugo, por concorrencia competitiva ti presentas un proxecto todos os anos e sabes que hai un máximo ou un mínimo que che pode chegar.

Iso non o é, e iso é unha eiva enorme, sobre todo nas pequenas institucións que están dando no territorio un servizo. Non é o Gaiás, ese mal menor que temos en Galicia, non é o Gaiás, é todo o territorio de Galicia, que está desolado, que está non sabendo moi ben onde acudir para xerar produtos culturais de proximidade, igual que a comida, pero en cultura, e que fan que os veciños das localidades poidan desfrutar de cousas marabillosas.

Falaba vostede do Sinsal. O Sinsal, que agora temos aquí de referente, naceu hai moitos anos na illa de San Simón, hai moitísimos anos, e hoxe, evidentemente, é un evento consolidado de música electrónica marabilloso e por suposto que ten unha repercusión internacional.



Voulle falar tamén de Resis, que naceu na Fundación Seoane, con apoio do Concello da Coruña, e hoxe é un festival que ten resonancia internacional. Pero tivémolo que sacar desde abaixo, claro; agora témolo na Cidade da Cultura, pero ¿de onde saíu? Saíu de abaixo, como teñen que saír as cousas, dunha cidade que ten unha orquestra sinfónica e esa orquestra sinfónica fixo a capilaridade en toda a cidade con escolas de música, Escola de Música Municipal, escolas de música privada. Que tamén se pode facer negocio con axudas, e non hai ningún problema, pero iso chámase facer cultura desde abaixo. Como as máis de nove bibliotecas municipais que hai na Coruña, que teñen máis socios que o Deportivo, que é unha cousa da que dicimos sempre que estamos orgullosísimos e que, por suposto, cando algunha vez, unha vez, gobernou o PP, non se lle ocorreu totalas, senón todo o contrario, dálle para arriba, porque foron formando o tecido da cidade.

Pois a iso refírome, non estamos na efeméride, que me parece marabilloso celebrar o Ano Castelao, pero morreu o ano, morreu Castelao outra vez.

Entón, non ten maior sentido que esteamos sempre nesa cuestión de ser referentes. ¿Ser referentes de que? ¿Ser referentes de que temos unha poboación xuvenil que coñece a xeración mellor formada que tivo Galicia e que tivo que fuxir da Guerra Civil e facer a cultura da que hoxe nos alimentamos no estranxeiro, en Bos Aires, en México? Non, non o coñece. Ninguén sabe quen é Luís Seoane, ninguén sabe quen é Castelao, máis que por unha mínima referencia, por unha efeméride, pero non está no seu discurso como país e no seu discurso como sociedade avanzada e culta. E iso é unha eiva que temos mentres sigamos instalados na efeméride e no *blockbuster*.

Vostede mencionou aquí en moitas ocasións —váiseme acabando o tempo, non me deu tempo a nada— a palabra Castelao. Eu voulle mencionar a Seoane, porque veño de alí: «Queremos encher o mundo coa nosa diferenza». Esa frase é marabillosa. Ben, pois esa frase é nin máis nin menos que a lingua galega.

Vexo que vén aquí vostede co discurso da lingua galega. Nós fomos con vostedes alí nas comisións, estamos alí, estamos a escoitar, estamos ao que nos digan, porque son os que gobernan, sempre nolo van dicir aquí, e eu digo: pero son os que gobernan e hai que ver que é o que van gobernar; e nós estamos alí.

Mire, traia aquí, traian vostedes aquí, fale co seu xefe, vostede non, porque vostede estaba nun concello tratando de facer mellor o seu concello, pero o seu xefe, que se senta aquí, púxose detrás dunha pancarta no ano 2009, porque o outro que mandaron para Madrid mandoulle. Entón, a partir de aí empezou todo. Miren, nós o que queiran, o que queiran. Fagamos unha cuestión entre todos. Se non quere dicir derrogar o decreto, pois non o diga, dáme igual, pero fagamos que isto sexa inamovible, e que a próxima vez que veñamos aquí falar da lingua sexa para facela mellor, para facela máis grande; non podemos perder máis tempo.

Dicían do outro: «Yo te lo pongo, tú me lo das». Non, non pode ser iso, ten que ser unha cuestión ao unísono. E seguro que, se vostede fala co Consello da Cultura, se vostede fala coa Real Academia Galega, co Instituto Padre Sarmiento, con quen sexa, todos van estar de acordo. Nós imos estar de acordo, o Partido Socialista vai estar de acordo, porque non podemos seguir tirando disto. Isto non pode ser máis unha ferramenta política.



Imos todos os días ao colexio, a ninguén se lle ocorre dicir que imos deixar de ir. Pois coa lingua o mesmo. Ou San Martiño Pinario, o patrimonio que está aí, a ninguén se lle ocorre tiralo abaixo. Pois coa lingua o mesmo.

Entón, sería marabilloso que, en vez de ser referentes, fósemos sensatos, e colleramos a cuestión por onde ten que collela e acabáramos xa con este discurso e nos sentáramos. Ten vostede aquí un xefe que ten na súa man facelo. E vostede, con toda a boa intención, todas estas comisións que están creadas na Cidade da Cultura —ben, alí reunímonos—, pero volto dicirlle: ten vostede o apoio do Partido Socialista para facer disto unha cuestión de Estado sería, sería.

Eu non podo crer que en Cataluña, a onde miro moito, porque creo que hai que mirar moito polo que fan, e fano ben, volten ter ningún problema coa súa lingua no resto da súa vida; pelexarán por poñela en máis sitios ou por facer maiores premios ou para acadar maior orzamento, pero non van voltar xogar con ela.

E non me vai dar moito tempo, pero falaba vostede do sector do libro. Enténdanse co editores, non se pode ir ás feiras internacionais do libro pelexados cos editores, a Xunta competindo co seu *stand* co *stand* dos editores.

Falaba vostede do audiovisual. Escoiten os da Mesa do Audiovisual, que lle petaron na porta, non sei se a vostede ou ao señor Diego Calvo, porque eu non sei quen mandaba aquí neste momento coa Lei da CRTVG; petaron na porta pedindo ser escoitados; nunca foron escoitados. Traballan fóra de Galicia, porque a CRTVG non é quen de facelos traballar dentro. Fixeron carreiras marabillosas formados en Galicia, pero fan carreira profesional fóra de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Remato agora.

Logo, claro, temos excepcións, evidentemente, e van como un tiro moitísimas produtoras, pero teñen vostedes unha asociación de produtoras independentes que son os que fan o tecido cultural do audiovisual que son marabillosos e teñen que buscar a vida fóra.

Por non dicir de festivais, tamén nados ao abeiro do Concello da Coruña, como o S8, que ese si que é unha referencia fóra das nosas fronteiras, está internacionalizado, pero ben, podía non selo, pero é marabilloso, de calquera forma.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Si, remate.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Volto repetilo: de todo o que dixo, que é moito, á parte de que hai orzamentos que están inconclusos, hai menores orzamentos xa en moitas partidas,



como en patrimonio, como en arquivos, por exemplo; hai menos orzamento este ano que nos anos anteriores.

Veño simplemente dicir que voltemos falar da lingua, pero en serio. Leve o noso mandato de dicirle: estamos en disposición, entre todas as forzas políticas deste Parlamento, de facer unha declaración e tirar para adiante co que vostedes propoñan.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Visitan hoxe o Parlamento, e saudámolas, un grupo da Cruz Vermella, o proxecto rede social para persoas maiores Enrédete. Benvidos, benvidas ao Parlamento.

E agora continuamos co debate. Neste caso, correspóndelle o turno ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Moi bo día, señorías, e moi bo día, señor conselleiro.

Eu estes días pasados recoñézolle que me preguntaba que boas novas nos traería vostede hoxe neste maio de flores cuberto, liberador de inxustizas e desigualdades, que cantou o noso poeta Curros Enríquez, e o meu pensamento como docente botoume unha man e díxome: seguro que o conselleiro quere ir ao pleno a dar conta e a facer avaliación deste seu primeiro ano de lexislatura.

Así que o que fixen foi recuperar do *Diario de Sesións* a súa comparecencia de hai agora case un ano, concretamente o 14 de maio, e recordar que nela vostede dicía que voltaba a esta Cámara, despois de trece anos, cunha renovada motivación política e con enormes doses de ilusión, compromiso e responsabilidade. Polo tanto, ao noso ver, o que cómpre agora é avaliar o resultado desas doses de compromiso e responsabilidade súas.

Por iso lle pregunto: ¿que foi do novo Plan estratéxico da cultura galega que anunciou vostede aquí hai un ano? ¿Que foi do Plan de dinamización cultural xove? ¿Que foi da Lei de cultura dixital? ¿Que foi da Galiza Film Commission? ¿Que foi do impulso ao Proxecto Nós? ¿Que foi do Plan de dixitalización do patrimonio cultural galego? ¿Que foi da nova folla de ruta na internacionalización da cultura? ¿Que foi da arquianunciada Rede Adival, da dinamización da cultura no rural? ¿E que foi do Pacto pola lingua?

Vostede hoxe insistiu aquí tamén no Ano Castelao, e preguntolle: ¿que foi do plan de coordinación da programación do Ano Castelao? ¿Ou é que o van sacrificar, como intentaron censurar o logotipo da programación das actividades do Ano Castelao do Consello da Cultura Galega? (*Aplausos.*)

O que foi este primeiro ano foi un ano de apagamento dos seus propios anuncios aquí en sede parlamentaria, e agora tamén escoitamos que de apropiarse do traballo doutros colec-



tivos, institucións e organizacións, desde a Real Academia Galega á Mesa pola Normalización Lingüística.

É certo que algo se cumpriu: aprobar a Lei de cultura inclusiva e accesíbel, resesa, da lexislatura anterior, e sen ningún tipo de diálogo co terceiro sector, e seguir avanzando na candidatura da Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade, sen participación outra vez, como na proposta anterior, da comunidade, e non sei se nesa visita aos técnicos que vostede anuncia lles vai ensinar todo ese patrimonio cultural galego que está absolutamente abandonado e desleixado.

Iso si, o que si vimos foi o seu total servilismo ás ordes do Partido Popular madrileño, como recoñeceu publicamente nun acto o alcalde de Madrid agradecéndolle a Rueda a súa submisión para retirar a candidatura galega e deixarlle o seu sitio á de Madrid. Son un goberno desleal e antigalego. (*Aplausos.*)

Un ano despois, señor conselleiro, a pregunta que cómpre hoxe é: ¿en que mudou a lingua, a cultura e a xuventude galega agora que temos unha nova consellería centrada nestas áreas e cun novo conselleiro?

Preguntámosllo porque o sector das artes do movemento pregúntase onde está o desenvolvemento do Plan integral da danza. Están hoxe bastante sorprendidos coa súa intervención.

Pregúntanse as artes escénicas: ¿que foi da actualización anunciada da Rede Galega de Teatros e Auditorios? ¿Como é posible que moitos dos espazos que fan parte desta rede —espazos públicos— non sexan inclusivos, non sexan accesíbeis nin para o público nin para as traballadoras da cultura e mesmo vulneren os seus dereitos laborais?

A Rede do Libro Galego segue sen entender como vostede pode seguir gobernando, como facía o conselleiro precedente, o señor Román Rodríguez, facéndolle oposición ao libro galego. ¿Vaino seguir aínda excluindo como sector estratéxico das industrias culturais?

¿Como pode ter o pouco decoro de vir a esta Cámara o seu director xeral de Cultura, e hoxe vostede reiteralo, a presentar un Plan de dinamización da lectura que nos debían desde o ano 2009, sen ter consultado nada, (*Aplausos.*) nin con escritores, nin con editoras, nin con libeiros, nin con bibliotecarios, nin con tradutores, nin con ilustradores, ¡con ninguén!? ¿Como poden ter tan pouco respecto?

Por certo, preguntaron por vostede hai uns días na entrega dos Premios Follas Novas, a gran gala de celebración do libro galego. Tampouco tivo tempo vostede nin sequera para poñer un chío de felicitación ás gañadoras. Non sei se acaso vostede ao non ir temeu que lle preguntasen se lle gustaban máis ou era do club dos poemas gallegos rosalianos preferidos por Feijóo ou se era máis da prosa do libro *O que estou a dicir cando digo «Altri non»*, que recomendou a señora Prado no pleno anterior nesta Cámara. Se cadra é que vostede é máis do club de lectura do señor Tellado, que, como ben sabe, colapsou nunha entrevista cando lle preguntaron polo título dun libro e acabou recoñecendo a súa renuncia absoluta a ler. Esta é a relación do Partido Popular co sector profesional do libro galego. (*Aplausos.*)



Tamén preguntou, por certo, o sector das artes escénicas por vostede na entrega dos Premios María Casares.

Parece vostede, un ano despois, un conselleiro ausente, que goberna a cultura a golpe de mando a distancia.

E a sociedade tamén se fai moitas preguntas. Pregúntase como pode vostede aceptar liderar un goberno que desprotexe o patrimonio cultural, material e inmaterial; un goberno submisivo á familia Franco, que decide, porque si, porque lle peta e lle dá a gana, manter pechada a casa Cornide, despois de dous anos de declárala vostede —o Partido Popular— ben de interese cultural; un goberno indiferente ao sacrificio persistente do patrimonio cultural, sometido ao espolio do novo franquismo industrial; e un goberno cómplice das súas empresas amigas, por exemplo Altri-Greenalia, até o punto de que a súa directora xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente a macrocelulosa, propoñendo disimular o grave impacto visual dunha cheminea de 75 metros sobre o Camiño de Santiago dándolle unha man de pintura verde de camuflaxe e converténdoa na nova icona cultural do país, con novos usos para a comunidade; ¡a saber nos usos que están pensando! (*Aplausos.*) Igual é que, como son máis papistas que o Papa, van propoñer ofertar esta cheminea para as próximas fumatas brancas dos seguintes conclave papais. Vertixinosa política de altura a súa, señor conselleiro.

Patrimonio cultural inmaterial. ¿Que foi da súa oferta de traballar por un Pacto pola lingua? Vostede ilustrouno hai un ano cun verso, marabilloso, de Luísa Villalta, do poemario *Papagaio*: «para todas as portas valía unha única chave». ¡Que atrevemento citar palabras da gran defensora da lingua Luísa Villalta para facer todo o contrario do que ela defendeu!, (*Aplausos.*) ¡que atrevemento!

No BNG acreditamos en que a lingua é a chave que abre o mundo, efectivamente, o verso de Manuel María, mais vostede impuxo a única chave que saben usar, a chave do Partido Popular, a chave que pecha calquera posibilidade de diálogo e de consenso, e —o que é peor— a chave que pecha calquera posibilidade de avance para a lingua galega nun momento dramático de emerxencia lingüística.

Porque, mentres vostede falaba, e falou dun pacto pola lingua, o presidente Rueda mandou pisar o acelerador do seu particular pacto contra o galego, lexislando en contra do galego nesta Cámara. Aí está a Lei de acompañamento dos orzamentos, aí está a nova Lei da CRTVG, votando nesta Cámara en contra de todas as propostas a favor do galego que fixemos desde o BNG, encargándose de demostrar un día e outro que o Partido Popular é o partido do «non» ao galego, (*Aplausos.*) ignorando todos os chamados de todas as institucións, organizacións, asociacións que traballan a favor do galego, que lle exixen un cambio de rumbo na súa política lingüística, acusando os inmigrantes de seren os causantes da baixada da porcentaxe nos niveis de uso e coñecemento do galego.

Vostede mesmo, e non só, descualificando mesmo aquí nesta Cámara esa sociedade cada vez maior que se mobilizou a favor do galego o pasado 23 de febreiro, o Día de Rosalía de Castro, e que sabemos que se vai mobilizar outra vez nun novo encontro histórico o próximo 17 de maio, convocada por Queremos Galego!



Porque si, a sociedade galega quere galego, independentemente da lingua que fale e na que se comunique no seu día a día, quere poder aprendelo, quere poder usalo, quere que se garantan os seus dereitos lingüísticos, que vostede debe saber que son parte dos dereitos humanos. Iso é o que quere a inmensa maioría da sociedade galega, e nós tamén no BNG.

O que non quere a sociedade galega é un goberno que fabrique bulos en contra da lingua. Vostedes fixérono coa enquisa de percepción do galego que lle encargaron a unha empresa privada, para simplemente manipular a sociedade e anular os datos científicos dun organismo oficial da Xunta de Galiza como é o Instituto Galego de Estatística.

Isto xa é gravísimo de seu, pero é que aínda hai máis, o que acabamos de saber aínda é máis grave. Por fin nos responderon ás preguntas escritas —ao segundo intento do BNG—; acababan de respondernos que a consellería non dispón dos datos desta enquisa. Construíron unha falacia sen coñecer os datos para negar a emerxencia lingüística, (*Aplausos.*) para dicirlle un novo «non» ao futuro do galego. Pero non conseguen vostedes esconder que son o Partido Popular do «non» ao galego e os únicos que están arrinconados nesa posición. Por iso dicimos desde o BNG que son un goberno desleal e antigalego.

¿Que problema teñen vostede e o señor Rueda contra o galego, señor conselleiro? Sete meses despois dos datos do IGE, vostede escolle poñerse do lado de Rueda, do lado do presidente que se posicionou en contra do galego diante, dando a cara nunha manifestación en contra do galego.

Vostede escolleu negarse a aplicar o grande acordo de país, o grande pacto pola lingua, que foi o Plan xeral de normalización da lingua galega. Leva vostede sete meses renunciando a darlle unha oportunidade ao galego, e iso que, volvendo á súa primeira comparecencia de hai un ano, vostede dixo aquí que viña para escoitar, dialogar e facer política desde a lealdade, o respecto e a sensatez. ¡Que pouco lle duraron!

Neste ano —remato— vostede perdeu credibilidade, incumpriu a súa palabra, como minimamente neste escaso tempo do que desfrutamos puidemos demostrar. Ficou arrombado na última consellería deste goberno, a última en orzamento. Presentou unha acción rutineira e continuísta no DOG, unha acción e unha posición irrelevante no Consello da Xunta, e atado —que é o peor— a unha ideoloxía política do Partido Popular practicada nestes dezaseis anos, que conseguiu os datos que procuraban: o avance da substitución do galego e a imposición do monolingüismo en castelán.

Mais non só se desacreditou vostede; o propio presidente Rueda tamén o desautorizou a vostede no pasado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...debate do estado da nación.

Cero propostas en cultura en todas as súas intervencións, cero propostas en lingua, cero referencias a ese suposto Pacto pola lingua. E o Grupo Parlamentario do Partido Popular tamén o volveu desautorizar neste mesmo debate, na presentación das súas propostas de resolución...:



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...cero propostas en cultura, cero propostas en lingua, porque poñer facer a mesma política letal para o galego é inaceptábel e inasumíbel.

Remato, presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Esta é a demostración de que non basta con mudar o nome dunha consellería nin o nome dun conselleiro. O que hai que mudar son as políticas, o que hai que mudar é o Goberno, e esa é a tarefa prioritaria do Goberno alternativo do BNG, que cada vez apoian máis galegos.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día tamén ao grupo da Cruz Vermella que hoxe nos acompaña.

Bo día, señor conselleiro.

Como dicía vostede na súa intervención hai xa case un ano, pouco tempo despois da súa toma de posesión, vostede comparecía nesta Cámara para presentar as liñas programáticas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, cuxa creación —como sinalabamos naquela comparecencia—, máis alá dunha declaración de intencións por parte do presidente Rueda, reflectía unha clara folla de ruta identitaria e de futuro.

Pois ben, un ano despois, de novo en véspera do día da celebración das nosas letras, xornada parte festiva e reivindicativa, agradecemos que estea vostede de novo aquí, na casa da palabra, para dar conta do feito, do acadado e do deseñado e proxectado a curto e medio prazo.

Faise preciso e de xustiza parabenizalo a vostede e a todo o equipo da consellería polo traballo feito durante estes meses, traballo que vén de obxectivizarse en accións concretas, tanto no eido da cultura, en todos os ámbitos, como no da lingua, e por suposto con respecto ás accións que veñen destinadas á mocidade.

Diciámolo entón e seguímolo facendo: congratulámonos da boa saúde que segue a ter a cultura galega. Daquela aceptabamos, e hoxe estamos moi agradecidos e orgullosos, ser partícipes do pacto que vostede ofreceu a todos os grupos políticos representados nesta Cámara. E seguí-



monos comprometendo a pór todo o noso empeño para que a mocidade galega siga tendo as maiores e mellores oportunidades para vivir, traballar e desfrutar en Galicia. (*Aplausos.*)

Durante este ano, na Comisión de Educación e Cultura, non só fomos testemuñas de acordos importantes relacionados co noso patrimonio cultural, tamén tivemos a oportunidade de coñecer, de primeira man, a posta en marcha de accións que, hai un ano, eran propostas e que foron orzadas en tempo e forma para seren oportunamente desenvolvidas. Iso é algo que dende a oposición nin valoran, nin teñen en conta, nin parabenizan. Vostede tendía as mans dende o minuto cero para traballar a prol da nosa cultura e da nosa lingua, pero, xa ve, dende o independentismo soberanista, e na súa pose de soberbia escéptica, queren estar por riba de todo, cando a realidade é que quedan por baixo.

Pois ben, dende o Grupo Parlamentario Popular, queremos pór en valor todos os esforzos relacionados coa recuperación e co coidado do noso patrimonio cultural e os que se refiren ao mantemento das nosas infraestruturas culturais, cunha mención especial ao teatro Fraga de Vigo e ao proxecto de renovación do Salón Teatro de Compostela.

Parabéns por ese éxito da Cidade da Cultura, un referente xa internacional, con case millón e medio de visitas no pasado ano e un referente, xa non só na súa misión de oferta e participación cultural, mais tamén como motor económico, con esa xeración de máis de dous euros por cada euro de investimento público. É unha mágoa que un ano máis, no debate dos orzamentos, a oposición pretendese reducir ao mínimo a partida destinada á súa programación e ao seu funcionamento. Acabamos, de novo, de escoitar tanto ao PSdeG como ao BNG subestimando o impacto das instalacións culturais do Gaiás. Parabéns por contribuír a unha cultura por e para todos e todas, con accesibilidade e sen barreiras e, tamén, pola rede de bibliotecas, por achegar os libros ao rural, polas residencias artísticas e as literarias, polos imparables resultados da industria audiovisual e por tan boas novas referidas á candidatura da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. Parabéns, así mesmo, por ese Plan estratéxico de xuventude, que reforza o que xa se está a facer en materia de vivenda, emprendemento, formación, ocio e tempo libre.

Conselleiro, xa lle damos nós todos os parabéns porque non os esperabamos por parte dos outros grupos, especialmente dun Grupo Socialista que segue ao pé da letra as consignas sanchistas e adopta, cada vez máis, unha actitude seguidista do Grupo Nacionalista —do que o esperabamos aínda menos, especialmente tras o golpe de temón que deron dende a UPG—. Non é que o navío fose en boa dirección, mais ía disimulando e finxindo calma chicha, ata que chegou ao trono e izou as velas —e as bandeiras—

A señora Longueira non está neste momento... En todo caso, eu non poño en dúbida a súa defensa con respecto á nosa lingua, á nosa cultura e á nosa mocidade, mais é difícil darlle autoridade cando representan —a señora Longueira e o seu grupo— o partido sanchista, que é un partido que sustenta un goberno que agravía o galego, que ignora o sector cultural e que engana a mocidade. ¡Iso si que é un relato! (*Aplausos.*)

¿Queren, señores e señoras das filas socialistas, que lles fale da comunidade que vostedes poñen como exemplo de todo, especialmente de todo o que ten que ver coa lingua e coa cul-



tura? Pois, adiante, falemos de Cataluña. Podemos falar do agravio que o Goberno de Sánchez leva facendo a Galicia durante tres anos coa desigual repartición do chamado «fondillo para o audiovisual» —do que xa falaba o conselleiro—, e que seguirá a ser desigual e agravante se, nesa Lei de cine estatal que leva anos parada —janos parada!—, se mantén a redacción do artigo 33, que, unha vez máis, trata de beneficiar a Cataluña fronte a comunidades como a nosa. Neste constante agravio comparativo do Goberno Sánchez con Galicia, tamén podemos falar de que a CRTVE sae ao rescate presentando unha nova canle do ente público que se vai emitir exclusivamente en catalán a partir do 11 de setembro. Segundo o presidente da CRTVE —unha das moitas institucións colonizadas polo sanchismo—, «este é un proxecto histórico e amosa o compromiso coa realidade plurilingüe de España». ¿Saben cal é o orzamento desta canle, cartos sacados dos petos de todos os españois e as españolas e, polo tanto, tamén dos galegos e das galegas? Nada máis e nada menos que oito millóns de euros anuais, cifra que pode ascender a once millóns no seu primeiro ano de emisións. Engado máis: ¿saben o que dixo o señor López, elixido baixo decretazo en situación de alerta pola DINA de Valencia? Que esta canle tratará de axudar a difundir o uso dun idioma —dun idioma...—. ¿Que idioma é? O catalán. ¿Por que? Porque está en total retroceso.

Señorías, estamos fartos da demagogia da esquerda coa realidade plurilingüe e estamos fartos das débedas que teñen con Galicia dende o Goberno do Estado, tamén no mundo cultural e no mundo da lingua.

Señora Queixas, na miña condición —semellante á súa— de docente, eu tamén botei man da hemeroteca. Para previsible, vostede. Foino no contido, pero sobre todo no continente soberbio, paternalista e altivo. Grazas ao novo Pacto pola lingua —do que acaba de dar boa conta o conselleiro—, presentado o pasado mes de outubro e que vai avanzando con paso firme e sólido, ábrese un novo horizonte para a nosa lingua. Son dous millóns de euros os orzados para impulsar o uso do galego nun pacto no que —como xa dixo o conselleiro— están a traballar once comisións de expertos de renome, coordinados polo catedrático Manuel González. Serán horas de traballo e de xuntanzas que darán como resultado un novo Plan de normalización lingüística, que actualizará o que está en vigor neste momento. É unha verdadeira mágoa que o Bloque Nacionalista Galego se manteña á marxe deste pacto e non estea a participar en ningunha das xuntanzas de expertos nin estea a facer achegas. Claro que, despois de escoitar onte o seu xefe na sombra dos leóns do Congreso —que xa non sabemos nin o que defende— falando do galego, preguntámonos que diría e que dirá a Real Academia Galega a respecto destas declaracións. (*Aplausos.*)

Señora Queixas, é moi cómodo criticar, deostar, rifar e censurar, pero semella que iso é o único que saben facer vostedes. Mentres permanecen inertes na súa zona de confort, sen participar en nada, outros e outras traballamos, participamos, aportamos e construímos, e sempre en positivo; por certo, señora Longueira, con voces moi heteroxéneas e aportacións moi diversas nesas xuntanzas do pacto. ¿Como poden facer xuízos de valor sobre un proceso que descoñecen? ¿Que autoridade lles queda? ¿Saben o que lles queda? Unha visión pobre, parcial, nesgada e sectaria; é dicir, a de sempre: «a do non». Non tenden ningunha man, non pretenden ningún acordo e non queren chegar a nada. Vostedes xiran, xiran e xiran sobre o seu propio eixo, en modo bucle, e non queren saír de aí. Non pode haber pacto social se non hai pacto político. A lingua sofre se non hai acordos e se só hai liortas. O BNG non



está a prol do galego, está, unha vez máis, en contra de todo o que propón o Partido Popular de Galicia. ¡Para desleais, vostedes, señorías! ¡Para desleais, vostedes! (*Aplausos.*)

Tamén quixeron apropiarse do Ano Castelao e desbotaron un acordo para facer unha declaración institucional conxunta. Vostedes non queren enxalzar a Castelao, queren politizalo contra o Partido Popular de Galicia. Nós queremos formar parte da homenaxe colectiva que lle debemos como pobo, pero vostedes poñen sempre por riba a confrontación. Vostedes sempre utilizan a simboloxía e o legado para o seu propio interese proselitista. Por iso, no debate do estado da Autonomía de hai dúas semanas presentaban unha proposta de resolución que buscaba, non realzar a figura de Castelao, señorías, mais si levar o sistema educativo «á loita polos dereitos nacionais da Galiza». ¡Iso é o que buscaban! (*Aplausos.*) Señorías, Castelao non pode ser só dos que pensan que Galicia é unha nación soberana e independente; Castelao non cabe nas estreiteces; Castelao merece amplitude de miras, respecto colectivo e consenso, fronte á liorta constante que pretenden vostedes; e Castelao —non o esquezan— acadou o máis difícil: a unión da diáspora. ¡Deixen de fragmentar Galicia!

Remato xa, presidente.

Señorías, dende o noso grupo parlamentario, estamos firmemente seguros de que as políticas culturais dun país son as que permiten, xunto coas accións das institucións e das organizacións, xerar oportunidades para provocar que o talento —moito e moi bo en Galicia— pase de ser potencial a ser unha realidade vertida nas obras literarias, plásticas, escénicas, arquitectónicas ou audiovisuais, entre outras. Tamén partimos do convencemento absoluto de que só dende o acordo e o debate construtivo, lonxe de disputas ideolóxicas e de utilitarismos políticos, a lingua —a nosa, a de todas e todos— pode ser querida, interiorizada e falada dende dentro cara a fóra e dende fóra cara a dentro.

Por último, somos conscientes de que a nosa mocidade é o eixo vertebrador do noso futuro e que o seu benestar e as súas oportunidades serán as nosas. A seguridade, o convencemento e a consciencia, señor conselleiro, están alimentados polas políticas da Xunta de Galicia e polas que vostede e o seu equipo proxectan e desenvolven, e acaba de explicalas nesta comparecencia.

Parabéns e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, o señor López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas de novo, señor presidente.

Señores deputados, voceiros dos grupos parlamentarios, moitas grazas polas súas aportacións e polas súas intervencións. Creo que é inevitable —e é evidente— que, dentro do debate político, os diferentes grupos parlamentarios teñan e compartan distintas propostas, incluso diferentes posicionamentos. Eu creo que é entendible —razoable, incluso— e democrática—



mente preciso e necesario. Pero creo tamén, sinceramente, que cando eses posicionamentos se basean nunha constante confrontación, cando non hai ningún punto de unión, cando non hai ningunha vontade de diálogo e cando todo se basea nunha linguaxe grandilocuente, non hai posibilidades de que exista un clima que sexa favorable ao acordo.

O voceiro de Democracia Ourensana, o señor Ojea, fixo unha breve intervención con aqueles aspectos que lle chamaron máis a atención. Eu agradézolle que lle resultase interesante a cuestión da toponimia. Levamos traballando moitos meses nesta cuestión —diría anos— ao abeiro, e co traballo técnico, da Real Academia Galega. Esperamos e desexamos que, nas próximas semanas, empece xa a florecer e a dar froitos ese gran traballo que hai detrás dese estudo e desa actualización da toponimia.

Como dixen na primeira intervención, o último informe, o último estudo, que se fixo hai vinte anos, require da súa actualización, ademais de —como ben apuntaba vostede— baixar o nivel á microtoponimia e recuperar eses vestixios históricos e etnográficos da nosa realidade galega. Creo que estamos nesa dirección. Ademais, falou vostede da posibilidade de permitir algún mecanismo que facilitase a participación social, tanto dos colexios como da propia sociedade galega. Eu aí, díxenlle —comenteino na miña intervención— que tiñamos en marcha tamén un proxecto paralelo, o proxecto da *Galicia nomeada*, no que imos permitir esa accesibilidade para que toda a sociedade poida aportar, sobre todo no ámbito da microtoponimia, a súa colaboración. Por iso, agradezo tamén a súa aportación e traballaremos de forma intensa nos próximos meses para lanzar eses máis de cinco mil topónimos e microtopónimos actualizados, que veñen renovar ese grande estudo de toponimia que se fixo hai vinte anos e que vén actualizarse de xeito constante con esta nova ferramenta.

Quero agradecerlle tamén á señora Longueira, como sempre, a súa actitude e as súas propostas. Teño que agradecerlle moito, desde logo, que pese a eses debates —ás veces un pouco acendidos— en relación coa sanidade pública galega, recoñeza nesta tribuna o gran labor polo que esta funciona como un reloxo. É un aspecto importante que, cando alguén está nunha situación e nunha posición difícil no ámbito da saúde, sempre atope unha sanidade que funciona dun xeito extraordinario. Agradézolle moito que o faga no seo deste Parlamento porque creo que iso dignifica, de forma clara, o traballo dos profesionais sanitarios na nosa comunidade autónoma.

Decía vostede que non se fixo unha análise obxectiva e que só se aportaron datos, pero que é importante poñer en contexto a realidade do sector cultural. É certo que tampouco podemos ser excesivos na aportación de datos —eu así o intentei facer—. Podíamos traer datos estatísticos de todos os estudos, xa que, como ben sabe vostede, hai múltiples observatorios. O propio Consello da Cultura fai unha análise en profundidade da situación da cultura en Galicia e, habitualmente, esa análise baséase inevitablemente en datos obxectivos. Polo tanto, poderíamos aportar unha serie de datos relevantes que nos axuden a ver que o sector cultural en Galicia está nun momento extraordinario, posiblemente no seu mellor momento da historia. Non é unha cuestión, evidentemente, que nos teña que servir para parar nas políticas de apoio ao sector cultural, pero tamén é certo que, cando algo vai ben, é bo sentirse orgulloso e creo, ademais, que así o sentimos todos. Vaia, todos... Non sei se ao BNG lle vai ben cando a Galicia lle vai ben ou cando ao sector cultural lle vai ben. Pode ser que sexan os



únicos que non se alegran de que hoxe Galicia estea atravesando o seu mellor momento no eido cultural da súa historia. (*Aplausos.*) Seguramente a eles non lles gusta, non lles interesa e incluso case, case me atrevería a dicir que os cabrea. Cabréaos e, realmente, cando se fala en positivo, cando se fala de construír unha Galicia mellor e cando se fala dun sector cultural robusto, ao BNG cabréao especialmente esta situación. Sei que ao resto de formacións políticas non e, polo tanto, é importante que construíamos ese relato, que construíamos esa análise e que profundemos nesa idea a través dos datos que acreditan que isto que acabamos de dicir é así.

Ademais, eu intentei facer unha mención a todos os acordos que estamos logrando nos distintos sectores culturais. A ninguén lle escapa que levamos moito avanzado —e creo que así é recoñecido, ademais— no ámbito da danza. Decía a señora Queixas que «que hai dese plan acordado co mundo da danza». Só teño que dicirlle que, no día de hoxe, cos indicadores que temos nese plan estratéxico, só acadamos o 93 por cento dos obxectivos que pactamos nese plan. (*Aplausos.*) Non sei se o sector da danza espera e desexa que fagamos unha actualización —xa que ás veces, como se di, o dato mata o relato—, pero os indicadores que ten establecidos acreditan que o 93 por cento das cuestións establecidas nese plan para a danza están cumpridas.

Non só na danza acadamos acordos e pactos estratéxicos cos sectores culturais. Témoslos moi avanzados xa no sector da música; nas artes escénicas, en elaboración e en coordinación con todo o sector; no mundo do libro e a lectura, en elaboración tamén; no ámbito do patrimonio cultural; e no ámbito da xuventude. Estamos traballando na elaboración deses acordos que permitan plantexar un escenario, a medio e a longo prazo, de estabilidade, aproveitando o impulso da extraordinaria situación actual do sector cultural.

Falou dunha especie de abandono da actividade cultural no rural e eu teño que discrepar. Ademais, sabe vostede que veño dun concello no que estiven durante moitos anos e creo, fundamentalmente, no gran traballo que se está facendo de forma coordinada. Estamos avanzando, tamén, no traballo que se está facendo coas distintas deputacións dende as entidades locais, os concellos e a propia Xunta de Galicia para traballar, de forma coordinada, na planificación de proxectos culturais no territorio. Creo que funciona dunha forma axeitada e, hoxe en día, a actividade cultural que existe no territorio e nos concellos, tanto nos urbanos como nos rurais, está sendo unha actividade cultural intensa.

Agradézolles moito que sigan participando e que o estean facendo de forma intensa nesas comisións do Pacto pola lingua. Creo que é importante que traslademos tamén o impulso das forzas políticas, aínda que sempre insistimos en que isto debe ser un pacto coa sociedade. Non vale de nada que cheguemos a un acordo neste Parlamento se despois a sociedade non nos acompaña nesa misión e nese camiño que temos para traballar en prol da lingua.

Tampouco nos autoflaxelexemos nin pensemos que a situación en Galicia é terrible ou extraordinariamente mala. Ás veces, cando un levanta a vista e ve os datos que están xurdindo noutros territorios, vemos os problemas. Non é cuestión de que o faga e o diga eu politicamente, senón que os propios medios de comunicación recollen que un dos graves problemas é o exemplo que poñía vostede: en Cataluña xa non existe o debate sobre se se apoia o catalán



ou non. En Cataluña o debate é como facer para que a xuventude, as novas xeracións, teñan contacto co catalán porque, practicamente, existe un abandono absoluto do seu uso por parte destas novas xeracións en Cataluña. É un problema grave, grave que teñen no día de hoxe. De feito, insisto unha vez máis, pero (*Murmurios.*) —xa sei que lles molesta moito— o galego é a lingua cooficial máis falada en todo o territorio nacional con diferenza. ¡Con moitísima diferenza! Ademais é, segundo as palabras do presidente da Real Academia Galega, a lingua cooficial máis falada en Europa. Esta é a realidade. (*Aplausos.*) Non o digo eu, non o di o malísimo e vilán Partido Popular, senón que o di, nada máis e nada menos, que o novo presidente da Real Academia Galega. Tampouco o di o Goberno galego, senón que o din todos os datos e todas as estatísticas que son publicadas e que foron publicadas nos últimos meses sobre o uso das linguas cooficiais.

Esta é a realidade. ¿Estamos satisfeitos? Non, evidentemente. ¿Estamos nun escenario no que temos que adoptar medidas claras e onde temos que transmitir unha mensaxe clara á cidadanía? Si. Por iso, este Goberno —creo que con certo sentido común— estableceu este novo escenario do Pacto pola lingua para intentar, tamén, sensibilizar toda a sociedade galega da importancia que ten chegar a acordos en relación coa lingua.

Falaba tamén, señora Longueira, do sector audiovisual. Decía que as pequenas produtoras estaban nunha situación de abandono. Recomendolle que teña a ben poder falar co sector, porque o que transmiten á Xunta de Galicia é que están no seu mellor momento. Pero non só as produtoras grandes e as produtoras pequenas, senón todo o ecosistema que hai en torno ao sector do audiovisual. Os actores, as actrices e os distintos operadores do sector audiovisual galego están atravesando un momento extraordinario. Non teñen que marchar fóra, como dicía vostede, para traballar, senón que as compañías e as empresas que veñen a través dese fondo de atracción de rodaxes, ou as propias empresas ou operadores que traballan en Galicia e en galego incluso, ás veces, teñen problemas para encontrar profesionais porque a demanda do sector está sendo especialmente elevada. Isto significa que, evidentemente, o sector ten músculo, ten moita forza e que se están facendo as cousas relativamente ben.

En relación co BNG, non me quero estender moito na miña intervención porque tampouco quero que os tempos se dilaten demasiado, pero é máis do mesmo. Eu quérolle recordar á señora Queixas que lle agradezo que valore moito a miña eficiencia e a miña capacidade de traballo, pero tiña que —digamos— ter máis capacidade de interpretación porque eu, na miña primeira comparecencia —xa que a leu vostede tan detidamente— o que dixen é que todo o relatorio de accións que eu propuxen era un compromiso de lexislatura: catro anos. Está ben que mo reclame vostede en doce meses. Sabemos que somos moi eficientes e que somos un Goberno que sabemos xestionar, pero non nos pida que fagamos en doce meses o que está previsto e o que está comprometido, non só na miña intervención no Parlamento, senón tamén no noso compromiso cos cidadáns, no noso programa electoral. (*Aplausos.*) Nós non imos facer nada máis e nada menos, como é obriga dun Goberno responsable, que aquilo ao que nos comprometemos coa sociedade galega. Polo tanto, non teña vostede ningunha dúbida —ningunha— de que, cando teñamos que facer o balance da xestión, dentro de catro anos, intentaremos chegar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —dentro de tres anos, efectivamente— cas mellores credenciais posibles para poder, outra vez, expoñer á sociedade galega que foi o que fixemos durante estes catro anos —ao final, xestionando os recursos



públicos de todos os galegos e as galegas— e como foi o resultado das nosas políticas. Non lle caiba ningunha dúbida. Así o levamos facendo quince anos e farémolo tamén dentro de tres anos.

O que si me sorprende é o seu nivel de delicadeza. Agora ata se ofenden porque un conselleiro compareza, por petición propia, para render contas ante a Cámara galega da xestión realizada nos últimos doce meses. Esta é unha cuestión insólita. Vostedes son capaces de sorber e soprar á vez. Son capaces de criticar alguén porque non veña á Cámara —ou ao mellor están acostumados ao que pasa noutras cámaras a nivel nacional— e cabréanse e moléstanse porque veña un conselleiro facer unha comparecencia, por petición propia, para explicar cales son as liñas de traballo destes últimos doce meses e que é o que pretende facer para os próximos doce meses. Son capaces ata de ofenderse por unha cuestión que nós... (*Aplausos.*) Nesa vontade e firme convicción democrática que ten o Goberno da Xunta de Galicia e o Partido Popular, entendemos que é razoable, lóxico e incluso democrático que veñamos a esta Cámara dar explicacións do traballo feito e da situación. Viñemos despois de que o presidente dera tamén outro enorme exemplo de calidade democrática cando veu aquí, xusto doce meses despois, a un debate do estado da autonomía. Parece que a vostedes tampouco lles gustou en exceso, pero veu aquí dar conta e render contas do traballo feito durante este último ano; pois o que temos que facer o resto dos conselleiros é vir dar conta a este Parlamento galego da xestión realizada.

Nesta intervención, ao final, como ten un tempo limitado, entendo que ten que repartir, e ten que repartir rápido. Ten que tocar todos os paus en pouco tempo e non profundar en ningún, pero causoume certa sorpresa escoitar algunhas declaracións. Entre outras, hai algunhas que eu non lle podo permitir que diga nesta Cámara nin llo vou consentir. Fala vostede en termos moi grosos —que eu creo que transcenden incluso o debate normal— e con ese argumentario que teñen perfectamente establecido: ese manual dos vinte termos que utilizan de xeito habitual para construír o discurso do BNG. Dá igual do que falen... Eu creo que a UPG lles mandou o relatorio dos vinte termos que teñen que introducir en todos os seus debates e dá igual que esteamos falando de lingua ou que esteamos falando de cultura. Vostedes van falar de «franquismo industrial», van falar de «bomba ambiental», van falar do «comercial de Altri», van falar da «macrocelulosa» e van falar de «megaminaría». Vostede veu falar dos seus termos. Veñen sempre aquí co seu manual perfectamente definido, co que poden construír un discurso de calquera tema con vinte palabras. (*Aplausos.*) Isto é unha cuestión que, a verdade, a min non me deixa de sorprender, porque é certo que lles vale absolutamente para todo. Creo que niso os compañeiros do Grupo Parlamentario Popular téñeno ben fácil, porque saben perfectamente cal é a folla de ruta, o argumentario principal e fundamental do Bloque Nacionalista Galego —é certo, non saen dese discurso, iso é verdade—.

O que si me parece xa que se excede un pouco dese discurso é, por exemplo, dicir que o Goberno, ou eu persoalmente, intentamos censurar o logotipo do Consello da Cultura. Paréceme un pouco excesivo. Podo entender que, ao mellor —dentro da súa concepción pouco democrática en determinados termos—, discrepar sobre unha opción abertamente nun foro onde houbo outro tipo de propostas e facer unha aportación, ou unha valoración, sobre a decisión que adoptou o Consello da Cultura no logotipo, poidan entender vostedes que é «censurar». Supoño que no seo do seu partido funcionan así; entón, entendo que ao mellor levan isto ao



resto da xestión pública. O Goberno do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia non o fan así. O Goberno entende que no foro no que se presenta unha proposta, que entendemos que pode ser mellorada, falámolo e dicímolo. Eu, persoalmente, fíxeno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Home, señor Bará, non sei se estaba vostede alí, (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) no Consello da Cultura, o día que se debateu esta cuestión. Eu creo que non o vin alí. Vostede non estaba nin é membro do Consello da Cultura; eu si. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Bará. Hai que saber aguantar, eh. (*Murmurios.*)

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Eu si estaba alí, señor Bará. Eu estaba alí.

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Si. ¡Hai que saber aguantar! Hai que saber aguantar. Vostede sabe diso, eh.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): O problema é que temos a pel moi fina e non queremos escoitar a realidade. Eu estaba alí, señor Bará. Vostede non. A vostede puidéronllo contar, a min non. (*Aplausos.*) Ao mellor ten o teléfono estropeado, señor Bará, porque eu estaba. Eu fixen esa intervención e aportei que me parecía que non era afortunada esa elección. Díxeno abertamente e entendo que o Consello da Cultura tomou esa decisión. Por suposto, nós respectámola profundamente, pero diso —de debater, de discutir ou de ter unha opinión distinta— a censurar, eu creo que hai unha diferenza moi grande. O que pasa é que coas palabras grosas que utilizan vostedes, ao final, intentan mesturar distintos termos porque parecen o mesmo e, realmente, o mesmo non son. Pasa igual co tema do servilismo a Madrid, como as declaracións do señor Almeida en Fitur, que lles dan a vostedes moitísimo xogo.

Ao final, como ben saben... Non sei se coñecen vostedes o sistema e o procedemento, pero eu recoméndolles que deberían analizar algunhas cuestións ou deberían consultalas previamente para poder dicilas, porque quedan realmente en evidencia. Se non, que llelo digan os seus compañeiros de bancada do Partido Socialista, porque quen renuncia a unha candidatura a Patrimonio Mundial nunca, en ningún caso, é o Goberno galego. Quen renuncia é o Goberno de España. Polo tanto, será o servilismo do Goberno de España ao señor Almeida, porque o Goberno galego en ningún caso nin en ningún procedemento pode renunciar á candidatura a patrimonio mundial. ¿Saben por que? Porque non é o Goberno galego quen a presenta, é o Goberno de España. (*Aplausos.*) Polo tanto, ao ser unha candidatura do Goberno do Reino de España, quen ten que renunciar a esa candidatura é o propio Goberno, que é quen a presenta. ¿Pero que pasa? Que a vostedes lles encanta este xogo e, como tiñan que introducir necesariamente «servilismo a Madrid» nese manual das 20 palabras, evidentemente, tiveron que buscar a forma de encaixalo, e foi a través da renuncia á candidatura. Non; que lles quede claro: non renunciou o Goberno da Xunta de Galicia, renuncia o Goberno central, que é quen presenta as candidaturas. Isto dígoos para a súa información e para que o incorporen tamén no seu manual.



Despois tamén hai outra máxima que eu intento aplicar na miña xestión. Díciame moitas veces miña abuela un refrán moi vello: «Non ofende quen quere, senón quen pode». Vostede pretende ofender falando sobre os meus hábitos de lectura e di se eu son máis de Miguel Tellado, que non le, ou do outro..., pero con esta superioridade moral que teñen vostedes, que pensan que son aquí os únicos que len neste país. Tamén lles digo que se os do BNG chegan ser os únicos que len neste país, ¡moi mal lle ía ir ao sector do libro! (*Aplausos.*) Mal lle ía ir ao sector do libro se son só vostedes os que len libro e os que len libro en galego. E igual que se ten que aplicar este conto no sector do libro, aplíqueo no uso da lingua galega. Se só falan galego ou só len en galego ou só len en Galicia os do Bloque Nacionalista Galego, entón, si que temos un problema na lingua e no sector cultural de Galicia; pódollo asegurar. Pero damos as grazas porque, evidentemente, os demais tamén temos inquedanzas, somos xente que nos preocupa e que nos interesa ler e nos interesa moito a cultura en Galicia.

Falaba tamén vostede desa —non sei se chegará a iso— pequena ofensa polo do «conselleiro ausente». Eu recoméndolle que vexa vostede a axenda das consellerías —á parte, son públicas; poden velas vostedes—. Creo que o Goberno galego, aínda que algunhas veces esteamos en actos que vostedes pensan que son espazos propios de determinadas ideoloxías políticas —xa sei que lles molesta que esteamos aí—, desde logo, ten que estar e ten que ter presenza en todos os actos que teñen certa relevancia; naqueles aos que, evidentemente, poidamos asistir, e, se non podo asistir eu, asiste outro representante do Goberno galego. Sabe vostede que nese acto do sector do libro —igual que no acto das artes escénicas, dos Premios María Casares— había representantes, por suposto, do Goberno galego, que ademais estamos sempre ao lado dese sector.

Falaba vostede tamén do meu atrevemento por nomear a Luísa Villalta. ¡Non sabía eu que Luísa Villalta, igual que Castelao, igual que outros moitos, eran patrimonio do BNG e que aquí ninguén máis pode nomear a ningún! Claro, isto é moi curioso. Esa sensación de patrimonialización da cultura que teñen vostedes lévaos a onde están. Evidentemente, teñen vostedes un percorrido moi curto porque non son capaces de ver a totalidade de Galicia, non son capaces de ver a grandeza que temos neste país; só son capaces de ver aquilo que vostedes sectarizan e que lles interesa poñer na súa órbita. Os demais non temos a capacidade, nin a posibilidade, nin nos debemos dignar sequera, a falar deles nesta Cámara. Eu síntome especialmente orgulloso —moi orgulloso me sinto— de que Luísa Villalta fose recoñecida polas Letras Galegas no ano 2024, igual que me sinto extremadamente satisfeito e contento de que as cantareiras e a música tradicional popular de Galicia sexan as declaradas no ano 2025. (*Aplausos.*) Síntome especialmente orgulloso de ser galego, síntome especialmente orgulloso de todos os galegos e de todas as galegas, independentemente da súa ideoloxía. Négame a non poder reivindicar nesta Cámara ou en calquera outro sitio a relevancia desas persoas —independentemente do que puidesen pensar nun momento determinado ou da ideoloxía política que teñan— e do que representan e representaron para Galicia.

Para ir rematando, quédame o tema da lingua. Unha vez máis volvemos a esa especie de mantra: o PP parece que non ten lexitimidade para poder falar do galego. Eu —xa o dixen na miña primeira intervención e dígoo de novo— son fillo dun galeguista, dun mestre de galego, eduqueime e crieime falando galego nun colexio rural e síntome perfectamente lexitimado para poder defender a dignidade dos galegos coa súa lingua, independentemente



da forma en que a queiran, independentemente incluso da forma en que a falen. Eu coñezo moita xente que é castelanfalante e ten un sentimento de cariño especial cara ao galego. Iso non quere dicir, desde logo, que teñan unha aversión ou un sentimento en contra do galego, senón que simplemente deciden de forma voluntaria non falalo. Pero si é certo que en Galicia —e así o apuntan todos os datos— existe un forte arraigamento, un forte sentimento cara aos nosos valores culturais e fundamentalmente cara á nosa lingua. E eu creo que ese aspecto debería de ser o que nos chame a ese grande acordo, independentemente de que despois cada un poida ter a súa posición e independentemente de que cada un poida ver na lingua unha oportunidade distinta.

Creo que o que nos dificulta esta realidade —igual que digo e recoñezo publicamente que valoro especialmente a actitude de sensibilidade e madurez de Democracia Ourensana e do Partido Socialista porque, evidentemente, entenden a situación á que nos enfrontamos— é que a ninguén lle pode estrañar que un conselleiro veña comparecer aquí cada certo tempo para dar conta das súas liñas de traballo, para que actualicemos tamén o noso compromiso cos galegos. Tampouco a ninguén lle debe estrañar que vinte anos despois propoñamos actualizar o documento máis importante que temos para impulsar e potenciar o uso do galego na nosa sociedade, como é o Plan xeral de normalización da lingua galega. Creo que todo o mundo pode entender que un documento aprobado no ano 2004 require unha actualización; nese proceso —que non é o único— estamos e deberíamos de estar todos.

E aí recoñezo, evidentemente —xa o dixen—, esa actitude positiva e proactiva por parte de Democracia Ourensana e do Partido Socialista. Pero entendo tamén as dificultades que en contra o Bloque Nacionalista Galego: vostedes non poden entregar esa batalla, non poden en ningún caso dar nin sequera un centímetro de beneficio á dúbida. Vostedes teñen que estar sempre, por sistema, en contra de calquera tipo de posición que estableza o Partido Popular —o Goberno da Xunta de Galicia—, e, por tanto, non poden estar nesta foto. Vostedes non teñen ningún tipo de vontade de estar aí. O que buscan é unha estratexia realmente sinxela e fácil de entender: vostedes o que fan é crear unha falsa expectativa de acordo, vostedes falan de que si estarían dispostos a facelo, pero automaticamente impoñen unha serie de condicións que, de forma unilateral, son imposibles de asumir por ningunha das formacións políticas que estamos do outro lado.

Esta é unha cuestión moi antiga: a daquel que senta a negociar sen ningún tipo de intención de chegar a acordos. Vostedes o que fan automaticamente é impoñer unhas condicións unilaterais que, curiosamente, veñen dun partido que ten unha posición totalmente maximalista nas políticas lingüísticas; a dun que se presenta a unhas eleccións constantemente onde unha das súas propostas máis potentes e máis importantes é o seu posicionamento no ámbito lingüístico, pero non gañou unhas eleccións. Nunca gañan unhas eleccións, pero apelan a unha suposta vontade popular despois de ter perdido unhas eleccións, porque isto tamén é importante para ir construíndo este —tan de moda— relato. Entón, son capaces de acabar de perder unhas eleccións e as semanas seguintes dicir que a sociedade galega, representada polo Bloque Nacionalista Galego, o que pretende, o que busca, o que exige, o que demanda é ter a lexitimidade para exixir un cambio de rumbo nas políticas lingüísticas do partido que —curiosamente— gana con maioría absoluta unhas eleccións tras outras. Isto, ao final, acaba por construír un relato que os equivoca a vostedes, porque acaban falando en nome



dunha sociedade galega que está totalmente alonxada, que está moi alonxada das súas posicións maximalistas. (*Aplausos.*) Se vostedes o queren de verdade e se teñen vontade para o diálogo, non teñan medo a sentar a falar e a negociar. Este goberno, como lles dixen antes, ten e continúa tendo a man tendida.

Tamén é certo que nós non imos parar neste proceso, nós imos seguir traballando. Nós temos máis de cento trinta profesionais de recoñecido prestixio traballando nesa actualización do Plan xeral; estamos a maior parte da representación desta Cámara traballando nese Plan xeral; temos a todas as entidades vinculadas ao ámbito da lingua traballando nese Plan xeral; a todas, están todas. É verdade que cada unha ten as súas discrepancias; non podemos obviar que hai algunhas voces que apuntan determinadas cuestións, desde a Real Academia Galega ata o Consello da Cultura ou determinadas entidades que teñen presenza no ámbito da lingua, e existen esas discrepancias, pero hai unha diferenza: esa xente está sentada na mesa a negociar. O resto —a minoría—, que é o Bloque Nacionalista Galego, como sempre, está fóra do marco negociador. E eu creo que está fóra, sinceramente, porque vostedes teñen unha seria intolerancia ao pacto; non son capaces de poder pactar absolutamente nada, nin van ser capaces de poder facelo con este Goberno, e no tema da lingua, por suposto, moito menos.

Polo tanto, dígolles que nós seguiremos traballando. Se nalgún momento queren incorporarse a ese acordo, están vostedes convidados, por suposto; estamos desexando que o Bloque Nacionalista Galego se poida achegar, pero dicían tamén na miña terra que «o que vive de ilusións morre de desenganos». Polo tanto, nós non imos morrer desenganados pensando que o BNG vai vir a ese acordo. Sabemos perfectamente cal é a situación e o único que os pode levar a ese proceso será a sociedade galega. Esperemos que sexa así, esperemos que unha vez máis a sociedade galega lles demostre que os seus posicionamentos non están no extremismo do BNG; a sociedade galega está na coherencia, está na sensatez, está no sentido común, está nesa Galicia que quere mellorar, que quere proxectar. Estamos todos xuntos e, se vostedes non queren estar aí, quedarán fóra, que non lles quede ningunha dubida. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos o segundo grupo dos alumnos de segundo, terceiro e cuarto da ESO do Instituto Antón Losada Diéguez, da Estrada. Benvidos ao Parlamento e tamén a súa profesora e os acompañantes.

Agora continuamos coa rolda especial de aclaracións.

¿Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea? (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Como non podía ser doutra forma, falabamos aquí, falaban vostedes e falaba a señora Pomar, das achegas do Goberno de España. Para que saibamos, por se non teñen os datos... —entre



outras cousas, boa tarde, bo día, que xa non sei en que hora estamos, aos da Estrada; encantada de vervos por aquí—. Sobre os datos, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais contribuíu con trinta millóns de euros no ano 2024 para nove longametraxes feitas en Galicia. Esas foron as achegas que se fixeron para o audiovisual. Á marxe disto, outros cinco millóns foron para a restauración da catedral de Ourense e outros cinco millóns máis para o PERTE do audiovisual para Coruña Estudio Inmersivo. Dicía antes que non me gusta nada esta cuestión de «ser referente», pero este si que o é; é o maior estudo para produción audiovisual de Europa. Témolos na cidade das TIC, na Coruña, e o PERTE, con cinco millóns de euros, veu tamén por parte do Goberno de Pedro Sánchez. Logo estaba tamén o Bono Cultural Xove, que beneficiou a sete mil mozos galegos, cunha contía de catrocentos euros. No marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, recibíronse máis de seis millóns para revalorizar a industria cultural en áreas como o Xacobeo e a Ribeira Sacra. Ademais, hai fondos para bibliotecas públicas, pero son os ordinarios —é dicir, todos os anos se achegaban e se subían as contías—, e beneficiábanse neste caso concellos de menos de cincuenta mil habitantes, polo que dicíamos antes de que a cultura é unha cuestión complexa e dinámica e o territorio hai que telo atendido en toda a súa extensión; polo tanto, tamén é unha cuestión democrática. No programa de promoción da lectura achegábanse máis de —creo— douscentos mil euros para a animación á lectura. Todo isto son fondos que se achegan desde o Ministerio de Cultura, que se incrementaron —como dicía nestas cifras— con contías bastante importantes no ano 2024.

Xa que moitas veces a vostedes se lles olvida, vou chamar aquí a atención —saio un momentíño do guión para falar do que se comentou no último debate da autonomía— sobre que hai fondos que veñen do Estado e que se conseguen fóra —os fondos de resiliencia e demais— e que vostedes venden como propios. Non digo que actúen así coa cultura, pero fixérono aquí o outro día falando das residencias públicas. Hai unha achega que vai vir a Galicia —que xa está vindo— firmada no ano 2021, con máis de dezaioito millóns de euros, precisamente para reformar todos os equipamentos en residencias e centros de día públicos en Galicia, e o Goberno galego véndea como propia. Dígollelo simplemente para que saiban que ás veces non está ben non dicir de onde veñen os cartos ou, en calquera caso, apropiarse deles como se fosen propios da Comunidade Autónoma.

Volví a falar vostede aquí agora de que estamos no mellor momento da historia cultural de Galicia. Eu alégrome de que vostede teña ese orgullo do seu traballo, pero non é este o seu mellor momento. Pode ser un dos mellores momentos, pode ser un bo momento, pero díggolle que non é o mellor momento. Esta comunidade autónoma tivo momentos brillantes onde houbo unha decalaxe democrática nos fondos e tamén nas axudas que viñan por parte do Goberno autónomo que fixeron grande este país. Mesmo no primeiro goberno onde puidemos ter un presidente socialista —como foi o de González Laxe— creáronse infraestruturas que no día de hoxe son un orgullo para todos como, por exemplo, o Centro Galego de Arte Contemporánea, creado no ano 1985. Naquel mesmo Goberno puxéronse as bases para moitas das infraestruturas que aínda hoxe seguen sen ser nin sequera valoradas polo Goberno da Xunta en moitas ocasións nin, por suposto, atendidas, como o caso do CGAC, que cada ano que pasa perde fondos.

Fixo despois vostede ao final un discurso —eu creo que exhaustivo— arredor da lingua. Mire, trátase de que se traia aquí un pacto con todas as forzas políticas e acabemos con esta situación.



Cada vez que subimos aquí estamos dándolle voltas á perdiz. Do que trata isto é de que temos un ben patrimonial, non de que —dicían vostedes— en Cataluña se fala menos o catalán. Evidentemente, as linguas minoritarias teñen que estar protexidas —xa o di a Unión Europea; non o dicimos nós— e teñen que estar salvagardadas para agromar con elas o mellor que se poida. Pero non temos ante nós unha lingua minoritaria como para vir aquí facer vinte mil horas de viaxe submarina e non chegar a ningún acordo. Entón, isto é moi fácil; téñeno na man. Desgraciadamente téñoos que repetir: o problema creárono vostedes. Xa está. Foi creado e quen o creou xa non está aquí. Hoxe teñen vostedes outro presidente que posiblemente teña ganas de arranxalo. ¡Pois reúnanos a todos! Fagamos todos un ben común —á parte das comisións que se están creando e á parte de todo o traballo que fixeron, por outra parte, entidades como a Mesa pola Normalización Lingüística—. Por certo, cito a Mesa aquí porque me alegra que teñan vostedes o selo de galego para empresas, unha proposta que ten a Mesa pola Normalización Lingüística nunha app chamada *Abertos ao galego*. ¡Magnífico, xa temos puntos de encontro! A partir de aquí, crezamos. Estou segura de que todas as forzas políticas, aínda que sexa só por fartura, queremos arranxar este problema. Reconverteron, precisamente, esa frase coa que vostede principiaba o seu discurso: «non é un problema, é a solución». Xa o levamos dicindo moito tempo. Pero, ¿de onde vimos? Falamos todos nós galego —posiblemente as próximas xeracións non—. Todos os que estamos aquí vimos da mesma fonte.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Así que, por favor, arranxen vostedes un problema que non creamos nós, e dediquémolles á cultura o tempo que hai que dedicarlle.

Falouse aquí de Ourense, por exemplo —é o último ao que vou facer referencia, porque me quedou este tema pendente da anterior intervención—. Foi un Goberno, o de Pedro Sánchez, o que deu o impulso para esta infraestrutura, patrimonio dunha cidade importante. Posiblemente hai xeracións de ourensáns que non entraron alí no museo desde hai tempo e vai abrir as portas nos primeiros meses do ano 2026. Foi o Goberno socialista o que deu o último impulso. Pregunto eu onde estaban o señor Mariano Rajoy e o señor Aznar para facer isto... Pero, xa que vostede preguntou, xa llo digo eu, para que non se preocupen e marchen tranquilos para a casa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas de novo, presidente.

Señora Pomar, na súa intervención marcouse hoxe vostede un «Rifante». Non sei se sabe ao que me refiro. É un relato do libro *Cousas*, de Castelao, que lle recomendo moito ler, e verá por que llo digo.

Señor conselleiro, está vostede moi enfadado co Bloque Nacionalista Galego e comigo, nomeadamente. Está moi enfadado porque di vostede que o BNG non está onde lle manda o PP.



Pois mire, que o BNG non estea onde lle manda o PP ou onde lle interesa ao Partido Popular é a mellor nova para Galiza. (*Aplausos.*) Por iso cada vez máis a sociedade galega —case medio millón de persoas— apoiou nas últimas eleccións o BNG e nos fixo ser aquí a forza alternativa e o Goberno alternativo que tanto os molesta.

Imos asumir dunha vez por todas que o galego está nunha situación de emerxencia. É unha situación grave, en mínimos históricos, pero no BNG dixémolo dende o primeiro momento: é reversíbel, se realmente poñemos en marcha medidas a favor do galego. Nós tendémoslle a man dende o primeiro momento para participar desas medidas que realmente traballen por unha lingua con futuro e unha lingua viva. Acudimos ás dúas xuntanzas ás que vostede nos convocou —por certo, teño que dicilo, coa nosa portavoz, Ana Pontón, á fronte—, por lealdade, por responsabilidade e por compromiso coa lingua e co país, que é para o que estamos aquí. (*Aplausos.*)

Entregámoslle a vostede en novembro na segunda reunión este documento con propostas cara a un tempo novo para o galego. (*A señora Queixas Zas amosa un documento.*) ¿Pode mirarme, por favor? Agradézollo, porque así igual lle refresco a memoria, porque vostede o ten nas súas mans. Vostede non nos respondeu. O 13 de decembro mandeille unha carta a vostede persoalmente e non respondeu. Rompeu vostede o diálogo na segunda reunión, porque o seu relato xa remataba aí. A súa preocupación non era realmente chegar a ningún consenso, non era planificar medidas de actuación a curto, a medio e a longo prazo que empezasen a poñer fin e freo a esta emerxencia lingüística. O seu único escenario —e o seu único relato— era acusar e atacar o BNG. (*Aplausos.*) Deixe de atacar o BNG, como fixo hoxe durante practicamente toda a súa segunda intervención, e empece a defender o galego, porque —¡non o esqueza!— vostede é o conselleiro. Xa non é alcalde da Estrada; é o conselleiro e, polo tanto, ten a máxima responsabilidade nisto.

Fágase a pregunta: sete meses despois da publicación dos datos do Instituto Galego de Estatística —nada sorprendentes—, ¿que fixo vostede? ¿Que medidas puxo en marcha que fosen un plan de choque de actuación inmediata? Ningunha. Preparou o que vostede dixo hoxe: un escenario. Preparou un escenario, unha *performance* para impoñernos a todos e a todas o seu plan. Díxonos: non se fala da derogación do mal chamado decreto do plurilingüismo; non se vai impulsar ningunha acción das máis de catrocentas que hai no grande pacto social pola lingua, que é o Plan xeral de normalización da lingua galega, que está plenamente vixente; non se vai poñer en marcha. Vaise adiar calquera proposta a dezaseis meses mínimo, en que unhas comisións de traballo van avaliar e actualizar o Plan xeral a medida que un mes antes nós trouxeramos a esta Cámara, a este Pleno, e vostedes no PP votasen en contra.

Falan de comisións e ninguén no país sabe quen forma parte desas comisións. Téñenas nun escurantismo absoluto e irrespectuoso para esas persoas que están traballando e, por suposto, para o conxunto da sociedade. Nada ten que ver co proceso de transparencia que si houbo hai vinte anos no Plan xeral de normalización da lingua galega. Foi vostede incapaz de nomear aquí colectivos, entidades, asociacións que traballan a favor da lingua, da normalización, e especialistas en sociolingüística na súa intervención anterior. Por algo será. A razón que temos aquí ben presente, e cada vez máis clara, é que o presidente Rueda non permite ningún cambio na política lingüística lesiva dos últimos dezaseis anos do Partido



Popular, porque están conformes con esta situación actual. Por iso tamén vostedes seguen mantendo no seu equipo quen deseñou esta política lingüística, quen a implantou e quen a reforzou. Esa é a clave, xa llo dixen hai un ano, señor conselleiro.

E, xa que vostede falou do actual presidente da Real Academia Galega, o profesor e sociolingüista recoñecido Monteagudo, el mesmo cualificou esta política que vostede segue defendendo como restritiva, lesiva ou simplemente ineficaz. Recórdolle todos os días o que leva dicindo a Real Academia Galega dende hai moitos anos: teñen que derrogar o Decreto do plurilingüismo, téñeno que derrogar por outro. (*Aplausos.*)

É certo: vostedes teñen toda a lexitimidade dos votos para gobernar. Agora, volvo recordarlle que o que non teñen vostedes no Partido Popular é a lexitimidade para destruír o idioma. (*Aplausos.*) Esa non a teñen e é o que están facendo. No BNG, dende logo non imos facer parte do seu plan de apagamento do galego. Vostedes son máis dos Séculos Escuros, nós sómoslle máis do Rexurdimento.

Por iso insistimos en que a situación é reversíbel, e ás portas do 17 de maio seguimos tendéndolle a man con propostas, aínda que vostede nos ignorase e non respondese. Xa llas trasladou a nosa portavoz, Ana Pontón, no pleno anterior do debate do estado da Nación ao presidente Rueda —hoxe tamén ausente, porque os temas de cultura, lingua e xuventude non deben de ir con el—. Rueda non respondeu. Xa llas trasladamos o Grupo Parlamentario do BNG nunha proposta de resolución nese debate: o Partido Popular votou en contra porque son o «partido do non». ¡E nós volvémoslle tender agora a man porque é urxente actuar! Dicímoslle sempre dúas propostas moi concretas e inmediatas: pactar prazos e orzamentos para aplicar o grande pacto social pola lingua...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...que foi o Plan xeral de normalización da lingua galega, que segue vixente e agardando porque vostede faga algo; e constituír unha mesa de diálogo ampla, plural, con todo tipo de representatividade social, política, lingüística e pedagóxica para acordar un novo decreto para o galego que garanta que as xeracións máis novas, efectivamente, teñan ese dereito a coñecelo e a poder usalo. Temos que empezar xa o próximo curso; non podemos perder máis tempo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato, presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Vimos da estirpe das mulleres anónimas que sostiveron a lingua viva na cabeza e no corazón para transmitila nos seus cantos. Vimos das cantareiras que non apagaron a súa voz cando as voces acomplexadas no autoodio se mofaban delas porque representaban a cultura popular. Vimos dun pobo resistente que levou un país enteiro na gorxa. De aí vimos no BNG. Temos dereito a ser felices e libres no uso da nosa lingua...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...sen fronteiras nin límites. As nosas tataratatarataravoas estarán contentas porque o imos conseguir, con vostedes ou sen vostedes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario Popular, a señora Pomar.

A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, conselleiro. Quédanos moi claro que mentres a consellería que vostede dirixe orza, executa e avalía, a oposición segue instaurada no verso fácil, na crítica demagóxica e na negación da evidencia. Afortunadamente, o pobo galego sabe diferenciar, e por iso leva xa dezaseis anos consecutivos gobernado por gobernos do Partido Popular de Galicia. Concretamente por iso —porque os galegos e as galegas queren que governe o Partido Popular de Galicia— descansaron no presidente Rueda a responsabilidade de gobernar Galicia estes catro anos. E con datos, señora Queixas, con máis votos que o BNG, o PSdeG e Sumar xuntos: 711.713, co 67,3 por cento da participación. (*Aplausos.*) Datos, efectivamente, datos.

Mire, entendemos que a oposición non só vai en contra das liñas programáticas que vostede veu hoxe debullar a esta sede parlamentaria; semella que tamén vai en contra de todos os galegos e as galegas que as apoian, lexislatura tras lexislatura, cos seus votos. (*Murmurios.*) Así mesmo, se tan pobres, defectuosas e ineficaces son as políticas en materia de cultura, entendemos que as persoas dos grupos que tratan de esnaquizalas unha e outra vez non serán partícipes delas, nin as consumirán, nin as desfrutarán —digo eu ¡eh!—, por coherencia interna.

Señora Queixas, podemos falar do Informe do Consello da Cultura Galega. Poño enriba da mesa esas conclusións do Barómetro da nosa cultura. Pois, para mostra do estudo, un 76 por cento considera que a evolución no 2024 foi mellor ou moito mellor; un 80,8 por cento fala de que as expectativas para o 2025 son iguais, mellores ou moito mellores; para o 72,3 por cento os ingresos subiron ou permanecen estables, e o emprego amosa tamén estabilidade con tres cuartas partes da mostra do estudo.

Polo tanto, vostedes poden levar a engano con titulares como os do seu diario publicitario: «A cultura galega continúa sen arrincar», ou poden escoller o titular máis obxectivo: «A cultura galega medrou no 2024 e prevé estabilidade».

E, miren, para evitar partir dos titulares, pois eu partín de datos que eu mesma analicei e contrastei: xente moza en canto ás políticas para a mocidade. Pois déixeme repetir un dato que mencionou o presidente Rueda no debate do estado da Autonomía: o Partido Popular de Galicia é o partido máis votado pola mocidade. Dende o ano 2009, Galicia presenta un saldo migratorio positivo, con máis de 80.000 persoas que viñeron a vivir á nosa comunidade, dos que 40.000 eran mozos e mozas, o que demostra que Galicia volve ser unha terra de oportunidades para a xente nova. (*Aplausos.*)



En contraste, durante o Goberno do Bipartito rexistrouse a maior fuga de mocidade da historia recente, con máis de 39.000 mozos que marcharon. Esa é a diferenza entre gobernar con responsabilidade ou con márketing e propaganda.

En canto ao pacto e aos acordos sobre a lingua, vólvolles insistir, señorías, en que deixen de lanzar comunicados e teletipos oportunistas, como fixeron estes días e acaban de facer hoxe aquí, señorías do BNG. Miren, o único comunicado válido é ese do 1 de maio, no que se reivindica que «a defensa dos intereses do pobo galego só pode pasar por avanzarmos na conquista da plena soberanía, da nosa independencia nacional». Ese é o único comunicado. É moi importante que aí fóra se saiba que ese é o único comunicado.

O xoves pasado o Politburó sacou o catecismo e chamou á conversión —bueno, debería dicir á reconversión—, instigando o levantamento cara á conquista da plena independencia e da plena soberanía. Por iso, non veñan aquí falar de man tendida, como fixo a súa lideresa en Moaña hai uns días. Non falen de máis oportunidades e de futuro para a nosa lingua, cando non aceptaron, por supostos principios, entrar a formar parte dos traballos do Pacto pola lingua.

Non veñan aquí de salvadores e salvadoras de nada, señorías, non o fagan, porque vostedes saben que vostedes non salvan nada, vostedes non salvan a ninguén. Vostedes queren —e repito a palabra— esnaquizalo todo, botar por terra dezaseis anos de políticas construtivas e proactivas que levaron a Galicia a ocupar os mellores lugares en moitos parámetros relacionados, non só coa cultura, senón tamén co emprego, coa innovación, cos recursos minerais, coa vacinación, coas renovables ou coa industria automobilística. Miren, deixen de vir aquí cun discurso que, lonxe de aportar, unha e outra vez levanta muros. (*Aplausos.*)

Estes días —e remato xa, presidente—, como relataba o conselleiro na súa primeira intervención, foi intensa a axenda de actividades nos centros galegos do exterior, conxugando a celebración do Ano Castelao e o enxalzamento das nosas Letras, coa presenza do secretario xeral de Lingua ou do director xeral de Cultura e mesmo do recentemente nomeado presidente da Real Academia Galega, e semella que ás veces, para non perder a perspectiva, é importante comprobar de primeira man como as galegas e os galegos da diáspora manteñen viva e activa a nosa lingua e a nosa cultura, mentres aquí, na endogamia do nacionalismo independentista, seguen a pór un pano nos ollos.

Pola contra, acabamos de comprobar, en palabras do conselleiro, que o que presentou aquí como unha folla de ruta da nova Consellería hai un ano de estrea, se converteu xa en feitos e resultados. Mire, nunca —repito, nunca—, señorías, houbo tanta oferta cultural en Galicia e nunca a cultura chegou a tantos recunchos da nosa xeografía. Estamos a vivir unha verdadeira oportunidade para, entre todas e todos, con traballo e consenso, reformular ese Plan de normalización lingüística e adaptalo á nova realidade sociolingüística dun pobo cada vez máis diverso, máis heteroxéneo e máis aberto a saír fóra, a voltar á terra, a recibir visitantes e a deixar pegada neles.

Eu tamén vou honrar a miña tataravoa, que seguro que tamén estaría contenta do que acabo de dicir eu hoxe aquí, e tamén vou honrar as nosas cantareiras. Permítame, señor conse-



lleiro, a licenza, para rematar a miña intervención, de ler dúas estrofas dunha das poesías populares que transmitiron as nosas cantareiras —a quen homenaxeamos este ano nas nosas Letras— que ben poderían referirse á defensa da nosa lingua e da nosa cultura —a que nos une— fronte aos posicionamentos do «non»: «Se chove, deixa chover; se orballa, deixa orballar, que por máis que chova e chova, de ti non me hei de apartar. O que navega de noite ha de tropezar nos penedos, e eu, que ando polo día, tropezo nos teus enredos».

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Grazas de novo, señor presidente.

Moitas grazas a todos os voceiros e as voceiras.

Por ir rematando, creo que á señora Longueira é importante apuntarlle dúas cuestións. Eu persoalmente fixen mención —non está nestes momentos, pero creo que é importante deixar constancia na Cámara— aos fondos do Estado no que é o sector audiovisual, nas axudas ao sector audiovisual. Creo que parte deses 7 millóns de euros que imos poñer en marcha neste ano 2025 proveñen da aportación de fondos propios, de fondos europeos e de fondos do Estado e, por tanto, creo que no ámbito da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude nunca se evitou recoñecer o traballo que se está facendo. Tamén é certo que hai esa parte de crítica no distinto tratamento que se está facendo por parte do Goberno das distintas comunidades autónomas. Non quere dicir que non se estea facendo aportación de fondos, pero si é certo que en moitos ámbitos hai unha discriminación clara na repartición deses fondos, como pode ser na cuestión lingüística. Creo que a ninguén lle escapa —porque é facilmente medible esta cuestión— que no ámbito do sector audiovisual, no que son as linguas cooficiais, a maior parte, practicamente o 70 por cento dos recursos dese fondo, se están destinando ao catalán, e desde logo hai unha discriminación clara con respecto ao resto das linguas. Creo que nisto, aínda que non o poidan dicir, seguramente tamén estamos de acordo.

Grazas tamén por apuntar que a análise que fixemos en torno ao galego foi exhaustiva. Creo que é importante partir de posicións claras e, desde logo, ben fundadas para poder chegar a resultados acaídos. Neste caso, eu creo que a análise e o debate sobre a situación da lingua están claros e creo que todos coincidimos no básico, no fundamental. Sabemos que estamos nun novo escenario, sabemos que temos, desde logo, cuestións a futuro que temos que resolver, pero en ningún caso creo que ninguén estea lanzando un discurso triunfalista en relación co uso da lingua, nin aquí en Galicia, nin en ningún outro punto do territorio onde existen linguas cooficiais. Evidentemente, hai grandes retos de futuro e temos que ser capaces de actualizar tamén os nosos mecanismos.

Neste caso, eu creo que tampouco se pode discutir que os mellores instrumentos que podemos ter para potenciar o uso da lingua galega poden ser dous: o primeiro, o incremento dos



recursos. Evidentemente, este ano xa houbo unha aportación, un incremento por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos do ano 2025, de máis dun millón de euros para incrementar e reactivar as políticas en materia lingüística. E o outro instrumento fundamental e básico, a outra ferramenta, é o Plan xeral de normalización da lingua galega. Non comprendo, non acerto a entender, por que molesta tanto que despois de vinte anos se proceda a unha actualización deste documento tan importante, cando hai vinte anos nin sequera existían as redes sociais, nas que hoxe se manexan a inmensa maioría dos xoves galegos.

No tema do selo da lingua, alégrome de que, de verdade, esa medida sexa ben acollida por parte dos partidos da oposición, neste caso do Partido Socialista. É unha iniciativa na que, evidentemente, como ben acreditamos, nós non sectorizamos —ou non sectarizamos— en función de quen veñen as ideas; podemos coincidir en moitas cousas. De feito, en moitas cuestións coincidimos con moitas entidades, e por suposto benvido sexa que a Mesa pola Normalización Lingüística teña unha medida similar a esta. Por suposto, entendemos que é algo que vén dar resposta a unha cuestión, a unha demanda social.

É certo que se nos pedía por parte de distintas entidades que adoptásemos algunha medida que incentivase o uso da lingua galega nos distintos sectores económicos. Ademais disto, fácelo tamén encaixándoo non tan lonxe dunha proposta que acaba de debaterse por parte da deputada, da señora Noa Presas, esta mesma mañá aquí, sobre a responsabilidade social corporativa e sobre a responsabilidade que ten o tecido económico e o tecido empresarial en Galicia con determinadas cuestións, entre elas o uso da lingua galega. Pois este selo, este selo da lingua, vai permitir que aquelas empresas, que aqueles comercios e que aqueles autónomos que se sensibilicen, que utilicen e que se apoien no uso da lingua galega para mellorar a súa actividade económica, tamén, desde logo, vaian ser considerados no que son os procesos, tanto de subvencións públicas como tamén, na medida do posible, nos procesos de licitación.

Despois, finalmente, quero contestar tamén á señora Queixas. Eu creo, sinceramente, que no BNG están entrando nun proceso de fobia absoluta ás boas noticias para Galicia, e calquera cuestión que sexa boa para Galicia —teñen esa idea— necesariamente é mala para o Bloque Nacionalista Galego. Eu creo que aí é onde vostedes perden esa utilidade para a sociedade galega. Creo que non pode ser que estean constantemente enfadados. Eu creo que vin a esta Cámara e en ningún momento se me notou enfadado, nin crispado —en ningún momento— co BNG. Eu creo —sinceramente llo digo— que, na parte de estratexia política, a nós, canto máis radicalizados estean vostedes, mellor nos vai, mellor lle vai ir ao Goberno galego, non lle caiba ningunha dúbida. E, sobre todo, esta estratexia por partes que están proponendo vostedes, esta serie por capítulos que está proponendo a súa forza maioritaria, a UPG, estanos dando moita marxe para poder saber cales van ser os seguintes pasos que vai dar o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, podo garantirlle que toda esta información, ademais, non é que os estea intentando ocultar, é que está intentando acreditar e demostrar quen realmente é o que goberna, quen manda e quen está aos mandos do Bloque Nacionalista Galego, e para o Goberno galego, desde logo, e para o Partido Popular é unha grandísima noticia, porque están ensanchando, están acrecentando e están incrementando, todo e máis, a diferenza e a distancia co pobo galego, cos galegos e coas galegas. E iso, desde logo, creo que é boa noticia, sempre e cando teñamos un BNG radicalizado. Se fose un partido que pui-



dese ter algún tipo de expectativa de goberno, pois podía ser boa noticia, pero podo garantirlle que non é boa noticia para o pobo galego que vostedes estean na posición na que están, nesa trincheira de tanta agresividade, (*Murmurios.*) que, ao final, no que os converte é en que teñan esa fobia natural polas boas noticias para Galicia.

Dicía vostede que o que me fastidia a min, que o que me enfada a min —nesa lectura que fai, nesa interpretación que fai da miña intervención—, é que o BNG non está no sitio onde quere o PP. Non, non, o BNG está simplemente no sitio onde queren os galegos e as galegas, na oposición, que é onde teñen que estar, (*Aplausos.*) e onde levan estando corenta anos, ou máis de corenta anos, desde que existe democracia neste país. Non están onde quere o Partido Popular. Nós a verdade é que non estamos mirando polo retrovisor a ver onde está o Bloque Nacionalista. (*Murmurios.*) Non, pódolle garantir que nós non estamos mirando polo retrovisor. Nós estamos mirando cara a adiante, porque nós somos os que estamos conducindo o futuro de Galicia. (*Murmurios.*) Non miramos polo retrovisor. Os que están detrás, que son vostedes, son os que, evidentemente, están perdendo esa cercanía, e son os que están exactamente xusto no punto onde os galegos e as galegas cada catro anos os poñen, que é, desde logo, como forza minoritaria no Parlamento galego.

Eu dígolle, señora Longueira..., ou, señora Queixas, que creo que fixen un relatorio. Non quixen tampouco ser moi extenso na relación —porque, evidentemente, tampouco quero excederme do tempo razoable—, pero fixen un relatorio de todas as medidas —que ese é outro dos mantras que repiten vostedes— que puxo en marcha o Goberno galego nestes sete meses. Faleille do reto que temos co neofalantismo, faleille das medidas de impulso que estamos facendo no ámbito sanitario, fixemos un esforzo para que toda a cartelería e toda a información dos centros de saúde de Galicia estea en galego, para que calquera persoa poida comunicarse, poida falar ou facer os seus trámites en galego nos centros de saúde —que era outra das cuestións que vostedes reclamaban—. Fíxose un esforzo e un traballo —e estase facendo— coa Consellería de Sanidade e fíxose un esforzo tamén para prestixiar o uso do galego no ámbito dos sanitarios, ofrecendo esa mellora na carreira profesional —que creo que é algo importante e que, desde logo, prestixia o uso do galego no ámbito da sanidade—.

Tamén impulsamos medidas como a da plataforma da Galega, do Xabarán, e campañas nos colexios para que os máis novos se acheguen a esa gran plataforma, que abre un mundo marabilloso ao contorno do galego.

Puxemos tamén en marcha medidas, como o incremento da aposta polos cursos de formación en galego e pola acreditación das competencias, e estamos traballando, poñendo medidas de impulso, o que pasa é que non hai máis cego que o que non quere ver. Vostedes seguen coa súa historia de que nós o único que propoñemos é unha actualización do Plan xeral a dezaseis meses; ese foi o seu discurso.

E vostede despois estráñase de que nas reunións dese Pacto pola lingua, ao final, non chegásemos a algún punto de encontro, pero é que vostedes, cando saían da reunión e lles puñan un micrófono diante, soltaban o tema da vergoña, do «Decreto da vergoña», o tema de que o Partido Popular non facía ningunha proposta en serio e o tema de que pretendíamos aprazar o debate dezaseis meses para a actualización do Plan xeral. Bueno, é todo o seu relato, a



súa historia... Non queren entender —nin van entender, nin se poden permitir o luxo de entender— cal é a realidade de todo este proceso, pero dígollelo eu: por moito que vostedes non o queiran dicir, a nosa responsabilidade é falarlle e explicarlle á sociedade galega que este goberno está traballando e que está incrementando —non poden discutilo vostedes— os fondos destinados á política lingüística, porque é certo e é medible. Non poden discutir vostedes que estamos aplicando medidas de impacto, de estímulo inmediato, para poder avalialas de xeito inmediato tamén durante todos estes meses. Non poden vostedes impedir —aínda que o intentaron, a través de persoas interpostas—, paralizar e boicotear un proceso de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega. Intentárono, o que pasa é que cando chegaron ao sitio onde pretendían rebentar ese acto no que estaban concentradas as 130 persoas que estaban alí —que din vostedes que non as coñecen—... ¡Claro que non as coñecen!, porque non están vostedes sentados con elas nese pacto do galego. ¡Aí está o problema! (*Aplausos.*) Claro que non coñecen a quen está nese... Non son persoas anónimas nin persoas ocultas, simplemente son 130 persoas que están traballando nun espazo e nun proxecto no que vostedes non están. Polo tanto, está claro que non as poden coñecer. (*Aplausos.*) Pregúntenlle ao Partido Socialista, a Democracia Ourensana ou ao resto das entidades que foron consultadas se coñecen as persoas que están formando parte desas once comisións. (*Murmurios.*) Pregúntelles vostede, xa que non está alí.

E cando un non está nun sitio, o mínimo que pode facer é preguntar —se realmente lle interesa— o que se está facendo alí. O que pasa é que, evidentemente, ao Bloque Nacionalista Galego non lle interesa esa realidade. O que lle interesa é vir ese día da constitución das comisións e intentar facer un acto; un acto, ademais, pouco democrático, no que eu estaba no uso da palabra e interrompéuseme constantemente. Foi, desde logo, moi desagradable, ¡moi desagradable! ¡Xa me gustaría —coa pel fina que teñen vostedes— que llelo chegasen a facer a vostedes en calquera acto que teña programado o Bloque Nacionalista Galego! Foi un acto realmente desagradable que, evidentemente, eu intentei xestionar da mellor maneira posible, sen intentar xerar máis debate nin máis crispación, ata que a ameaza, ao final, foi que todo o mundo se levantase, seguindo esas dúas persoas que boicotearon, que dinamitaron ese acto —que teñen, evidentemente, nomes e apelidos e están vinculados perfectamente vostedes saben con quen—. Fixeron ese acto de boicot e o único que conseguiron foi que eles dous se levantasen e se fosen sen que ninguén —130 representantes da sociedade galega— fose detrás deles. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, e iso foi o que realmente lles molestou a vostedes, (*Aplausos.*) cando chantaxearon a todo o mundo para que se levantase e abandonase esa reunión. (*Aplausos.*) Esa é a realidade da sociedade galega. (*Aplausos.*) Ese xesto e esa chantaxe foi o que quixeron facer vostedes, pero quedaron absolutamente sós, ¡absolutamente sós!, que é como están en relación co tema da lingua.

Pero, bueno, sigan vostedes nesa dinámica. Eu xa dixen na miña primeira intervención que só espero que o peso da responsabilidade e da sociedade galega os faga camiñar, como os fixo camiñar no ano 2004, que non foron voluntariamente a ese acordo do Plan xeral de normalización lingüística. Non foron de forma voluntaria, foron exactamente igual que agora, a remolque da sociedade galega, para poder chegar a asinar aquel pacto no ano 2004.

Recórdolle tamén que nós, evidentemente, cremos na discrepancia. Por suposto, eu xa llelo dixen. Alégrome moito das declaracións do presidente da Real Academia Galega, igual que



discrepo, e debatemos, discutimos e nos sentamos a falar doutras cuestións que teñen que ver coa súa posición institucional en relación co tema da lingua, por suposto que si. E, por suposto, entendemos, comprendemos e necesitamos que a Real Academia Galega teña unha posición clara en relación con este tema.

Pero o que está claro é que tampouco podemos seguir comprando, mercando, as súas teorías sobre o uso do galego. A vostedes gústanlles moito, encántanlles, por exemplo, os datos da enquisa do IGE, pero discrepan moito da enquisa dun instituto que lles fai unha sondaxe ás familias. Simplemente esta cuestión a vostedes moléstalles moito, e din: oe, ¿quen se atreve?, ¿realmente, quen ten o atrevemento, co Goberno galego, de preguntarlles ás familias que opinan sobre o uso do Decreto do galego, que condiciona o ensino dos seus fillos? ¡Pero, quen nos cremos nós para consultarlles ás familias galegas cal é a súa opinión sobre que pensan da aplicación do Decreto do galego no ensino! (*Murmurios.*) Pero, ¿como nos atrevemos?, ¿como ousamos nós facer este tipo de cuestións? ¡Que antidemocráticos! (*Murmurios.*) ¡Que vergoña que sexamos quen de permitirlle á sociedade que opine! Igual que lles molesta, ao mellor, claro, que cada catro anos tamén opinen, e opinen distinto ao que vostedes pensan. (*Aplausos.*) Pero esta é a realidade e esta é a democracia. (*Aplausos.*)

¿Que maior democracia pode haber que darlles a oportunidade ás familias, ás persoas, a que simplemente teñan unha opinión?, que despois pode ser tida en conta ou non, pero simplemente para que teñan unha opinión en relación con este tamén. E, por casualidade, ¿saben o que din as familias galegas? Que o 80 por cento das familias estaría en contra —ou non están a favor— de que se modifique o Decreto do galego. Bueno, pois, ¡oe!, é unha opinión máis. Ao mellor, non é a definitiva; non é, evidentemente, decisiva á hora de tomar decisións, pero si é unha opinión que nós consideramos. E ¿por que non tela en conta e incorporala no debate? ¡Ah!, claro, pero como non coincide cos posicionamentos maximalistas do BNG, esta opinión xa non vale, xa non conta. ¡Deus me libre de que puidésemos ter esa capacidade para decidir tamén o resultado das eleccións autonómicas, porque, entón, xa saberíamos tamén cal era a posición do Bloque Nacionalista Galego!

E, ademais, temos outro factor importante que nós cremos que lle pode dar certo valor a outro dos mantras que vostedes repiten. Din que os nenos e as nenas galegas na escola non aprenden galego. Bueno, este é un tema que dá para unha reflexión, e seguramente dea para un debate e para unha comparecencia única deste conselleiro —que eu me presto para debater sobre esta cuestión—, porque isto deixa unha lectura certamente preocupante. En primeiro lugar, a ver en que posición quedan os profesores de galego no ensino público, porque son, evidentemente, os que teñen a responsabilidade de acreditar as competencias do alumnado. Nós dicimos que fan o seu traballo e que o fan ben; vostedes parece ser que din que non, que non fan o seu traballo e que, desde logo, están os centros educativos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, son vostedes os que din que os alumnos galegos non teñen as competencias en galego; polo tanto, a primeira lectura... (*Murmurios.*) Non, non, non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A primeira lectura é que son vostedes os que critican o papel do profesorado galego nos centros educativos. (*Aplausos.*) ¡Claro! (*Aplausos.*) ¡Isto é moi grave! (*Aplausos.*) Estaría ben que o profesorado galego fose consciente destas declaracións, porque non hai outra consecuencia...



Ademais, dígolles unha segunda lectura: como saben vostedes, hai probas de análises e de diagnóstico das competencias; existen unhas probas que se realizan de forma homoxénea en 2º da ESO. Esas probas, que se realizan anualmente, acreditan de forma clara que as competencias en galego, en lingua galega e en lingua castelá, están totalmente equilibradas. Esas probas fanse anualmente no ensino público, no ensino concertado e no ensino privado en Galicia e, polo tanto, pode ser que vostedes teñan unha opinión, pero os datos que se manexan en relación con este tema son estes, gústelles ou non lles guste. ¿Isto quere dicir que non temos ningún problema co uso do galego? Non. Evidentemente, non. ¿Isto quere dicir que estamos na mellor das situacións para garantir que o galego teña unha presenza e unha vixencia na sociedade no futuro? Non, está claro que non. Por iso temos que traballar na mellora do espazo do galego. Pero xa sei que lles molesta... Non, xa sei que lles molesta o tema... (*Murmurios.*) O debate non lles interesa. Pero eu xa lles digo que estou disposto a analizar este debate sen ningún tipo de présas. (*Murmurios.*)

Simplemente quero dicirlles —e xa remato— que non quero molestalos máis nesta mañá fermosa do mes de maio —florida, como dicía a señora Queixas—; só quero dicirlles que non quedemos con esta rifa, que non quedemos coas diferenzas. Eu creo que temos que quedar con que sempre é bo momento para o diálogo, con que sempre é bo momento para o pacto e con que nunca, nunca será tarde para poder chegar a un acordo. Eu espero que así sexa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Continuamos co punto segundo, comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre a comercialización dos produtos pesqueiros ante as negociacións do acordo de libre comercio da Unión Europea con Tailandia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señorías, moi bo día a todos.

Comparezo hoxe ante a Cámara, por petición propia, para dar conta dun tema de intensa preocupación para Galicia e, en particular, para a industria transformadora e conserveira europea, en xeral, que é a liberalización arancelaria das importacións do atún no marco do acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia.

Antes de entrar en materia, quixera contextualizar o que significa esta industria para Galicia no marco da actividade europea, de cara tamén a entender a repercusión que a sinatura deste acordo podería ter para nós. De acordo coa última edición do Informe económico da industria transformadora de peixe da Unión Europea, publicado o pasado ano, esta industria xerou en Europa un volume de negocio de 29.400 millóns de euros e empregou a máis de 111.000 per-



soas nas 3.200 empresas dedicadas á transformación de peixe como actividade principal. Neste escenario, España ten o maior número de empresas, o 18 por cento do total, e as maiores cotas de facturación, co 26 por cento do total, e de emprego, co 27 por cento do total da Unión Europea.

Como saben, a organización singular da industria de procesado e conservación de produtos da pesca no noso país é Anfaco-Cecopesca. No ano 2024, aglutinou a forza dun tecido asociativo composto por máis de 250 empresas, converténdose na entidade máis representativa da industria nacional; mentres que Galicia, co 57 por cento do total, o facía como a comunidade máis relevante. Un ano máis consolidou a súa posición como referente do sector, sumando unha facturación próxima aos 14.300 millóns de euros e 26.000 empregos, o que representa máis do 70 por cento da facturación e do emprego nacional e máis do 90 por cento do volume total de produción. E destaca a posición de Galicia, que novamente é a comunidade líder, en termos de emprego, de facturación e de produción.

Con relación á exportación de preparacións e conservas de peixe e marisco, tivo un comportamento positivo, aumentando un 3,7 por cento en volume e un 8 por cento en valor. Especialmente relevante foi a contribución de Galicia, que exportou máis do 70 por cento do total nacional. A conserva de atún, o produto protagonista desta comparecencia, volveu posicionarse coma o primeiro produto de exportación, superando as 100.000 toneladas; e é, sen dúbida ningunha, o produto estrela desta industria, na que representa máis do 65 por cento da produción total de conservas da Unión Europea. De forma somera, acabamos de entender, por un lado, por que Anfaco-Cecopesca leva tantos anos marcando o rumbo de España cara ao liderado mundial no eido da transformación e a comercialización dos produtos da pesca e da acuicultura, e por que Galicia é o paradigma da industria conserveira a nivel nacional e internacional.

Señorías, para entender a cuestión que hoxe traemos a esta Cámara, temos que retrotraernos ata o ano 2007, ano no que o Consello da Unión Europea autorizaba a Comisión Europea a establecer negociacións para asinar un acordo de libre comercio coa Asociación de Nacións do Sueste Asiático —a ASEAN—. Os países membros da ASEAN están considerados os principais operadores mundiais no sector atuneiro, cun papel dominante de Tailandia, Filipinas e Indonesia. O caso que nos ocupa, Tailandia, é a segunda economía máis relevante da ASEAN. É o principal fabricante de preparacións e conservas de atún, co 25 por cento da produción mundial e o 80 por cento da ASEAN. E, ademais, é o maior exportador deste produto, co 30 por cento do comercio mundial e o 70 por cento da ASEAN.

Prosigamos. Logo da autorización inicial a negociar coa ASEAN, no ano 2009 o proceso suspendíase para dar paso a negociacións bilaterais e individuais cos estados asociados. Desta forma, a Comisión Europea daba un primeiro paso para asinar un acordo de libre comercio con Tailandia no ano 2013. Sen embargo, o ano seguinte un golpe militar no país provocou que o camiño quedase suspendido. E, xa no ano 2017, o Consello da Unión Europea nas súas conclusións anunciaba que as negociacións poderían ser retomadas cando se elixise de forma democrática un goberno civil. Así, tras as eleccións celebradas no ano 2019, e lembrando estas conclusións, o Consello da Unión Europea consideraba apropiado que a Unión Europea adoptase medidas para continuar no camiño da negociación.



Tras retomar as conversas exploratorias, no ano 2023 relanzábanse as ditas negociacións. Ano no que, xa vendo o posible impacto negativo que podía causar, o Partido Popular Europeo presentaba diversas emendas ao informe preparatorio que acompañaba o acordo. E tamén reiteraba a petición do Parlamento Europeo á Comisión Europea de tratar as conservas de atún como produtos sensibles no marco destas negociacións.

Xa neste ano, do 31 de marzo ao 4 de abril, tivo lugar a quinta rolda de negociacións, caracterizada pola confianza da Comisión Europea de pechar este acordo antes de finais de ano. O interese da Unión Europea vén marcado polo nivel de comercio bilateral entre ambas as rexións, que no ano 2023 ascendeu a 40.200 millóns de euros. A Unión Europea é o cuarto socio comercial de Tailandia, despois da China, Estados Unidos e Xapón, mentres que Tailandia é o vixésimo oitavo socio comercial da Unión Europea en todo o mundo. Tras Xapón, a Unión Europea é o segundo maior investidor en Tailandia. Polo tanto, é un dos destinos máis importantes para a Unión Europea dentro da ASEAN, por ser considerado centro estratéxico e porta de entrada para promover o comercio e o investimento na rexión.

Sen embargo, e en paralelo a todos os avances dados pola Unión Europea, tanto na nosa rexión como no noso país, na industria atuneira europea aumentaba, por un lado, tanto a preocupación por unhas negociacións que están a supoñer unha ameaza de competencia desleal ao seu modelo empresarial, como as peticións para que os produtos de atún quedasen excluídos do acordo con Bangkok, por ser un risco a estabilidade do mercado europeo do atún.

En termos absolutos, estamos ante unha superpotencia pesqueira e fronte ao maior exportador mundial de atún enlatado e preparado, cunha produción de 470.000 toneladas anuais. Na actualidade, as exportacións de Tailandia á Unión Europea roldan as dez mil toneladas ao ano, cun arancel do 24 por cento. A derogación deste gravame provocaría automaticamente a afluencia masiva de importacións, dado o seu potencial. A entrada de atún tailandés sen aranceis podería supoñer, segundo o sector, ata 24.000 toneladas en só dous anos.

O precedente de Vietnam, 11.500 toneladas libres de arancel, demostrou que é un escenario posible. Un escenario no que o anterior Comisario de Pesca, o señor Sinkevičius, encomiou o labor ambiental dun país que identificaba como forte socio, a pesar de estar sinalado como bastión para a pesca ilegal por parte da propia Unión Europea. Un país que contaba desde o 2017 cunha das tarxetas amarelas coas que a Comisión identifica aqueles que cometen malas prácticas pesqueiras e que fomentan a sobreexplotación dos océanos. Un comisario ao que tanto se apoiou, sobre todo por parte dalgún partido desta Cámara, e que tanto dano nos fixo na pasada lexislatura e que, entre outras cuestións, nos deixaba regalos envelenados como as negociacións deste acordo. *(Aplausos.)*

Polo tanto, o impacto nas nosas frotas sería inmediato, xa que a liberalización deste comercio podería desencadear: primeiro, unha onda de importacións de atún con baixo custo regulatorio; segundo, unha presión á baixa sobre prezos e marxes, poñendo en risco o equilibrio dun sector competitivo pero altamente regulado; e, terceiro, serias consecuencias estruturais. Por un lado, caída de prezos, redución de marxes e perda de empregos e, por outro, o desincentivo do investimento en innovación e a deslocalización da produción. E, en consecuencia, unha perda de cohesión territorial e soberanía industrial.



Por outro lado, a entrada no mercado interior dos lombos e latas de atún procesadas a partir de pesqueiras asiáticas —de baixo ou nulo cumprimento dos estándares e da normativa internacional nos eidos tanto social, ambiental, sanitario ou económico— tamén suporía unha ameaza directa ás frota europeas sostibiles. Neste sentido, a frota europea de cerqueiros e atuneiros é recoñecida como un modelo de sustentabilidade e responsabilidade. Respecta cotas estritas, está monitorizada 24 horas os sete días da semana, embarca sistematicamente observadores científicos cunha cobertura do cen por cento e aplica un rigoroso control e supervisión. E, asemade, conta coa certificación do selo MSC e o cumprimento das normas Aenor e Afnor, os máis altos estándares ambientais e sociais respectivamente. Estas normas e estándares convértena na frota atuneira máis cara de operar do mundo, o que xa levou ao peche no último ano de empresas relevantes como Via Océan e Nicra-7. Empresas que tiñan que competir en augas e mercados internacionais con frota non pertencentes á Unión Europea que non respectan os mesmos estándares ou que mesmo practican a pesca ilegal non-declarada e non-regulamentaria.

Neste sentido, os convenios internacionais en materia de dereitos humanos, laborais, ambientais e de boa gobernanza que a Unión Europea exige a un terceiro país para poder acollerse ao Sistema de Preferencia Xeneralizadas Plus son os estándares mínimos que deben de ser tidos en conta nos acordos de libre comercio. No caso de Tailandia existen convenios fundamentais non ratificados ou falta de estándares equiparables en cuestións ambientais nas fábricas, sen sistemas de tratamento de residuos ou emisións, entre outros. E o mesmo en materia sanitaria: país no que existen irregularidades e incapacidade para garantir estándares que cumpran cos requisitos europeos. Razóns todas elas máis que suficientes para que o país se atope no foco de investigacións por parte de diversos organismos internacionais, nas que se pon en evidencia incumprimentos graves como escravitude, tráfico de persoas, traballo infantil ou técnicas de pesca ilegal.

A maior abundamento, a industria procesadora tailandesa presenta deficiencias estruturais preocupantes, como que non ten suficiente subministración propia. Importa masivamente materia prima de países con prácticas opacas: o corenta por cento dos seus provedores de atún enteiro non cumpre cos requisitos para comercializar na Unión Europea, ben porque non están autorizados sanitariamente ou ben porque non comunicaron ás autoridades competentes a súa colaboración no eido de erradicar a pesca ilegal, non-declarada e non-regulamentaria. Este último é o principal factor de risco nestes países, xa que o peixe pode ser mesturado nos portos de descarga e nos establecementos de procesamento.

En resumo, Tailandia opera en condicións radicalmente distintas. Os seus estándares laborais, sanitarios, ambientais e de control de pesca ilegal están moi lonxe dos exixidos en Europa. A súa nova lexislación pesqueira, lonxe de reforzar esas garantías, rebaixou os controis xusto no momento no que avanza as negociacións con Bruxelas. É, por ende, un exemplo de manual de *dumping* normativo: competir reducindo estándares en lugar de mellorar a súa produtividade. É dicir, que as frota europeas sostibiles se enfrontan a custos máis elevados debido aos seus rigorosos controis sanitarios e estándares sociais e ambientais. Polo tanto, un acordo que permita a entrada de produtos de atún libres de impostos á Unión Europea só agravaría o desequilibrio existente, prexudicando aínda máis a sostible e responsable frota europea e socavando a competencia leal.



Chegados a este punto, cómpre facer un chamamento ao sentido común, uníndonos ao sentir e apoiando o traballo do sector nacional e europeo, representado por entidades como Anfac-Cecopesca ou Europêche.

A realidade é que nos atopamos nun escenario paradoxal, especialmente ante as contradicións da Unión Europea, que está a sementar certo desconcerto, xa que semella que, pese ao cambio de discurso, está a manter as políticas que ameazan a supervivencia das frotas e das comunidades costeiras. A realidade é que, mentres Bruxelas segue impoñendo regulacións cada vez máis restritivas ás súas propias empresas, pretende permitir, se este acordo chega a bo porto, a importación de produtos que non cumpren os mesmos requisitos. A Unión Europea debe decidir entre coherencia ou concesión; entre erosionar a súa base produtiva ou garantir o futuro do seu tecido socioeconómico.

Para Galicia, a exclusión deste produto non é un xesto simbólico, senón unha decisión estratéxica que debe responder ao risco real, profundo e duradeiro que suporá para un dos sectores máis punteiros da nosa terra. Por iso, porque se trata dun sector altamente competitivo que vela pola sustentabilidade e os estándares internacionais, debemos exixirlle á Comisión Europea que estableza acordos de libre comercio xustos, que garantan o futuro da industria conserveira de atún, estratéxica para a economía costeira, o emprego e a propia seguridade e a soberanía alimentaria.

Ante esta observación, cómpre excluír os produtos de atún do proxecto de acordo con Tailandia e manter unhas normas de orixe estritas, co fin de contribuír a preservar o sector atuneiro europeo e garantir ese campo de xogo limpo. O contrario viría supoñer romper co marco de seguridade do que nos dotamos nas últimas décadas e no que todos observamos as mesmas obrigas, cuxo trato é xusto e recíproco, con independencia do lugar no que operen as nosas frotas. O contrario suporía: primeiro, unha distorsión do mercado debido á competencia desleal por parte de terceiros países; segundo, unha diminución da nosa seguridade e a soberanía alimentaria; e, terceiro, un retroceso na loita global contra a pesca ilegal non-declarada e non-regulamentada. Por todo isto, señorías, é fundamental que loitemos xuntos polos dereitos de Galicia e da nosa cadea mar-industria, columna vertebral do tecido produtivo costeiro, porque nos xogamos moito. *(Aplausos.)*

A posición de Galicia fronte ao desafío do actual marco arancelario internacional e do acordo de libre comercio con Tailandia é clara, e así o estamos a trasladar ao sector. Para Galicia, abrir o mercado a unha asimetría regulatoria penalizaría quen cumpre e premiaría quen non o fai. Un erro de política comercial e industrial que poñería en perigo un ecosistema empresarial que sostén comarcas enteiras.

A inicios do ano aprobamos unha proposición non de lei, iso si, co voto en contra do Partido Socialista. De novo, un partido que está a dar as costas ao noso sector. Unha cuestión, a verdade, á que tristemente estamos afeitos. Pero bueno, é importante tamén seguir chamando a atención. Un texto polo que instabamos a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante a Comisión Europea a exclusión total do atún do acordo con Tailandia e do proceso de liberalización arancelaria, e polo que o Goberno de España adquiriría un compromiso firme e activo con esta posición, liderando a mesma en Europa como unha liña



vermella a non traspasar. E o establecemento de normas sólidas e equitativas que garantan a igualdade de condicións entre Tailandia e a Unión Europea, que evite a competencia desleal en todos os produtos pesqueiros.

Un texto similar foi presentado no Senado. E, ¿saben que? Pois si, de novo o Partido Socialista dáballe as costas ao sector, negándose a defender ante a Comisión Europea —e leo literalmente— «a exclusión total do atún do acordo de libre comercio que se negocie con Tailandia, para impedir que as conservas dese país entren no mercado comunitario sen aranceis». E eu digo, señorías do PSOE: o partido do «non» era o do BNG, pero o seu partido aquí e en Madrid non queda atrás. E non é un «non» ao PP nin á Xunta de Galicia; é un «non» a Galicia e ás nosas xentes do mar.

Asemade, xunto co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, mantivemos unha reunión no epicentro de Europa co comisario de Pesca e Océanos, Costas Kadis, ao que lle trasladamos o compromiso da nosa frota co cumprimento dos estritos estándares operativos que se lle exigen aos pescadores europeos. E insistimos na importancia de que estes non deberían ter que verse penalizados fronte a rivais que non cumpren estes requisitos, avogando pola necesidade de que exista ese verdadeiro campo de xogo limpo. Á vez que lle amosabamos a nosa preocupación respecto ao acordo con Tailandia.

E, co gallo deste encontro, tamén mantivemos unha reunión de traballo cos máximos responsables das industrias atuneiras españolas agrupadas en Anfaco-Cecopesca, co fin de reforzar a colaboración público-privada, de establecer unha estratexia conxunta de defensa da nosa competitividade e mesmo da viabilidade do sector do noso territorio. Non podemos esquecer que son máis de oito mil familias galegas as que están vinculadas a esta industria. Recordemos que, como dicía ao principio, Galicia lidera a produción de conservas de peixe na Unión Europea, e só no ámbito do atún concentra máis do setenta por cento da actividade nacional e xera miles de empregos directos e indirectos. É unha industria de alto coñecemento, comprometida coa innovación, a rastrexabilidade e a sustentabilidade. E, por suposto, é un vector de cohesión económico dos municipios costeiros nos que se asenta.

Por último, quixera mencionar o encontro que tivemos co eurocomisario de Pesca e Océanos a mesma semana pasada, convocado polo ministro Planas e no que nos demos cita todos os responsables autonómicos do ramo, na que foi a súa primeira visita oficial ao noso país. O apagamento eléctrico púxolle certo suspense á celebración desta reunión. Pero, preocupándonos moito o estado do sistema eléctrico nacional, o que verdadeiramente nos preocupa é o apagamento á pesca. Un apagamento no que Galicia arroxo luz poñendo enriba da mesa o tema que hoxe nos trae a esta Cámara. Como vimos denunciando, xa non é que non sexa de preocupación para o Goberno central; é que parece non ser da súa competencia.

Remato, señorías. A defensa do sector conserveiro galego non é unha bandeira local; é unha cuestión de futuro, de competitividade, de sustentabilidade e de responsabilidade. O que hoxe reclamamos é un acordo de postulados claros e xustos e de cumprimento recíproco. E aquí ten moito que dicir un Goberno central que está mudo e cego nestes momentos.



O que hoxe reclamamos é que a nosa política pesqueira común, en fase de revisión, non perda influencia e que non se vexa prexudicada a xestión sustentable dos océanos, nin a seguridade, nin a soberanía alimentaria da Unión Europea nin o tan ansiado campo de xogo limpo. Cuestións que abordarei na seguinte intervención. Porque nos xogamos moito, señorías. Xogámonos o valor dunha industria que dá sentido social e económico á nosa terra, ao noso mar e ás nosas xentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario Mixto. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Conselleiro, bo día.

Ao ter coñecemento da súa comparecencia, asaltounos a dúbida de se tiña novidades sobre o tema para tratar na súa comparecencia ou se trataba de cumprir co trámite de informar sobre o que xa coñecemos. É a tónica habitual deste Goberno, que acaba de confirmar vos- tede, poñer deberes ao Goberno de España, responsabilizalo do mal que poidan saír as ne- gociacións e, sobre todo, exculpar a Xunta de Galicia.

Conselleiro, non é exacto o que vostede afirmou sobre o papel do Goberno de España. Falar do Goberno de España como mudo e cego, cando está defendendo a posición do sector, é vir aquí enfrontar o sector cos grupos políticos. *(Aplausos.)*

Por contextualizar a situación e as preocupacións dos socialistas, que son as mesmas que as de vostede... Teño menos tempo, pero convén contextualizar. En marzo de 2023, a Unión Europea e Tailandia acordaron relanzar as negociacións para un acordo de libre comercio. O obxectivo dese acordo será impulsar o comercio e o investimento abordando unha ampla gama de cuestións, como o acceso ao mercado de bens, servizos e investimentos. Pero a sus- tentabilidade tamén estará no centro do acordo.

Efectivamente, houbo unha primeira rolda de negociacións no ano 2023 en Bruxelas, a última celebrada recentemente, á que vostede fixo mención. Pero miren, en importancia —que tamén a ten para os socialistas— do sector pesqueiro e conserveiro, Tailandia, efectivamente, é o primeiro fabricante de preparacións e conservas de atún, 24 por cento da produción mun- dial. Unha produción mundial dunhas quíntas mil toneladas de atún enlatado. Ademais, é o primeiro exportador de preparación en conservas. En materia de capturas, efectivamente, das principais especies de atún tropical o seu papel é menor, importa materia prima. E, se-



gundo Anfaco, oito dos provedores de Tailandia non cumpren os requisitos para comercializar na UE. Por referencia, España produce ao redor de dúascentas vinte e cinco mil toneladas de atún en conserva, o segundo produtor mundial tras Tailandia. Pola súa banda, a frota atuneira española captura unhas trescentas setenta mil toneladas; evidentemente, é certo, con certificación MSC.

Miren, a posición dos socialistas: se o acordo de libre comercio con Tailandia inclúise os produtos de atún, a derogación destes aranceis podería provocar un incremento considerable das importacións, dado o considerable potencial exportador do sector tailandés. Segundo Anfaco, con quen este partido eurodeputado en Bruxelas está permanentemente en contacto, Tailandia podería incrementar as súas exportacións un vinte por cento ao segundo ano. O impacto sería inmediato, efectivamente, para o sector europeo, tanto para o conserveiro como para as frots atuneiras. Tamén a menor calidade dos produtos no supermercado, cunha afluencia de produtos con menores esixencias ambientais e de control. No mercado mundial de atún, a frota europea de cerqueiros atuneiros é recoñecida como un modelo de sustentabilidade e responsabilidade. Un acordo de libre comercio con Tailandia que permita a entrada na UE de produtos de atún libres de impostos non faría senón profundar o desequilibrio existente, prexudicando aínda máis as frots europeas e socavando a competencia leal.

Por outra banda, Tailandia presenta, é certo, deficiencias estruturais preocupantes. A súa industria transformadora importa atún enteiro de forma masiva de países con prácticas opacas en canto á sustentabilidade e cumprimento sanitario. Tailandia non aplicou o convenio 188 da Organización Internacional de Traballo, os principais convenios internacionais sobre dereitos humanos e traballo no mar, e non ratificou outros importantes. A última auditoría da Comisión Europea en 2023 puxo de manifesto fallos persistentes en materia de saúde e seguridade alimentaria.

Esta, entre outras, conselleiro, é a nosa valoración, é a nosa preocupación. E pouco teñen que ver as iniciativas que vostedes traen a este Parlamento e ao Senado intentando, única e exclusivamente, responsabilizar o Goberno do Estado do relativo ás negociacións. Por iso, por esa manipulación, o voto en contra. Pero logo contestareille á outra parte que vostede mencionou. Por iso, a patronal do sector pesqueiro europeo, como o Goberno do Estado, conselleiro, pediu á Comisión Europea que exclúa os produtos atuneiros do proxecto de acordo de libre comercio con Tailandia e manteña unhas normas de orixe escritas. Isto contribuírá a preservar o sector atuneiro europeo e a garantir a igualdade de condicións.

Pola súa banda, un estudo encargado pola *European Tuna Group* en 2024 sinalou os seguintes impactos deste acordo: un impacto directo cifrado en 805 millóns de euros; impactos indirectos de 1.259 millóns de euros; 122 millóns de euros de perdas por ingresos arancelarios; e 467 millóns de euros de impactos sociais directos, debido á perda duns catro mil seiscennos empregos en Europa.

Mire, conselleiro, ante esta situación, o europarlamentario do PSOE, galego, Nicolás González, presentou en xaneiro unha pregunta parlamentaria á Comisión reclamando aclaracións sobre as medidas da Comisión para responder ante unha modificación normativa que vai en contra dos compromisos da loita contra a pesca ilegal non-declarada e non-regula-



mentada e da protección das condicións sociais e sobre a protección ao sector conserveiro. Na súa resposta, o comisario de Pesca, Costas Kadis —que lle recordo que pertence ao PP europeo, e logo falaremos da súa responsabilidade—, indicou que a Comisión está a seguir de preto a actual revisión da Lei de pesca de Tailandia e que en varias ocasións Tailandia foi informada de que non sería aceptable ningunha relaxación substancial da normativa en vigor sobre a loita contra a pesca ilegal non-declarada e non-regulamentada e de que a Unión Europea se reserva o dereito de estudar a adopción de medidas nese regulamento, en caso necesario, apuntando igualmente ao uso de instrumentos como o regulamento sobre o traballo forzoso.

Polo tanto, a posición do PSOE en Madrid, a posición do PSOE en Galicia e a posición do noso europarlamentario no Parlamento de Bruxelas é en defensa do sector, en contra da manipulación que vostedes fan e da utilización que vostedes fan do sector. Porque fai referencia a este tema tratado no Senado. Conviría, e vou facelo eu a continuación, que lese aquí a resposta do Goberno español.

Polo tanto, a súa comparecencia non nos descubriu absolutamente nada. Contextualización, a mesma que podemos facer nós. E, ao mesmo tempo, reservando para o final o ataque ao Goberno español por non defender o sector. Pois mire, é absolutamente falso. E logo, na segunda intervención que terei ocasión, vou demostrar cal é a posición do Goberno de España. O que conviría é que vostede nesta segunda intervención nos falase da relación co actual comisario europeo para a Pesca e se tan bos oficios pode traer para o sector en Galicia como asesor, que tamén figuraba na estrutura da Xunta de Galicia ata hai pouco. Señor conselleiro, non tanto mirar para os demais, senón responsabilizarse, presionar e actuar ante a Unión Europea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas.

É agora a quenda para o grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Moi bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, moi bo día, por dicir algo. Teño que comezar felicitándoo. ¿Sabe por que? Porque durante un tempo da súa intervención —non pequeno; o noventa por cento da súa intervención— case logrou confundirme, porque pensei que estaba escoitando en vivo e en directo o presidente de Anfaco, lendo o informe que o propio Anfaco nos pasou a todos os grupos. (*Aplausos.*) Exactamente. Nese informe que leu, señor conselleiro —que tamén lemos os demais, polo menos os que somos do ramo—, como era moi completo o informe de Anfaco, xa deu vostede todos os datos. Entón, non me vou repetir. Eu o que vou facer é dar algúns datos, digamos que *la cara B* do que vostede acaba de dicir.



Mire, efectivamente no ano 2023 a Unión Europea retomou as negociacións para conseguir un acordo de libre comercio con Tailandia. Unhas negociacións que se iniciaron o ano 2013 —e que isto, claro, non o dixo o señor conselleiro— e que no 2013 o Goberno de Mariano Rajoy apoiaba entusiasticamente. Quedaron suspendidas porque houbo un golpe de estado en Tailandia e, curiosamente, o xeneral que deu o golpe de Estado é o mesmo que sigue gobernando hoxe en Tailandia. E hoxe retómanse outra vez entusiasticamente, agora no 2023, as negociacións con Tailandia. Alguén debeu decidir —non se sabe quen— que xa é un país democrático e que, polo tanto, xa se pode negociar con el.

Parece ser que as negociacións están xa, efectivamente, moi avanzadas. E, se se inclúe o atún no tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia, efectivamente isto afectaría dun xeito moi significativo non só a industria conserveira galega, senón tamén, efectivamente, a frota atuneira.

E ¿que pide a frota atuneira e que pide o sector conserveiro galego, español e europeo? Piden, efectivamente, que se exclúa das negociacións o atún. E a petición do sector conserveiro e tamén do sector pesqueiro fundaméntase en datos que son verdadeiramente dun calibre impresionante. Fundaméntanse en que Tailandia —ese país gobernado polo mesmo xeneral que o gobernaba no 2013— é líder mundial en produción de conservas de túnidos e das súas fábricas saen máis de quíntas mil toneladas de atún enlatado, fronte ás aproximadamente duascientas mil que saen do conxunto do Estado español. Ben, nestes momentos, sen acordo aínda entre a UE e Tailandia, resulta que o atún tailandés xa entra en Europa, sen haber acordo. É verdade que entra nunha cantidade determinada e cun arancel dun 24 por cento. Claro, mais —aquí quero facer un pequeno inciso, porque está moi de actualidade o dos aranceis— os aranceis do 24 por cento son máis do que impón o Goberno amigo ianqui e a cuxas medidas de resposta vai votar o Partido Popular en contra o próximo xoves no Congreso dos Deputados. E, ¿por que vai votar o Partido Popular en contra? Porque son os da política do «non». (Aplausos.) Por iso van votar en contra.

Pero, señor conselleiro, a hipocrisía do Partido Popular, pero tamén da Unión Europea, vai moito máis alá. Resulta que están permitindo que entre unha parte dese atún tailandés a un 24 por cento de arancel na Unión Europea, cando resulta que Tailandia é un país que ten tarxeta amarela —e chámase así porque os da Unión Europea son moi creativos— dende o ano 2015. ¿Quen lle outorga a tarxeta amarela a Tailandia? ¡A Unión Europea! Ben, pois esta é a hipocrisía —insisto— do Partido Popular e da Unión Europea. E continúa a hipocrisía. ¿Sabe por que? Porque a última auditoría realizada pola Comisión Europea a Tailandia, que foi no ano 2023, xusto cando se retomaron as negociacións de novo, puxo de relevo numerosísimos e graves problemas relacionados coa seguridade alimentaria. Aínda así, hai tarxeta amarela, pero, como se paga ao 24 por cento de aranceis, *no pasa nada, que entre el atún tailandés*.

Ben, mentres todo isto pasa, e mentres toda esta hipocrisía tras hipocrisía do Partido Popular e das institucións europeas intentan convencernos do contrario, resulta que Galiza —que é a principal rexión de toda Europa na transformación de túnidos, que concentra máis do setenta por cento da actividade de todo o Estado español e que emprega o sector conserveiro máis de once mil traballadores e traballadoras dos máis de quince mil de todo o Estado— segue soportando normas e máis normas e regulacións que decimaron a súa frota ao longo



dos anos. Mentres se producían estes cambalaches na Unión Europea, Galiza seguía e segue aínda perdendo frota. Pero é que, ademais de perdermos frota, pois resulta que eses cambalaches da Unión Europea son os que nos obrigan tamén aos galegos e ás galegas a consumir produto foráneo, tamén —acabo de dicilo— dos países que non cumpren cos mínimos estándares, como por exemplo Tailandia.

Polo tanto, efectivamente estamos diante doutra ameaza máis para a frota cerqueira atuneira e para o sector conserveiro, que, como todos e todas sabemos, ten un peso importante, non só económico senón tamén social, no noso país. Pero, aínda con isto, non está de máis lembrar —e volvemos á hipocrisía, porque é un defecto moi estendido— os outros casos. Pensamos, por exemplo, no exemplo —valla a redundancia— do mexillón que vén de terceiros países a Galiza. Aquí quizais no seu informe Anfaco debería tamén facer unha reflexión de que tipo de política está facendo a respecto do mexillón galego, por exemplo. Cómpre reflexionar, porque lembremos que esa propia industria conserveira foi absolutamente proactiva —e ségueo sendo— á hora de introducir ese mexillón foráneo; e non só de introduci-lo, senón de vendelo como mexillón galego. E, claro, isto non parecía importarlle á industria conserveira de Galiza. A Anfaco e a toda a patronal non pareceu importarlles que estas cousas —traer mexillón de fóra e vendelo como galego— fosen afectar o sector produtivo mexilloeiro galego. Pero resulta que si que lle estaba e que lle segue afectando. Claro, nós supoñemos que isto non lle gusta moito oílo, pero vostedes saben que no día de hoxe o mexillón galego foi desbancado na industria precisamente polo mexillón foráneo. E nisto vostedes, o Partido Popular, que leva gobernando Galicia durante 16 anos, tiveron moito que ver en que esta situación se producise así.

Efectivamente, neste contexto que acabamos de describir, o Parlamento galego aprobou por unanimidade —creo recordar— nos últimos anos varias iniciativas, a última en febreiro deste ano, precisamente reclamando excluír o atún das negociacións entre a Unión Europea e Tailandia. A Xunta, a través do señor conselleiro do Mar, pero tamén do señor presidente do Goberno galego, pronunciouse tamén neste sentido en centos de ocasións nos últimos meses. Ben, agora o señor conselleiro do Mar vén ler un informe de Anfaco e comparecer sobre algo que levamos votado e tratado moitas veces neste tempo. E nós, señor conselleiro, non cambiamos o noso posicionamento. Nós seguimos opinando o mesmo que cando o debatemos na comisión 8ª en varias ocasións e cando votamos a favor das iniciativas. Nós non cambiamos o noso posicionamento.

Entendemos que está ben toda a presión que se faga, a ver se desaparece algo desa nube de hipocrisía por algún lado. Está ben toda a presión que se faga, pero comprenderá vostede, señor conselleiro, que botemos de menos esa mesma presión e ese mesmo interese noutros tantos temas que afectan gravemente a pesca galega e que, en moitísimos casos, ¿sabe vostede de quen son competencia? Non da Unión Europea, nin de Sinkevičius sequera; son competencia de vostede, son competencia do Goberno galego do que vostede forma parte. Vostede non considerou, nin considera, vir aquí comparecer, por exemplo, para dar explicacións sobre a debacle absoluta e total do sector do mar no noso país. E soamente, porque xa a estas horas non estamos para datos, lle vou dar un que é absolutamente rotundo, señor conselleiro: no ano 2024 no sector do mar galego produciuse a maior perda de traballadores e traballadoras neste sector dos últimos 25 anos. E o señor conselleiro vén aquí comparecer hoxe a respecto do acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia. Insisto en



que está moi ben, pero estaría ben que viñese explicarnos por que o marisqueo galego só nun ano —marisqueo galego da súa exclusiva competencia— perdeu 222 permex. (*Aplausos.*) Sería bo que nos contase algo disto, porque, aínda que no caso do marisqueo non tería vostede un informe de Anfaco para ler, suponse que xa algo debe saber do tema e poderíanos explicar que está a pasar. ¡Nun ano, 222 permex! Calquera Goberno estaría dos nervios, pero a vostedes véxoos tranquilísimos.

Tamén podería vir comparecer, por exemplo, porque a nós realmente é que nos parece escandaloso o silencio do conselleiro do Mar diante do vergoñento informe da Dirección Xeral de Pesca que figura na resolución de declaración de impacto ambiental de Altri: 35 liñas nun total de 75 páxinas. E, ¿para que? Pois para que diga a Dirección Xeral de Pesca que fía todo, que todo está ben, a respecto do que diga o promotor da macrocelulosa.

Claro, tamén podería vir comparecer, por exemplo, xa que falamos de temas europeos, sobre por que —despois, por certo...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e xa remato, de anunciálo centos de veces e de prometelo centos de veces— a Xunta decidiu no seu momento renunciar a presentar un recurso diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea a respecto das 87 vedas que tanto están a afectar a frota palangreira de fondo do noso país. Pois non interpuxeron recurso e, ademais, o discurso aquí neste Parlamento desapareceu por parte da Consellería do Mar.

E remato. Efectivamente, estas son, señor conselleiro, algunhas das cousas —algunhas, como acaba de ver, da súa exclusiva competencia— que parece que a vostede non lle interesan moito, pero a nós si, e ao sector tamén. Así que estaremos agardando cos brazos abertos a cando decida vir comparecer, efectivamente, e dar conta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...da súa propia —e agora engado, entre parénteses, «e nefasta»— xestión á fronte da Consellaría.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Señora Pérez, teño que felicitá-la, porque vostede é que nunca defrauda, non nos sorprende nada. (*Murmurios.*) Sabemos o que vai dicir antes de dicilo. Pode aplaudir. Pero si que non



esperabamos algunhas cousas. Por exemplo, non esperaba que Rajoy fose o responsable do posible acordo entre a Unión Europea e Tailandia. Iso é para superarse. Tampouco esperabamos, e non sabiamos, que o BNG tamén lle dicía «non» á Unión Europea. Nós sabiamos que vostedes querían saír de España, que querían ser independentes, porque a UPG parece que dixo que había que saír de España e esa era a primeira prioridade. Pero tamén é que queren saír da Unión Europea. Falan con isto como se non fose con vostedes estar na Unión Europea. Isto para nós é novo.

E, terceiro, vostede fala de hipocrisía. Home, falar vostede de hipocrisía, recórdanos ao poema de Gustavo Adolfo Bécquer: ¿Que é hipocrisía? ¿E vostede mo pregunta? Hipocrisía é vostede. ¡É vostede a hipocrisía! (*Aplausos.*) Como lle gusta vir aquí dar leccións, señora Pérez, como lle gusta.

Ben, señor Font, novidades tíñannolas que dar vostedes a nós. O Partido Socialista xa sabemos que no tema do mar *nin está, nin se lle espera*. Para vostedes o mar non existe; sempre é «non sabe/non contesta». O Partido Socialista, no tema do mar: «non sabe/non contesta». E isto é unha comparecencia. Aquí non hai que vir votar. Aquí ao que hai que vir é a dar apoio, a apoiar o Goberno galego e o Goberno de España para que defenda o sector da conserva galega na Unión Europea. Iso é polo que estamos aquí.

¿Por que? Pois porque a industria conserveira, como saben, xa leva máis de cento cincuenta anos en Galicia. Está impulsada pola abundancia, naceu pola abundancia dos recursos mariños —da sardiña, do atún, do mexillón...— e tamén pola necesidade de preservar os alimentos máis alá do momento da captura. O proceso de enlatado —como saben, inspirado en técnicas francesas e italianas— permitiu garantir a seguridade alimentaria e facilitou a comercialización dos produtos, tanto no interior da Península como no estranxeiro. As primeiras fábricas de conservas asentáronse en vilas costeiras como Vigo, como Cangas, Viveiro, a Pobra do Caramiñal, Vilagarcía... creando unha industria con fortes raíces familiares e cun importante papel social e económico. Este desenvolvemento tamén foi clave para a incorporación da muller no mercado laboral, xa que moitas mulleres —e sábeno— traballaban e traballan no proceso de empacado e manipulación do produto.

A industria conserveira galega representa, por tanto, o punto de partida dun sector, o da transformación da proteína mariña, que soubo como ningún outro adaptarse aos cambios ao longo dos anos. Co paso do tempo, a conserva galega converteuse nun referente mundial, grazas á súa capacidade de adaptación, de innovación e de internacionalización. Un sector do que nos sentimos —polo menos dende o Partido Popular de Galicia— tremendamente orgullosos.

O conselleiro deu datos suficientes e prolixos para entender a relevancia deste sector en Galicia no contexto nacional e no escenario europeo. Como saben, o sector da conserva de peixe e marisco caracterízase por unha competencia intensa a nivel internacional. A competencia provén da variedade de produtos, da diversidade de prezos e da crecente presenza de competidores estranxeiros. Mais, dun tempo a esta parte, a maioría das conserveiras internacionais —que non a galega e a nacional— foron perdendo o vínculo coa frota pesqueira; algunhas por decisións estratéxicas, pero a maioría pola redución das capturas dispoñibles.



Isto obriga a depender de importacións, aumentando a dependencia do exterior. Países como China, Tailandia ou Ecuador introducen grandes cantidades de conservas ou materias primas, como lombos de atún precocidos, a prezos baixos. Moitas veces estes produtos non cumpren os estándares europeos de sustentabilidade, de trazabilidade ou de dereitos laborais.

Señorías, Galicia ten que competir con países con custos de produción máis baixos e menos esixencias legais e medioambientais. Isto supón unha competencia desleal, que prexudica as empresas que cumpran coas normativas europeas. A industria galega vese obrigada a competir nun mercado desigual, e xa non é realista construír o modelo cun aprovisionamento local que había noutro tempo. Dito doutra maneira, é inviable asegurarse a materia prima cunha frota propia.

Pero toda esta situación, á que xa están acostumadas as empresas galegas, pode empeorar debido ao risco de que no tratado de libre comercio que se está a negociar entre a Unión Europea e Tailandia se inclúan as conservas de atún. E de aí xorde a nosa preocupación, unha preocupación que é compartida por todo o sector conserveiro galego, sobre as consecuencias posibles que pode ter para a industria conserveira galega o futuro acordo de libre comercio da Unión Europea con Tailandia. Un acordo que se prevé que estea asinado antes de que finalice este ano 2025.

Señorías, supoñemos que esta é unha preocupación non só do Partido Popular, senón de todos os partidos políticos que estamos no Parlamento. Por iso é difícil entender como o Partido Socialista, señor Font, votou en contra en febreiro deste ano de esixir a exclusión total do atún do acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia. ¿Terá isto algo que ver con que o comisario de Comercio da Unión Europea, o eslovaco Maroš Šefčovič, sexa do Partido Socialista, señor Font? ¿Terá algo que ver? Porque el é o responsable de negociar o tratado; non mariano Rajoy, senón o comisario socialista de Comercio.

Señorías, neste asunto debemos estar todos unidos, porque entendo que aquí estamos todos neste Parlamento para defender os intereses de Galicia. Para iso nos votan, por encima de calquera outra cousa. ¡Galicia primeiro, Galicia en grande! (Aplausos.)

¿E por que estamos preocupados? Porque, como dicía o conselleiro, a Unión Europea e Tailandia teñen relacións comerciais intensas, pero aínda se prometen máis estreitas. Respecto do mercado da pesca, Tailandia é o terceiro exportador mundial de peixe e marisco e o cuarto socio comercial da Unión Europea. Tailandia, cunha produción superior a quíntas cincuenta mil toneladas, segundo os últimos datos da FAO, é o principal produtor e exportador mundial de conservas de atún. A ausencia de frota propia, cunhas capturas de atún enteiro inferiores a catro mil toneladas anuais, fan pensar a masiva entrada de atún importado a Tailandia de países que non cumpren cos cumprimentos en materia de pesca ilegal ou sanitaria e tamén en materia de dereito de traballo, como poden ser Micronesia ou Nauru. Estes son os países de onde principalmente se fornece Tailandia.

Dito doutra maneira, Galicia e Tailandia non están xogando coas mesmas cartas. E, como dicía o conselleiro, Galicia é a principal rexión conserveira de Europa: emprega máis de once mil dúscenas persoas en Galicia na conserva. O atún continúa sendo o produto estrela, re-



presentando máis do setenta por cento do volume da produción. E o atún é o peixe máis consumido na Unión Europea, preto de tres quilos por persoa ao ano. España acapara o 88 por cento das capturas de atún en Europa.

Polo tanto, un acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia que supoña a apertura do mercado comunitario aos produtos de atún sería un golpe letal para a industria galega e española de conservas de peixe e marisco. De aí vén a nosa preocupación e por iso estamos hoxe aquí: para pedirlle ao Goberno de España que exixa ante a Comisión Europea a exclusión do atún nese acordo.

Nun momento no que se fala con forza de guerras arancelarias, de proteccionismo e de alianzas estratéxicas a nivel global, resulta imprescindible erguer a voz na defensa da industria conserveira galega. *(Aplausos.)* A inclusión das conservas no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia suporía un golpe devastador para un sector estratéxico con profundas raíces sociais e económicas en Galicia. Non podemos permitir que, en nome da liberalización comercial, se sacrifique unha actividade que leva máis dun século xerando emprego, valor engadido e identidade para o noso territorio.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señorías.

Bueno, a verdade é que dá a sensación de que é unha temática que xa todos coñecen, todos son coñecedores. Na miña primeira intervención o que tratei de demostrar era o interesante e o importante que é para Galicia que se defenda en Europa o noso sector, porque así nolo pide o noso sector, representado en Anfaco e Cecopesca. Un sector e unha representatividade que alguén ten que representala. Pero o máis importante de todo deste sector é que hai moitos traballos detrás dese sector en Galicia. Soamente na transformación, hai máis de trece mil traballos vinculados ao sector da conserva. Por iso, señorías, a importancia de traer este asunto aquí. Non é un asunto banal, non é un asunto para escaparse de ningún debate. É un asunto para tratar porque así nolo pediu a xente que coñece este tema, que vive do sector e que representa este sector. E para nós saber que esa petición vén avalada por unha importante carga de traballo que nos dá riqueza a moitísimas familias galegas e a moitos territorios galegos é o máis importante polo cal trouxemos hoxe este punto aquí. *(Aplausos.)*

Isto, señor Font, non é un ataque a ninguén. Isto é unha petición a quen llo hai que pedir. Evidentemente, como vostedes saberán —porque entendo que o saben—, a representación en Bruxelas fana os estados membros e nese caso tócalle ao Goberno de España e a un ministro do seu partido. Polo tanto, é el quen ten que defender. Evidentemente a nós, a Galicia, tamén nos gustaría ata pedir unha rexionalización: que tamén as comunidades pesqueiras se puidesen sentar ao lado dos estados para reclamar e para pedir para o noso sector, para o sector do mar. Pero iso nestes momentos non se dá. Quen ten a representación absoluta—



mente nesas negociacións é o Goberno central, onde están vostedes, e vostedes votaron con respecto a esta temática dúas veces en contra. Eu unicamente as mencionei e o que lles pido é que rectifiquen ese voto e defendan o sector galego e que defendan todas estas familias. (*Aplausos.*) Non hai ningunha acusación, nin é acusar por acusar, nin é traer un tema por traelo. É, como dixer, pola importancia deste tema e por ver realmente cal é a votación do seu grupo e do seu Goberno con respecto a esta petición.

Por iso é que nestes momentos —que tamén vostede fala dun comisario—, evidentemente nese Goberno europeo tamén hai máis comisarios, tamén hai un comisario socialista. Eu xa non entro en que parece ser que exista unha decisión do comisario de Comercio. Nós falamos co comisario de Pesca, falaremos co comisario de Comercio, falaremos co comisario de Transición Ecolóxica e con quen faga falta para intentar realmente conseguir o que aquí estamos a falar. A nós o que nos importa é Galicia e a nós o que nos importa é a nosa xente. Non nos importa ningún partidismo de ningún tipo. Porque, xa que temos a sorte os que estamos aquí —entendo eu— de vivir nesta terra, que é a nosa, pois carai, polo menos que nos una iso, que nos una a defensa de Galicia, que nos unan os nosos intereses. (*Aplausos.*)

Señora Pérez, xa sei que vostedes sempre —sempre non, eu algunha vez espero que non sexa así— entran neste estrado e o seu posicionamento é: «aí está o demo, aí está o demo, aí sentado». O demo é o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia e chega aquí e nada máis chegar xa ten ese posicionamento: «estamos vendo o demo e...» Pero, ao final, este demo que vostedes están sinalizando e vostede sinala continuamente é a representatividade de moitos galegos, de cifras de galegos que votaron uns a nós e outros a vostedes, pero todos xuntos. Pero aquí hai moita representatividade de galegos. (*Aplausos.*)

Polo tanto, non hai galegos malos nin galegos bos. Polo tanto, eu teño moitos amigos no BNG, no Partido Socialista e en todos os partidos. Son amigos meus e, polo tanto, a súa representatividade para min é moi importante, porque me cruzo con eles, tomo cervexas con eles, tomo cafés con eles e vivo e convivo con eles porque somos unha terra e unha terra única. Pero aquí non hai ningún demo, e o Partido Popular e a súa representatividade non é ningunha tara, como vostedes continuamente queren dar a ver. (*Aplausos.*)

Eu fixen a lectura —evidentemente— dunha documentación que teñen vostedes, e esa documentación é de alguén que traballa no sector, que sabe e coñece cales son os datos, cal é o paso que hai que dar, o camiño que hai que dar. E nós, como representantes deles, contrastamos a opinión e dicimos: claro que si. ¿Para que imos cambiar unha coma ou poñer unha? Engadiremos algo e faremos algún comentario, pero ¿para que nos imos apartar de alguén que coñece o sector e que sabe realmente cal é o posicionamento que temos que ter? Eu non me riría de dicir «vén aquí vostede ler». Non, veño trasladar unha problemática para Galicia, para o sector da conserva. Iso é o que veño aquí defender e pedirilles que o defendamos todos. Única e llanamente. Polo tanto, pídolle risas as xustas con respecto a moitos dos que estamos aquí. ¡Risas as xustas! (*Aplausos.*)

Comentou máis cousas que teño ao final que contestarlle a elas. Porque eu pensei que tampouco ía xa neste tema, un tema moi centrado nunha problemática na que —como dixer— parece que este é o momento de incidir, de facer forza entre todos para intentar reclamar;



cada un de nós: vostedes coa súa representación en Europa e nós, todos xuntos, intentar facer o posible para que a negociación con Tailandia sexa positiva para o noso sector.

E, coma sempre, cos temas e coas cuestións que ao final eu non é que non queira entrar neles, pero evidentemente teño que contestar ás cuestións, ás contradicións e ás mentiras que vostede traslada aquí. ¡As mentiras que vostede traslada aquí! Porque aquí non pode vostede dicir —como comentou— que «nós non cambiamos de posicionamento»; díxoo vostede: «nós non cambiamos de posicionamento». Bueno, voulle dicir, señora Pérez. Como ben xa sabe —que xa llo recordei moitas veces— eu son concelleiro en Cervo desde o ano 1995. Estiven na oposición porque así o decidiron os veciños, despois estiven no Goberno e despois estiven de alcalde dezaseis anos. Pois resulta que no ano 2023 —2022, xa, e 2021— na Mariña se falaba de que ía vir Altri, deste tema. E falábase de que ía vir Altri. Eu estaba alí de alcalde, como un veciño máis da Mariña, e levamos un ano falando deste tema. E fun a foros falando e había representantes seus, representantes tamén do Partido Socialista e había representantes do Partido Popular. Evidentemente, eu podería ler algún posicionamento do alcalde, que era do BNG, neste caso de Ribadeo, porque ademais neses foros eu estaba con el e eu escoitaba o que ese home dicía: «*El alcalde de Ribadeo, Fernando Suárez Barcia, ha manifestado su decepción ante un anuncio que demuestra el peso que tiene A Mariña para la actual Xunta de Galicia y el interés que ésta tiene para el Gobierno de Feijoo, de Rueda o de quién venga del PP*» —ese é o seu ADN—. Di: «*quién venga del PP*». «*Son unos auténticos vende humos, ha señalado, y considera que este nuevo desprecio a la comarca deberá ser tenido en cuenta como un antes y un después de la falta de compromiso con nuestra comarca*». ¿E saben por que era esa decepción que tiña? Porque Altri —que el ofrecera, o alcalde de Ribadeo, os terreos de Ribadeo para que se instalase Altri— non fose, neste caso, para outra comarca.

Eses son os comentarios que eu tiven que aguantar durante moito tempo, como representante público e como veciño, de representantes e compañeiros seus. (Aplausos.) E eu naquel momento, e todos, entendíamos que, por exemplo, ese proxecto —veña ou non veña— era bo para a nosa Mariña. E isto era o que dicían os seus compañeiros. Pero agora os seus compañeiros —representados por vostedes— din todo o contrario. Polo tanto, que diga aquí que non cambian de posicionamento é unha auténtica mentira e iso é o que lles teñen que contar vostedes a todos os veciños; non soamente aos da Mariña, aos de Galicia. (Aplausos.) Dicírlles como cambian de opinión, como lle menten descaradamente á xente, porque realmente a min dóeme como representante público. (Aplausos.) A min doeume que me berrasen antes porque Altri se fose da Mariña e agora berranme os mesmos porque parece ser que se queda en Galicia. Home, ¡iso non! Que berren os mesmos polo si e polo non, iso non se aguanta. Iso terán que explicalo vostedes, non nós. (Aplausos.) E a min a empresa dáme absolutamente igual se vai para adiante ou deixa de ir para adiante, pero o seu posicionamento e o seu cambio de opinión son vostedes quen nolo teñen que explicar, porque hai máis que hemeroteca. Polo tanto, non veña aquí vostede dicir en plan lideresa que non cambian de opinión. ¡Cambian de posicionamento moito, moi descaradamente e, ademais, cunha auténtica burla a todos os galegos!

Mire, señora Pérez, incluso comentou un tema que tamén é importante poñelo aquí encima da mesa. Dicía vostede de non interpoñer recurso polo veto das 87 áreas de pesca de fondo do Atlántico. E, señora Pérez, a ver, lea un pouquiño, ou mire e pregunte. Aí Galicia está como



coadjuvante nun recurso que está posto mal. ¡Xa está! Vale, ben, pois entón non está dicindo a verdade. Pero, ¿sabe por que estamos como coadjuvante neste recurso? ¿Sabe por que o sector e Galicia están poñendo un recurso por esas 87 áreas? Porque un compañeiro do seu partido —neste caso, do grupo dos Verdes, onde está o BNG metido— dixo que aí non se podía pescar. Á pesca, aos pescadores, aos barcos galegos que pescan máis respectuosamente en todos os mares, como neste caso é a pesca de palangre. Por unha decisión do seu grupo, do que vostedes tamén forman parte. Iso tamén hai que dicilo, señora Pérez. *(Aplausos.)*

O importante eu creo que é volver ao punto no que estabamos e polo que eu plantexei a miña comparecencia. Hai que falar neste caso de Europa, hai que falar das conservas e hai que falar dese tratado con Tailandia. O sector pídenos que esteamos vixilantes e que unamos forzas para conseguir que se manteñan eses aranceis. Non mantelos sería moi negativo para os nosos e sería moi negativo para moitos postos de traballo. Eu creo que iso é o máis importante. E eu pídolles a vostedes que o tomen realmente como unha forza ou como un punto no que poidamos estar todos xuntos e unir e reclamar que iso non sexa así. Supoño que igual en todo este camiño houbo algún paso que non puido ser o máis acertado; o que fose. Esas críticas sempre se poden entender. Pero eu creo que o posicionamento unánime e conxunto de todo o Parlamento galego á hora de intentar pedirlle ao Goberno central —que é quen está na negociación, neste caso, en Europa— forza e que claramente faga o posible para intentar defender o noso sector.

Evidentemente, señor Font, eu teño que ás veces dubidar un pouco do seu Goberno, porque tamén neste Parlamento foron moitas as veces onde os seus compañeiros, vostede mesmo e compañeiros do BNG e compañeiros do Partido Popular levamos solicitado baixada do IVE desde hai máis de tres ou catro anos, basicamente para intentar aumentar o consumo de peixe. E realmente estanse burlando de nós. Desde o Goberno central estanse burlando do voto de todos os galegos, iso si, dun voto unánime. Bueno, igual o seu non, o do Partido Socialista, que creo que se abstiveron polo menos na última votación que tivo lugar no ano 2024. Pero si dos votantes tanto do BNG como do Partido Popular. E por iso desconfiamos moito do seu Goberno, desconfiamos moito da defensa acérrima que nós lle pedimos que faga dun sector que é vital para Galicia, como é o sector do mar.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda especial. Señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos de novo.

Conselleiro, aos socialistas impórtanos Galicia tanto como a vostedes. ¡Tanto! *(Aplausos.)* E, nalgúnhas cuestións, posiblemente máis, porque nós tratamos de que a débeda dos galegos sexa menor e vostedes non queren a condonación desa débeda. *(Aplausos.)* Polo tanto, aquí non patrimonialicemos nin bos nin malos.



Mire, señor Fidalgo, non son eu quen ten que traer novidades; é o Goberno galego. Pregúntame a min novidades; ¿traelas eu? Non, non, ¡que va! Ten que ser o conselleiro que comparece.

Conselleiro, loitar xuntos. Estamos totalmente de acordo. Pero, ¿sabe o que ocorre? Que nós imos votar sempre en contra da manipulación e da terxiversación. ¿E sabe cal é a manipulación e a terxiversación? (*O señor López Font mostra un documento.*) Este documento oficial do Senado, que vou dar o número de rexistro de entrada, 42659, para quen teña curiosidade por ver onde está a posición do Goberno do Estado. (*Aplausos.*) E a posición do Goberno do Estado, fronte ás mocións que vostedes plantexan como trampa para que nos teñamos que abster ou votar en contra, é especificamente —e estou lendo en galego— «trasladarlle á Comisión Europea que as conservas e preparados de atún son produtos especialmente sensibles nas negociacións do acordo. Por esa razón o Goberno de España solicitou que se manteñan fóra de calquera liberación ou redución arancelaria». (*O señor López Font mostra un documento.*) Este documento, conselleiro. Polo tanto, vostede non pode vir aquí dicir que o Goberno do Estado está mudo e cego, porque é unha mostra de enfrontamento. (*Aplausos.*) E, cando fala vostede de loitar xuntos, precisamente ao que debería de acollerse é a isto.

Eu vou investir o tempo que me corresponde... Porque, claro, falan de voto negativo, tamén terían que facer mención ás emendas que presentamos, tamén terían que facer mención a esta cuestión. Miren, compromiso dos socialistas co sector galego. Mantivemos reunións de traballo con Anfaco —que vostede repetiu— e a este respecto facilitamos reunións de Anfaco con membros da Comisión de Comercio Internacional, porque evidentemente este non é só un tema de pesca, senón tamén de comercio. Os socialistas defendemos a exclusión do atún do acordo de libre comercio con Tailandia e a protección da industria conserveira europea fronte a calquera liberación arancelaria. (*Aplausos.*)

Pero, conselleiro, debe corrixir o tiro: os debates no Parlamento galego son benvidos, e para nós tamén, pero urxe tamén de vostede acción ante o comisario de Comercio europeo, responsable das negociacións, e presión ante o comisario de Pesca, responsable de garantir a competitividade dos sectores pesqueiro e conserveiro europeo. E claro que me refiro ao comisario europeo de Pesca, porque vostedes o enxalzaron e agora resulta que o señor Fidalgo me fala do comisario do Comercio, que é socialista. Señor Fidalgo, se se firma un acordo negativo para a industria conserveira galega, ¿vai ser responsable o PP porque o comisario de pesca é do Partido Popular Europeo? Si, si, iso é o que vostede dixo. Quéreme a min incluír co comisario europeo de Comercio, polo tanto —escoite—, como sexa o acordo negativo, por palabras súas, «van ser vostedes responsables». (*Aplausos.*)

Polo tanto esta é, e non outra, a posición dos socialistas aquí, a posición do Goberno do Estado. Insisto en que nos posicionamos firmemente a favor do sector. E conviría que, se quereamos loitar todos xuntos, nos deixemos de manipulacións e, sobre todo, de omisións porque —insisto— nestas dúas follas está a resposta do Goberno do Estado español. E por suposto que día a día ese Goberno está traballando. Pero tamén a Xunta de Galicia debe traballar, e tamén o seu Goberno, en todo o que poida facer. Debe trasladar presión para que este acordo sexa o mellor para Galicia, que para nós —e dicíao ao principio— tamén é o máis importante. Galicia e a súa defensa; neste caso porque non vimos falar doutras cousas, senón que vimos falar dun acordo de libre comercio que debe saír satisfactorio para a nosa industria.



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, dúas cousas. Primeira, eu non vexo demos; igual que non vexo anxos nin vexo deuses, pero tampouco vexo demos. Pero vostede ten que asumir que vostede e mais eu, ou o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, temos posicionamentos en moitas cousas absolutamente distintos. Por iso vostedes están nun partido que apoia determinadas cousas e nós estamos noutro que apoiamos outras cousas moi diferentes. Entón, empece a asumilo. Isto non é a alcaldía do seu pobo, porque senón vaino pasar mal. Asímao con naturalidade, vostede e mais eu pensamos distinto. «*¡Es la democracia, amigo!*», que dicía o outro. (*Aplausos.*)

Ben, señor conselleiro, iso era a primeira cousa. E agora voulle dicir a segunda, porque me deu a impresión ou de que non a entendeu ou de que non a quixo entender. O Bloque Nacionalista Galego posicionouse neste Parlamento —o señor Fidalgo está de testemuña, e outros deputados e deputadas do Partido Popular, evidentemente— en varias ocasións a favor de que se exclúa o atún do acordo de libre comercio que está intentando levar a cabo a Unión Europea con Tailandia. Ata aí podo ler, señor conselleiro. ¿Sabe por que? Porque todo o que vén a partir de aí, como dixen na miña primeira intervención, é pura hipocrisía.

Neste momento xa está entrando atún dese país tan terríbel, da casa dos horrores que é Tailandia. Xa a Unión Europea está permitindo neste momento que entre. Claro, pero pagan e, se pagan, ¿que importa que teña tarxeta amarela imposta pola propia Unión Europea?

Entón, nós defendemos a industria conserveira galega, evidentemente; e, sobre todo, defendemos os postos de traballo que crea. Quero que lle quede claro que nisto, só nisto, estamos no mesmo barco, señor conselleiro. Pero só nisto estamos no mesmo barco. Ben, a partir de aí, vostede ten unha visión idílica da Unión Europea e de moitas outras cousas que, evidentemente, hai datos que corroboran que non é así.

E, ditas estas dúas cousas, como me dá tempo aínda lle vou dicir unha terceira, señor conselleiro. Di vostede que o BNG dixo que non cambia de posicionamento. Pero nalgún momento perdeuse. Porque, efectivamente, acabo de dicilo. Nós non cambiamos de posicionamento no tema do atún, que é o que estamos tratando, e no tema do tratado do libre comercio. Ás veces consegue despistarme. Xa non sei moi ben se estou falando do tratado de libre comercio ou doutra cousa, porque vostede ata falou de tomar as cervexas en Ribadeo. Entón ás veces é difícil seguilo, ¿non? Pero, con todo, a respecto do tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia, claro que non cambiamos o posicionamento. E nós non mentimos, señor conselleiro.

Tampouco cambiamos o posicionamento a respecto de Altri. ¿Quen cambiou o posicionamento a respecto de Altri? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Fidalgo, para



que logo poida dicir que eu non o defraudo, escoite; escoite ben e a ver se queda co que digo, por favor. *(Aplausos.)* ¿Señor conselleiro, quen cambiou o posicionamento sobre Altri? ¿Quen mentiu intencionadamente e descaradamente sobre Altri? Pois mire, nós opinamos —permítanme que teña que opinar distinto que vostede, verdade, porque isto *no es el mundo de Yupi*— que quen mentiu e quen manipulou e quen cambiou de posicionamento foi un partido ao que vostede tamén representa aquí, o Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E saben por que? Porque hai un ano e pico, ou hai dous anos, cando o anterior alcalde de Ribadeo dicía que quería a Altri en Ribadeo, ¿sabe por que era? Porque o Partido Popular lle dicía que iso tratábase dunha fábrica de fibras téxtiles que ía producir 200.000 toneladas de fibras téxtiles. *(Murmurios.) (Aplausos.)* ¿Sabe cando os nosos compañeiros de Ribadeo e da Mariña e da Guarda e da Pobra e de todo o país cambiamos o posicionamento? Cando empezamos a ver o que había detrás desa gran mentira. ¿Que sabe que resultou ser? Pois resultaron ser nada máis e nada menos que 400.000 toneladas de pasta de celulosa e 200.000 de lyocell. Entón, señores e señoras, ¿quen mente? ¿Quen cambia os posicionamentos? Queda claro. *(Aplausos.)*

Un compañeiro dos Verdes, señor conselleiro... Di vostede que trae aquí este tema, pero que non pretende escapar doutros temas. Non, xa vimos en todo este tempo canto nos falou aquí da debacle do sector marisqueiro galego ou da que está a sufrir o sector mexilloeiro. Imos traer unha iniciativa cos novos datos que vostede aínda non deu. Ímola traer proximamente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato. Pero vén dicir aquí que hai 87 zonas vedadas no Atlántico Norte porque as vetou un señor que era un comisario, que era do partido dos Verdes. Pois pode ser. Pero mire, agora seica temos un comisario que é do Partido Popular, ¿non é? Que, por certo, veu ao Estado español, veu a España, pero a Galiza, que é a potencia pesqueira do Estado español, non foron capaces vostedes nin de traelo. ¡Non foron capaces! *(Aplausos.)* Pois ben, pode ser que as 87 vedas as impuxese un comisario dos Verdes, pero agora temos un comisario do Partido Popular que tampouco foi capaz de quitálas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...nin vai ser capaz ata que veña a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Polo tanto, menos manipulación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.



Señora Pérez, ¿logo os peixes aqueles que ensinaban cos *pellets* non eran de Sri Lanka? ¿Eran da Mariña? ¿De onde eran os peixes? (*Murmurios.*) Non menten, ¿non? Nin cambiaron de opinión. Non. (*Aplausos.*) Eran da Pobra de Caramiñal os peixes, si.

E vostedes están na Unión Europea, señora Pérez. Parece que non se enterou. Están na Unión Europea cando Sinkevičius, o seu comisario ecoloxista, máis preocupado polos peixes que polos pescadores, prohíbe aos galegos faenar en 87 zonas pesqueiras. E tamén están para isto, para o posible tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Tailandia.

Pero, miren, o debate está moi claro, clarísimo. Tailandia é o principal produtor e exportador mundial de conservas de atún. Xa hoxe, sen o acordo comercial, supón unha ameaza terrible para o sector da conserva galega, imaxínese se poden introducir todas esas conservas sen arancel ou con arancel cero. Ademais, en paralelo á negociación coa Unión Europea, Tailandia está a tramitar unha nova Lei de pesca que vai rebaixar aínda máis os estándares sociais e laborais e profundar na falta dun terreo de xogo igualitario, o coñecido como *level playing field*.

Xa nese documento se solicita unha defensa da industria. Un documento asinado pola patronal española e portuguesa, xunto cos sindicatos de Italia e Portugal, xa se di que nas negociacións de libre comercio teñen que quedar excluídos estes acordos. Ese proceso lexislativo tailandés, xusto no medio da negociación entre a Unión Europea e Tailandia, demostra que Tailandia non está preparada para manter unha relación comercial pesqueira con Europa. Por iso, desde o Grupo Popular queremos facernos eco do que xa ten denunciado o sector a través de Anfaco, que é o impacto que pode ter sobre a produción europea se se eliminan os aranceis ás latas de atún. Este impacto, como saben, pode ser letal e non queremos que a conserva galega morra. (*Aplausos.*) E por iso ese debate é relevante. O Parlamento de Galicia debe exixir igualdade de condicións entre as fábricas tailandesas e europeas na transformación pesqueira. Así, desta maneira, Galicia podería competir. Polo tanto, señora Pérez, hai que impedir como sexa este tratado con Tailandia, para que non introduza os produtos conserveiros.

Señorías, no que levamos de ano Tailandia multiplicou por tres as súas exportacións a España respecto a 2024. É urxente reivindicar o papel deste sector, e por iso desde o Grupo Popular lles dicimos alto e claro que nós imos exercer a nosa responsabilidade. Vostedes, Partido Socialista e BNG, tamén teñen a súa responsabilidade; se queren, exércena e, se non queren, non a exercen. Vostedes verán o que fan. A xente que os votou fíxoo tamén para apoiar o Goberno de Galicia en cuestións transcendentais coma esta.

Nós imos defender os intereses da conserva de Galicia, deses máis de once mil douscentos empregos. Estámonos xogando moito, estámonos xogando o futuro dunha industria que está no ADN de Galicia, que leva máis de cento cincuenta anos na nosa terra. Imos mobilizar todos os recursos que estean ao noso alcance para impedir que o atún tailandés entre no mercado da Unión Europea sen aranceis. Porque o contrario xeraría unha presión á baixa sobre os prezos e as marxes que poñería en risco o futuro da conserva galega.

Señorías, desde o Grupo Popular queremos dicir ben alto que os galegos queremos seguir vivindo do mar. É o que sabemos facer e o que levamos facendo moitos anos. Por iso lle di-



timos que non ao acordo de libre comercio con Tailandia, se inclúe as conservas de atún. Queremos dicir non.

(*O señor Fidalgo Iglesias amosa unha lata de conserva.*) Mire, señora, detrás desta lata de atún hai once mil dúascentas persoas traballando en Galicia, moitas delas mulleres. E por iso desde o Partido Popular imos dicir: ¡longa vida á conserva galega do atún!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da comparecencia, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Ben, dicía o señor Font que votaba en contra da manipulación e da terxiversación. Ben, eu creo que aquí do que se trata é de votar a favor do sector da nosa conserva, da conserva galega, e ese voto maniféstase votando que si ou votando que non. Nós o que pedimos é ese voto á defensa do noso sector.

Eu non dubido de que o seu Goberno estea traballando día a día, levan desde o luns pasados intentando saber por que faltou a luz. Entón, eu non digo nada, que o traballo leva o seu tempo e iso non debe ser unha cousa fácil. (*Aplausos.*) E, polo tanto, esperemos que dunha vez por todas consigamos saber tal *acertijo*, jeh! O principio de química alí instaurado no século XVIII, iso de que «a enerxía non se crea nin se destrúe, que só se transforma» cremos que está a punto de cambiar. Neste país, con este Goberno central, todo é posible, jeh! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señora Pérez, o posicionamento desde unha alcaldía... Vostede é concelleira. Por certo, é concelleira nun concello onde ademais están aparecendo perdas de hidrocarburos, parece ser que dunhas instalacións municipais onde houbo unhas obras que fixo o Departamento de Costas, que pertence ao Goberno central. E vostede é concelleira. Eu creo que aí tería que mirar un pouco e facer o posible para que os veciños se sentisen satisfeitos de vostede e intentar revertir eses problemas que están saíndo na Ribeiriña. (*Aplausos.*) Non se trata... Mire, a representación política pública é estar ao lado da xente, é estar ao lado dos veciños; e non hai tanta diferenza entre estar nun concello e estar aquí no Parlamento. Todos somos persoas e todos somos veciños, e levarnos ben entre todos non é soñar ou querer un soño idílico; é a realidade que realmente quere toda a xente ou quixerían todos os galegos e galegas que nos visen e nos escoitasen a nós. Cada un teremos que resolver os nosos problemas, evidentemente, dentro dos concellos e dentro, neste caso, do Parlamento galego. Pero hai que resolver os problemas e preocuparse deles. Non lle vexo moita preocupación a vostede co problema da Ribeiriña, por certo.

Outra cuestión que tamén vostede indicou, e que eu creo que tamén é importante dicila aquí ou reivindicala... Eu na miña primeira intervención non critiquei o posicionamento do BNG con respecto a este asunto. Non, non, non o critiquei, jeh! Non, non o critiquei. Eu unicamente pedín para que realmente o defendésemos todos. Nada máis, non fixen ningunha crítica. Puiden ter feito críticas; neste caso, ao Partido Socialista, que votou en contra. Ao BNG, non.



Polo tanto, nese sentido non é certo o que vostede comentou. Se non, revise a miña intervención. Non houbo ningún tipo de crítica cara ao seu posicionamento e cara ao seu voto, nin moito menos. Polo tanto, nese sentido non temos por que molestarnos nin uns nin outros.

Pero eu creo que ao tacharnos de hipócritas —creo que nese caso politicamente, entendo eu— tampouco di vostede toda a verdade e xa lle comentei antes: eu dicía unicamente que estabamos no mesmo barco na defensa dos intereses de Galicia e dos galegos e galegas. Menos mal, porque se tampouco nese barco non chegamos a estar xuntos, mal nos iría... Pero eu creo que ese barco dá para máis, dá para máis acordos, aínda que sexan posicionamentos contrarios. Dá para máis acordos, dá para máis entendementos, dá para ás veces intentar dicir «oe, pois esta xente está ben, este acordo está ben». Non unha crítica exacerbada e continua de calquera posicionamento e de calquera iniciativa. Eu creo que nese sentido non estou nada de acordo co que vostedes pensan.

Non, aquí con respecto a Altri, xa que fai esa mención, non se mentiu absolutamente para nada, porque eu estaba alí. Eu estaba alí e eu vivín e escoitei todos os seus posicionamentos que se dixeron aí. Mire, por exemplo, o alcalde de Foz, que aínda é o actual, dicía nunhas declaracións naquel ano, que foi un ano que soubemos de Altri todos; do que se facía alí, soubémolo todo. Evidentemente, o que sabemos é que da madeira, para facer unha fibra ou un papel, pois ten que saír celulosa. Iso sabíámolo todos e sábeo calquera neno pequeno: que haberá que facer un proceso químico industrial no que hai unha celulosa e poderás facer un papel ou poderás facer unha fibra, neste caso, téxtil. Pero estabamos todos máis que doutorados durante todo ese tempo. Incluso o alcalde de Foz dixo: «hai eucalipto para unha fábrica de Altri ou varias, e non podemos renunciar a iso». Díxoo o alcalde de Foz; non o dixen eu, nin moito menos. Incluso o señor Ramón Reimunde —igual o coñecen vostedes, algún parlamentario de Mariña o coñecerá— da asociación Promagal dixo: «a chegada de Altri establecería competencia e iso é cousa boa. Aquí temos materia prima, e moita, e venderlla ben dependerá de todos». Era o posicionamento que había nese ano 2022 de distintas persoas que coñecían, coñeceron e coñecen perfectamente cal é esta temática. Eu incluso nese foro ata dicía —mire que cousas dicía eu, porque parece que son de vostedes, nese sentido—: «É bo que veña e oxalá o faga, pero o debate ecolóxico e social que suscita tamén hai que telo en conta». Eu dicía iso, pero nada, os meus compañeiros do BNG e do PSOE: «que veña Altri, que veña Altri, que veña como sexa». Iso foi todo canto se falou durante todo ese ano.

Non me vou estender moito máis, porque eu creo que é un tema que está máis que falado e máis que comentado. Pero, evidentemente, o cambio de opinión, o cambio de decisión, o cambio de criterio téñenllo que explicar vostedes á xente; nós non. Sigán por ese camiño de explicarllo, porque, evidentemente, vai ser moi difícil que a xente entenda —e sobre todo a xente nova e a non tan nova— como vostedes poden nese sentido dicir unha cousa tan distinta da que dicían anteriormente. Incluso ata dicían que Altri é a pasteira que si lle gusta ao BNG. Moitas cuestións nas que tampouco vou incidir moito máis.

Estamos aquí para intentar todos xuntos facer o posible para que nas negociacións da Unión Europea con Tailandia, con respecto ao atún, se manteñan eses aranceis. É unha petición que nos fai unha asociación, Anfaco-Cecopesca, onde, como dixeran antes, hai moitas persoas, moitos postos de traballo detrás de todas estas empresas, de todas esas persoas que arris-



caron e decidiron montar negocios no noso litoral, na nosa Galicia, para que desen moitísima riqueza ao noso territorio. Dinno e coméntannos que está en xogo e é moi importante que esta negociación saia ben. Por tanto, creo que entre todos temos que facer a forza suficiente para conseguir os nosos obxectivos. Se conseguimos os nosos obxectivos, sen dúbida ningunha Galicia seguirá crescendo. Polo tanto, o noso apoio é o que imos ter —e eu entendo que tamén de todo o Parlamento— para que eses aranceis sigan permanecendo e para que a industria conserveira galega, como todo o mar e o sector mar-industria galega, sexa o pioneiro de toda Europa, de toda España e de todo o planeta; que sexamos os máis respectuosos e que nos sintamos orgullosos de ser galegos, dos nosos mariñeiros, das nosas mariñeiras, dos nosos mariscadores e mariscadoras, de todo o sector, homes e mulleres do mar. Nese sentido, o orgullo creo que é común e é de todos os que estamos aquí presentes.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Agora estamos como estabamos antes. Entón, non sei se había un acordo para voltar ás catro e media. Pero claro, isto tamén se foi un pouco de tempo. Entón, eu non sei. Se estamos de acordo, podemos volver ás cinco menos cuarto. Eu aquí o que digan. Eu non teño problema ningún, dáme igual. Podemos vir ou ás catro e media ou ás cinco menos cuarto. Que opinen os portavoces, se lles parece. Se opinan todos é un lío. (*Murmurios.*) Si, é mellor que opinen os portavoces, porque, se non, se opinan todos non saímos de aquí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Déanlle voz ao escano.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Nós seríamos máis favorables a volver ás catro e media, aínda que sexa moi apurado para xantar, porque somos de lonxe tamén as persoas que estamos aquí e queremos volver a unha hora razoable tamén ás nosas casas. Mañá hai que volver ás 10 da mañá... Eu creo que, por conciliar todo mellor, volver ás catro e media, aínda que comamos algo xustos.

O señor PRESIDENTE: Moi ben, grazas. Señora Espinosa... ¿Estamos todos de acordo xa? Moi ben, ás catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Damos comezo á sesión.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do BNG.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto 6 na parte resolutiva co seguinte texto:

<<6. Poñer en marcha un plan no que se contemple tanto realizar as contratacións necesarias de persoal coma manter operativos todos os recursos cos que conta o SERGAS a día de hoxe, de xeito que o mecanismo para as reducións nas listas de espera sexan a través dun mellor funcionamento da sanidade pública e non a base de manter e incrementar a derivación de pacientes e recursos á sanidade privada>>.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a iniciativa e por tempo de oito minutos, ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Boa tarde, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

O pasado día 9 os e as socialistas interpelamos o conselleiro de Sanidade sobre as listas de espera na sanidade pública galega. Daquela interpelación hai cousas que podemos compartir, como que as listas de espera son unha ferramenta que serve para coñecer a capacidade dun sistema sanitario para dar resposta ás necesidades asistenciais dos cidadáns, pero a partir de aí discrepamos en todo. Un claro exemplo é que as listas de espera non estruturais non só recollen aquelas persoas que non poden ou non queren ser intervidas nun determinado momento por diferentes motivos. Saben que o groso non está aí, que este concepto é só unha parte das listas non estruturais. E aínda que hoxe non toca discutir este ámbito, non podemos obviar, porque, ao non existir transparencia nas nosas listas de espera, a Xunta nunca debe facer comparacións con outras comunidades autónomas. A transparencia, señores e señoras do Partido Popular, non é presentar as listas de espera nunha rolda de prensa; a transparencia é dicir cantas persoas están nas listas non estruturais e non deixar que a xente especule sobre se pode ser un 30 ou un 60 por cento máis do recollido nos datos oficiais.

Señoras e señores deputados do Partido Popular, gústanos comparar co ano 2019, porque foi o ano que o señor Rueda puxo como referencia. Foron vostedes os que dixeron que no ano 2023 ían mellorar as listas de espera, diminuindo tanto o número de persoas que se vían afectadas polas ditas listas como os tempos de espera. Saben que todo empeora no ano 2024 con respecto ao ano 2019. É necesario contar isto unha e outra vez porque o Partido Popular pretende que repetindo cousas que non son certas estas se convertan en realidade, e iso non pode ser, porque, se non cren a realidade, tampouco poderán dar unha resposta ás necesidades que temos de que se reduzan as listas de espera tanto en cirurxía como en consultas e en probas diagnósticas.

Entro nun caso concreto: os socialistas preguntámonos se a Xunta de Galicia é consciente de que somos a segunda comunidade autónoma con maior número de persoas falecidas por suicidio. Eu creo que non; os socialistas cremos que non o cren. ¿E por que digo isto? Porque os acordos de xestión para as sete áreas sanitarias asinados onte recollen que, <<...dada a relevancia da saúde mental, é esencial establecer medidas que melloren a calidade da atención recibida



pola poboación, tanto adulta como infanto xuvenil, co obxectivo de optimizar e garantir unha atención máis accesible e eficiente». Tamén recollen que a disposición dunha vía rápida para a atención á conduta suicida adulta e infanto xuvenil está fixada en sete días, pero os psiquiatras din que a intervención urxente é imprescindible nun caso de suicidio. Recoño as palabras textuais dun psiquiatra: «Se tes un sistema no que se detecta e atende rápido, terás máis éxito». ¿Sete días é rapidez nun destes casos concretos? Xulguen vostedes; atender unha conduta suicida en sete días non debe ser un tema menor. Por iso nós consideramos que por esa cantidade realmente é unha vergoña. Entrarei despois algo máis neses acordos de xestión.

Volvo un pouco ao tema no que estabamos. O pasado 29 de abril, Amnistía Internacional, ao presentar o informe anual do ano 2025, dicía que Galicia necesita aumentar os recursos humanos e materiais no ámbito da sanidade, xa que o investimento caeu un 5 por cento no gasto xeral. Para os socialistas, falar de sanidade non é un gasto, senón un investimento. Non investir lévanos á precariedade, a unha precariedade que non só se vive na atención primaria, senón tamén nos hospitais e nos cadros de persoal —insuficientes para atender os pacientes—. Este é un tema do día a día, e así o ven, o coñecen ben e o padecen os galegos e as galegas, que deben agardar moito tempo antes de ser atendidos nunha consulta hospitalaria para unha proba diagnóstica ou unha intervención.

Hai unha frase do señor Rueda, do presidente da Xunta, que di que hai marxe de mellora en algo tan importante e dinámico como a sanidade. Pois, logo, pedímoslles que tras este recoñecemento se impliquen algo máis, e que esa implicación se poida ver no apoio a esta moción, onde queremos que vexan a nosa sensatez. Pedímoslles que poñan en marcha todas as actuacións precisas para que se rebaixen as listas oficiais de espera. Respectamos a quen goberna, a que ten as competencias e, polo tanto, sen sinalar nin indicar actuacións concretas, deixándolles plena liberdade, pero sempre e cando cumpran co seu contido. Tampouco lles dicimos canto teñen que rebaixalas. A nosa aspiración é que rompan con esa tendencia alcista que levamos dende o ano 2019, e que o fagan tendo en conta as características demográficas. Non queremos que o envellecemento poboacional sexa unha escusa. Xa sabemos que podemos ter pacientes que demanden máis consultas, máis probas, máis intervencións, pero é algo que quen goberna ten que ter presente; da mesma forma que ten que ter presente que hoxe en día se poden enfrontar cunhas intervencións máis complexas ou coa situación dos pacientes crónicos, e tamén ten que ter en conta, por outra banda, os medios tecnolóxicos dos que hoxe dispoñen e dos que dispón o persoal sanitario para que axuden nos seus labores.

Remato xa como dicimos moitas veces e como seguiremos dicindo: estamos ante un problema real de accesibilidade. Non dubidamos de que o persoal sanitario non só o fai ben, senón que cremos que o persoal sanitario cada vez o fai mellor e, tamén, por desgraza, cada vez ten que facer máis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Como esta iniciativa ten unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten agora a palabra a señora Iria Carreira.



A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Volvemos falar da situación das listas de espera hospitalarias. Reiterar que están desbordadas non deixa de ser máis que reiterar unha obviedade, pero, polo visto, parece que todo vai ben para o Partido Popular porque operan máis... Presumía o conselleiro de Sanidade, tanto no último pleno como no anterior, de canto se incrementou a actividade asistencial o ano pasado para reducir a lista de espera cirúrxica. Foi un incremento dun 5,6 por cento concretamente, e máis de 200.000 operacións durante o ano 2024. O que se esqueceu de comentar o conselleiro foi que, a pesar de incrementar a actividade nun 5,6 por cento, as pacientes en lista de espera cirúrxica tamén medraron no ano 2024 un 7,3 por cento máis respecto das que había hai un ano, segundo os propios datos oficiais da Consellería de Sanidade. Son 3.308 pacientes máis agardando para operarse. É dicir, opérase máis e, aínda así, hai máis pacientes agardando.

Creo humildemente que sería pertinente valorar e analizar se están a facerse ben as cousas e por que se incrementan esas pacientes en lista de agarda estrutural, a pesar deste incremento na actividade asistencial. Falo da lista de agarda estrutural porque nada ou case nada sabemos das listas de agarda non estruturais polo veto reiterado do Partido Popular a facer pública a información que se lle demanda. Pero moito temo que hoxe tampouco vai tocar esa valoración e esa análise... Tampouco será hoxe o día no que o Partido Popular xa non digo que faga crítica ou autocrítica da súa xestión sanitaria, senón que faga unha mínima análise do que está a pasar no noso país, do que está a pasar coa saúde da nosa poboación: ¿por que hai tal incremento na lista de espera, neste caso, cirúrxica?, ¿que está a pasar para que se incremente esa demanda?, ¿é simplemente que agora operamos máis pacientes complexos —como di a súa propaganda— ou hai algunha outra causa detrás?

Desde o BNG temos claro que a situación das listas de espera hospitalarias —xa non imos entrar nas listas de espera de atención primaria— é a mostra dun sistema sanitario que non é quen de responder en tempo e forma. As listas de espera hospitalarias son a mostra dun sistema sanitario que se atopaba nunha situación tan grave que cinco anos despois de que irrompese a pandemia da covid non foi quen de recuperarse; son a mostra de que a falta de previsión e de planificación bota por terra toda a calidade asistencial. Podemos ter profesionais extraordinarias traballando no sistema público de saúde —que as temos—, pero temos tamén un sistema que bota por terra toda a súa extraordinariedade. Segundo os seus datos oficiais, a finais de 2024, eran 144 as persoas que levaban máis dun ano agardando por unha resonancia no HULA; eran 1.036 as que levaban máis dun ano agardando por unha endoscopia dixestiva no CHUAC; eran 119 as que levaban máis dun ano agardando por unha endoscopia do otorrino en Vigo; eran 305 as que levaban máis dun ano agardando por un estudo da alergia; eran 327 as que levaban agardando máis dun ano por un estudo respiratorio... ¿Que sentido ten unha proba diagnóstica que tarda máis dun ano en realizarse? ¿Que se ve nesa proba?, ¿que se visualiza?, ¿que información proporciona sobre o estado de saúde desa paciente?

Eu creo que é de sentido común que se a calquera das que aquí estamos, que temos coche ou conducimos, se nos acende un piloto de avaría no coche, empeza a facer un ruído raro ou



vemos que a dirección non vai ben, levemos o coche ao taller. Ao mellor non hoxe, ao mellor non mañá, pero o máis pronto posible. E cando unha persoa empeza con molestias de calquera tipo, vai á súa médica de cabeceira e lle pide unha ecografía ou unha resonancia, ¿pode agardar durante un ano ou máis para ter o resultado desa proba e saber a que se deben esas molestias? O Partido Popular escúsase en dicir que traemos sempre casos excepcionais. ¡Jolín, que chiripa que sempre atopemos os casos excepcionais! (*Aplausos.*) O problema é que a excepción neste país é a norma, porque neste país a norma é esperar sen máis información ata que chegue esa chamada para ser derivada á sanidade privada. Porque esa é a trampa: esperas, esperas e esperas ata que te chaman. ¿E que pasa cando te chaman? (*A señora Carreira Pazos amosa un documento.*) Pois teño aquí o Protocolo de derivación a centros concertados 2025 do Hospital Provincial de Conxo, aquí, en Santiago de Compostela. Segundo este protocolo, a persoa que realiza a chamada desde o Sergas debe transmitir ás pacientes a seguinte información —leo textualmente—: «Información que debe ser transmitida sen coacción. O procedemento polo que está a ser incluído en lista de espera é un procedemento realizable en centro concertado; no caso de Santiago, na Rosaleda ou na Esperanza. Teña vostede en conta que, se decide non aceptar a derivación, entrará en espera non estrutural, o que significa que se programará a todos os pacientes xa incluídos ou que se inclúan en lista de espera con procesos que non se poidan realizar en centros concertados, o que supoñerá un tempo de espera superior a un ano para esta intervención. En caso de aceptar, a intervención realizarase nos próximos tres a cinco meses». Sen coaccionar, pero as cousas claras: se quedas na pública, agardas un ano; se decides optar pola privada, tres meses. (*Aplausos.*)

Agardas un ano... polo menos, porque xa sabemos que a espera nesas listas de espera non estruturais —valla a redundancia— é maior, tal e como vostedes mesmos ratificaron onte na sinatura dos seus propios acordos de xestión. E isto é algo que desde o BNG consideramos inaceptable. O traballo da Consellería de Sanidade debería ser mellorar o funcionamento da sanidade pública, non axilizar a transferencia de pacientes e recursos á privada. A redución das listas de espera non pode ser a base de seguir engordando o negocio de empresas que comercian coa saúde da poboación.

No orzamento do presente ano, 245 millóns de euros son para a sanidade privada. Pero non lles chega, porque o ano pasado incrementan esa cantidade orzada —que non é unha cantidade irrisoria— cando menos en 30 millóns de euros máis do previsto inicialmente só nos últimos seis meses. A maioría deses fondos, cando menos 20 millóns de euros, saíron de partidas inicialmente destinadas a obras de mellora dos hospitais públicos. É dicir, jen Ourense que caía o Materno a cachos, literalmente, que aquí o importante é seguir destinando recursos e fondos á sanidade privada!

Desde o BNG cremos que é importante reducir as listas de espera, pero a redución ten que pasar por unha mellora da nosa sanidade pública, non por seguir engordando centros privados que ven neste Goberno unha grande oportunidade de negocio. Cómpre incrementar os cadros de persoal conforme ás necesidades asistenciais que ten no día de hoxe a nosa poboación. Cómpre ter operativos os recursos que posúe o Sergas e que o investimento público se destine precisamente a iso: a mellorar o sistema público, os servizos públicos. Por iso introducimos esta emenda á moción do Grupo Socialista, que agardamos que sexa tida en conta. Porque non todo vale para reducir estas cifras. O que queremos é unha mellor sanidade pública.



Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O Grupo Parlamentario Mixto renuncia ao seu turno de palabra. Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías. Grazas, presidenta.

Desde o Partido Popular non podemos deixar pasar esta moción sen facer unha reflexión profunda e necesaria. Cando falamos de listas de espera, non falamos de números fríos, senón de persoas que agardan por unha consulta, unha proba ou unha intervención. Por iso é tan importante sermos serios, rigorosos e xustos. (*Aplausos.*) E por iso mesmo resulta difícil entender como o Grupo Socialista pode presentar esta moción ignorando deliberadamente os datos oficiais e obxectivos que publica o Ministerio de Sanidade. Un ministerio que, por certo, depende do Goberno que vostedes sosteñen. ¡Son os seus datos, señora Espinosa, non son os nosos! Estes datos sitúan Galicia como unha das comunidades autónomas con mellores resultados na materia de listas de espera. Non lle gusta que comparemos, pero esta é a realidade. É o terceiro mellor resultado en toda España en tempo medio de espera e tamén a menor porcentaxe de pacientes que agardan máis de seis meses para operarse. Nos datos de decembro do 2024, había 59 días menos que a media española, que é de 126 días.

¿Como se explica entón que, fronte a estes datos oficiais, vostedes insistan en construír un relato catastrofista? Eu voulle dar unha resposta, porque é bastante sinxelo: vostedes están máis interesados en desgastar politicamente o Goberno galego que en contribuír á mellora do sistema sanitario. Señorías, a oposición útil non é a que manipula nin é a que repite consignas; é a que propón, a que colabora, a que arrima o ombro. E arrimar o ombro é tamén recoñecer os méritos. Vostedes poderían recoñecer que en Galicia se realizaron no ano 2024 máis intervencións cirúrxicas que nunca, máis de 204.800 operacións. ¡Esta é a realidade! Incrementouse un 28 por cento a actividade en cirurxías de prioridade 1 respecto ao ano 2019, mantendo tempos de espera por debaixo dos 18 días; atendéronse máis de 4,8 millóns de consultas externas; fixéronse máis de 3,7 millóns de probas diagnósticas; e reduciuse de maneira significativa o tempo medio de espera en todos os ámbitos. (*Aplausos.*)

Señorías, estes datos acadáronse grazas a un goberno do Partido Popular que xestiona e grazas tamén ao esforzo incansable dos profesionais do sistema galego de saúde. Traballadores que merecen o respecto e o recoñecemento de todas as forzas políticas desta Cámara.

Ademais, estes resultados chegan nun contexto enormemente difícil, cunha escaseza de profesionais médicos que non é exclusiva de Galicia, senón que afecta todo o sistema nacional, todo o país. Aquí cómpre ser moi claros coa realidade. Esta escaseza ten responsabilidades, señorías, e os responsables non están precisamente nesta Cámara. O problema estrutural da falta de médicos todos sabemos que é consecuencia directa dunha planificación deficiente do Goberno central: ao longo dos últimos anos nin se aumentaron as prazas MIR, nin se adoptou unha formación nas necesidades específicas do sistema sanitario, nin se axilizou a



homologación de títulos, nin se tomaron decisións valentes como permitir a prolongación voluntaria da xubilación ata os 72 anos, como se está facendo en Galicia.

O Goberno galego desde hai anos está poñendo solucións enriba da mesa. E todo isto é o que non fan o Goberno Sánchez nin os moitos ministros e ministras que ao longo dos últimos anos foron defenestrados pola Moncloa. A Xunta de Galicia actúa. A Xunta ten plans de fidelización; ten incentivos para as prazas de difícil cobertura. Aposta por unha cirurxía robótica, pola hospitalización a domicilio e polas vías rápidas de cancro, que permiten diagnósticos en menos de seis días. Pero a vostedes tampouco lles vale isto. Non lles parece ben que se derive da atención primaria á hospitalizada en sete días. Non lles vale nada... Pero, mire, ¿sabe que fai o Goberno central? Segue de brazos cruzados, mirando para outro lado, facendo caso omiso ao que todas as comunidades autónomas de distinta cor política lle levan solicitando desde o ano 2018. E vostedes, en vez de exixirlle acción ao Goberno central, deciden cargar contra quen está facendo todo o traballo dentro do seu ámbito competencial, como é neste caso o Goberno galego. Eu preguntolles: ¿de que lado están vostedes, do lado dos profesionais que cada día sacan adiante milleiros de consultas, probas e intervencións ou do lado de quen se dedica a negar os feitos, a desprezar os logros e a construír relatos falsos? Aí llelo deixo.

Nós, desde logo, desde o Partido Popular somos realistas e non nos conformamos. Non nos imos conformar nunca con ter listas de espera. Aínda que esteamos en postos altos, sempre imos aspirar a ser os primeiros e sempre imos tratar de seguir avanzando, para ser cada día mellores. Sabemos que Galicia ten retos, claro que si —ningunha comunidade está libre de dificultades—, pero en Galicia temos un Goberno que ten modelo, planificación, resultados e compromiso. E, sobre todo, Galicia ten un sistema sanitario público que funciona, que mellora cada ano e que responde da man, do compromiso e do esforzo dos seus profesionais, do primeiro ao último.

Por iso, unha vez máis, pedímoslles que deixen de facer oposición baseada na destrución, na manipulación e na ocultación interesada dos datos. Os galegos merecen unha oposición seria, que recoñeza os logros cando os hai e que propoña solucións cando as cousas van mal. Esta moción, señora Espinosa —ao igual que a do Bloque Nacionalista Galego de hai unhas semanas—, non contribúe a iso: non achegan propostas, non recoñecen os feitos e non ten como obxectivo mellorar a vida dos galegos e das galegas. É unha moción que só busca confrontar, que parte dun relato prefabricado e que ignora deliberadamente a realidade.

Nós, desde o Partido Popular de Galicia, como grupo que sustenta o Goberno, imos seguir traballando con rigor, con datos e con responsabilidade. Porque a sanidade galega é demasiado importante para poñela ao servizo da estratexia partidista de ninguén. (*Aplausos.*) Porque temos claro que o que importa non é a pancarta, señorías; importa a cita médica. Nin é o titular, senón a operación que se fai a tempo. Non é o ruído, senón os resultados.

Se vostedes fosen serios, falarían —pero, claro, non lles gusta— do que pasa noutras comunidades autónomas. En Cataluña co señor Illa, por exemplo, esperan 137 días para unha operación, fronte aos 67 que se espera en Galicia. En Castela-A Mancha, 118 días; en Asturias, 83 días.



Señoría, a cidadanía está farta do «todo vai mal». A realidade é que a sanidade galega funciona, mellora e responde. E responde con feitos, non con consignas. Hai dúas maneiras de facer política: unha é traballar cada día por mellorar os servizos públicos cos pés na terra, con datos e con proxectos; e outra é vivir instalada na pancarta, no relato apocalíptico, negando todo o que funciona e usando a saúde das persoas como arma partidista. Nós escollemos a primeira; vostedes, polo visto, seguen instalados na segunda. Pero aquí están os feitos: máis operacións, máis consultas, máis probas, menos espera, máis calidade. Galicia é unha referencia, gústelles ou non lles guste, e nós imos seguir apoiando e valorando o Goberno galego e a nosa excelente sanidade pública...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...para que siga sendo así. Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señora Amigo, o triste é que, efectivamente, cando falamos de listas de espera, falamos de persoas, non falamos de números. Iso é o que nos preocupa aos socialistas e ás socialistas. *(Aplausos.)* Pregúntame que onde estamos. Pois estaremos sempre ao lado da xente, neste caso dos homes e das mulleres que non poden ser atendidos na sanidade pública ou cuxa atención se atrasa moito. E por suposto estamos —como dixemos sempre— ao lado do persoal sanitario.

Sempre di que estamos buscando datos catastrofistas e cousas dese tipo. Eu voulle dicir un dato concreto da miña familia. Para unha consulta do oculista —recente, o 10 de abril do 2025— na Área Sanitaria de Vigo ten que facer dúas probas. A primeira proba é para o 10 de outubro do 2025, a segunda proba está nunha «lista non estrutural». Pasou xa un mes, ¿onde está esa persoa? ¿Cal é a realidade de Galicia? *(Aplausos.)* Se non me cre, a próxima vez tráiolle o móbil para que poida comprobar en E-Saúde do que estou falando.

Polo tanto, non nos valen as comparacións —e díxenllo antes—. Se fosen listas transparentes, poderíamos comparar con outras comunidades autónomas, pero non é así. Por iso me doe moito dicirllo, pero téñollo que dicir outra vez, señora Amigo: non son datos do Ministerio de Sanidade; son datos das comunidades autónomas, que son os que teñen as competencias e as que remiten eses datos a Madrid. *(Aplausos.)* Polo tanto, teño que dicilo, que é moi triste: están mentindo cando din que son datos do Ministerio de Sanidade. O Ministerio de Sanidade o que fai é publicalos.

Non me vai dar tempo, pero si lle pido que, por favor —vostede seguramente o viu, pero, por se non o viu—, mire os acordos de xestión que se firmaron onte nas sete áreas sanitarias, que teoricamente son instrumentos para materializar a xestión sanitaria. Non podo entrar en todos, pero de novo aí, na introdución, recóllese o autobombo con respecto ás listas de espera, que di: «con independencia de que o noso deber sexa traballar para continuar mellorándoas, como así é, estamos a facer e queremos seguir facendo».



Pois ben, por favor, mire un deses obxectivos: di que ningunha área sanitaria —pono en todas— teña intervencións cirúrxicas que superen os 365 días. ¿Que pensa, ir para atrás? Revisei as sete áreas sanitarias —todas— e absolutamente todos os tipos de cirurxía e non hai ningún de 365 días. ¿Como poñen ese obxectivo? (*Aplausos.*) Vou ir a algo máis, que é o tempo medio de espera que poñen para unha cirurxía en Lugo: 53 días en xuño e 48 días en decembro. ¿En canto estabamos no día 31 de decembro do ano 2024? En 47,5 días. É dicir, ¿poñen obxectivos para incrementar os tempos de espera? ¡Pero, por favor! Imos, se queren, ás cirurxías de Ourense: 71 días en xuño como obxectivo e 70 días en decembro. ¿En canto estaban en decembro do ano 2024? En 69 días. ¿Quere que lle siga dando datos? Estes son todos os datos que poñen vostedes. Polo tanto, entenderán que non fan o mínimo esforzo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato, señora presidenta— e aínda encima non son coherentes.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sobre a emenda, ten que posicionarse...

A señora ESPINOSA MANGANA: Diríamos —si— que isto é o colmo dos colmos.

Con respecto á emenda, non a imos aceptar por un tema concreto: eu dixen que lle iamos dar liberdade á Xunta de Galicia para que puxese en marcha os plans que quixese, sen ningunha condición. Compartindo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...o contido, non a imos aceptar, por ese motivo. Que teñan liberdade e que decidan dunha vez por todas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Continuamos coa moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN)

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa, ten a palabra a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Eu son técnica, estudei unha enxeñaría e no último ano da carreira, cando tiña que tomar a decisión de como orientaría o meu futuro, tiven a sorte de que unha catedrática da univer-



sidade pública —sempre educación pública— me orientou para facer o doutoramento sobre a auga. Fíxennlle caso e, obtendo unha praza, estiven máis de vinte anos de docente en Hidroloxía e cunha investigación tamén ligada á xestión da auga. Foi con moito orgullo, porque en Galiza a auga non só é un recurso. A auga é cultura, identidade e memoria. *(Aplausos.)*

Como imaxinarán, tiveron tempo para coñecer e para ensinar as leis relacionadas co ciclo da auga, ca DMA e ca planificación hidrolóxica europea, española e galega. Que hoxe me atope aquí, no Parlamento, falándolles dun decreto do ano 2022 sobre os nitratos nas augas ao que o Goberno da Xunta decidiu que non lle ía facer caso, que o ía ignorar, cando en Galiza a contaminación dalgunhas zonas como A Limia é algo coñecido desde hai décadas, causa perplexidade e mágoa a partes iguais. Imos por partes, a ver se consigo que a bancada da dereita vexa a importancia que ten a contaminación por nitratos das augas e entenda que as leis as hai que aplicar a tempo.

Existe un ciclo natural do nitrato que se vai ver alterado polo uso de fertilizantes, tanto fertilizantes químicos como dos esterco ou dos xurros. Os fertilizantes, nas proporcións axeitadas, melloran o crecemento e o rendemento das plantacións, loxicamente, pero, se non son totalmente absorbidos polas plantas, os excedentes infíltanse a través do solo e acadan as augas subterráneas, contaminando pozos e acuíferos. ¿E que nos pasa a nós se inxerimos auga con nitratos? Estes transfórmanse en nitritos cando pasan ao sistema dixestivo, a hemoglobina convértese en metahemoglobina e evita que o osíxeno chegue correctamente ao sangue. Ademais, os nitratos tamén poden formar compostos que son potencialmente canceríxenos, como as nitrosaminas. Entón, inxerir auga con exceso de nitratos pon en risco a nosa saúde.

Coñecidos os nitratos, imos ver que implica este Real decreto 47/2022, do que escaparon —como dicíamos— durante tanto tempo na Consellería do Medio Rural. Serve para establecer as medidas necesarias para reducir a contaminación das augas superficiais e subterráneas causadas polos nitratos procedentes —e isto é importante— de fontes agrogandeiras e para actuar preventivamente contra novas contaminacións. Con este decreto actualizouse a transposición da Directiva Europea contra a contaminación producida por nitratos, que xa fora aprobada hai vinte e cinco anos. No decreto, as augas afectadas por nitratos son: primeiro, as augas superficiais que presentan unha concentración de nitratos superior a 25 miligramos por litro; segundo, as augas subterráneas cunha concentración de nitratos superior a 37,5 miligramos por litro; e terceiro, os encoros, os lagos naturais e as augas de transición que se atopen en estado eutrófico ou que poidan eutrofiarse no futuro próximo. O primeiro que exige este Real decreto é designar as zonas vulnerables a nitratos, que son as superficies de terreo cuxo escoamento flúe cara ás augas afectadas por nitratos. Aquí está unha das claves importantes: son as comunidades autónomas as que son competentes en designar as zonas vulnerables e, até agora, como vimos dicindo máis de tres anos, Galicia non declarou ningunha zona vulnerable, e isto sabendo que no cuadrienio que considera o ministerio —que é do ano 2016 ao ano 2019— hai puntos de mostraxe con exceso de nitratos ou eutróficos.

En marzo deste ano, por fin, a Consellería do Medio Rural moveu ficha e fixo unha proposta inicial de sete zonas vulnerables a nitratos, logo de tres anos sen facer nada, volvo repetir.



Na interpelación que deu lugar a esta moción, preguntámoslle á conselleira por estas zonas e, na resposta, a señora conselleira —non sei se con inconsciencia ou como lle hai que chamar a iso— dixo algo que xa sabiamos, pero que até agora a Xunta non admitía: no mapa do ano 2022, publicado polo Ministerio, xa existían 53 puntos con exceso de nitratos en Galiza, cando no ano 2022 dixeran, a bombo e platillo, que non había contaminación por nitratos en Galiza. Logo do que acabamos de falar —do risco de saúde para os galegos e as galegas que beben auga contaminada por nitratos— alguén debería facerse responsable de semellante despropósito e de tal inconsciencia durante tanto tempo.

As sete zonas vulnerables a nitratos son: Ferrolterra —San Sadurniño, Valdoviño e Moeche, polo encoro das Forcadas—, no encoro de Cecebre —Abegondo, Carral, Cerceda e Oza-Cesuras—, do Tambre —Trazo e Tordoia—, o Ulla —Santiso e Melide, Zas—, o Umia —con Cambados, Vilanova de Arousa, Ribadumia e Meis— e A Limia. Están a xerar unha preocupación nos concellos afectados e, loxicamente, os seus alcaldes e alcaldesas buscan solucións para a súa veciñanza. Tamén buscan a seguridade dos datos para saber se é realmente contaminación agrogandeira —dixemos que iso é do que vai o decreto—, porque iso implica unha limitación na fertilización e pode ter importantes custos económicos e sociais.

No ámbito técnico, é posible coñecer ben a orixe da contaminación por nitratos nas augas das conchas. De feito, baseándonos na composición isotópica do nitróxeno e o osíxeno, pódese saber perfectamente cal é a orixe. A normativa, entón, ao que obriga é a que a Xunta estableza un plan de actuación tras a declaración das zonas vulnerables. Nese plan de actuación, ao ser a primeira vez que se van declarar, permítense: o primeiro ano, 250 quilos de nitróxeno por hectárea e, os seguintes tres, 170. As zonas vanse reavaliar cada catro anos.

Como dicíamos, canto antes se actúe, antes se pode atallar un problema moi complexo de solucionar. Eliminar nitratos é bastante complicado, polo que volvemos reiterar o asombro de non ter xa, neste momento, publicados os códigos de boas prácticas agrícolas nin establecidos os programas de actuación que estarían facendo que diminúan os nitratos nas augas. Voume centrar nun só caso polo pouco tempo que teño. No caso da Limia, a bacía —na que hai coñecemento desde 1992 da contaminación por nitratos— é o exemplo da maior desidia por parte da Xunta. A Limia é unha depresión a nivel xeolóxico, exemplo dun sistema no que todo o que entra nas 25.000 hectáreas —recorden a cifra que ten a comarca— vaise concentrar e recoller nun único punto: o río Limia. Se neste terreo temos unha gandaría intensiva, principalmente de porcino e aves —xa que temos, nada máis e nada menos, unhas 80.000 cabezas de porcino, recorden, en 25.000 hectáreas—, o que temos é unha gran acuifero contaminado, co exemplo paradigmático do encoro das Conchas, augas abaixo, afectado por serios episodios da eutrofización e con riscos na saúde —como dicimos— para toda a poboación da Limia á que abastece. Se tivese máis tempo, seguiría con máis detalles sobre A Limia —que os hai— e do resto das zonas vulnerables a nitratos. Pero, como non me queda moito máis nesta primeira intervención, solicítolles ao resto de grupos o apoio a esta moción. Porque unicamente pedimos desde o BNG o cumprimento da lei e as garantías da orixe da contaminación. Resumindo ao máximo, para contárllelo rapidamente, pedimos o cumprimento do Real decreto 47/2022, no que xa se establece como obriga a realización de estudos para investigar a orixe da contaminación...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señora Valcárcel.



A señora VALCÁRCEL ARMESTO: ...a emisión de informes de seguimento e a revisión periódica das medidas adoptadas. Contempla tamén a necesidade de buscar a combinación das medidas máis apropiadas para reducir a cantidade de nitratos. O que tamén pedimos é establecer programas de fomento da posta en práctica dos códigos de boas prácticas agrarias que inclúan a formación e a información...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: ...aos gandeiros por parte da Xunta.

De momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta. Serei moi breve.

Boas tardes.

Vou engadir pouco porque, no esencial, comparto practicamente todo o que dixo a portavoz do BNG. No caso concreto da Limia —que é o que coñezo máis de cerca—, esa problemática é coñecida desde hai moitos anos e xa teño feito referencia a ela algunha vez nesta tribuna. Foi un tema que levamos de xeito recorrente. Levouse á Deputación de Ourense xa desde hai, como mínimo, dous mandatos; polo menos no tempo no que eu estiven alí como deputado. Realmente, é un problema que —falo do caso concreto da Limia, pois non son tan coñecedor do resto dos casos que se nomearon, aínda que imaxino que serán, lóxicamente, moi similares— vai ter que abordarse. Sabemos que é problemático, porque hai intereses creados que todos coñecemos no fondo do asunto pero, realmente, é unha cuestión que hai que abordar e que está causando moitos problemas de saúde: problemas de cancro, problemas de contaminación, problemas de afectación a recursos turísticos importantes que están no contorno do río Limia e mesmo nalgún momento se plantexou algunha cuestión de conflito internacional, porque, como saben, ese río pasa a Portugal desembocando en Viana do Castelo e, despois do embalse de Lindoso, xa ten habido queixas por parte do «país irmao» —como lle chamamos moitas veces a Portugal—. A contaminación, lóxicamente, non entende de fronteiras administrativas e pasa aos outros países, afectando tamén a calidade da súa auga e, polo tanto, a saúde dos seus habitantes.

Nada máis. Quero agradecerlle á señora portavoz o repaso que nos fixo das sales acabadas en «-ato» e en «-ito», segundo o ácido do que deriven.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Lara Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes.

Señoría, vou iniciar esta intervención como finalizaba a conselleira o pleno pasado, no que dicía que os gandeiros levan anos aplicando medidas orientadas a diminuír a contaminación: redución de vertidos de augas, biodixestores, cubrición de balsas de xurro, fosas máis dimensionadas, esterqueiras cubertas, separadores de sólidos e líquidos, reutilización de sólidos nas camas de gando... Todas elas son actuacións financiáveis —tamén é certo que pon xa o termo «financiáveis»— a través dos plans de mellora. Certo é que olvidou dicir que no ano 2024 o 70 por cento dos que solicitaron este plan de melloras quedaron fóra da convocatoria.

¿Saben o que dicía o grupo Siniestro Total nunha canción?: «Menos mal que nos queda Portugal». Esta é unha premisa que se converteu nunha expresión popular en Galicia: a expresión de resignación ou consolo fronte a unha situación difícil. Pois menos mal que nos quedan os gandeiros e as gandeiras para loitar contra esta problemática e combater a situación, porque a Xunta sempre actúa no tempo de desconto, e iso cando actúa. Temos que exixirlle á Consellería de Medio Ambiente —á súa conselleira— e a Augas de Galicia unha revisión exhaustiva dos datos empregados para a declaración de zonas vulnerables de nitratos e que avalíe, de forma rigorosa, se os niveis de contaminación detectados nas estacións de medición responden, efectivamente, á actividade agrícola ou ben a outras fontes, tal e como fixa a propia normativa.

A Directiva 91/676/CEE e o Real decreto 47/2022, de transposición desta, establecen a necesidade de determinar a orixe agraria da contaminación por nitratos antes de declarar unha zona vulnerable. Con todo, se ben a Confederación Hidrográfica Miño-Sil xa realizou unha análise técnica deste tipo —eliminando estacións de medición con datos non fiables ou influenciáveis por contaminación non agraria—, non consta que Augas de Galicia, nas concas hidrográficas da súa competencia, fixese un traballo similar antes de pasar os datos das estacións á Consellería do Medio Rural co mandato das declaracións de zonas vulnerables de nitratos. A declaración das ditas zonas non pode basearse en datos sen depurar e sen unha análise que discrimine claramente a orixe da contaminación. Así o afirma tamén o ditame motivado da Comisión, remitida ao Estado o 2 de xullo do 2020, orixe de todo este procedemento. Ademais, o ditame advertía da necesidade de declarar as zonas vulnerables de nitratos onde os valores das medicións das estacións de seguimento así o aconsellasen, coa única excepción daquelas nas que se estableza que non existiu unha contribución significativa da agricultura.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil ten realizado continuos e exhaustivos controis, así como múltiples traballos de investigación que conclúen na presenza de nutrientes que provocan a contaminación difusa nos lugares de estudo, consecuencia do uso do fertilizante e da xestión de puríns da actividade agraria. Para avanzar na solución da problemática detectada mediante a Resolución do 9 de maio de 2022, a Dirección Xeral da Auga do Miteco incluíu estas zonas de estudo afectadas pola contaminación difusa. O trámite anterior debe continuar, de acordo co artigo 4 do Real decreto 47/2022, que indica que o órgano competente da Comunidade Autónoma designe como zonas vulnerables todas as superficies coñe-



cidas do seu territorio cuxa escorrentía flúa cara ás augas afectadas e contribúan, aínda que sexa minimamente, á súa contaminación. Nestas zonas vulnerables, teñen que aplicarse os códigos de boas prácticas ou os programas de actuación co fin de previr e de reducir a contaminación causada polos nitratos de orixe agraria, pero a realidade é que a xestión do Goberno autonómico —do Goberno do Partido Popular— está pendente dende o ano 2022. Como dicía, menos mal que nos quedan os gandeiros e as gandeiras. *(Aplausos.)*

Dende a Confederación continúanse a realizar os controis de calidade das augas, intensificándoos en momentos concretos de presenza de cianobacterias. Todos os resultados son, por unha banda, trasladados puntualmente aos concellos afectados e, por outra banda, á Consellería de Sanidade pola afección á saúde persoal e humana que se pode dar, para o seu coñecemento e para os efectos en relación ás materias da súa competencia. Cabe destacar que a presenza de cianobacterias é de orixe natural, encontrándose sempre nas masas de auga. O seu crecemento desmesurado pode deberse ao incremento da temperatura ambiente, a unha elevada insolación —non sei se lles soa por esa banda o que está vinculado ao cambio climático— ou ao enriquecemento dos nutrientes da auga. Segundo manifestan algunhas organizacións agrarias, como é o caso de Unións Agrarias, é evidente que hai zonas onde a agricultura e a gandería non teñen a posibilidade de causar os problemas detectados, como pode ser o caso de Nigrán, Baiona ou Gondomar. Tamén parece evidente que, no caso de Vilanova, Cambados, Meis ou Ribadumia, non existe apenas carga gandeira e a actividade da produción do viño, que non é intensiva en fertilizantes, non parece dar conta dos altos valores detectados. É máis lóxico buscar a procedencia de nitratos na orixe extraagraria —nas augas residuais urbanas, especialmente, nunhas zonas con gran flutuación de poboación flotante durante os meses de verán— ou en zonas con carga industrial.

A Xunta pretende sempre buscar culpables nas administracións, como no caso dos concellos ou, como non, no Goberno central —e en Pedro Sánchez, que nos vén aquí trasladar os nitratos ás nosas augas—, lonxe de acadar e buscar solucións. Mostra disto é que a Xunta fixo unha reunión con distintos concellos —como pode ser o de Abegondo, o de Oza-Cesuras ou o de Cerceda— co criterio de que esta reunión se facía cos concellos situados augas arriba, como dixeron; e concellos que, teoricamente, están máis afectados, non foron convocados á dita reunión. Tampouco aclararon cales foron os puntos de medición.

O certo é que hai unha falta de aportación de datos por parte de Augas de Galicia, contraposta, como dixemos, á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que si amosou estes datos e amosou que, realmente, había algunhas zonas contaminantes e outras que non o eran por causa das explotacións. A Xunta de Galicia nin está, nin a esperamos, nin fai o seu traballo, a pesar de estar a falar dun tema tremendamente delicado.

Por iso, imos votar a favor desta iniciativa, e, como moi ben dixo a señora Valcárcel, non se trata máis que de cumprir a lei. Así que instamos o Partido Popular a que cumpra a lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.



O señor VISO DIÉGUEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Gustaríame comezar recoñecendo, antes de nada, o traballo e o compromiso diario dos nosos gandeiros e agricultores galegos. Eles, realmente, son os primeiros que se preocupan polo coidado da terra —por suposto—, polo coidado da auga e polo noso futuro. Cumpren as normativas ambientais, adaptan as súas explotacións ás exixencias europeas e fano sen ruído, pero con moito esforzo e dignidade. (*Aplausos.*)

Por iso, resulta difícil entender que hoxe teñamos que dar resposta a unha moción do BNG, consecuencia da interpelación de hai unhas semanas, á Consellería do Medio Rural, que, máis que buscar solucións, parece redactada para xerar titulares. Falamos dunha moción que mestura desinformación, oportunismo político e, sobre todo, unha profunda contradición entre o que se pide e quen realmente ten a responsabilidade. Aquí tamén me veu á cabeza unha canción do grupo ourensán Los Suaves: *Siempre igual*. Non podemos caer na trampa da demagogia nin no uso político dun tema que require precisamente o contrario: serenidade, rigor e responsabilidade.

Señora Valcárcel, imos analizar punto por punto o que di a súa moción.

No primeiro reclama que a Xunta presente no Parlamento o informe técnico das masas de augas afectadas. Por suposto, señorías do BNG, vostedes saben —ou deberían saber— que a Administración xeral é a que determina as masas de auga afectadas por nitratos, con base nos citados mapas e nos datos dos organismos de cuncas hidrográficas. Tamén é certo que a Administración autonómica, loxicamente a través deses datos, debe facer a declaración das zonas vulnerables e das masas afectadas e, iso é no que se está neste momento a traballar, sobre todo, no proceso de discriminación da compoñente agraria, algo do que vostede non comentou moito, pero que é importante recordar. Lembremos —tamén a vostedes, membros do BNG— que o deputado do BNG no Parlamento nacional ten tamén claro que as competencias son do Estado, por iso preguntou ao Goberno de España polos mesmos datos que vostedes preguntan aquí.

Noutro dos puntos critican unha suposta inacción da Xunta nos últimos tres anos con respecto ao Real decreto 47/2022. Señorías, ese mesmo decreto, se o lemos, deixa claro que é o Ministerio, ou sexa, a Dirección Xeral da Auga do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a que ten que elaborar os informes de presións contaminantes. Tamén é certo que hai que recordar que foi xa no principio deste ano cando se empezaron a facer as reunións —de feito, fixéronse dúas reunións que foron convocadas por esta consellería—; ou sexa, foi a principios deste ano cando se empezou a falar do tema por parte tamén do Ministerio.

Eu creo, señorías do Bloque, que deberían mirar cara a outro lado cando falan de responsabilidades. Lémbrolles tamén que por indicación do Ministerio de Transición Ecolóxica, como ben sabe, todas as comunidades autónomas e, por suposto Galicia, se ven obrigadas a declarar esas zonas vulnerables e, loxicamente, en cumprimento co Real decreto 47/2002 e



tamén coa normativa europea. Nese contexto, a Consellería do Medio Rural iniciou unha serie de encontros con alcaldes, asociacións profesionais, cooperativas e empresas de distribución e industria co obxectivo de abordar, con rigor e responsabilidade, cuestións como a sustentabilidade ambiental da gandería galega e as súas perspectivas de futuro. Nestes encontros, estase a analizar a situación da concentración de nitratos nas augas como paso previo necesario á declaración oficial das zonas vulnerables, señorías, como marca a normativa estatal. Cómpre subliñar que a Xunta de Galicia está a traballar con transparencia e anticipación para promover unha resposta coordinada, baseada na colaboración público-privada, que permita reforzar a sustentabilidade económica, social e ambiental da nosa gandería.

Noutro dos puntos, vostedes reclaman medidas urxentes na planificación hidrolóxica, estudos de impacto e orzamentos. A verdade é que é curioso. A planificación hidrolóxica —vostedes tamén o saben— non é competencia da Consellería do Medio Rural e, en todo caso, as medidas que haxa que aplicar, loxicamente, recóllense no programa de actuación do artigo 6 do real decreto. Tamén habería que destacar, loxicamente, que o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa —e aquí recórdollo á señora Lara— contempla esas medidas claras e financiadas. Xa están en execución e, por suposto, aliñadas co Real decreto. Cando as competencias son da Xunta de Galicia estase a traballar ben.

A verdade é que tamén teríamos que facernos unha pregunta, sobre todo neste punto da moción: ¿como se vai facer un estudo económico se aínda non se sabe que zonas serán declaradas vulnerables e, o que é máis importante, se non está definido o programa de actuación? Polo tanto, vostedes vexo que poñen un pouco o carro antes dos bois. Ademais, algo que vostede tamén esqueceu comentar é que, como establece a propia normativa, a Administración autonómica dispón dun prazo de dous anos para elaborar este programa a partir da declaración da zona vulnerable. Señora Valcárcel, ¡dous anos! Polo tanto, temos ese tempo tamén para seguir traballando.

Noutro dos puntos —no punto cuarto— falan dos códigos de boas prácticas agrarias. A verdade é que tamén é curioso. Ese código de boas prácticas agrarias xa existe e xa está vixente desde o ano 1999. É algo que vostedes deberían saber, sobre todo vostede, que xa presumía dese currículo cando empezaba a súa intervención. O Real decreto 1051/2022 xa regula a nutrición sostible; ou sexa, xa se fala aí da nutrición sostible, e xa se establecen determinadas limitacións á fertilización. Xa aparecen aí tamén. Por suposto, tamén é obrigatoria a cuantificación e o rexistro da fertilización, como vostede xa sabe; ou sexa, xa se está a traballar nese eido.

Noutro punto vostedes piden programas de fomento e de posta en práctica das boas prácticas agrarias: da formación e da información. Aquí temos tamén que recordar o que xa se está facendo e o que se estivo facendo a través dos PDR, que contan con axudas específicas, que tamén, loxicamente, se levarán a cabo a través do Plan estratéxico da política agraria común mediante un programa de titorización —do cal tamén se falou moito ao longo deste tempo neste mesmo Parlamento—, do uso do sistema de coñecemento e da innovación da agricultura —que tamén se falou aquí diso, da programación habitual de cursos dirixidos ao sector, que xa se leva facendo, e estase facendo—, ou da formación obrigatoria para esas persoas que acceden ou que teñen axudas á incorporación.



Polo tanto, señorías do BNG, eu creo que, neste caso, están a falar sen coñecer e iso, lóxicamente é o primeiro paso para errar. (Aplausos.)

E no seu último punto piden unha partida orzamentaria específica para o 2025, pero o que non din é que esas partidas xa existen nos orzamentos. Están no marco da PEPAC, vostede ben o sabe, e inclúen financiamento para tres cousas importantes: prácticas sostibles, formación e incluso para infraestruturas verdes. Polo tanto, volvemos ao mesmo e volvemos recalcar o que estabamos falando.

Esta moción non está feita para mellorar a calidade da auga nin para apoiar o sector agrogandeiro, nin sequera para avanzar na sustentabilidade. Esta moción está feita para confrontar, para confundir e para crear a falsa imaxe dunha Xunta que non traballa, cando realmente o que estamos é actuando nas competencias que nos corresponden. Os gandeiros e agricultores de Galicia necesitan certezas, necesitan apoio técnico, non discursos partidistas, e necesitan dunha oposición que saiba distinguir entre facer política útil e facer ruído. A Xunta cumpre e seguirá cumprindo co que lle corresponde. Polo tanto, nós non imos aceptar leccións de quen non as practica alí onde goberna nin coñece a realidade que critica.

Vou rematando xa, e remato un pouco como empezaba; remato como tamén remata a canción *Siempre igual*, dos Suaves. Remato dicindo: «otra vez empezar, siempre la misma historia, cada día siempre igual».

Moita grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Señor Viso, xa dixen antes que viña da docencia. Na docencia tiven a sorte de ter alumnos moi bos, bos e incluso malos, pero pésimos, nunca. E realmente vostede sería da categoría de pésimo, porque non lle quedou nada de todo o que dixen. (Aplausos.)

Vamos ver, este decreto o primeiro que di é que quen establece as zonas vulnerables a nitratos son as comunidades autónomas, e só quedan tres comunidades autónomas que non o estableceron, que son: Galicia, Asturias e Cantabria; pero non porque non haxa nitratos, e vólvolle recordar o mesmo que dixo a señora conselleira o outro día: o mapa do 2022, con 53 puntos.

Entón, eu non sei a que pretende xogar e que é o que pretende dicir con que nós estamos confundindo. Non, nós estamos dicindo que hai que aplicar a lei; é que non hai outra, porque, se non, van ter unha multa. E isto é ata o día 22 de maio, queda moi pouco, moi, moi pouco, e aínda non se fixo o traballo. E o que si que lle estamos pedindo polo artigo 9 son as analíticas para contrastar se realmente esa orixe dos nitratos é de orixe agrogandeira, porque esa é a clave, ese é o tema.



E dime aquí que se non falei da orixe agrogandeira. ¡É que o dixeran oitenta mil veces! ¡Non lle dea a cabeza dicindo que non, por favor! Centrémonos un pouquiño e deixe de marear a perdis, porque me parece un escándalo. Estamos en sede parlamentaria. Non digan mentiras. ¿Non queren aplicar e queren votar en contra de cumprir un real decreto? ¡Pois alá vostedes! Pero iso é o único que estou pedindo, o único que se pide desde o grupo do BNG. ¡Sexan serios!; sexan serios, que non o son.

Eu aquí pódolle recordar as palabras do anterior conselleiro do Medio Rural. ¿Saben vostedes que dixo co da Limia? Dixo: «Este marrón non o vou comer eu». E deixouno para os seguintes. *(Aplausos.)* Iso foi o que dixo o señor conselleiro, e agora seguen un pouco, pois, de xeito similar —estou buscando unha cousa que agora non trouxen—, pero... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* ¿Que? Si, díxoo en reunións públicas. Si, si. Grazas por intervir tamén. Supoño que este tempo podo telo a maiores, porque eu non lle pedín...;

O señor PRESIDENTE: Non.

A señora VALVÁRCEL ARMESTO: ...non dixeran nada cara aí.

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen. Non dialoguen porque vostede, que vén da docencia, sabe que cos alumnos hai que negociar pouco; se non, xa sabe... *(Risos.)* *(Murmurios.)*

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Pero fíxome unha pregunta concreta, e eu contestei.

O señor PRESIDENTE: Noutro momento.

Prosiga, cando queira.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Vamos ver, ao que imos é que en tres anos non fixeron nada, ¡non fixeron nada! E vólvolles recordar que este problema de contaminación por nitratos na Limia se coñece desde 1992 e pasaron completamente do tema. E no resto de zonas vulnerables, vostede dicía antes: é que Augas de Galicia non depende da nosa consellería. Non, cando facemos aquí unha intervención, *(Murmurios.)* unha moción ou unha interpelación, como foi neste caso, facémolo para que responda a Xunta de Galicia. Se non eran vostedes quen tiñan que responder, se é Augas de Galicia, que responda Augas de Galicia. Iso xa o comentei eu na interpelación. Pero Augas de Galicia non fixo absolutamente nada.

E con respecto aos datos de cales son as contaminacións, teño que dicirlles que eu a vostedes xa llelo pedín polo artigo 9...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: ...pero do Ministerio si tiveron eses datos; por medio do noso deputado temos eses datos e sabemos onde é a contaminación, en que puntos é exactamente e cal é o problema.

Entón, eu vólvolle pedir por favor que o pensen ben. Estamos dicindo que se aplique, que se cumpra a lei, e o único que pedimos é apoio para que realmente a cumpran.



Moitísimas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola Sociedade Impulsa con esta empresa

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado D. Xosé Luís Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto do punto 2 da moción polo seguinte:

«2.- Levar a cabo unha avaliación ambiental integral do proxecto da celulosa de Altri na Ulloa incluíndo a primeira e segunda fase (previsións máxima de uso de solo e de consumo de auga e eucalipto), avaliación de todas as infraestruturas do proxecto (planta química, liña de alta tensión de 3 km e nova subestación), e análise dos impactos sinérxicos e acumulativos».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

A verdade é que a estas alturas da tramitación do proxecto de Altri empezan a entrarme as dúbidas. Éntranme as máis dúbidas de se vostedes están tramitando unha macrocelulosa ou un «Guggenheim Palas», porque pola lectura dos últimos documentos parece que vostedes están promovendo aí unha especie de complexo artístico e arquitectónico para a comarca da Ulloa. (Murmurios.) Tranquilo, señor Trenor, que aínda estou empezando. (Risos.) (Murmurios.) Como dicía Castelao, «non vos riades, que o conto é triste». Efectivamente, isto é unha auténtica burla e é unha provocación contra Galiza, contra a xente da Ulloa, que estean dicindo estas cousas. Este é un asunto moi serio, moi serio. E, claro, Altri non é ningunha icona, como pretenden vostedes dicir con este informe infame que fixo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Altri é un símbolo, si, pero é un símbolo doutra cousa: é un símbolo da política industrial, do «ruedafeudalismo». É un símbolo —si, si, si—, é un símbolo da macrocelulosa, é un símbolo da industria de enclave baseada no extractivismo e é un símbolo do espolio dos nosos recursos e da nosa riqueza. (Aplausos.) Diso é símbolo Altri. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Hai aí un alumno un pouco díscolo ao que habería que chamarlle a atención, señor presidente. (Murmurios.) Non, non son profesor, pero funo. Está interrompendo todo o tempo.



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: Miren, o debate da tramitación de Altri tamén ten moito que ver cos modelos de xestión pública, e realmente o que están facendo vostedes non é nada exemplar. Non é nada exemplar, por exemplo, que membros do Goberno se dediquen a insultar e atacar a cidadanía que se mobiliza lexitimamente contra Altri. Non é nada exemplar que saia aquí, a esta tribuna, unha dirixente do Partido Popular a insultar e atacar un actor galego como Luis Zahera ou un escritor galego como Xosé de Cea. É absolutamente indecente que utilicen para iso o Parlamento galego, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Non é nada exemplar tampouco que vostedes oculten sistematicamente a documentación que lle pedimos polo artigo 9 da comunicación da relación entre Impulsa e Altri. *(Murmurios.)* Non enviaron nada do que lle pedimos da relación de Impulsa con Altri e din que Impulsa non era unha sociedade pública. Están ocultando esa documentación. Están vulnerando o que lle pide o Parlamento e están tamén vulnerando o que lle está pedindo o Consello de Contas.

Tamén podemos dicir que a tramitación deste proxecto é un auténtico manual da manipulación e da mentira... *(Murmurios.)* ¡E dálle...!

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Trenor. Tranquilo.

O señor BARÁ TORRES: Vostedes mentiron sobre as dimensións do proxecto, vostedes mentiron sobre a produción total do proxecto e sobre o material que se ía producir, vostedes mentiron sobre os postos de traballo que se ían crear e vostedes mentiron tamén con esa idea de que era un proxecto que pechaba ciclos en Galiza, cousa que non é certa, porque o que van producir aí principalmente é pasta de celulosa que se vai enviar, que se vai exportar, a Asia, a China, como está facendo xa Altri co que produce en Portugal, en Caima, que o manda para China; para iso queren facer este proxecto aquí, que non quixeron en Portugal.

E a pregunta do millón é: se é circular, ¿por que non está a gran empresa do sector téxtil galego neste proxecto?, que si estaba ao principio, en 2020, cando xurdiu este proxecto. ¿Por que non está? Esta é unha boa pregunta que nos teñen que responder, señorías do PP. A realidade é que este proxecto nin é circular nin pecha ciclos. ¡Non é circular e non pecha ciclos! *(Aplausos.)*

Claro, o problema aquí é que vostedes neste tema están cada vez máis sós, están cada vez máis illados; están absolutamente enrocados, seguindo adiante cun proxecto que nin sequera lle gusta á maioría de vostedes e que non lle gusta á súa base social. Porque —eu díxeno aquí, e repetireino mil veces— hai moitísima xente que é simpatizante, votante do Partido Popular, á que non lle gusta este proxecto, que está en contra deste proxecto e que se está mobilizando por terra e por mar contra este proxecto, porque é un proxecto que é unha agresión a este país, porque é un proxecto que é unha agresión a sectores estratéxicos, económicos e fundamentais deste país, como o sector alimentario —na terra e no mar—, como o sector forestal ou como o sector turístico. E por riba a xente está indignada porque vostedes queren conseguir 250 millóns de euros para ir en contra deses sectores estratéxicos.



Por iso nós traemos aquí unha proposta alternativa, que é mobilizar 250 millóns de euros para favorecer e para dinamizar eses sectores estratéxicos para recuperar, para rexenerar e para sanear o río Ulla e a ría de Arousa. Esa é a diferenza, que vostedes atacan sectores estratéxicos e nós apostamos por sectores estratéxicos, polos nosos ríos e pola nosa ría.

E, miren, chegados a este punto, acabamos de coñecer a documentación da DIA —que si é certo que nos enviaron; non a outra, a de Impulsa, pero a da DIA, si, igual que a todas as entidades que foron recoñecidas como parte interesada—. E eu aquí teño que facer unha rectificación, porque dixen publicamente a semana pasada que non nos enviaran toda a documentación, e si é certo —teño que corrixilo— que nos enviaron toda a documentación da DIA —diso non hai dúbida, quero que quede claro—, pero o que dixemos e o que manifestamos de novo aquí é que incorren nunha fraude de lei, porque están facendo unha avaliación parcial dunha parte do proxecto, da primeira fase do proxecto; están deixando importantes instalacións fóra desta avaliación, como a liña de alta tensión, como a subestación ou como a planta química, e isto chámase fraude de lei; e, ademais, non están facendo a avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos, porque vostedes din: si hai efectos parciais, ímolos corrixir, pero non fan a avaliación global.

E con respecto á DIA, teño que pararme, inevitablemente, no Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, porque, recoñecendo que hai un impacto sobre o ámbito do Camiño Francés, no ámbito visual, no ámbito paisaxístico, recoñecen tamén que a proposta de mitigación con ese cinto verde non serve, porque di o mesmo informe dunha consultora que de aquí a quince anos as árbores medrarán entre 10 e 15 metros —polo tanto, de efecto pantalla, nada— e, despois, claro, sacan da chisteira a proposta Guggenheim. A proposta Guggenheim di que con sete instalacións que teñen de altura 50, 55, 60 e 75 metros propoñen nada máis e nada menos que integrar a cheminea nun deseño arquitectónico maior que converta o complexo industrial nun elemento arquitectónico atractivo. ¡Manda truco! ¡«Integrar a cheminea nun complexo industrial maior que o converta nun elemento arquitectónico atractivo»! E, claro, a cheminea, como sobresaie moito, propoñen pintala de verde. Ese é o nivel que teñen vostedes da política verde e do ecoloxismo: pintar de verde a ver se coa, ja ver se coa! (*Aplausos.*)

E despois aínda o señor presidente da Xunta vén aquí e di publicamente que compara a cheminea das Pontes —que, efectivamente, é unha cheminea que xa existe, que se propón conservar como unha mostra dunha determinada política industrial e como un resto dunha actividade industrial, como unha mostra do patrimonio industrial— cunha nova cheminea de 75 metros dun complexo industrial que aínda está sen facer...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...e como argumento para lexitimalo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: É que vostedes se burlan da xente, provocan, e son unha máquina de provocar mobilización e rexeitamento a este proxecto. Pois xa poden pintalo de verde,



poden pintalo de rosa, poden camuflalo como queiran, que non van tapar este auténtico atentado ambiental, este enorme ataque a Galiza.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Boas tardes de novo.

Grazas, presidente.

Vou comezar cunha pregunta, que lanzo ao aire aos deputados e ás deputadas que estamos hoxe aquí, incluída a bancada do PP: ¿tedes algunha dúbida de que o proxecto industrial de Altri non é un proxecto político abandeirado, mimado polo Goberno galego?, ¿tedes algunha dúbida? Eu creo que non. Ata queren converter —como dicía o compañeiro do BNG, o señor Bará— en icona unha cheminea de 75 metros, pintada de cores chulas. Para nós, as socialistas de Galicia, non hai ningunha dúbida, e probas desta afirmación hai moitas, como direi.

É un proxecto político do Goberno galego, abandeirado polo señor Rueda, a pesar de que a conselleira de Economía e Industria, a señora Lorenzana, dixera na prensa: «*No tengo ni idea de si Altri se hará o no. Eso no depende de la Xunta de Galicia*». ¿De verdade que nos queren tratar de parvas, cando sabemos que a competencia exclusiva de industria é competencia da Xunta de Galicia, que a autorización ambiental integrada, pendente na Consellería de Medio Ambiente, é competencia da Xunta de Galicia? ¿A delegación ou a aprobación do proxecto industrial é competencia exclusiva da Xunta de Galicia? ¿De verdade que nos queren tratar de parvos? Eu creo que a verdade é que o Goberno galego non se sente cómodo con este proxecto e queren tirar a pataca quente. Cada vez séntense máis incómodos co proxecto de Altri e, claro, queren buscar tamén a culpa. E a culpa ¿de quen é? De Pedro Sánchez.

Señorías, non é cuestión de simplificar o debate en «industria si e industria non», senón en que industria queremos para o noso país, para Galicia. E nós, as socialistas, sempre o dixemos, sempre, desde o inicio desta lexislatura: todo o proxecto industrial que se queira implementar no noso país ten que cumprir os tres requisitos: a sustentabilidade ambiental, a económica e a social, as tres patas unidas. Queremos unha Galicia de vangarda no sector industrial, sostible, unha Galicia sen complexos, que mire cara a fóra, que mire cara a Europa, non só cara a dentro, illada, coa mirada nostálgica dunha soberanía nacional; unha Galicia que chegue ao PIB, ao 20 por cento do PIB industrial, pero con pleno respecto a esas tres patas unidas.

Xa dixemos moitas veces que queremos facer unha política útil, rigorosa, e que somos esa esquerda que pode, que temos esa capacidade de xestión e de goberno. Para os socialistas de



Galicia é nuclear chegar a ese pacto de industria e enerxía. E o Goberno galego do PP non quere. ¿Por que? Porque non ten unha estratexia definida na política industrial e de transición ecolóxica. É como un polo sen cabeza: improvisacións continuas, trece modificacións da Lei do sector eólico, caos do desenvolvemento eólico en Galicia, máis de 3.000 megavatios suspendidos xudicialmente e, evidentemente, por responsabilidade exclusiva dos gobernos do PP, que leva dezaseis anos gobernando. Mentres, é verdade que hai outros partidos da oposición que falan de cambio climático, pero dubidan da implementación das enerxías renovables. Galicia ten vento, ten auga, ten sectores industriais tractores, como o do automóbil, o naval, a defensa... Temos talento e queremos, ademais, innovar.

O proxecto de Altri tamén cremos que, ademais, é un exemplo de *lobbysmo*, de que se está favorecendo a grupos de intereses, non ao interese xeral público, que é polo que ten que velar o Goberno galego. ¿Por que o digo? Ademais, creo que é un sinal de identidade do PP, porque son capaces de votar en contra no Congreso dos Deputados do plan de rescate de 14.000 millóns de euros, que beneficia as empresas de España, pero tamén as empresas galegas (*Aplausos.*) ¿E por que? Porque van velar polos intereses do *lobby* das nucleares, que entrarán no xogo, cuestionando o tema do cambio climático e a potenciación das enerxías nucleares, e porque tamén lles queren sacar o imposto ás eléctricas. Esta é a verdade, e o demais son contos para non durmir. Feijóo manda, Rueda, obedece e Galicia perde.

Renuncia tamén a eses 4.000 millóns de condonación da débeda pública, que deixará de ser débeda galega. Asemade, tamén cremos nós, as socialistas de Galicia, que Altri será estudado como un exemplo de falta de transparencia. ¿Por que o digo? É un goberno onde se ocultaron... É un exemplo de relatos e mentiras continuado no tempo para tratar de cambiar a verdade. Imos aos datos, ás datas: acordo do pleno do 15 de febreiro de 2022, declaración do PIE; ese estrato do Consello da Xunta, onde falaba de fábrica de biotextil, o 29 de decembro de 2022. Pero, claro, cando se pon a exposición pública do proxecto o 4 de marzo de 2024, dúas semanas despois das eleccións, é cando se puido ver ese proxecto, e fóronse perdendo empregos polo camiño e viuse que o proxecto de Altri ten o 60 por cento de produción de pasta de papel no corazón de Galicia e catro toneladas de celulosa ao ano por cada tonelada *lyocell*. Evidentemente que é unha macrocelulosa, con todas as letras. (*Murmurios.*)

Logo, entra no xogo da partida a sociedade Impulsa, esa sociedade *fake*, de colaboración público-privada, que o Goberno galego constitúe como un proxecto estrela no 2021 para proxectos tractores industriais de Galicia, en consonancia cos eixos dos fondos Next; sociedade cuxa finalidade real era fuxir do control público, que é o que leva dicindo o Consello de Contas por dúas veces en dous informes. ¿Por que? Porque ten unha influencia pública significativa, ¿Quen preside a sociedade Impulsa? A conselleira de Facenda. ¿Quen está sentado no Consello de Administración? ¿Quen a financia maioritariamente? ¿Quen ten os dereitos políticos de voto e decide na sociedade Impulsa? E fóra xa do debate de se é ou non unha sociedade pública da Lofaxga —que, se queren, temos ese debate cando queiran aquí ou, evidentemente, tomando un café—... Pero un só euro público desa sociedade Impulsa xustifica xa a necesidade de transparentar a súa actividade.

Ademais, sorprendeume tamén moito que a señora Lorenzana, na interpelación, dixese que, como presidenta de Impulsa —que á sazón tamén é conselleira de Economía de Industria—,



ela non podía comparecer no Parlamento galego, como presidenta dunha sociedade privada que se rexía pola Lei de sociedades de capital, cando o Consello de Contas está dicindo que é unha sociedade de influencia pública. Afirmaba sen pestanexar que os representantes da SEPI comparecen no Congreso dos Deputados. Claro, señora Lorenzana, ¡claro que os presidentes da SEPI comparecen no Congreso dos Deputados! De novo queren facernos parvos aos deputados, ou realmente hai descoñecemento e ignorancia, que non sei xa o que é.

Pero volvamos aos pactos entre Impulsa, controlada pola Xunta de Galicia. Hai un memorando —que non fixeron público— que se firmou entre a sociedade Impulsa e Altri en outubro de 2021. É un memorando que dixo a Xunta que se declarou confidencial. E, ¿por que? Din —atentos—, porque é unha sociedade privada que se rexe pola sociedade de capital. Ese foi o argumento da Xunta de Galicia. Pois, preguntome eu: ¿onde estaría a ubicación dese memorando privado feito entre a sociedade Impulsa e Altri? ¿Onde estaría ubicado ese proxecto industrial político, abandeirado do señor Rueda?

Outra mostra do privilexio do Goberno de Rueda con Altri é que tamén dixo o conselleiro que o problema é que a empresa non se pode enchufar —dixo—; outra falacia. Logo do vivido hai unha semana, deberían saber tamén os deputados e as deputadas que o novo Plan de infraestruturas eléctricas en tramitación, con proxección ao 2030, é un enorme reto que debe responder a criterios técnicos de calidade, de seguridade. ¿Que hai moito por mellorar? Si. ¿Que hai que gañar na rede eléctrica máis flexibilidade e lograr máis conectividade coa rede europea? Tamén. Nós apostamos por unha conexión da Rede de transporte europea onde as enerxías renovables e o reto do almacenamento enerxético sexan protagonistas, de xeito que a nova planificación —e recalco aquí— xamais pode responder a un proxecto particular e político do Goberno galego. Eu preguntome: ¿sería necesaria unha subestación eléctrica ou tres quilómetros de liña de alta tensión se o proxecto de Altri non se vai desenvolver? Respóndanme, señorías do PP.

Tamén coñecemos hai unha semana que no proxecto de Altri se denegaron as axudas do PERTE da descarbonización liña catro, que xa adiantara o noso voceiro José Ramón Gómez Besteiro. Supoño que os responsables de Altri, e creo que tamén os gobernantes, o presidente Rueda e a conselleira de Economía e Industria, xa verían que os fondos Next teñen que estar executados e liquidados a 31 de marzo de 2026. Boten as contas. O proxecto, a proxección é de 36 meses. Dificilmente se pode facer realidade o 31 de marzo de 2026. Só hai que sumar: dous máis dous, catro.

E tamén faltan á verdade cando din que se discrimina a Galicia cos fondos Next. Hai máis de 4.000 millóns de euros recibidos e 55.000 beneficiarios e empresas. Esa é a verdadeira pegada en Galicia do Goberno de España para transformar, para modernizar e para innovar a industria e a nosa economía.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: Por tanto, remato cunha pregunta, como comecei —e tamén me pregunto eu— : ¿cal é a economía circular que vai fomentar Altri se non se vai producir tecido aquí, senón que se vai exportar absolutamente toda a pasta de celulosa e *lyocell*? ¿Cal é?



¿Cal é a pegada do carbono que deixamos con esta industria, proxecto político do señor Rueda? ¿Vaise desenvolver, se non recibe 250 millóns de euros de axuda singular? ¿Vai financeira o Goberno galego? ¿Que vai facer o Goberno galego?...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: Non saben que facer con esa pataca quente.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Lorenzo Gómez.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente.

Señora Iglesias, antes de nada —porque tampouco quero dedicar moito tempo a deixala en evidencia unha vez máis—, mire, quero agradecerlle —xa llo dixen na Comisión 6ª—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? Quero agradecerlle encarecidamente que recoñecese que Altri cae do PERTE de descarbonización por prazo, non por sustentabilidade. A ver se llelo explica aos seus socios e veciños de bancada, que están mentindo e manipulando unha e outra vez dicindo que Altri cae do PERTE por sustentabilidade. *(Aplausos.)* E vostede acaba de recoñecer aquí que foi por prazo. A propia empresa sabía, e a propia empresa estalle pedindo ao Goberno do señor Sánchez que negocie con Europa para ampliar eses prazos. Pero non só para Altri, para todas as empresas do PERTE de descarbonización, que, como ben dixo, teñen que ter rematadas as súas actuacións antes do 31 de marzo do 2026.

Señor Bará, a verdade é que eu non sei... Vino a vostede moi perdido, ¡eh! De verdade que esperaba un discurso cun pouquiño máis de nivel pola súa parte, porque o notei como moi..., cun discurso moi deslavazado... Non sei, debérono de chamar pola mañá e dicirlle: hai que meter estas consignas. Parecía que estaba máis ben nun palco desas mobilizacións que fan vostedes, cun micro, berrando consignas contra Altri, que aquí, no Parlamento de Galicia.

Eu voulle facer unha pregunta: ¿vostedes están a favor de declarar BIC as chemineas das Pontes? Porque o seu grupo, o seu grupo nas Pontes, presentou unha iniciativa para declarar BIC as chemineas. Entón, xa cae todo o que acaba de dicir vostede aquí da cheminea de Altri. *(Aplausos.)* Dende logo, señorías... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, cando vostedes están aquí a falar e se lles replica, son os primeiros en protestar. Eu, de verdade, non sei, pero moito puño de ferro e mandíbula de cristal. ¡Hai que aguantar un pouquiño, eh! *(Aplausos.)*

Dende logo, señorías da oposición, hai que recoñecerlle a teimudez e a capacidade que teñen para terxiversar, manipular e enredar con cada tema que traen a este Parlamento, e todo para manter vivo o seu relato; un relato que o único fin que ten é o de desgastar un goberno que cada catro anos, indiscutiblemente, os derrota nas urnas, e vostedes iso non son capaces de asumilo. Vostedes tratan de facer ver que a Xunta non está a ser transparente, deslizando



a idea de que empresas como Impulsa ou RDG, como teñen participación pública, deben render contas como se fosen unha sociedade do sector público, e nada máis lonxe da realidade, señorías.

Miren, xa llo dixo o secretario xeral de Industria o outro día, (*O señor Lorenzo Gómez mostra un documento.*) pero voullo dicir eu, porque algúns de vostedes non estaban, e o señor Bará tampouco estaba nesa comisión. Tome nota: WWWborme.es. Aquí teñen toda a información dispoñible —e non só para vostedes, senón para toda a cidadanía— das sociedades privadas nas que participa a Xunta de Galicia. O outro día enumeráronlle bastantes datos que se poden atopar aquí. Loxicamente, ao secretario xeral pareceulle un pouco absurdo ter que dar datos que vostedes poden atopar perfectamente na rede.

Vostede, como dicía, vén cuestionar a transparencia da Xunta de Galicia, que xa lles deu resposta, e estalles dando resposta. Acaba de recoñecelo aquí. É algo que o honra, vir aquí e recoñecer que lle deron a información; é algo que si que lle teño que recoñecer. Pero, cáelle o discurso, cáelle o discurso da falta de transparencia da Xunta de Galicia.

Eu imaxino que, se o máis grave que ten que dicir de toda a información que recibiron é que se propón pintar a cheminea de verde, pois todo ese escurantismo e toda esa bomba ambiental coa que vostedes levan meses intoxicando a sociedade, con todos eses datos, poñendo en dúbida o traballo de todos os técnicos da Xunta de Galicia que formaron parte desa DIA, xa se lles cae. Se o máis importante de toda a información que recibiron é dicir que se vai tardar máis de quince anos en facer unha franxa verde, entón, dende aquí, dende o Grupo Popular, hai que parabenizar a Xunta de Galicia e os técnicos que fixeron esa DIA, con todas as garantías, porque se vostede o único que ten que traer aquí é iso, bastante ben está feita a DIA. (*Aplausos.*)

Mire, vostedes falan do Informe do Consello de Contas, e así lle falaban ao respecto á conselleira na súa interpelación. Esas que denominan vostedes recomendacións son máis que discutibles, señor Bará. Tratan de confundir o público e o privado, ou máis ben están aproveitando unha falta de claridade do Consello de Contas para desinformar. Vostedes só escoitan o que queren escoitar, porque cando o Consello de Contas lles di o que non lles gusta, son os primeiros en poñelo en dúbida.

Pero isto non o fan só co Consello de Contas, fano cos técnicos da Xunta, cos empresarios, cos traballadores públicos, e todo, absolutamente todo, lles vale, señorías, para sacar unha tallada política. Vostedes pretenden que as empresas se sometan ao dereito que vostedes queren, porque vostedes non cren na liberdade empresarial. Nós, pola contra, apostamos polo Estado de dereito —ese que a vostedes tanto lles molesta— e apostamos por dar seguridade xurídica ás empresas. O que vostedes pretenden, señoría, é francamente perigoso.

Tamén son perigosas as graves acusacións que fan unha e outra vez aquí nesta sede, e nós non llemos podemos pasar por alto, señor Bará. Basta xa de demagogia, basta xa de desinformación e basta xa de manipulación, señorías do BNG. Non se pode vir á sede parlamentaria a verter acusacións infundadas contra un goberno ou un partido político, e rematar dicindo: e se non é como eu digo, demóstreo.



Por certo, aínda estamos á espera de que a señora Pontón responda a esa pregunta de se pode asegurar que ninguén do seu contorno se veu beneficiado por contratos con administracións gobernadas ou cogobernadas co BNG. Porque, señor Bará, a transparencia, antes de pedila, hai que dala. *(Aplausos.)*

Eu teño que recoñecerlles que non deixan de sorprendernos. Cando vin a súa autoemenda, de verdade que non daba crédito, señor Bará. Agora, como xa recibiron a información da DIA, vostedes, que presentaron iniciativas para que se rexeitase o proxecto de Altri sen nin sequera iniciar a súa tramitación, vostedes, que levan desacreditando os técnicos da Xunta encargados de facer os informes da DIA, vostedes, que nos tacharon de comerciais de Altri, vostedes, que xa tiñan as conclusións feitas sen sequera ver o proxecto, agora vostedes veñen pedindo que se leve a cabo unha avaliación ambiental integrada do proxecto de Altri. ¡Cousas veredes, señorías!

E tamén piden que se avalíen as infraestruturas; infraestruturas que aínda no día de hoxe nin figuran na planificación de transporte de enerxía, señora Iglesias. ¡Que vostede hoxe aquí teña a desfachatez de nomear as infraestruturas de transporte eléctrico...! Hai que ter un pouquiño de vergoña jeh!, coa que leva caída.

Xa lles digo, señorías, que vostedes, tendo en conta que son os mesmos que votaron a favor de Altri —porque iso está constatado, que vostedes votaron a favor; saíu unha iniciativa por unanimidade desta Cámara na que vostedes votaron a favor de Altri—, agora están dando bandazos, pedindo unha nova DIA para o proxecto de Altri. Todo apunta, señorías, a que o novo capitán ou capitá ao mando mudou o rumbo dun xeito radical. Nunca mellor dito, e eu pregunto: ¿estaremos ante un fin de ciclo do BNG, señorías?

Miren, xa vou rematando, presidente... *(Murmurios.)* Con todo o que está a acontecer en España nestas últimas semanas, un apagamento sen precedentes no noso país, o enésimo colapso do sistema ferroviario, as distintas imputacións no contorno do presidente Sánchez e moitos líos máis que xa non teño tempo a enumerar, ¿que fixo o BNG en Galicia estes días? Pois fixo un manifesto do 1 de maio fronte ás guerras imperialistas e o espolio colonial, clamando por máis soberanía e máis socialismo; presentaron unha iniciativa a este Pleno contra a política exterior dos Estados Unidos, pedindo, ademais, a saída da OTAN; pediron a dimisión da directora xeral de Patrimonio Cultural; fixeron un acto para pedir a derogación do Decreto do galego; atacaron a Rueda pola xestión do apagamento; e pediron a súa comparecencia.

Queda claro que están aboados ao ruído...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...ao engano constante aos galegos e ao trilerismo político. Sigán así, cada vez máis alonxados da realidade dos galegos e das galegas; sigán vivindo no seu matrix de autodeterminación e comunismo, que nós seguiremos traballando por un presente e un futuro de galegas e galegos que sigan desfrutando do máis prezado, da súa liberdade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Bará,

O señor BARÁ TORRES: ¡Home!, o que fixo un discurso de altura foi vostede, señor Lourenzo, *(Risos.) (Aplausos.)* fixo vostede un discurso de 75 metros de altura, como a cheminea de Altri. Realmente deixoume impactado. Vostede merece estar como comentarista da Radio Galega polo menos, con este nivel que deu aquí na súa intervención.

Mire, voulle explicar, porque vostedes non queren entender. *(Murmurios.)* O BNG defende que a cheminea de Endesa das Pontes sexa declarada BIC como unha mostra de patrimonio industrial, histórico... Vostedes queren que se declare BIC e icona unha cheminea que aínda non está construída, que queren pintar de verde para tapar o impacto que ten no Camiño de Santiago, *(Aplausos.)* que o di todo o mundo, e recoñéceno vostedes. Vostedes queren declarar iso icónico e un referente arquitectónico, visual e artístico. Esa é a diferenza. ¡É que non ten nome o que queren facer vostedes!

Mire, deixen de manipular, deixen de manipular a respecto da documentación que lle pedimos de Impulsa. É que nos deron a resposta por escrito dicindo que non nos daban a documentación, alegando que era unha sociedade privada na que a Xunta non tiña a maioría. ¿A que vén dicir aquí que dixo o secretario xeral non sei que, que xa está a información? Estará a información, pero a documentación dos acordos entre Impulsa e Altri non nola deron, e pedímoslles nesta moción que nola dean. E, se non nola dan, xa lles avisamos máis veces que iremos buscala aos xulgados; iremos pedila aos xulgados. Así que atéñanse ás consecuencias. *(Aplausos.)* Desclasifiquen os papeis ocultos e secretos de Altri e Impulsa.

E o punto 2, que cambiamos na redacción da moción, efectivamente, foi porque vostedes nos deron —como recoñecín aquí— a documentación, como llela deron a todas as partes interesadas, e como é a súa obrigación dar polo artigo 9, cousa que non fan habitualmente —déronnola; se non, teríamola a través das entidades que foron declaradas partes interesadas—. Pero o que dixemos é que, consultada esa documentación, vostedes incorren nunha fraude de lei, porque non fan unha avaliación integral, non avalían os impactos sinérxicos e acumulativos e non avalían infraestruturas, como, por exemplo, unha planta química, que está dentro do complexo e que vostedes deixan fóra da avaliación, igual que a liña de alta tensión e a subestación de nova construción que hai que facer, que é imprescindible para que funcione o complexo industrial, e vostedes non o inclúen na avaliación ambiental.

Vostedes son unha auténtica fábrica de mentiras e de manipulación neste proxecto. E, mire, voulle dar uns datos. Vostedes no 2021, e no 2022, dicían que esa planta ía producir 200.000 toneladas de fibras téxtiles ou de *lyocell*. A realidade é que vai producir 400.000 toneladas de pasta de celulosa e 200.000 toneladas de *lyocell*. Tres veces máis de produción, con todo o impacto que significa iso no consumo de eucalipto, no consumo de auga, no vertido de auga e na ocupación do espazo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Segundo. Vostedes dixeron no 2021 e no 2022 que ían crear 2.500 empregos directos. A realidade, cando vimos... (*Murmurios.*) ¡Díxoo o Consello da Xunta! ¡Estaba na nota do Consello da Xunta! ¡Pero que están dicindo! (*Aplausos.*) A realidade é que despois, cando coñecemos o proxecto, quince días despois das eleccións, eran cinco veces menos, eran 500 postos de traballo. É dicir, que aumentaron tres veces a produción e diminuíron cinco veces os postos de traballo. ¿Isto como se chama? Unha auténtica burla, unha auténtica provocación e un insulto. (*Aplausos.*) Son vostedes os mestres da manipulación e da mentira...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Non teñen ningunha credibilidade, e por iso a xente se rebela, por iso a xente se mobiliza, por iso a xente se indigna e por iso a xente vai conseguir que este proxecto non saia adiante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematou o debate das mocións, agora procedemos á súa votación.

Pechen as portas, por favor.

Votamos en primeiro lugar a do Grupo Parlamentario Socialista.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que non se acepta.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias para rebaixar as listas de espera na sanidade pública galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

(*Murmurios.*) (**O señor PRESIDENTE pide silencio.**)



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Valcárcel Armesto, sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

(Murmurios.) (O señor presidente pide silencio.)

Votación da Moción do G. P. polo Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre o proceso de selección do proxecto industrial de Altri e os compromisos adquiridos pola sociedade Impulsa con esta empresa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e dous deputados/as máis, sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante respecto da loita contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ no ámbito laboral

O señor PRESIDENTE: Presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto do punto 1 da parte resolutiva polo seguinte:



«1. Realizar novos estudos nos que, por unha banda, se analice de forma específica a realidade do colectivo trans a nivel laboral monitorizando a súa situación laboral, e pola outra, estudos máis completos onde se indague con maior perspectiva as interseccionalidades que afectan ás persoas LGBT no eido laboral.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Intensificar medidas para o colectivo LGTBI mantendo unha escoita activa, tanto no Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero como no grupo de traballo do diálogo social.*
- 2. Crear a canle de denuncias sobre discriminación e acoso LGTBI coordinadamente coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o acordado na mesa de traballo do diálogo social.*
- 3. Manter e intensificar, se cabe, a elaboración de guías, exemplos de boas prácticas, cursos formativos etc. de diversidade, ampliando o catálogo dispoñible no apartado de Diversidade recollido na páxina web de <https://aigualdadelaboral.gal>*
- 4. Elevar ao Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero os informes e estudos realizados en materia de diversidade laboral LGTBI polo grupo de traballo específico do Consello Galego de Relacións Laborais*
- 5. Ofrecer formación específica sobre LGTBI ás persoas responsables de Igualdade de cada Consellería para facer seguimento das políticas transversais en materia de diversidade laboral LGTBI.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Falabamos non hai moito tempo —hai algo menos dun ano, no mes de xullo— precisamente da lei coa que conta Galicia, da Lei 2/2014, do 14 de abril, sobre a igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Trouxémola aquí, debatémola, fixéronse algunhas proposicións..., e falabamos os socialistas naquela intervención de que a lei ten que ter vixencia no tempo en que está promulgada —no tempo sobre o que actúa—; a lei ten que maximizar tamén a súa utilidade, ten que ser ren-



dible socialmente aos cidadáns e, sobre todo, ten que favorecer algo que nos fai a todos felices: acadar a igualdade, acadar a normalidade entre os nosos iguais. E iso era precisamente o que se trataba de facer con esa Lei 2/2014, do 14 de abril. O que sucede é que falabamos tamén da usabilidade destas leis; e é que se ben nos fan unha sociedade avanzada, tamén actúan un pouco como se tivésemos unha tecnoloxía, pero non o seu manual de instrucións. É verdade que a lei aguanta todo, que o papel aguanta todo; aí están os dereitos que ten que ter a poboación e aí están todas as cuestións que os van levar á igualdade na sociedade, pero é verdade tamén que a implantación da lei é moito máis que iso; a usabilidade da lei —da que falabamos ao inicio— é algo moito máis que iso. De feito, neste momento varios títulos da súa posta en práctica quedaron en nada máis que papel mollado na maior parte das iniciativas. Ademais, hai un órgano impulsado e publicado no ano 2018, como é o Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, que sete anos despois apenas tivo actividade. E tal e como xa lamentamos en numerosas ocasións desde o Grupo Socialista, apenas tivemos algunhas achegas e algúns informes, pero non ten outro uso nin outra proxección na sociedade máis que ese.

Hoxe vimos aquí cuns datos para esta proposta, sobre todo para falar do emprego neste sector da poboación. O emprego, igual que o resto das leis, fainos a todos máis iguais e fainos a todos achegarnos á igualdade de oportunidades. Paso a dar uns datos: segundo o informe estatal da Federación Estatal LGTBI, do 2024, o 66,5 por cento das persoas LGTBI están empregadas. A súa taxa de actividade é do 78,6 por cento, cunha taxa do 13 por cento de desemprego. O risco de pobreza é do 30,6 por cento nas persoas LGTBI, un 13 por cento máis que o da poboación xeral. Con respecto á precariedade laboral, hai un 14,7 por cento dos fogares LGTBI que presenta unha baixa intensidade laboral —menos de dous meses traballados ao ano— e a temporalidade segue sendo elevada. Con respecto á discriminación e á invisibilidade no traballo, o 70 por cento das persoas LGTBI non se visibilizan no seu contorno laboral, e só o fan un 10 por cento ante os seus superiores. Con respecto á discriminación laboral, o 78 por cento destas persoas afirman sufrir algún tipo de discriminación no traballo, e o 55 por cento das persoas trans recoñecen ser excluídas en entrevistas laborais. Con respecto á percepción da desigualdade, o 75 por cento das persoas LGTBI consideran que non teñen as mesmas oportunidades laborais que as persoas heterosexuais; esta cifra elévase ao 83 por cento entre as persoas trans ou non binarias. Por outro lado —e aquí temos o oxímoro que daría tamén algo que pensar sobre a empregabilidade das leis—, o 44 por cento das persoas LGTBI considera que a súa produtividade mellora tras facer pública a súa orientación sexual ou identidade de xénero no traballo. Isto é algo absolutamente lóxico; trátase de vivir relaxados, sen presións, sen tensións e sen ter que esconder o que realmente un quere facer da súa vida. Ademais, menos do 20 por cento das empresas en España contan con programas específicos de diversidade para o colectivo LGTBI, a pesar de que o 42 por cento das organizacións apoian publicamente a inclusión.

Tal é o motivo —xa que dicíamos que o 70 por cento das persoas LGTBI prefire ocultar a súa identidade— que a partir deste mes de abril todas as empresas con máis de cincuenta traballadores deberán contar con plans que garantan a igualdade e a non discriminación deste colectivo. Volvemos aquí ter outra vez esta lei, este manual de instrucións que nos fai máis modernos, que nos fai máis activos e máis proigualdade nesta sociedade, pero volvemos ao mesmo: isto hai que poñelo en práctica. A Administración ten a obriga de que se poña en



práctica, de que xere unha opinión no tecido empresarial e de que a partir de agora teñamos unha efectividade na lei. Por isto, esta Lei do 2014 que viamos necesita precisamente desta muletilla, necesita precisamente desta axuda para ser unha lei de facto na sociedade.

En España hai ao redor de tres millóns de persoas LGTBI en idade de traballar, e o 65 por cento recoñece facelo. A discriminación do colectivo no mercado laboral é evidente, empezando polo medo a visibilizar a súa condición sexual na empresa, pois o 70 por cento desas persoas non amosan a súa orientación no traballo. Este medo non é infundado: no último ano 1 de cada 10 persoas LGTBI recibiron un trato desigual relacionado coa non contratación, o despedimento ou a non promoción dentro da empresa. A dor, a rabia e a frustración son as sensacións máis repetidas por parte do colectivo cando relatan experiencias de discriminación laboral. Traio aquí o exemplo de Daniela, nunha entrevista que saíu na radio. Ela é unha muller transxénero que, tras traballar en varias entidades bancarias a través de empresas de traballo temporal, chegou a unha sucursal que a despediu o mesmo día da súa incorporación «por non encaixar co perfil elitista da entidade e por non levar a indumentaria correspondente». Daniela presentouse con americana e pantalón e pasou as oito horas da xornada laboral sentada nunha mesa mirando cara á parede. Cando chegou á súa casa recibiu, a través dun WhatsApp, a carta de despedimento.

Isto é só un exemplo de alguén que o denuncia, que se atreve a facelo público, que se atreve a ir a un medio de comunicación e que se atreve a deixarse entrevistar e expoñer a súa realidade. Isto é só un exemplo; eu creo que todos os que temos relacións con organizacións que traballan no eido LGTBI temos exemplos e exemplos como o de Daniela, non diría a diario, porque non é unha relación consuetudinaria, pero si que nos chegan denuncias, as máis das veces soterradas para que non se saiba en público, pero si en privado. E sobre todo chégannos a aqueles que estamos no eido da política, a presión, as preguntas ou a pulsión de que fagamos chegar este tipo de situacións —que teñen que ser corrixidas, evidentemente—, cando non hai outra administración máis que a autonómica que poida facer efectivo que nos seus empregos e nas súas empresas isto non volva pasar.

É por este motivo polo que traemos hoxe aquí esta proposición non de lei, cunha serie de medidas que entendemos que son de fácil implementación. Non supoñen contías económicas en exceso —nin moitísimo menos!—, supoñen crer nos dereitos dun colectivo que loitou polo seu lugar na sociedade, que loitou por facer seus os dereitos que temos todo o resto da sociedade, pero —como dicía ao principio—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—remato agora— as leis teñen que ter a vixencia do tempo no que actúan. E lamentablemente temos unha lei, temos unha tecnoloxía punta, pero fáltanos o manual de instrucións.

Así que pido por favor que apoiemos esta proposición non de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Na quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde de novo.

Grazas, presidenta.

A verdade é que o compromiso do Goberno galego coa diversidade sexual e de xénero non vai moito máis alá de sacar a bandeira o 28 de xuño. Gústalles encher o peito dicindo que Galiza foi pioneira no ano 2014, cando se aprobou a Lei pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT, pero non son quen de recoñecer que nestes once anos desde que se aprobou esa lei non foron practicamente quen de desenvolve-la e, sobre todo, non foron quen de traballar para garantir e para ampliar os dereitos das persoas LGBT.

Trinta e tres artigos ten esta lei en total, dos que tres se refiren ao ámbito laboral; artigos que non deixan de ser pouco máis que declaracións de intencións. De feito, un apartado dun deles, o artigo 12.3, pide a elaboración dun estudo para coñecer a situación das persoas LGBT no eido laboral. Este estudo finalmente está datado de decembro do 2022. ¡Oito anos para elaborar un estudo...! —con este ritmo caribeño moito non lles loce o pelo—. ¿E que é o que di este estudo? Que un dos puntos críticos para as persoas LGBT no eido laboral é o proceso de contratación e de acceso aos postos de traballo, polo que moitas persoas LGBT deciden non visibilizarse. Isto provoca a deterioración da súa seguridade e confianza no contorno laboral e acaban por volver estar dentro do armario, aínda que xa saíran del hai moito tempo. Sabendo que este estudo indica unha maior visibilización que outros da súa contorna —polos propios nesgos que ten a mostra—, recolle que un 53 por cento das persoas participantes omitiu datos persoais no seu currículo, o 61 por cento ocultou a súa orientación sexual ou a identidade de xénero na entrevista de traballo e o 47 por cento cambiou a súa forma de comportarse e de vestir na entrevista de traballo.

Tamén recolle este estudo algo que tristemente sucede fóra do eido laboral. Existe unha baixa taxa de denuncias de acoso e discriminación, pero isto non indica a falta de condutas de odio. As vítimas non recorren nin á Inspección de Traballo, nin aos sindicatos, nin aos xulgados; e as razóns polas cales non o fan son diversas, pero entre elas destaca o descoñecemento do procedemento e tamén o medo a sufrir posibles represalias que agraven a súa situación xa de discriminación. Como se recolle no testemuño dunha muller lesbica participante: «Estou afeita a ser vítima de acoso durante toda a miña vida; non ía ser diferente ao chegar ao traballo». É gravísimo que teñamos persoas nesta situación de resignación e que asuman que o acoso e a violencia lgbtfóbica nos van acompañar sempre.

Esta situación é peor na empresa privada que no sector público, e aínda así existen áreas críticas no emprego público, como o profesorado ou o persoal dos rexistros civís ou dos centros de atención á cidadanía; algo que é grave e que interpela directamente ao Goberno da Xunta de Galiza, tanto pola súa condición de Executivo como pola figura de empregadora. Pero este non é o único estudo que analiza a situación das persoas LGBT no mercado laboral. O documento *Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza*, elaborado no ano 2023, no seo do Consello da Cultura Galega, reflicte tamén que o 79 por cento das asociacións LGBT non considera que as empresas sexan sensibles ás situacións vividas



polas persoas LGBT nos espazos laborais. O 60 por cento destas asociacións considera que existe unha discriminación xeneralizada cara ás persoas LGBT en todos os sectores de actividade. A propia OCDE salienta que as persoas LGBT teñen ata un 7 por cento menos de probabilidade de ter un emprego, que os seus ingresos laborais son un 4 por cento máis baixos e que teñen un 11 por cento menos de probabilidade de ocupar un posto directivo alto. A situación, ademais, agrávase no caso das persoas trans. A Federación Estatal de persoas LGBT sinalaba hai pouco máis dun mes que case a metade das persoas trans do Estado, o 48 por cento, se atopan en risco de pobreza; que 1 de cada 4 fogares de persoas trans ingresan menos de 1.000 euros ao mes; e que 3 de cada 10 persoas trans presentan baixa intensidade laboral, con só tres meses ao ano de traballo remunerado.

Se coinciden en algo os estudos da Consellería de Emprego e do Consello da Cultura Galega é precisamente na necesidade de acrecentar a información e de profundar na análise, sobre todo, da realidade específica das persoas trans e intersexuais e tamén das interseccionalidades que sofren as persoas LGBT. Non é a mesma realidade a que pode ter un home gay de mediana idade e clase acomodada que a que ten unha muller lésbica ou trans, migrante e no limiar da pobreza. Hai que coñecer a realidade para actuar sobre ela. Por iso introducimos esta emenda, porque é fundamental poñer negro sobre branco e visibilizar todo o que se está invisibilizando.

A lgbtfobia existe e resiste no noso contorno, acubillada en sectores cada vez máis visibles, e, dentro dela, a transfobia acada unha virulencia importante e preocupante. Viamos noticias recentemente como a do Reino Unido, na que se institucionaliza a transfobia dirixida cara ás mulleres trans, ou, máis preto de nós, como a do Partido Popular, ameazando con derrogar os avances lexislativos que se foron dando no Estado, no caso de que Núñez Feixóo chegue a ser presidente. Isto é un retroceso importante nos dereitos de todo o colectivo. Por iso é importante deixar atrás e combater os discursos de odio, que cuestionan o xénero dunha persoa e que ridiculizan e insultan a sexualidade doutra. Estes discursos de odio só son a antesala de maiores violencias, de discriminacións explícitas, de agresións físicas ou incluso de mortes, como a de Samuel, pero tamén como a doutras persoas como Iván, que se suicidou hai uns anos en Barcelona despois do acoso sufrido pola súa identidade de xénero. Hai que combater a violencia sempre, tamén no traballo, para que non haxa máis testemuños —como o que mencionei antes— de persoas que están tan afeitas a ser vítimas de acoso que, no traballo, tampouco ía ser menos.

Por iso, no debate do estado da Nación, desde o BNG introducimos unha proposta de resolución para que as forzas representadas neste Parlamento nos comprometamos a traballar polos dereitos das persoas LGBT, erradicando e illando os discursos de odio e instando a Xunta de Galiza a poñerse a traballar, comezando polo máis básico, polos centros de ensino. Esta proposta non foi adiante polo voto en contra do Partido Popular; vostedes saberán por que... Quedan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque vostedes votaron o botón do «non»; por iso non foi adiante; porque vostedes non son capaces de comprometerse a traballar polos dereitos do colectivo LGBT; *(Aplausos.)* porque os dereitos do colectivo LGBT van moito máis alá de sacar unha bandeira o 28 de xuño; porque queremos que os dereitos vaian moito máis alá do papel e que a Xunta de Galiza se comprometa e se poña a traballar.



Queda moito por facer, queda moito por desenvolver tamén no ámbito laboral. E o que non vale é simplemente sacar a bandeira e despois ser abrigo de toda a lgbtfobia que pulula polo mundo adiante. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, non se pode vir a esta Cámara mentir. A proposta do DEA non foi adiante, señorías do Bloque Nacionalista Galego, ¡porque o Bloque non quixo negociar co Partido Popular de Galicia! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Porque non quixeron transaccionar co Partido Popular! Esa foi a verdadeira razón.

Eu agradézolles hoxe, señorías, o ton das dúas persoas que están a debater esta iniciativa, pero nesta Cámara necesitamos algo máis que un bo ton. Necesitamos chegar a acordos que de verdade melloren a vida das galegas e dos galegos. E hai días nos que unha queda coa sensación de que o Partido Socialista de Galicia vive nunha Galicia imaxinaria e, aínda por riba, desactualizada. O exemplo perfecto témolo hoxe con esta iniciativa: veñen reclamar cousas que xa están feitas, outras que xa se están a facer, piden estudos que xa están publicados e ata falan de consellerías que din que están extintas cando están máis vivas que nunca. Señorías, van ben, van ben, pero van ao revés. Miren, eu non quero pensar que menten intencionadamente ás galegas e aos galegos, e por iso prefiro pensar que están despistados; que están tan despistados que perden o 60 por cento da electricidade en cinco segundos e nunha semana non somos capaces de saber aínda por que; que están tan despistados que lles rouban o cable ferroviario e tampouco sabemos que pasou; e que andan tan despistados que hoxe o Partido Socialista de Galicia se aparta da liña do feminismo do Partido Socialista nacional. Presentan unha iniciativa para defender os dereitos LGTBI, incluíndo o «Q», señorías. Vén no texto da súa iniciativa. (*A señora Pérez López amosa un documento.*) Si; o mesmo «Q» que borraron no seu Congreso federal hai só catro meses, no mes de decembro. Pasaron catro anos corrixindo titulares, enchendo pancartas co «Q» ben grande e agora bórrano de repente. Xa o dicía Groucho Marx: «*Estos son mis principios, pero, si no te gustan, tengo otros*». E vostedes iso practícano con entusiasmo. O mesmo Pedro Sánchez chegou a confesalo —está gravado—: «*Los progresistas adaptamos nuestros principios a las necesidades de cada momento*». O problema é que bailan cos seus principios en función das súas necesidades —das súas, das propias—, non en función das necesidades da cidadanía.

Sobre a famosa «consellería extinta de Igualdade», eu pediríalles que a busquen no GPS; porque aquí en Galicia seguimos vendo todos os días esa consellería traballando, planificando e impulsando políticas. Non se relegou a igualdade, como levan meses querendo facerlles ver ás galegas e aos galegos. Reforzouse a igualdade; non falten á verdade. Hai dúas direccións xerais, señorías, traballando para que Galicia sexa máis inclusiva e máis igualitaria cada día. Señora Carreira, isto é algo máis que sacar a bandeira —como vostede dicía



hai un momento—, pero, claro, eu entendo que isto é difícil de facer cando levan anos usando as institucións para beneficio propio e non para servir as persoas.

Xa afondando no contido da iniciativa de hoxe, hai que dicir que, en principio, parecía iso, unha defensa dos dereitos do colectivo LGTBI por parte do Grupo Socialista, pero ao rascar un pouco atopamos que non é máis que un novo exercicio de postureo político. Utilizan unha causa nobre para dividir en lugar de para construír unha sociedade, a galega, máis inclusiva. Ese progresismo do que presumen e que venden é directamente proporcional, señorías, ao seu sectarismo. Pretenden con esta iniciativa de hoxe instrumentalizar unha vez máis a loita polos dereitos das persoas LGTBI. Por iso incluso traen propostas a esta Cámara que son incoherentes co que o propio Partido Socialista practica e reclama alí onde goberna. Reclaman en Galicia o que vostedes non fan onde gobernan. Hoxe piden un delegado LGTBI en cada consellería cunha titulación específica, pero o primeiro que tiñan que facer é enterarse, porque xa hai un responsable en materia de igualdade en cada unha das consellerías do Goberno galego. Eu o que lles pediría é que fosen honestos, señorías do Partido Socialista. En Madrid teñen vinte e dous ministerios —ben, case vinte e tres; anda Tezanos aí, aí—. Eu preguntolle se o Partido Socialista ten tamén un delegado por cada un dos ministerios. ¿Para gobernar corenta e sete millóns de habitantes non teñen un delegado por cada un dos ministerios? Entón, ¿para que o veñen pedir en Galicia? Repítese a historia: exixir unha cousa e facer a contraria alá onde gobernan, a marca da casa do Partido Socialista. Isto é unha mostra máis de que esta iniciativa non nace dunha necesidade real, senón dunha vontade de aparentar, de crear titulares e de presentar unha imaxe falsa do Partido Socialista de Galicia, que non resiste á comparación coa realidade que promoven desde os seus propios gobernos. Así é como entenden vostedes a igualdade: van e veñen dependendo de quen mande.

Eu non lles vou negar que todas as estruturas son mellorables, pero o que non imos aceptar é que se manipulen os datos para xustificar unha proposta que nace desde o puro oportunismo político. Isto é un intento de duplicar estruturas e de crear novos cargos sen ningún tipo de encaixe nin unha necesidade real. En Galicia, señorías, temos claro que crear duplicidades non achega nada. Aquí apostamos pola transversalidade en materia de igualdade, por integrar a igualdade en todas as políticas públicas, sen compartimentos estancos e sen crear máis burocracia da necesaria. Porque se algo nos ensinou a experiencia de todos estes anos de goberno é que máis cargos non garanten mellores políticas. Se alguén ten dúbidas, miren para Madrid. Alí temos ministerios para todo menos para resolver os problemas dos cidadáns.

Polo tanto, pedíanos hai un momento que aprobásemos esta iniciativa, señora Longueira, e non podemos aprobala. O colmo de hoxe xa é que pidan que se faga público un estudo que está na web de Igualdade Laboral da Xunta de Galicia desde xuño do ano 2023... (*A señora Pérez López amosa un informe.*) ¡Si, si; este estudo está publicado desde o 20 de xuño de 2023, e vostedes (nos) véñennos pedir hoxe que o fagamos público! (*Aplausos.*) Señorías, leva ano e medio á disposición do Partido Socialista e de toda a cidadanía galega; era suficiente con poñer cinco palabras: «estudo», «situación» «laboral», «LGTBI», «Galicia», e facer un clic. O que non se pode facer é vir aquí, chegar ao exame sen estudar e aínda por riba querer botarlle a culpa ao profesor. E iso é o que están intentando facer vostedes co Goberno galego.



Señora Longueira, a realidade é que as políticas útiles, as políticas que serven de apoio ás persoas LGTBI non se defenden con palabras nin con acordos baleiros, deféndense con feitos. Quen traballa neste eido en Galicia sabe perfectamente que a Xunta de Galicia colabora; que a Xunta de Galicia apoia e financia proxectos para visibilizar, educar, formar e previr a discriminación do colectivo LGTBI; que hai convocatorias públicas; que hai campañas de sensibilización; que hai programas educativos; que contamos con protocolos e con guías no ámbito laboral tamén. As políticas de emprego inclúen tamén a perspectiva da diversidade. Non fan falta novas estruturas, señorías, o que fai falta é reforzar o que está a funcionar e o que está a dar resultados. Esa é a nosa aposta: a aposta do Grupo Popular de Galicia. Por iso, hoxe presentámoslles unha emenda seria, útil e rigorosa fronte ao postureo do Partido Socialista de Galicia.

Eu dígolles: intensifiquemos as medidas para este colectivo; creemos unha canle de denuncias sobre a discriminación e o acoso LGTBI; elaboremos máis guías, máis exemplos de boas prácticas e máis formación en diversidade; elevemos ao Observatorio os informes que realiza o Consello Galego de Relacións Laborais; e sigamos con formación específica, formando esas persoas responsables da igualdade en cada consellería para que, cada día, poidan facer un mellor traballo de seguimento das políticas transversais en materia da diversidade laboral LGTBI.

Eu remato xa. Isto é así de sencillo: se aceptan a emenda, o debate que estamos a ter hoxe servirá para algo e melloraremos as necesidades deste colectivo. Señorías do Partido Socialista, se non a aceptan, quedará claro que o único que viñeron facer a este pleno é un pouco de teatro parlamentario e que, ademais, utilizaron o colectivo LGTBI de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

É a quenda do Grupo Parlamentario Mixto. O señor Ojea Bouzo renuncia ao seu turno de palabra.

Ten novamente a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Grazas, señora Noelia, polas súas palabras tan construtivas como edificantes. Non esperabamos menos.

A min paréceme marabilloso que, cada vez que vimos aquí, a maior parte das veces os discursos estean construídos con adxectivos non moi acaídos e, evidentemente, non propios para esta Cámara, pero tamén lle digo unha cousa: as espaldas son tan grandes que unha xa se acostuma ao que se di. Se esta é a tónica na que vostedes entenden o debate parlamentario, jalá vostedes! A vida é longa e todos nos imos atopar, posiblemente, coa vergoña do que adoitamos dicir sen ter uns obxectivos claros, que son a ciencia, os obxectivos e as ideas claras; pero os insultos e esa forma de catalogar o traballo dos demais... Eu diría que é —non sei se é desapiadado ou sen vergonza; ou sexa, sen ter vergonza de dicilo— un estilo. ¡Pois estupendo! ¡Alá vostede! Se lle dá réditos políticos, vostede saberá o que fai.



En calquera caso, gustaríanos ter un estudo —voltamos dicir— actualizado da actividade laboral deste colectivo, porque —e voltamos dicir— por moito que se fixese unha lei, e outra que está xa agora en vigor —ou normas que están en vigor—, para favorecer a empregabilidade do colectivo, non son leis que teñan unha usabilidade, non son leis que teñan esa vi-xencia; son manuais de instrucións que non se están aplicando. Un exemplo moi claro téñeno nos orzamentos que adican a isto, porque si é unha extinta consellería. Sobre os orzamentos que se adican a todo o colectivo, eu diría que calquera concello grande de Galicia ten máis orzamento para as políticas que teñen que ver coa sensibilización e co traballo de pedagogía ao redor do colectivo LGTBI que o que dá a propia consellería extinta neste sentido. Entón, non se trata de vir aquí escoitar os insultos —xa non sei o que me chamou, tampouco presto moita atención cando me insultan— que se din sobre isto, trátase de —cos datos na man, co diñeiro na man e cos orzamentos na man— ver o que somos capaces de facer, e vostedes non o fan. Fano os concellos, pero aquí non o fan.

E a min non me parece que sexa descabellado para nada ter a figura dun delegado especiali-zado en materia LGTBI. En igualdade, si; pero, en LGTBI, non o hai. Hai unha problemática seria, acabamos de dicilo. Trouxen aquí exemplos —como un exemplo público, que o co-mentaban nunha radio nacional— de persoas do colectivo, moitas veces con traballos hu-mildes, porque a verdade é que cando un ten cartos as penas son menores, pero, cando un non os ten e ademais pertence ao colectivo, a realidade da vida faise moi dura. Hai exemplos en calquera das ONG que traballan dentro do eido LGTBI, moitos exemplos, e non somos capaces, coa lei na man —crendo que somos modernos—, de darlles unha resposta, por iso traemos aquí esta proposta.

Pode vostede falar de que é un postureo. Xa lle dixen á compañeira súa que na miña casa non me ensinaron a falar así coa xente. Na súa, non o sei; na miña, non. Entón, aquí non hai ningunha desas cousas que vostede ten o atrevemento de dicir.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Hai unha problemática que está na rúa e que é cada vez maior, e é que as persoas trans e as persoas do colectivo LGTBI non teñen o apoio suficiente para unha vida normalizada. Teñen unha lei e teñen outra lei a maiores, pero non teñen o apoio suficiente. O apoio das leis faise con dotacións económicas e cando un cre na verdade. Síntoo moito...

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Sobre as emendas?

A señora LONGUEIRA CASTRO: Sobre a emenda, aceptamos a do Bloque Nacionalista e, sín-too moito, pero a súa emenda non é unha emenda errónea, é —outra vez— unha emenda de ideas felices. Paréceme moi ben, pero pedimos unha resolución, non pedimos ideas a maiores. As ideas xa están na lei; resolva vostede poñelas en práctica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas, señora Longueira.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación da composición do Consello da Minaría de Galicia para dar entrada ás asociacións de defensa da natureza e ás comunidades de montes en man común

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa ten a palabra o señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Este pleno vén marcado por un protagonismo da minería. Debatenos hoxe, e imos debater tamén mañá, á primeira hora, sobre ela, pero nós queremos centrar o debate sobre o modelo da minería que nos quere vender o Partido Popular: esa «minería fantástica». Un modelo de «minería fantástica» que vén precedido por ese lema —que xa sacamos neste pleno tamén— que di que «Galiza é unha mina». Entendan vostedes que aínda que iso non deixa de ser un lema, ten unha carga profunda de ideoloxía detrás, porque, se Galiza é unha mina, non pode ser outra cousa. Non pode haber monte comunal, se hai unha mina; non pode haber traída de augas, se hai unha mina; non pode haber ríos con vida, se hai unha mina; e non pode haber país, se todo é unha mina. (*Aplausos.*) Este modelo da «minería fantástica» que desenvolve a Xunta do Partido Popular non pon couto, non pon veto e non pon orde no sector mineiro. Abonda con lembrar que, no día de hoxe, aínda está sen desenrolar o Plan sectorial de actividades extractivas de Galiza, plan que está recollido na lei básica da minería, a Lei 3/2008.

Outro tema que tamén se recolle nesa lei e que no día de hoxe tamén está sen desenvolver é o do Consello Galego da Minería. Para os que non se manexan nestes mundos escuros da minería, imos explicar de que trata isto do Consello Galego da Minería. Está definido na propia lei do sector como un «órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento á administración con competencias mineiras». Entre as funcións que a lei atribúe a este consello, está a de emitir informes sobre proxectos e anteprojectos de lei, sobre o regulamento, sobre toda norma que incida na minería e sobre o Plan sectorial de actividades extractivas. Como non temos plan, tampouco necesitamos o Consello.

Ten máis funcións: asesorar sobre os plans e programas que a Presidencia do Consello propoña a razón da importancia dos temas, emitir informes e efectuar propostas en materia de minaría por iniciativa propia, propoñer as medidas para un mellor desenvolvemento da política mineira, impulsar a coordinación entre a iniciativa privada e a iniciativa pública e informar sobre cantos asuntos en materia mineira sexan sometidos á súa consideración. Tamén ten dúas funcións en materia laboral que nós consideramos moi relevantes: unha delas é a de coñecer a evolución do emprego no sector da minería, das accións firmes derivadas dos incumprimentos das leis e das estatísticas de sinistralidade do sector e dos subsectores da minería; e a outra di que debe efectuar o seguimento do grao de cumprimento



de todas as iniciativas encamiñadas a mellorar a calidade do emprego da minería en Galiza, a incrementar a seguridade laboral e a impulsar a formación das traballadoras e dos traballadores do sector mineiro en Galiza.

Tampouco é menos importante a atribución que lle dá a lei de función fiscalizadora, xa que debe estar informado en todo momento dos proxectos que está tramitando a propia Xunta de Galiza. Logo, o Consello é un órgano cunha clara vocación propositiva en materia de lexislación mineira e cunha función fiscalizadora e observadora do cumprimento da normativa mineira e, moi especialmente, da normativa laboral. Parece estraño, cando menos, que dezasete anos despois de aprobarse a lei non se puxese en marcha este Consello da Minería. ¡Dezasete anos! Dezasete anos dos que dezaseis e medio estivo o Partido Popular no poder. Logo, o señor Rodríguez, esta mañá, bótanos en cara que tardamos un ano en traer a este Parlamento unha proposición de lei sobre cláusulas sociais da contratación pública. Son distintas varas de medir en función de que lado veñan.

Esta falta de dilixencia non é algo fortuíto, senón que ten que ver con que non exista unha planificación ordenada dos recursos mineiros e da actividade mineira e con deixalo en mans de fondos de investimento, case sempre alleos á xestión dos recursos galegos. Esta é a realidade do sector; un sector no que non existe un plan máis aló desa «minaría fantástica» e deses lemas con que sae nas redes sociais e na prensa. Temos que vir unha e outra vez a este Parlamento reclamarlles, como se fixo o pasado día 8 de abril, que poñan en orde os dereitos mineiros caducados. Ao mellor, esqueceron, señorías do Partido Popular, que están vostedes gobernando; ao mellor, esqueceron por que dedican máis esforzos a ser a oposición da oposición que á propia acción do Goberno.

Volvendo ao Consello da Minería, a pesar de que —como dixen— leve dezasete anos sen formarse, aproveitaron vostedes —aproveitou o Partido Popular— a tramitación dos orzamentos deste ano 2025 para meter unha modificación na Lei de acompañamento deste Consello da Minería. É algo ao que xa nos teñen acostumados e que é bastante habitual: roubar calquera clase de debate lexislativo no Parlamento e pasar ese rodillo da maioría absolutista. As modificacións que introduciron na composición do Consello non son unha cousa menor. Se ben é certo que, na redacción orixinal, xa se recollía quen debería formar parte, era esta unha redacción nominativa, pero non era numeral. Na redacción orixinal, pedíase que participasen as consellerías da Xunta de Galiza, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas do sector, as asociacións de defensa da natureza, as comunidades de montes en man común, os representantes dos concellos mineiros, os colexios profesionais con competencias en minería e a Cámara Oficial Mineira de Galiza. Na modificación que introduce o Partido Popular, a través da Lei de acompañamento, xa houbo modificación numeral. Temos 34 postos neste Consello da Minería, dos cales 14 son cargos das consellerías da Xunta, 9 son representantes do empresariado, 3 da Cámara Mineira —que vén sendo todo o mesmo—, 3 dos colexios técnicos con relación á minería, 1 persoa por cada sindicato intersectorial con maioría de representación no país e, por último, 1 representación da Fegamp e 1 representación dos concellos mineiros. Por tanto, as comunidades de montes e as asociacións ambientais quedan fóra, igual que os sindicatos sectoriais. A pregunta que nos facemos neste momento é: ¿isto a que se debe? ¿Por que a Xunta do Partido Popular nega a participación de base?



Abonda con ver esta repartición de postos para darnos conta de que neste paradigma da «minería fantástica» non teñen cabida voces críticas. Sobre isto voules lembrar, señorías do Partido Popular, unha recomendación da Comisión Europea, a 28/36, do 12 de decembro do 2023, na que se insta os países membros —os estados membros— a fornecer a participación cidadá na toma de decisións políticas. Subliña ese documento a importancia da participación cidadá como un pilar esencial das democracias modernas, e tamén ofrece un marco de como debe desenvolverse esa participación cidadá. Iso dío a Comisión Europea, esa mesma Comisión Europea a onde, sen ir máis lonxe, esta semana pasada, a conselleira Vázquez, acompañada da señora Prado, foron chorarlles ás comisarias de Medio Ambiente: «*Es que aquí no nos dejan hacer nada*». Moito corren á Comisión Europea cando lles interesa, pero, cando lles pide esa comisión que abran as xanelas da Administración á participación pública, fanlle menos caso que á comisión de festas cando vén pedir a cota. Pasan moito dela. Por iso demandamos que se modifique a Lei de minería e que lles dean voz ás comunidades de montes... ¡Non saben nin quen o leva! Está preguntando por aquí a señora Prado: *¿quién lleva esto?* (Aplausos.) (Risos.)

Señores do Partido Popular, señores da Xunta, déanlles voz a quen llela quitaron: ás comunidades de montes en man común, ás asociacións ambientais e ás organizacións sindicais sectoriais do agro. É de xustiza que quen custodia o territorio poida decidir sobre o propio territorio.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Iglesias Rey.

A señora IGLESIAS REY: Boas tardes de novo.

Como dicía antes, na anterior intervención, Galicia ten unha gran riqueza de recursos enerxéticos renovables: auga, vento..., e tamén ten recursos mineiros, pero as socialistas de Galicia cremos que debemos poñer os medios, atraer investimento e, sobre todo, dar seguridade xurídica. Debemos falar coas comunidades locais e cos sectores implantados xa no territorio —a gandería, a agricultura...— e, sobre todo, facer que eses recursos que se explotan respecten escrupulosamente o medio ambiente para que repercutan nun beneficio real, tanxible —que se vexa, que se toque— para os galegos e as galegas que teñen eses sectores, tanto nos proxectos de renovables como tamén no impacto do sector mineiro no territorio.

O PP —sempre o digo— é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación mineira, como dicía o señor Golpe. Nesa Lei de ordenación de minería do 2008 ese Plan de actividades extractivas está no día de hoxe sen facer. Falan da Axencia da Minería Sostible de 2030, pero iso realmente é un informe que externalizaron e que, en realidade, non substitúe a planificación e a ordenación territorial nin a sectorización da implementa-



ción dos proxectos mineiros. É verdade que os parches que se introducen na Lei de medidas de 2025 amosan esa improvisación e esa falta de estratexia, como fan todo —fan a casa polo tellado; sempre é así, tamén coa planificación das enerxías renovables e da eólica—, e amosan tamén que non teñen a mínima intención de consensuar, de dialogar e de escoitar os galegos e as galegas e, sobre todo, os territorios onde eses proxectos van ter un impacto moi importante.

O consenso é fundamental para a viabilidade de calquera proxecto industrial mineiro ou eólico que se queira implementar no noso país, e tamén a transparencia e a escoita activa, desde o inicio, como dicía tamén o señor Golpe. E co da comunicación da comisión refírese a unha participación pública ampla e temperá; é dicir, previa a un procedemento autorizatorio dun parque eólico ou ao inicio dun procedemento autorizatorio dun proxecto de explotación mineira. Evidentemente, o Goberno galego mira para outro lado. ¡Non será por facer emendas neste sentido ao Proxecto de lei de recursos de Galicia ou por non falar de participación pública temperá! Isto, por outra parte, recóllese nun artigo da Directiva de renovables que a Xunta de Galicia está incumprindo, ¡incumprindo!

Hoxe o BNG trae aquí a demanda do Consello da Minería de Galicia, un órgano consultivo creado pola Lei do 2008, no artigo 6, onde estaban antes representadas as asociacións da natureza, as ecoloxistas e tamén os montes veciñais en man común, que se eliminaron. É así, elimináronse de facto da Lei de medidas de 2025. Sobre todo, falan de asociacións que comparezan no Consello da Minería de Galicia con voz, pero sen voto, sempre que o aproben os membros por maioría simple, que, como relatou tamén o señor Golpe, son realmente 14 cargos da Xunta de Galicia e 9 das asociacións representativas. Está claro que, de facto, esa modificación implica *per se* silenciar as asociacións de defensa da natureza e eliminar tamén desa escoita activa os montes veciñais en man común.

Apoiaremos, evidentemente, esta iniciativa do BNG, pero tamén é xusto dicir que foi o Partido Socialista de Galicia a primeira forza que trouxo nesta lexislatura, tanto á Comisión 6ª como ao Pleno, a necesidade de que o Goberno galego fixese os deberes en materia de planificación mineira. Exiximos tamén a actualización do Censo mineiro, totalmente desfasado; a necesidade de que saísen as ordes de caducidade dos dereitos mineiros —caducados— das catro provincias; e tamén a necesidade da escoita activa temperá destes proxectos con impacto no territorio. Teño que dicir que o BNG apoiou sempre todas as iniciativas, pero contaron co voto en contra do PP. Polo tanto, aí temos o «non» do Partido Popular, a pesar de que agora pretendan dar exemplo dunha minería estratéxica verde e sostible. Por moito que o digan —e dígoo con todo o debido respecto—, dáme un pouquiño de risa frouxa esta pretensión que ten o Partido Popular, porque as historias de antigas canteiras e de minas abandonadas no noso país para transformalas en vertedoiros e para reactivar explotacións que estaban caducadas desde a época do franquismo son unhas historias de xigantes con pés de barro. Temos moitos exemplos —sempre falo deles—, pero cun denominador común, que é que realmente as cousas non se están facendo ben, senón que eu diría que se están facendo moi mal: a casa polo tellado. Falta planificación —como amosan as numerosas anulacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia— dos permisos de explotación mineira e hai tamén —e isto é moi grave— causas penais abertas por delitos medioambientais agravados, que é cando existe un perigo para a saúde das persoas. Ese é o Goberno do Partido Popular.



Deste xeito, o Goberno galego retomou —como unha galiña sen cabeza— na Lei de medidas o Consello da Minería, que estaba inactivo nos dezaseis anos que levan no Goberno, e pretenden traer agora, por tanto, a participación —como digo eu—, pero excluindo aqueles que lles molestan, as asociacións que lles molestan. É o que fixeron tamén co novo Plan sectorial eólico, que tamén meteron na Lei de medidas do 2025 —como pronto veremos— e —¡que curioso!— externalizaron por 700.000 euros —iso si, despois din que se amparan sempre nos empregados públicos— a redacción e a elaboración do Plan sectorial eólico de Galicia. Non sei que pensan os empregados públicos do Inega, da Consellería de Economía e Industria, de que se externalice por case un millón de euros un documento de planificación sectorial eólica. ¡Mira que hai empregados públicos bos e competentes na Xunta de Galicia!, pero sempre se escudan, cando lles convén facelo, no sector público e nos empregados públicos.

É sabido que as socialistas, evidentemente, como tamén sabedes, non compartimos o da privatización do vento, da auga e das minas a través dunha sociedade público-privada, que é a Sociedade de Recursos de Galicia, que é unha sociedade «chiringuito», aínda que non lles guste a palabra. O Consello de Contas vén dicindo que ten unha influencia pública significativa, e aínda que a señora conselleira Lorenzana tamén é a presidenta, curiosamente, de Recursos de Galicia e da sociedade Impulsa —¡mira que acumula postos esa conselleira!—, non queren render contas e transparentar a súa actividade. De novo, supoño que non lle farán moito caso ao Consello de Contas. Dan escusas e máis escusas, como se houbese un certo cheiro a que o público non funciona: excesiva burocracia, lentitude dos empregados públicos... A nós, ás socialistas, sempre nos van atopar aquí para denunciálo, neste hemicycle ou tamén fóra, nos tribunais. Hai que escoitar a sociedade civil, porque os proxectos mineiros teñen impacto no territorio e non só deben ser sostíbles medioambiental e economicamente —que é evidente—, senón tamén socialmente. Como di Antón Costas —vai unha cita que a min me parece moi acaída para os tempos que vivimos—, presidente do CES España: «En momentos de incerteza, é preciso que as decisións políticas se adopten escoitando de abaixo a arriba» —non de arriba a abaixo—, «pois do contrario implicará un fracaso da política concreta que se queira aprobar».

En definitiva, a planificación mineira, o cumprimento rigoroso dos requisitos medioambientais e a participación temperá ampla dos sectores afectados na posta en marcha de proxectos mineiros son os tres piares básicos para que Galicia se poida posicionar como unha rexión mineira estratéxica avanzada.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Lorenzo Gómez.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Señor Golpe, semella que xa se lle está pegando ese ramalazo demagórico da súa bancada. A verdade é que non estabamos acostumados a velo a vostede nese papel. Semella que a vostedes lles molesta que a comisaria europea teña información veraz, porque a señora Prado



e a señora conselleira —non sei que é o que lles fai tanta graza, pero vaia...— levaron documentos serios, públicos e respaldados por técnicos. Non fixeron como a súa eurodeputada, que o que levou foi un queixo na man e un lote de bulos. (*Aplausos.*)

Señor Golpe, teño unha pregunta para vostede: ¿cal é o obxectivo de que vostedes presenten hoxe aquí esta iniciativa? Escápame, porque nos custa entender que, estando en contra dos proxectos mineiros que se presentan en Galicia, se interesen pola composición do Consello da Minería. Gustaríanos que aproveitasen este debate para aclarar cal é o seu modelo de explotación de recursos. Obviamente, non vai ser o mesmo que o do Partido Popular. Así o levan demostrando, polo menos, este último ano, pero non estaría de máis que o deixasen claro dunha vez por todas. E, xa de paso, a ver se nos desvelan ese segredo, o segredo mellor gardado incluso que o da fórmula dese refresco de cola tan popular ao que non lle quero facer publicidade: ¿cal é a política industrial do BNG? A ver se nos desvela ese segredo.

Non vou afondar nas atribucións do Consello da Minería, pois vostede xa se explicou aquí con bo criterio. Só lle direi que, en novembro do ano 2024, diferentes medios de comunicación se facían eco da solicitude de asociacións agrarias e ecoloxistas para que o BNG e o PSOE mediasen para non quedar fóra do Consello Mineiro. O que quizais non saben esas asociacións é o que fixeron os partidos: pois cun proxecto de lei de medidas en marcha, que supoñía unha importante modificación na composición do Consello da Minería, os grupos da oposición non presentaron ningunha emenda neste sentido. De feito, cómpre poñer en valor que, con esta norma proposta polo Goberno galego e aprobada no Parlamento, se deu un paso máis aló ao introducir unha modificación lexislativa na Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia, que desenvolve en maior profundidade cal é a composición do Consello da Minería de Galicia. A nova composición do Consello obedece ás funcións que debe desenvolver conxuntamente a normativa, nomeadamente as previstas na Lei de ordenación da minaría de Galicia. En ningún caso se debe a causas partidistas, como parece ser que é esta PNL do Bloque Nacionalista Galego. É paradoxal que non presentasen ningunha emenda á Lei de medidas e agora estean vostedes aquí instando o Goberno galego a modificar unha lei que se debateu aquí, no Parlamento —refírome a «ningunha emenda» no sentido do que está a pedir hoxe aquí—.

Por certo, é unha lei que se debateu —dicía— no Parlamento galego e non como fai, señora Iglesias, o Goberno central, que goberna a base de decretos lei. Con data 9 de abril, en sete anos de goberno de Sánchez —sete anos!— van: tres orzamentos, 156 decretos lei e un debate sobre o estado da Nación. Ese é o balance do Goberno do que tan orgullosa se amosa vostede sempre, señora Iglesias. É todo un exemplo de democracia, diálogo, consenso e respecto ás institucións. (*Aplausos.*)

¿Quen rouba o debate —dicía vostede— señor Golpe? As entidades que vostedes propoñen que se inclúan no Consello non estaban contempladas no texto lexislativo de 2008 e, na modificación de 2024, os criterios para incluír determinados centros directivos da Administración autonómica, ou asociacións, son pola súa relación directa coa minería, e pola súa vinculación tamén cos eidos económico e industrial. É dicir, tivéronse en conta as competencias das mesmas en relación coas funcións para desempeñar no Consello vinculadas coas áreas da Consellería de Economía e Industria. Neste sentido, unicamente se incluíron na



composición os organismos sectoriais competentes na tramitación de proxectos mineiros, sen prexuízo de que durante esta se sometan a información pública para que a cidadanía e as asociacións ecoloxistas poidan facer as achegas precisas, como sucedía e sucede en calquera procedemento sometido a información pública. Isto é transparencia, señorías.

Insisto, ningún grupo parlamentario presentou ningunha emenda no sentido en que reclaman as entidades ecoloxistas. O que si fixo o BNG foi presentar unha emenda de supresión (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de todo o capítulo 8, de Economía e Industria, da Lei de medidas, evidentemente no cal se inclúe a modificación do artigo da lei que nos atinxe. Polo tanto, a emenda do BNG contemplaba a supresión do desenvolvemento deste Consello que propoñen agora. Señorías, (*O señor Lorenzo Gómez mostra un folio en branco.*) está claro que aquí está a súa política industrial.

Señora Iglesias, como vostedes se autodenominan «as socialistas» —a ver se algún día nos aclara se vostede tamén é socialista—, si presentaron unha emenda, unha emenda de adición, para ampliar o artigo 8, pero foi para incluír a Fegamp; pero, como xa sabe, os municipios xa figuran dentro da composición do Consello, pois hai un representante agora dos consellos mineiros. Con todo isto, señorías, vostedes tamén ostentan o poder lexislativo, polo tanto, teñen a potestade de rexistrar unha proposición non de lei, se queren modificar ese artigo que non emendaron. Lémbrolles que hai un exemplo: o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha proposición de lei para modificar un único artigo dunha lei de carácter estatal; esta é, a Lei do sector eléctrico.

O cambio promovido e aprobado, en canto a composición do Consello da Minaría, obedece á necesidade de dotar dunha maior practicidade e transversalidade ao Pleno do Consello da Minaría, sen prexuízo de que, posteriormente, poidan asistir outros membros, con motivo dos grupos de traballo. Así, por un lado, redúcese o número de representantes da consellaría competente en materia de industria e da consellaría competente en materia de minas, ao eliminar as direccións territoriais, reducindo o número e evitando as actuais duplicidades.

Por petición do sector, inclúense organismos autonómicos que adoitan emitir os informes na tramitación dun proxecto mineiro, como poden ser a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Augas de Galicia ou a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal. De igual xeito, aos dous colexios de enxeñeiros de minas, súmase o Colexio de Xeólogos; un colexio moi activo que leva colaborando nos últimos anos coa Xunta de Galicia para afondar no coñecemento mineiro.

Como poden comprobar, señorías, son cambios que se fixeron escoitando os actores implicados, con transparencia e con participación, e sometendo a esta Cámara a súa aprobación por parte dos deputados e das deputadas, que somos a representación dos galegos e das galegas deste país.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Xa remato, presidenta.



Hoxe, o Goberno anunciou unha fonda renovación no Consello de Administración de Rede Eléctrica. Eu coido que andarán en busca dalgunha exministra socialista. Aquí temos unha; eu case lle recomendaría que estivese pendente do teléfono. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Remato como comecei. Teño unha pregunta para vostede, señor Golpe: ¿cal é o obxectivo de que vostedes presenten hoxe aquí esta iniciativa? E se me permite, engado outra: ¿están a favor ou están en contra de desenvolver unha minaría sustentable en Galicia?

Ten agora unha oportunidade para aclarárllelo...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor LORENZO GÓMEZ: ...non ao Grupo Parlamentario Popular, senón a todas e a todos os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda de peche para o autor da proposición non de lei, o señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

¡*Mi madriña*, que papelón!; (*Risos.*) ¡que papelón! Pero bueno, voulle agradecer, señor Lorenzo, a súa intervención porque, por unha vez —por unha vez—, o Partido Popular vén aquí dicir o que pensa: «¡*Caretas fuera!*», ese é o titular desta tarde de pleno: «*Caretas fuera*». E tamén lle agradezo que nos conte que foron facer a señora Prado e a señora Vázquez a Bruxelas. Foron levar documentación. ¿Podía vostede preguntarlles, a ver se nesa documentación veraz, que levaron a Bruxelas, está a documentación... (*Murmurios.*) (*O señor Golpe Acuña diríxese á presidenta, Candía López.*) —¿podo seguir falando, señora presidenta?—..., está a documentación dos acordos de Impulsa Galiza con Altri?; ¿pódellelo preguntar, a ver se tamén a levaron? (*Aplausos.*) Porque a nós non nola deron.

Dicía eu o de «*caretas fuera*» porque, por unha vez, admiten que é algo partidista que alguén demande participación social na toma de decisións na lexislación. ¡Iso é algo partidista!, por tanto a vostedes o que lles estorba son os seus súbitos, e non o pobo galego, ¡os seus súbitos!, porque son a quen gobernan. Vostedes son a elite, nesa superioridade moral, pois non queren que se inmiszan nos seus asuntos, porque preguntaba antes a señora Prado: «¿*Quien lleva esto?*». Agora xa sabemos quen o leva. (*Risos.*) Sabémolo perfectamente. ¿Quen está detrás de todo isto? Pois o *lobby* mineiro, o *lobby* especulador artellado a través da Cámara Mineira; (*Aplausos.*) esa é a que leva isto.

Se tan fantástica resulta esta minaría, ¿que medo teñen a que a sociedade civil teña voz nos órganos que regulan a minaría?; ¿que medo teñen a iso? ¿Por que os sacaron? E mire que botar aquí tres minutos seguidos —¡que os contei, ¿eh?!— dicindo o porqué, cando non hai



que dicir... Sostivo unha mentira durante dous minutos e medio, dicindo que nós non emendáramos a Lei de acompañamento; ¡si!, ¡emendamos o capítulo completo!, como tivo que recoñecer ao final.

Pedíame vostede que lle respondese a dúas preguntas que me facía. Vou facer o mesmo que fan vostedes co artigo 9, (*Risos.*) isto é, vou esperar, no mellor dos casos, seis meses para responderlles. (*Aplausos.*) E a ver se non hai que ir ao xulgado con algún. (*Aplausos.*)

Á marxe deste discurso banal que acabamos de escoitar, eu creo que o intentei explicar na miña primeira intervención; creo que o deixei meridianamente claro, e o que quixo entender, entendeu. Non nos gusta, nin estamos a favor, da nova composición do Consello Galego da Minaría. Cremos que as asociacións ambientais teñen que estar dando voz e tendo o voto dentro do Consello; cremos que as comunidades de montes en man común, como afectados de primeira magnitude, teñen que estar dentro dese Consello; e tamén —engadimos— os sindicatos sectoriais porque tamén son os que están custodiando o territorio.

Calquera outra cousa, calquera outra negativa, pois non é máis que seguir dando voltas ao lobby e seguir dando voltas á nora.

Dentro de tres meses, volverei aquí e respondereille ás preguntas, señor Lorenzo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Imos á última proposición non de lei desta sesión plenaria.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Nicole Grueira Fernández e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e a proposta de resolución que se presenta en relación coa rebaixa do nivel de protección do lobo

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, manifestar o seu apoio á rebaixa do nivel de protección do lobo aprobada na Convención de Berna a petición da Unión Europea en decembro do



2024 e, deste xeito, restablecer o equilibrio entre a preservación desta especie e as actividades gandeiras desenvolvidas no rural.

Asemade, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que apoie ás comunidades autónomas no desenvolvemento das accións oportunas e que sexan precisas para a xestión do lobo e coas que defender os intereses dos gandeiros.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta a poñer en marcha, a partir do segundo semestre do ano 2025, as seguintes actuacións previstas no Plan de xestión do lobo:

1. Factores que afectan a conservación da especie.

- Elaboración de protocolos de recollida de información sobre o lobo e dunha base de datos con información biolóxica e de xestión actualizada.

-Realización dun estudo sobre factores que afectan á conservación da especie e nomeadamente sobre mortandade por causas non naturais.

-Actualización dunha base de datos e protocolos de actuación ante casos de envelenamentos e outras prácticas de control ilegais.

-Implantación dos mecanismos necesarios para previr, detectar e combater os casos de envelenamento e outras prácticas de control ilegais.

-Estudo e análise do efecto barreira das infraestruturas.

-Pasos de fauna e medidas correctoras en infraestruturas viarias.

-Adopción de medidas correctoras nos puntos negros das estradas.

-Impacto dos parques eólicos na ecoloxía e o comportamento do lobo.

-Creación de equipos especializados para realizar os traballos destinados ao control de cánidos.

2. Prevención e compensación dos danos á gandería.

-Fomento e incentivo da aplicación de métodos de prevención dos ataques de lobos nas explotacións gandeiras.



-Seguimento e valoración da eficacia de distintos métodos de prevención de danos para o gando en réxime non extensivo.

-Seguimento e valoración da eficacia de distintos métodos de prevención de danos e consideracións eco-etolóxicas para o gando en réxime extensivo.

-Divulgación aos gandeiros sobre os distintos métodos de prevención de dano.

-Análise e definición de danos recorrentes.

-Aprobación dos criterios para a valoración de danos.

-Fomentaranse aqueles traballos e actuacións encamiñados a achegar información que permita mellorar a tramitación das solicitudes e o traballo de valoración das comisións provinciais do programa de axudas aos gandeiros polos danos ocasionados polos lobos, entre as que se prevé un protocolo de recollida de información dos danos.

-Elaboración dun informe anual da situación dos danos e difusión de resultados. Anualmente elaborárase un informe, ao cal se dará difusión pública, sobre o total de danos producidos, número e tipo de reses afectadas (tipo de gando e idade), distribución espacial e temporal destes danos e contía económica. Nel teranse en conta as solicitudes presentadas e as aprobadas, e incluíranse tamén os danos ocasionados por cans e os de autoría indeterminada.

-Avaliación e seguimento do sistema de axudas.

Realización dun seguimento técnico do sistema de axudas.

Establecemento dunha gradación do volume de danos que se poden soportar e de directrices de xestión referidas ás distintas zonas.

Sistema graduado de pagamento de danos á gandería.

As axudas para paliar os danos producidos polo lobo reduciranse ou denegaranse para aqueles posibles beneficiarios que non se corresponsabilicen na adopción das medidas preventivas que se fixen nas correspondentes ordes de axudas para evitar estes danos.

3. Información, educación ambiental e sensibilización.

-Realización dun plan de comunicación, educación, concienciación e participación completo sobre o lobo, evitando a estigmatización da especie.

-Publicación dos resultados dos estudos realizados en Galiza sobre o lobo.

-Publicación dun folleto informativo sobre a realidade do lobo.

-Publicarase unha versión resumida do Plan de xestión do lobo en Galicia dirixido á poboación en xeral. Ademais, publicaranse versións resumidas do plan dirixidas especificamente aos distintos sociais implicados.



-Publicación de materiais didácticos sobre o lobo, destinado aos diferentes niveis do ensino obrigatorio.

-Desenvolvemento de xornadas, seminarios e congresos sobre o lobo.

-Elaboración dun enlace oficial do lobo na páxina web da consellería competente en materia de medio ambiente. Crearase na páxina web da consellería competente en materia de ambiente un enlace directo para acceder á información sobre o Plan de xestión do lobo, as axudas para paliar os danos causados polo lobo, así como para a adopción de medidas preventivas, os mecanismos e medidas que se poden implantar para a prevención de danos, problemas que afectan directamente a conservación do lobo, situación actual desta especie en Galiza e os estudos realizados nesta materia.

-Divulgación nos medios públicos das actuacións desenvolvidas pola consellería competente en materia de medio ambiente sobre a xestión e conservación do lobo en Galiza.

-Creación dun foro galego sobre o lobo. Crearase un foro galego sobre o lobo no cal estean representados todos os sectores relacionados co lobo en Galicia, onde terá lugar o intercambio de experiencias e a participación de todos os sectores sociais implicados.

-Realización dun estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto ao lobo. Realizarase un estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto ao lobo, que será empregado para avaliar a efectividade do Plan de xestión en canto á redución da conflitividade social e aumento da tolerancia do lobo, e que servirá de base para deseñar futuras actuacións en función dos cambios de actitude que se producisen. Os resultados deste estudo poderán ser empregados tamén como criterios de zonificación.

4. Posta en valor do lobo e aproveitamento turístico.

Co fin de modificar a percepción que desta especie ten unha parte da sociedade, porase en valor a figura do lobo como parte importante do noso patrimonio natural e cultural. Para tal efecto, levaranse a cabo as actuacións que sexan necesarias e que vaian encamiñadas á recuperación, compilación e conservación do patrimonio cultural asociado ao lobo, e a consellería competente na materia realizará un inventario dos monumentos, edificios e obras de arte nos cales estea presente dalgunha maneira o lobo.

-Desenvolvemento de actuacións destinadas a recuperar, recompilar e conservar o patrimonio cultural asociado ao lobo.

-Inventario das trampas para lobos (foxos) en Galiza e propostas de conservación ou recuperación.

-Identificación e designación de zonas onde sexa factible o desenvolvemento dun aproveitamento turístico sustentable.

-Posta en valor das estruturas cinexéticas tradicionais.

-Información aos promotores do sector sobre o potencial turístico do lobo e control de iniciativas ao respecto. Promoverase o aproveitamento racional do lobo como recurso turístico, para o cal se iden-



tificarán e se designarán as zonas onde sexa factible o aproveitamento turístico do lobo e/ou do seu patrimonio cultural asociado, poñendo en valor a presenza desta especie na zona, así como as construcións e tradicións ligadas ao lobo e os elementos tradicionais de protección do gando.

-Creación dun centro de interpretación do lobo. A súa función será contribuír á conservación do lobo mediante a divulgación social e a educación ambiental, asociándose a actividades turísticas.

5. Coordinación e participación dos sectores implicados.

-Participación dos sectores implicados na xestión e conservación do lobo en Galiza.

-Realización de reunións con carácter anual entre os distintos órganos da Xunta.

-Creación dun equipo técnico de asesoramento relacionado co lobo.

Constituirase un comité de asesoramento para a xestión e conservación do lobo, que estará integrado por científicos e profesionais de recoñecida competencia nesta materia.

-Definición das liñas básicas de actuación conxunta entre Asturias, Castela e León, Galicia e Portugal.

6. Seguimento do Plan.

-O seguimento do Plan de xestión do lobo en Galicia realizarase no marco do Observatorio Galego da Biodiversidade. Sen prexuízo do anterior, correspóndelle á consellería competente en materia de ambiente vixiar e garantir o cumprimento deste plan.

- Co fin de avaliar as actuacións desenvolvidas e o grao de cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de xestión do lobo en Galicia, a dirección xeral con competencias en materia de conservación da natureza emitirá, con carácter anual, un informe ao respecto.

Asemade, a Xunta aprobará no prazo máximo de tres meses unha actualización do calendario de actuacións previsto no Plan de Xestión do lobo e dotará os orzamentos necesarios para levar a cabo as medidas do Plan, mediante modificacións orzamentarias no presente ano 2025 e consolidando en posteriores orzamentos partidas específicas para cada unha das liñas do Plan.

Por último, o Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno central e da UE o incremento das dotacións orzamentarias de fomento da gandería en extensivo, da conservación da biodiversidade e da convivencia do lobo coa actividade gandeira, de maneira que se recoñeza, valore e compense as súas funcións sociais, económicas, culturais e ecosistémicas.>>)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela, polo tempo de oito minutos, ten a palabra o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitísimas grazas, presidenta.

Moi boas tardes, señorías.



Hoxe vou ler aquí unha noticia de hoxe: «O lobo mata dezasete ovellas en Lousame: “Se segue así haberá que desfacerse de todo”. Un ataque nunha explotación gandeira deixa dezasete ovellas mortas en Lousame».

A prensa de onte recollía outra noticia: «O lobo atemoriza os gandeiros ao entrar nos establos en busca de comida. No que vai de mes rexistráronse seis ataques tan só en Mazaricos». É unha nova de onte.

E así é todos os días. «Medio Ambiente constata o aumento de ataques do lobo en Galicia», nova do 11 de outubro do ano 2024.

«A Consellaría lamenta que o Goberno aboe só a metade dos fondos da estratexia», e que o faga só en outubro.

En definitiva, señorías, isto é só unha mostra do que ocorre cando a ideoloxía e o fanatismo prevalece fronte á sensatez e os criterios técnicos.

Non se trata aquí, señorías, de criminalizar unha especie animal, senón todo o contrario: trátase de traballar para posibilitar unha convivencia entre o lobo e a xente que vive no rural e do rural. E trátase de amosar que as decisións políticas de fanáticos e irresponsables..., de xente que só coñece o rural polos meses estivais..., de xente que despreza a vida, os costumes, as actividades propias do rural..., que trata de ignorantes a xente do campo..., que decide, dende os seus chalés e despachos ministeriais, como temos que vivir no rural..., de xente que criminaliza a caza..., que nos diga o que temos que plantar nos montes e que lexisla sobre nós de costas á realidade. É xente que pon obstáculos á industria no eido rural, á minaría, ao sector forestal, ao turismo e tamén ao sector agrogandeiro. É a xente do «non», señorías; os que din «non» a todo.

E son vostedes, señorías, os do «non». E hoxe tamén demostramos e sabemos que son tamén os da manipulación e os da mentira. Menten vostedes, incluso coas resolucións do DEA, coas propostas que lles fixo o grupo maioritario hai dez días. ¿En que máis mentirán? —¿en que máis mentirán?—. ¡Pero non cabecee!; ¡non negue iso! Nós sabemos as propostas que lles enviamos e as propostas que vostedes rexeitaron, (*Aplausos.*) co cal ¡non mintan, non-mintan!, señorías. (*Aplausos.*) ¡Son os do «non», son os da manipulación e son tamén os da mentira, (*Aplausos.*) (*O señor Trenor López mostra un documento.*) señorías! —os da mentira—. (*Murmurios.*)

Señorías, todo isto ten consecuencias moi graves para a nosa xente. Estas decisións, que vostedes ou que os seus socios toman nos ministerios, fan que para moitos sexa cada vez máis difícil poder vivir no rural. E o que ocorreu co lobo é un exemplo diso.

Señoría, falaba antes de convivencia; esa convivencia non é unha utopía inalcanzable. Non hai tanto, en Galicia, era unha realidade. A poboación do lobo era boa en Galicia e, aínda que ás veces había danos, non había unha preocupación xeneralizada nin era noticia todos e cada un dos días do ano. Sen embargo, isto foi mudando nos últimos anos. E así os datos dispoñibles mostran que o número de manadas aumentou un 37 por cento nos últimos anos: pa-



samos de 68 manadas a 93, e tamén a que a especie estea presente de forma xeneralizada en todo o territorio, ao cubrir máis do 91 por cento da superficie, sen contar as grandes cidades e tampouco o Baixo Miño.

O incremento das manadas e a imposibilidade de adoptar medidas de control sobre a especie foron as que contribuíron, e tan só dende a inclusión do lobo no Lespre, no ano 2021, para que os avisos por danos en Galicia aumentasen nun 77 por cento e para que o número de reses afectadas se incrementase nun 57 por cento. Isto supón, señorías, unha media de dez animais domésticos atacados ao día —dez animais ao día—, setenta animais á semana, trescentos ao mes e máis de tres mil animais domésticos atacados ao ano. Estas cifras, señorías, a ninguén se lle escapa que provocan moita conflitividade e moito temor, e que dificulta a rendibilidade económica de moitas explotacións gandeiras.

Esta situación provocou, ademais, que a Xunta de Galicia tivese que facer un maior esforzo orzamentario, tanto en axudas para paliar os danos causados polo lobo como na adopción de medidas de prevención, como é a contratación de pastores, o uso de cans pastores ou a instalación de valados ou de pastores eléctricos. Só dende o 2016 o Executivo galego concedeu máis de oito millóns de euros entre as achegas para indemnizar os gandeiros polos danos e para poñer en marcha accións con que minimizar o impacto da especie na cabana gandeira.

Señorías, o Goberno central informou xa da transferencia dos 4 millóns de euros que corresponderían a Galicia para o ano 2024, pero aínda seguen pendentes os fondos que nos corresponderían no ano 2022 e no ano 2023, que suman máis de oito millóns de euros. Señorías, por toda esta situación, apoiamos o Pleno do Congreso dos Deputados, que acordou rebaixar a protección do lobo ao norte do río Douro, grazas á aprobación de varias emendas incluídas nun proxecto de lei estatal. A Cámara baixa corrixiu, deste xeito, a errada decisión do Goberno de España, que, en 2021, incluíu o lobo no listado de especies silvestres en réxime de protección especial, é dicir, ao Lespre, de xeito unilateral, e sen ningún aval científico.

Durante tres anos, o Goberno central ignorou a petición das comunidades lobeiras para que se retirase do Lespre o lobo ao norte do río Douro; comunidades de todas as cores: comunidades do Partido Popular, pero tamén do Partido Socialista, e comunidades nacionalistas. E tivo que ser o Congreso dos Deputados, grazas a que o Partido Socialista non tiña maioría, o cal corrixise o erro do Goberno. Un escenario absurdo e ilóxico que se mantivo, ademais, malia que a Comisión Europea e o Convenio de Berna se mostraron favorables a rebaixar a protección da especie, ao entender que se atopa nun bo estado de conservación.

Galicia foi a comunidade que liderou esta demanda, da man das principais organizacións agrarias, coa pretensión de adoptar medidas de control do lobo e de restablecer o equilibrio entre a protección da especie e as actividades gandeiras desenvolvidas no rural. Estes cambios foron froito de tres longos anos de traballo, expoñendo ante todos os órganos nacionais e ante institucións a necesidade de mudar a situación.

É máis que evidente que non tiña ningún sentido manter o nivel de protección, e, por iso, celebramos a decisión do Pleno do Congreso, pero, da mesma forma que celebramos este acordo, tamén temos que sinalar quen foi a principal responsable deste sen sentido, e non



foi outra que a ministra Teresa Ribera, do Partido Socialista; aquela que enchufou o seu marido, primeiro, na Comisión Nacional do Mercado e a Competencia e, despois, na Comisión Nacional do Mercado de Valores, porque no Partido Socialista todo queda na familia; (*Aplausos.*) ministra que, á parte de enchufar o seu marido, é o exemplo máis claro de fanatismo e de irresponsabilidade. Tanto dano fixo que tiveron que largala para a Comisión Europea, pero é un dano que aínda estamos a sufrir.

Pasou co lobo... (*Murmurios.*) —parece que aos do Bloque Nacionalista lles fai moita graza o de Teresa Ribera; alégrome, alégrome—...; pero tamén, señorías, pasou coas infraestruturas hidráulicas que as confederacións hidrográficas tiñan que levar a cabo, e as consecuencias de non facer eses investimentos —creo— xa as coñecemos todos; e tamén pasou coa oposición fanática desa ministra á xeración de enerxía nuclear e térmica, sen investir o necesario no reforzo das redes, e as consecuencias tamén as coñecemos: o grande apagamento. ¡E menos mal que nos queda Portugal! —¿a que si, señora Méndez?—; menos mal, porque, grazas a Portugal —creo—, imos poder saber cales foron as causas de todo o que ocorreu nese día.

Ademais, esta ministra foi especialmente lesiva para Galicia...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...opoñéndose, con todos os medios do Estado, á nosa Lei do litoral, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia. Iso tam-pouco o imos esquecer aquí, en Galicia; por iso, señorías, en Galicia celebramos máis que nin-guén a marcha da ministra Ribera para a Comisión Europea e celebramos a modificación legal que nos permite volver ao Plan de xestión do lobo que estivo vixente ata setembro de 2021.

E lembro ás súas señorías que a caza do lobo vai seguir estando prohibida, con carácter xeral, pero os cambios introducidos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...supoñen incluílo na relación de especies sobre as cales se poden adoptar medidas de control, coa debida xustificación, fronte aos danos recorrentes na gandaría.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ¡Ai, señor Trenor!, que nos veñen falar vostedes de familia, os herdeiros de Franco, (*Murmurios.*) sentados aquí nestas sillas. (*Protestas.*) ¡Bueno!, pasaron polo señor Fraga e o señor Fraga despois adaptouse e, despois, xa fundou o seu partido, que tiveron que refundar; e o señor Casado, que tamén quería volver refundalo, chimpárono fóra, e acabarán por telo que refundar; (*Aplausos.*) e poden incluso refundalo desde o Ventorro, pois



alí están moi inspirados, (*Aplausos.*) porque veñen pedir aquí explicacións do apagamento, cando aínda estamos esperando as explicacións sobre a dina, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pois o señor Feijóo non se atreve a cambiar ese peón, esa peza do xadrez, porque, ao mellor, pode facerlle un xaque mate —ípois, home, éche complicado—.

E, ¿onde está a señora Ribera? Pois estache de vicepresidenta primeira da Comisión Europea, a pesar do Partido Popular, (*Aplausos.*) que se empeñou en vetar que fose para alí, pero o Partido Popular de Europa díxolle que si (*Aplausos.*) e con esa responsabilidade. Pois aí está, señor Trenor, aí está.

E aquí estamos nós defendendo hoxe esta posición, como xa o fixemos na Comisión 7ª, onde se debateu este tema. Agora que falamos do lobo non lle interesa ao señor Trenor; ao mellor hai que seguir falando do Ventorro —das políticas que saen de alí— (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) para dar explicacións —si, señora Prado—; do Ventorro, que tamén seguro que terán algún en Galicia. (*Murmurios.*)

Como lles dicía, na Comisión 7ª xa debatíamos este tema. E Galicia, igual que outras comunidades autónomas, como Asturias, Cantabria, País Vasco... —da cornixa cantábrica, en xeral—..., ten unha poboación desde logo moi significativa, certo. Galicia conta, ademais, con máis lobos —por poñer algúns datos— que moitos Estados membros, como Portugal ou Francia; ou practicamente ten o duplo de poboación lobeira que poden ter Escandinavia ou a Europa central. E isto indica, claramente, que as necesidades de conservación e de xestión da especie están claramente singularizadas; e esta singularidade tamén se reflicte con respecto ao resto das comunidades autónomas de España, pois nada ten que ver Andalucía con Galicia.

Por iso, no PSdeG actuamos en consecuencia, e, mentres se estaba a debater este mesmo tema na Comisión 7ª —como dicía—, a Delegación do Partido Socialista, que estaba no Congreso do noso partido, precisamente en Andalucía —en Sevilla—, estaba debatendo para modificar o relatorio marco do noso programa para que se tivesen precisamente en conta as singularidades do territorio con respecto ao lobo, como así aconteceu. Emendamos o relatorio marco para modificar a proposta inicial porque o Partido Socialista ten claro que en Santiago, en Madrid ou en Sevilla —no Ventorro non, pois non imos alí— imos defender os intereses dos galegos e das galegas porque iso está por riba de todo. (*Aplausos.*)

E baixar o nivel de protección, pasando de «estritamente protexido» para «protexido», vai permitir actuar nas comunidades autónomas e minimizar o impacto negativo que está a ter no sector gandeiro, en particular e, no medio rural, en xeral, sen que pasar para a categoría de «protexido» signifique poñer en risco a protección do lobo —que para nós tamén segue sendo un tema importante— porque o reto real para a conservación do lobo pasa por acadar unha xestión que, en cada situación, garanta a convivencia ordenada das súas poboacións en expansión, coa actividade gandeira e co control dos riscos potenciais que pode ter para a poboación.

Esta iniciativa é curiosa porque o Partido Popular xa pide ao Goberno central que apoie as comunidades autónomas no desenvolvemento das accións oportunas que sexan precisas



para a xestión do lobo, con que defender os intereses dos gandeiros. Xa utiliza os gandeiros e as gandeiras de parapeto para que, despois, se non fan ou non cumpren coas súas obrigas, é que será «culpa do Goberno central, que non nos axuda as comunidades autónomas». Isto é o que lles toca agora con esta rebaixa da protección; toca á Xunta asumir as competencias. Por iso, cómpre preguntarse: ¿que vai facer agora a Xunta de Galicia? ¿Como vai facer o control das manadas? ¿Como vai controlar o territorio? ¿Como preveu facer cos cartos o pago dos danos?; ¿con que cartos se vai facer?... Agora tócalles traballar, planificar, xestionar, destinar recursos..., e, é por iso, que xa están pedindo axuda ao Estado antes de que lles toque xa asumilo.

E as claves da xestión pasan por apoiar os gandeiros, sobre todo aqueles que están máis expostos aos ataques do lobo: os que están en réxime extensivo ou en ecolóxico; os que están en vacún de carne, de leite, de ovino, de caprino...; ou tamén a propia pervivencia do cabalo do monte, que se ve tamén seriamente ameazado en Galicia, debido á súa desaparición polos ataques do lobo. E miren, poden, para iso, poñer e dispoñer de axudas efectivas, de medidas preventivas para peches fixos ou móbiles para o gando, para as instalacións de recollida de manexo de partos, de cans de garda ou de manexo dos rabaños. Tamén poden compensar os maiores custos de persoal, pois isto terá a supervisión e o manexo preventivo dos rabaños nas zonas lobeiras, e que, ademais, isto, despois, pode lastrar a competitividade diaria na explotación.

Xa lles puxen unhas ideas enriba da mesa para que vaian tomando nota porque —como lles dixen— logo tócalles traballar. Vostedes están moi cómodos na confrontación; están sempre nesa confrontación contra o Goberno de España, pero non buscan as solucións. ¿Sabe aquel conto dos tres *cerditos*? «¿Que viene el lobo, que viene el lobo!» ¡Pois aí lles vai!, agora a xestionar o lobo. E sigo. Podemos dispoñer de axudas e de indemnizacións por animais mortos en ataques, por abortos provocados, por diminución da produción de leite..., porque —como dixen— non se trata de buscar confrontación con aquelas institucións que non gobernan, porque parece que a confrontación é a súa única ferramenta de traballo. Poden realizar un protocolo de actuación con seguridade xurídica e que se garanta na execución. ¡Ala!, aí lle vai outra iniciativa, para que despois digan que non saben que facer para a xestión do lobo.

Mire, hai outra cuestión, pois cando se fala de convivencia no territorio é importante lembrar que o lobo é un depredador con instintos naturais de caza, é dicir, é un risco tamén para os seres humanos —como xa citou vostede—, que, ademais, xa está a acontecer. Por iso, tamén é necesario acadar un equilibrio; un equilibrio que permita avanzar na axeitada xestión do lobo que demanda a sociedade, garantindo a conservación e a especie cara ao futuro, e garantindo, á vez, a convivencia ordenada do lobo coa actividade gandeira e a seguridade das explotacións e da poboación rural.

Pero, á vista do comportamento do Partido Popular nesta intervención miña, pois só atenderon nos primeiros minutos, cando falabamos do Goberno central, parece ser que, realmente, o lobo non lles preocupa moito nin tampouco como darlle solución para evitar os danos que está a producir no territorio.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Remato, presidenta.

Mire, o maior depredador que teñen os gandeiros e as gandeiras e o medio rural galego non lles é o lobo, é o Partido Popular. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Miren, voulles dar un dato: no día de hoxe, levan 130 votos en contra de iniciativas dos grupos da oposición, señorías do Partido Popular; 130 votos en contra, ao longo do que vai da lexislatura. Desde logo, o contador do «non» do Partido Popular vai para récord nesta lexislatura. (*Aplausos.*) ¡Sigan así porque van bater todos os récords! (*Aplausos.*) Mañá incrementarase o resultado.

Miren, son absolutamente transparentes; son absolutamente previsíbeis; manexan á perfección o manual da demagogia e do populismo, porque o seu obxectivo está claro. O seu obxectivo é converter o lobo na causa de todos os males do medio rural. E a realidade é que o lobo non é a causa. En todo o caso, o lobo é un síntoma; un síntoma dos males do rural, que teñen un nome: o espolio dos recursos e da riqueza; a transformación forzosa da paisaxe e do monte, cuxas raíces principais son o abandono e o despoboamento do rural. A causa principal dos males do medio rural é a política que fai o Partido Popular, que di ser defensor do medio rural e é realmente un auténtico enterrador do medio rural. (*Aplausos.*) E neste marco, o lobo é o chibo expiatorio perfecto; ese grande inimigo ao cal botarlle a culpa —que é o manual do populismo—. Alimentan a lobofobia para unha cousa, isto é, para desviar a atención dos verdadeiros problemas e das causas deses problemas, nunha actuación absolutamente irresponsábel.

E imos desmontarlles aquí todas as súas mentiras e manipulacións nesta materia. A primeira é que vostedes comezaron, no ano 2021, unha auténtica cruzada contra a inclusión do lobo no Lespre, utilizando, ademais, argumentos falsos —como poñen tamén na súa iniciativa—, como que esta se fixo sen aval científico. Claro que se fixo con aval científico. Podemos estar en contra ou a favor, gustarnos máis ou menos, pero fíxose con aval científico. (*O señor Trenor López nega coa cabeza.*)

A segunda cuestión é sobre os controis poboacionais. A inclusión no Lespre non prohibía a caza ou o control poboacional do lobo. A Estratexia do lobo, no seu punto 6.10, incluía medidas de intervención e/ou de extracción selectiva de individuos. Estaba previsto, pero a vostedes dáballes igual. E esta é unha nova trampa do seu manual da manipulación porque a realidade é que, en todo este tempo ata o 2021, os controis poboacionais do lobo foron un auténtico fracaso. ¿Sabe cantos controis houbo desde o ano 2006 ata o ano 2021? É dicir, ¿en quince anos? Oitenta e sete controis ou accións de caza controlada. ¿Sabe cantos lobos capturaron? Dezasete. ¿Sabe cantos controis houbo entre o 2014 e o 2021?; ¿sabe cantos controis autorizados houbo en Galiza? Houbo 28. ¿Sabe cantos lobos capturaron? ¡Cero, cero, ningún; polo tanto é unha pura e burda manipulación! (*Aplausos.*)



A realidade que vostedes queren ocultar é que o gran problema son as mortes ilegais, por envelenamento sobre todo, que estaban penalizadas penalmente no Lespre; por iso vostedes se puxeron nerviosos e por iso vostedes se moveron.

Miren, outra falacia é o incremento das poboacións do lobo; «alarmante» —que dixo vos— tede aquí—. ¿Sabe cales foron os datos do censo que fixeron vostedes nos anos 2013 e 2014?; ¿saben cantos grupos había en Galiza, nese momento, segundo o seu censo? Había noventa grupos. ¿Sabe cantos grupos había no censo que fixeron vostedes —sobre o cal non nos deron a información, polo artigo 9—, nos anos 2021 e 2022? Noventa e tres grupos. ¡Polo tanto, non hai ningunha alarma de incremento exponencial!; ¡hai unha estabilización das poboacións! En todo o caso, o que se debería facer é unha análise da súa distribución territorial, pero vostedes levan quince anos sen moverse e sen cambiar a zonificación do Plan de xestión do lobo porque non lles interesa actuar aquí.

En canto á seguinte cuestión, realmente —como dixen antes—, as súas políticas por acción e por omisión son as que crearon o problema, o mesmo que no caso do xabaril. Por certo, o lobo é un depredador do xabaril; haberá que ter en conta tamén o lobo como un elemento de control da poboación do xabaril. A situación actual é consecuencia da súa inacción interesada.

Galiza ten un Plan de xestión do lobo desde xaneiro do ano 2009, señor Trenor, que está publicado no *DOG*. E ese plan prevía máis de cincuenta medidas, das cales a maioría non se aplicou. Nós traemos aquí unha proposta de máis de corenta medidas, que non se aplicaron, e que, se se aplicasen, outro galo cantaría. Das medidas que se aplicaron, o que lle temos que dicir é que as medidas de prevención e de compensación de danos foron claramente insuficientes e foron claramente ineficaces.

E voulle dar outro dato: ¿sabe cal foi a media de investimento da Xunta neste tipo de medidas de prevención e de compensación? A media, entre os anos 2009 e 2021, foi de 260.000 euros por ano, isto é, unhas cantidades absolutamente raquílicas porque, se vostede di que hai tantos ataques, que hai tantos lobos, que hai tantos problemas..., ¿que pretenden solucionar con 260.000 euros de media ao ano —e incluso houbo anos en que non houbo convocatoria de axudas—, señor Trenor? Polo tanto, é unha absoluta e pura demagogia.

O BNG, en cambio, vén aquí con alternativas. Son alternativas: substituír o populismo pola ciencia e por medidas serias e eficaces para facer posíbel a convivencia entre o lobo e a gandería. Para iso hai que deixar de botar gasolina ao incendio, xogando de maneira perversa cos sentimentos e coas emocións da xente. Deixen de utilizar o sensacionalismo e deixen de utilizar a alarma e o medo.

O PP non ten ningún interese na conservación do lobo nin na convivencia entre o lobo e o gando. Se ten interese, voten a favor das máis de corenta medidas que incluímos na nosa proposta de emenda, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) que é o auténtico propósito da emenda. Trataríase de cumprir o Plan de xestión do lobo, de xaneiro de 2009 —¿acórdase de quen gobernaba naquel momento?—, que vostedes meteron nun caixón e que vostedes incumpriron.



Voulle ler algunha das propostas que nós incluímos na nosa emenda. Da liña número 2, «De prevención e de compensación de danos: seguimento e valoración da eficacia dos distintos métodos de prevención de danos para o gando; mellorar a tramitación das solicitudes e o traballo de valoración das comisións provinciais; elaborar un informe anual da situación dos danos e difusión de resultados». Seguinte proposta, «Sistema graduado de pagamento dos danos á gandaría: reduciranse ou denegaranse as axudas para aqueles posibles beneficiarios que non se corresponsabilicen na adopción de medidas preventivas» —nada disto se fixo—. Da liña número 3: «Información, educación ambiental e sensibilización: elaboración dun enlace oficial do lobo na páxina web da Consellería» —non se fixo—; «creación dun foro galego sobre o lobo» —non se fixo—; «realización dun estudo sobre o comportamento e a resposta da sociedade respecto do lobo» —non se fixo—; «desenvolvemento de actuacións destinadas a recuperar, a recompilar e a conservar o patrimonio cultural asociado co lobo» —por exemplo, todo ese conxunto de bens patrimoniais, como os foxos do lobo, que está a maioría no absoluto abandono e que podían ser elementos de dinamización e de atracción do rural, e de fomento do turismo—; «desenvolvemento do potencial turístico do lobo»...;

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...«creación dun centro de interpretación do lobo» —que non hai en Galiza, coa tradición lobeira que hai neste país. ¿Sabe onde hai centro de interpretación do lobo? Haino en Asturias e haino en Castela León, pero en Galiza non porque o Partido Popular incumpriu o Plan de xestión do lobo—. Da liña número 5, «Coordinación e participación dos sectores implicados: creación dun equipo técnico de asesoramento relacionado co lobo». E así sucesivamente. Tiñan que facer un informe anual sobre todo este tipo de medidas e non fixeron absolutamente nada.

Polo tanto, non contén con nós para a demagogia e para o populismo. Contén con nós —como están facendo en Portugal, por certo, co presidente Marcelo Rebelo de Sousa; ese que se dedica a arrincar eucaliptos e tamén ese que acaba de aprobar un decreto de protección do lobo fronte á decisión da Unión Europea—...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...para desenvolver medidas con prazos e con orzamentos para conservar o lobo; para favorecer a convivencia; para incrementar os medios de protección do gando; para incrementar as compensacións; para educar e concienciar; para aproveitar o lobo como recurso turístico e cultural; e para converter Galiza en referencia da protección, da conservación e do equilibrio —que se pode facer— entre o lobo, a gandaría e as persoas que viven no rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do grupo Mixto. Renuncia á súa quenda de intervención.



Ten, entón, novamente a palabra o autor da proposición non de lei, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ¡Ai, señor Bará! Presumía vostede en toda a súa iniciativa de cinco folios, de seis folios ou de sete folios de emenda, sobre as máis de cincuenta ou sesenta medidas para protexer o lobo, ¡pero non hai nin unha soa medida para protexer o gandeiro, porque esa é a prioridade do Bloque Nacionalista Galego! *(Aplausos.)*

Pero mire, señor Bará, señor Bará, señor Bará... *(O señor Bará Torres mostra un documento, sentado desde o seu escano.) (Murmurios.) (Aplausos.)* —non se le desde aquí, ¿eh?!, non se ve—. *(Aplausos.)* Señor Bará, a ver se lle queda claro que nós e os galegos, que hai un ano votaron, dixemos «non» ao Bloque Nacionalista Galego, «non» á UPG, «non» ao fanatismo, «non» ao radicalismo, «non» ao nacionalismo, «non» ao sectarismo, «non» á manipulación, «non» á mentira... Señor Bará, ¡iso é o que dixo o pobo galego *(Aplausos.)* —iso é o que dixo o pobo galego—! *(Aplausos.)*

Señora... ¡Ai, señora Méndez, ai! Esa condescendencia gárdea, gárdea para os seus, porque xa estamos moi maiores para falarnos nese ton. ¿De que Teresa Ribera está vostede orgullosa?: ¿da antinuclear ou da pronuclear de agora?; ¿da que enchufa o seu marido?; ¿da que a Unión Europea lle emendou toda a súa política sobre o lobo?; ¿desa é da cal vostede está orgullosa?

Mire, indo ao importante, a súa emenda é rirse de todos os galegos; iso creo que é. Menos mal que son nove, porque, ao final, chegan ao que chegan. Pídenos vostede unha emenda de substitución ou de modificación para substituír o que nós propoñemos para que incorporem aquí que rebaixemos o nivel de protección, segundo indica a Convención de Berna e a Comisión Europea. E hoxe tamén o Parlamento Europeo aprobou precisamente o que o Partido Popular defende, que é precisamente que, en vez de estar «estritamente protexido», pase para «protexido», para que se poida facer política de xestión do lobo.

Señora Méndez, ¿por que vostede nos pide que cambiemos o texto?; ¿para respectar que?: ¿a Convención de Berna?; ¿o que non fixo o seu goberno? ¿Pídenos a nós que fagamos o que non fixo o seu goberno, que é aceptar o que dixo a Convención de Berna, o que dixo a Comisión Europea e o que hoxe di o Parlamento Europeo?

Miren, ¡apoien ou non apoien esta iniciativa!, pero non se rían dos galegos.

E mire, en canto ao dos fondos —a ver se o deixo claro—, o Goberno central deunos os de 2024, pero ten pendente por dar a Galicia 8 millóns de euros do ano 2022 e do ano 2023. O que veña de aquí para adiante xa veremos sobre o que reclamamos e sobre o que non, pero o que estamos a exixir ao Goberno central é que nos pague 8 millóns de euros que nos debe porque parece que lle custa moito pagarnos aos galegos o que nos corresponde. *(Aplausos.)*

E xa para rematar —por non ser menos e por non facer o feo ao Bloque Nacionalista Galego—, mire, señor Bará, hai que ser moi hipócrita para presentar a emenda que vostede presentou. Se vostedes non apoiasen o Goberno de Pedro Sánchez, non teríamos o problema que temos agora; se non fose polo apoio do Bloque Nacionalista Galego ao Partido Socialista,



os nosos gandeiros non terían que sufrir as consecuencias dun Goberno fanático e irresponsable, e as consecuencias dunha política fanática e irresponsable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. *(A señora presidenta, Candia López, ri.)*

Pois, rematado o debate desta proposición non de lei, suspéndese tamén a sesión ata mañá, que será reanudada ás dez da mañá.

Boa tarde e noite a todos e a todas.


Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e nove minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

